



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 9

Sesión plenaria
20 de outubro de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Solicitudes de creación de comisións de investigación

1.1 Das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura e retomados sen conclusión na X lexislatura (doc. núm. 2616, 11/SCI-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

1.2 Das deputadas e dos deputados do G. P. Popular de Galicia, para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX e X lexislatura (doc. núm. 3391, 11/SCI-000003).

Punto 2. Comparecencias

2.1 1411 (11/CPP-000005)

Do Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

2.2 1417 (11/CPP-000011)

Da Sra. conselleira de Política Social, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12, do 08.09.2020

Punto 3. Mocións

3.1 3196 (11/MOC-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nas residencias privadas de persoas maiores. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1435, publicada no BOPG nº 15, do 16.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

3.2 3383 (11/MOC-000003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino. (Moción consecuencia da Interpelación nº 961, publicada no BOPG nº 11, do 04.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020



3.3 3395 (11/MOC-000004)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios forestais. (Moción consecuencia da Interpelación nº 1966, publicada no BOPG nº 19, do 22.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

3.4 3396 (11/MOC-000005)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de reactivación do sector cultural fronte aos efectos da covid-19. (Moción consecuencia da Interpelación nº 828, publicada no BOPG nº 11, do 04.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

3.5 3397 (11/MOC-000006)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luís Manuel**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas detectados na implementación do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021. (Moción consecuencia da Interpelación nº 465, publicada no BOPG nº 9, do 02.09.2020, e debatida na sesión plenaria do 06.10.2020)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

Punto 4. Proposicións non de lei**4.1 728 (11/PNP-000036)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Porro Martínez, María Corina e trece deputados/as máis**

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dos cambios normativos necesarios na lexislación orgánica en materia de saúde pública para poder actuar ante a pandemia da covid-19 con plenas garantías e seguridade xurídica

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 9, do 02.09.2020

4.2 850 (11/PNP-000056)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e catorce deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que se restablezan todos os servizos de tren que foron suprimidos amparándose na pandemia provocada pola covid-19, tanto nas conexións interiores na propia comunidade galega como nas conexións de Galicia con outras comunidades autónomas, e para que se lles poida ofrecer un transporte de tren de calidade aos usuarios

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 9, do 02.09.2020



4.3 966 (11/PNP-000072)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Francisco Rivera, Juan Carlos e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co previsible inicio das competicións deportivas federadas non profesionais en Galicia e as exixencias sanitarias derivadas da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 11, do 04.09.2020

4.4 2375 (11/PNP-000231)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, a aprobación dun estatuto do consumidor electrointensivo e a creación dunha tarifa eléctrica galega.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 23, do 30.09.2020

4.5 2403 (11/PNP-000235)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación cos servizos ferroviarios suprimidos con motivo do estado de alarma e a modernización e mellora da rede ferroviaria de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo en materia ferroviaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

4.6 2469 (11/PNP-000244)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de posibilitar a reversión aos concellos da titularidade dos terreos portuarios, cando o seu uso para fins relacionados co porto sexa residual ou inexistente e sexan susceptibles de utilización municipal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

Punto 5. Interpelacións**5.1 1686 (11/INT-000092)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa garantía da asistencia sanitaria á cidadanía

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

5.2 2246 (11/INT-000129)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa distribución das transferencias non finalistas aos concellos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020



5.3 2817 (11/INT-000163)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa contratación de profesionais sanitarios para afrontar a covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 3401 (11/POPX-000005)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego do Auto ditado pola Audiencia Nacional o día 1 de outubro de 2020, respecto da fusión das caixas de aforros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

6.2 3402 (11/POPX-000006)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Sobre as actuacións previstas para blindar as residencias de persoas maiores diante da covid-19

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 2603 (11/POP-000318)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Candia López, María Elena e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da ruptura das negociacións para a venda das plantas de Alcoa na Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 23, do 30.09.2020

7.2 3398 (11/PUP-000076)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Seco García, Martín**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia diante da crise da planta de Alcoa en San Cibrao

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020

7.3 3399 (11/PUP-000077)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto do uso de todas as súas competencias para facer respectar os acordos de mantemento da actividade, emprego e investimentos nos centros de Xeal-Ferroatlántica de Cee e Dumbría e nas centrais hidroeléctricas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 30, do 14.10.2020



7.4 925 (11/POP-000272)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e seis deputados/as máis**

Sobre as medidas concretas que adoptou a Xunta de Galicia para axudar os traballadores afectados por un ERTE

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 2.09.2020

7.5 1591 (11/POP-000124)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre as razóns da ligazón da área de Igualdade á de Emprego na nova consellaría creada na Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

7.6 2839 (11/POP-000343)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para defender os postos de traballo da empresa Maderas Iglesias, do Porriño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

7.7 721 (11/POP-000227)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Porro Martínez, María Corina e seis deputados/as máis**

Sobre cal é a avaliación do funcionamento, a actividade e o resultado das medidas de prevención da covid-19 implantadas a través da creación do rexistro de viaxeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9, do 2.09.2020

7.8 2645 (11/POP-000312)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as actuacións xudiciais que se están a levar a cabo no Centro Tecnolóxico da Carne

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020

7.9 2680 (11/POP-000319)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis**

Sobre a posición do Goberno galego respecto da ampliación dos servizos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia ás fins de semana e festivos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 27, do 07.10.2020



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia e delegación de voto de dona Marina Ortega Otero en don Gonzalo Caballero Miguez e as de dona María Sol Díaz Mouteira e dona Ángeles Vázquez Mejuto en don Pedro Puy Fraga. (Páx. 12.)

Acumulación de dúas solicitudes de creación de comisión de investigación para a súa exposición conxunta

Das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus exdirectivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura e retomados sen conclusión na X lexislatura. (Punto primeiro da orde do día.)

Das deputadas e dos deputados do G. P. Popular de Galicia, para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus exdirectivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX e X lexislatura. (Punto primeiro da orde do día.)

Rolda dos GG. PP. proponentes: *Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 12.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 16.)*

Rolda do G. P. non proponente: *Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 19.)*

Rolda de réplica dos GG. PP. proponentes: *Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 22.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 23.)*



Votación das solicitudes de creación de comisión de investigación

Votación das solicitudes de creación dunha comisión de investigación, propostas polas deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. Popular de Galicia, para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus exdirectivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura e retomados sen conclusión na X lexislatura: *aprobadas por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 25.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza 2020, que é aprobada por asentimento. (Páx. 26.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García).* (Páx. 28.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 40.), *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 44.) e *Sr. Puy Fraga (P)*. (Páx. 47.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García).* (Páx. 51.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 58.) *Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 58.), *a señora Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 60.), *o señor Puy Fraga (P)* (Páx. 62.) e *o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García).* (Páx. 64.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Política Social, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 67.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 76.), *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 79.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 82.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Política Social (García Martínez).* (Páx. 86.)



O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 89.) Nesta rolda interveñen a señora Castro Rey (S) (Páx. 89.), a señora Rodil Fernández (BNG) (Páx. 91.), o señor Pazos Couñago (P) (Páx. 93.) e a señora conselleira de Política Social (García Martínez). (Páx. 95.)

Suspéndese a sesión ás tres e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e oito minutos.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nas residencias privadas de persoas maiores. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 97.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Castro Rey (S). (Páx. 100.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 102.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 106.)

Acumulación de dúas mocións para o seu debate conxunto

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino. (Punto terceiro da orde do día.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas detectados na implementación do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención dos grupos autores das mocións: Sr. Lourenzo Sobral (BNG) (Páx. 108.) e Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 111.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Rodeiro Tato (P). (Páx. 115.)

Nova intervención do señor Lourenzo Sobral (BNG) (Páx. 119.) e do señor Álvarez Martínez. (Páx. 120.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios forestais. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Seco García (S). (Páx. 122.)



Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. González Albert (BNG)* (Páx. 126.) e *Sr. Armada Pérez (P)*. (Páx. 129.)

Nova intervención do señor Seco García (S). (Páx. 132.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Nosa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de reactivación do sector cultural fronte aos efectos da covid-19. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 134.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Díaz Varela (S)*. (Páx. 134.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Queixa Zas (BNG)*. (Páx. 137.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ferro Iglesias (P)*. (Páx. 140.)

A señora Díaz Varela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 143.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nas residencias privadas de persoas maiores: *rexeitado por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 144.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 145.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas detectados na implementación do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 145.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios forestais: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 146.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios forestais: *rexeitada por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 146.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno



galego en materia de reactivación do sector cultural fronte aos efectos da covid-19: rexeitado por 30 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 146.)

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a María Corina Porro Martínez e trece deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dos cambios normativos necesarios na lexislación orgánica en materia de saúde pública para poder actuar ante a pandemia da covid-19 con plenas garantías e seguridade xurídica. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 146.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 147.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Arangüena Fernández (S). (Páx. 150.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 153.)

O señor Puy Fraga (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 157.)

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e seis minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e oito minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron inasistencia e delegación de voto dona Marina Ortega, que a fai no deputado don Gonzalo Caballero Miguez, e dona María Sol Díaz Mouteira e dona Ángeles Vázquez Mejuto, que a fan no deputado don Pedro Puy. Ambas as delegacións de voto foron autorizadas pola Mesa na sesión de onte.

E entramos na orde do día.

Acumulación de dúas solicitudes de creación de comisión de investigación para o seu debate conxunto

Das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus exdirectivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura e retomados sen conclusión na X lexislatura

Das deputadas e dos deputados do G. P. Popular de Galicia, para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus exdirectivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX e X lexislatura

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, para proceder ao debate sobre a solicitude de creación desta comisión de investigación, comezan os grupos proponentes.

Ten, en primeiro lugar, a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Bos días.

Señorías, din que unha imaxe vale máis que mil palabras, e eu precisamente por iso quería hoxe empezar esta intervención cunha imaxe. *(A señora Pontón Mondelo mostra unha fotografía.)* Son o exdirector xeral de Caixa Galicia, José Luis Méndez, o expresidente de Caixanova, José Luis Fernández Gayoso, está tamén o expresidente de Caixa Galicia, Mauro Varela, e o exdirector xeral de Caixavigo, José Luis Pego. Se se fixan, no medio hai unha persoa; non sei se son capaces de recoñecela, pasaron dez anos desta foto, pero seguro que moitos e moitas son capaces de saber quen é. Si, é Alberto Núñez Feijóo.



E eu non sei se saben que están celebrando, porque é que este día non só se deron a man, é que tamén brindaron, (*A señora Pontón Mondelo mostra unha fotografía.*) brindaron porque había un acordo para a fusión das caixas. E eu creo que é importante que lembremos esta foto, porque ten moitísimo que ver co debate que estamos dando hoxe; de feito, algúns dos máximos responsables que temos que investigar están aquí nesta foto.

Pero é que esta imaxe tamén deixa en evidencia o negacionismo do presidente da Xunta, que a semana pasada veu dicirnos algo así como que el non tiña ningunha responsabilidade na fusión-fiasco das caixas de aforro. (*Aplausos.*)

E temos que dicir que isto nos parece un exercicio de escapismo cutre, pero que é tamén unha mostra de debilidade por parte de Alberto Núñez Feijóo. Se o señor Feijóo tivera a conciencia tranquila en relación coa fusión das caixas, non estaría eludindo a súa responsabilidade, como fixo a semana pasada en relación con ese auto da Audiencia Nacional, pero tampouco tería obstaculizado a investigación sobre todo o proceso de fusión das caixas. E temos moi claro que só alguén que ten algo que ocultar impide que se investigue.

Tamén é certo —e hai que dicilo aquí— que, en termos democráticos, é unha vergoña que, dez anos despois da fusión das caixas, nove anos despois da súa nacionalización polo FROB, sete anos despois dunha venda nefasta, na que Banesco fixo un gran negocio pero todos e todas os galegos e galegas un negocio ruinoso, teñamos que traer a debate a creación dunha comisión de investigación para saber a verdade, a verdade de por que se arruinaron as nosas caixas, a verdade de por que fracasou a fusión, a verdade de por que blindaron os directivos para cobrar unhas indemnizacións que a propia Xustiza declarou ilegais, ou, tamén, a verdade de cales foron as razóns reais polas que o Goberno de Rajoy, cando non había ningunha disposición legal que o reclamara, puxo en marcha unha venda de Novagalicia Banco que acabou sendo unha ruína, porque inxectar nove mil millóns de euros de todos e de todas, nove mil millóns de euros públicos para salvar unhas entidades e vendelas a prezo de saldo, é un negocio ruinoso que ninguén faría co seu patrimonio. (*Aplausos.*) ¿Por que se fixo co patrimonio de todos os galegos e as galegas?

E estas son, desde logo, as preguntas que merecen respostas, e agardemos que acaben nesta lexislatura os vetos e as mentiras ou as escusas que leva poñendo o Partido Popular durante estes dez anos. Porque precisamente eu creo que nun momento coma este, aínda que o lóxico tería sido que esta comisión fixera o seu traballo en tempo e forma, tamén é importante saber que erros se cometeron noutras crises.

E digo isto porque polo menos desde o BNG temos moi claro que un dos grandes erros da crise de 2008 foi salvar a banca e deixar vendida a maioría das persoas, a maioría social, con recortes que aínda seguimos padecendo. E non queremos que nesta crise da covid-19 se repita ese erro, pero agora estamos vendo que algúns si que queren ir por ese camiño, que queren salvar as multinacionais e o Ibex 35 (*Aplausos.*) e non a pequena e mediana empresa, os autónomos nin a xente que o está pasando mal neste momento. E é unha irresponsabilidade terrible, e é importante recoñecer os erros para non volver cometelos no futuro. E nós temos claro que hai dous planos que é necesario investigar.



O primeiro, a xestión política de todo este proceso, desde por que se lles permitiu ás caixas desviarse do seu obxectivo até o punto final que é esa ruínosa venda a un empresario venezolano de Novagalicia Banco por parte do Goberno de Rajoy.

E a segunda cuestión é tamén ir a como se fixo toda a xestión por parte dos responsables das caixas e tamén esas indemnizacións que foron un auténtico escándalo maiúsculo. E eu quero lembrar aquí nesta cámara que esas indemnizacións se fraguaron precisamente no tempo extra que cunha lei que aprobaron entre o Partido Popular e o Partido Socialista lles permitiu para blindar os exdirectivos nesas caixas. *(Aplausos.)* O BNG denunciouno no seu momento.

E nós desde logo cremos e agardamos que desta vez á terceira vaia a vencida. Teño moi claro que, se Alberto Núñez Feijóo tivera a conciencia tranquila e non tivera nada que ocultar, non levaría dez anos na práctica secuestrando esta comisión de investigación e facendo algo que hai que dicir —non sei, a min polo menos parécemo— que é perverso e maquiavélico, que é crear unha comisión de investigación para que logo non investigue. Eu, polo menos, creo que sería moito máis limpo que o Partido Popular fora claro: ou quere investigar ou non quere investigar, pero é que crear comisións de investigación para que non investiguen é unha fraude que nós agardamos que nesta lexislatura non se dea. Porque nós temos claro que lles debemos aos galegos e ás galegas a verdade, porque a perda das caixas foi a maior estafa colectiva a Galiza dos últimos anos. *(Aplausos.)*

Fíxense: investimos nove mil millóns de euros públicos e o que nos quedou foi un desastre desde o punto de vista económico e social, porque a dimensión que tivo a perda das caixas é moi forte para o noso país. Perdemos miles de emprego, hoxe temos moitos concellos con exclusión financeira, perdemos tamén un rico patrimonio cultural que tiñan acumulado as nosas caixas e ademais agudizouse o espolio do aforro galego, e hoxe temos un nivel de concentración bancaria que é tremendamente preocupante, que está dificultando o acceso ao crédito a moitas das pequenas e medianas empresas do noso país, pero que tamén está permitindo que se poñan en marcha comisións abusivas *(Aplausos.)* que imos seguir denunciando, porque os galegos e galegas non se merecen iso.

E nós tamén temos claro que na xestión de todo o que tivo que ver coas caixas nada é neutro e que evidentemente moitas das decisións que se adoptaron foron decisións políticas nas que había ideoloxía por detrás. A crise de 2008 foi provocada pola desregulación do sector financeiro e tamén pola presenza de entidades bancarias que tiñan un tamaño tan grande que non se podía permitir que caeran. Pero, non obstante, as decisións políticas que se tomaron despois, en vez de aprender deses erros, o que fixeron foi ir na dirección contraria: máis concentración bancaria, máis centralización do poder financeiro en Madrid e un proceso no que claramente se quería ir á privatización das caixas. E para iso só hai que ver as leis que a nivel de Estado aprobaron tanto o Partido Socialista como o Partido Popular.

E no Bloque tiñamos claro que había un deseño para que Galiza quedara sen caixas, e para evitalo nós, desde o primeiro momento, puxemos iniciativas sobre a mesa. A primeira, unha lei que permitira salvagardar as caixas galegas. E é certo que houbo unanimidade nesta cámara nun primeiro momento para blindar as caixas, para democratizalas, para que traballasen por Galiza, pero para evitar tamén que se convertesen en feudos persoais. Pero tamén



hai que dicir que eses consensos se romperon polo Partido Socialista e polo Partido Popular, porque a nivel de Estado ambas as forzas políticas coincidiron no deseño que levaba á desaparición das competencias autonómicas sobre as caixas e das propias caixas.

E aí temos os retratos deses acordos. Aí está o acordo entre Zapatero e Rajoy para modificar a LORCA, aí está ese recurso contra a lei galega, aí está tamén esa lei aprobada no Parlamento galego —cos votos a favor do PP e do PSOE— para blindar a Gayoso e a Méndez nas caixas, que querían pivotar a fusión e que usaron ese tempo extra para poñerse esas indemnizacións multimillonarias que nos escandalizaron a todos e a todas.

E eu quero lembrar hoxe aquí —porque é necesario ter memoria— que ese proceso de fusión quen o avalou foron os votos a favor do Partido Popular e do Partido Socialista e que naquel momento o BNG se abstivo, porque xa estabamos dicindo que esa non era a fusión que ía garantir as caixas galegas. E o tempo, lamentablemente, viu que esa situación foi a que logo acabou desembocando na desaparición do noso tecido financeiro. E cremos realmente que un feito así non pode quedar impune e que as responsabilidades políticas deben dirimirse onde é lóxico, nos parlamentos; (*Aplausos.*) as responsabilidades penais, nos xulgados; as responsabilidades políticas, no Parlamento.

E hai moito que investigar. Queremos saber que pasou con esa famosa auditoría de KPMG, que, primeiro, era auditoría, logo non o era; primeiro dicía que avalaba a fusión, logo dicíase que non a avalaba, e seguimos sen coñecela neste parlamento. Pagouse un millón de euros públicos (*Aplausos.*) dos galegos e galegas e queremos coñecer esa auditoría.

Queremos saber cal era o estado real de saúde das caixas, porque hai sentenzas que din cousas moi diferentes das que poñían as caixas nos seus papeis. Queremos que se investiguen operacións que nós denunciámos neste parlamento, algunhas, por exemplo, que vinculaban —segundo documentación que ten esta cámara— a familia do expresidente, do exdirector xeral de Caixa Galicia, José Luis Méndez López, na que se dicía que se fixo con activos da Caixa durante o tempo en que se estaba levando a adiante a fusión por un prezo menor do que tiña taxado a propia Caixa. Ou sabemos tamén que por parte do FROB se detectaron operacións irregulares en Novacaixagalicia procedentes da actividade das caixas e efectuadas no momento da reestruturación...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...estimando un prexuízo de cento setenta millóns de euros para as entidades.

Desde logo, pensamos que un feito tan grave como a desaparición das caixas, destinar nove mil millóns de euros públicos para salvarlas e que agora todo isto fora un gran fiasco para este país merece ser investigado. E cremos que o que non podemos é asistir de novo a un feito que é moi grave: que se creen comisións de investigación que non investiguen. Nós, desde logo, queremos ir ao final, e agardemos que o Partido Popular non volva meter no conxelador o dereito dos galegos e galegas a saber a verdade sobre as caixas.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Señor presidente.

Señorías.

O Partido Popular de Galicia, o Grupo Parlamentario Popular solicita reactivar a Comisión de investigación das caixas; ademais, xa comuniquéi á Presidencia e agradezo aos demais grupos da Cámara que nos permitan pasar polo acontecemento de ter que votar dúas comisións co mesmo obxectivo. Hai un acordo entre os grupos para someter á Cámara unha única comisión de investigación que retome os moitos traballos feitos nas pasadas lexislaturas, a moita documentación que permanece aínda nesta cámara, e que permita finalizar eses traballos, basicamente a elaboración do ditame. E facémolo por tres motivos, dous de índole positiva e un de índole de previr ou evitar algúns riscos.

O primeiro motivo —e niso creo que todos os que participamos da vida política e económica de Galicia nos últimos anos somos conscientes— é a importancia e a relevancia desta cuestión. Houbo unha crise financeira, con epicentro nos Estados Unidos e que se estendeu por todo o mundo, nos anos 2007 e 2008 —España chegou máis tarde—, pero a partir do ano 2009 vivimos en España, como xa se vivira noutros países previamente, un proceso de transformación e reestruturación bancaria moi fondo, no caso de España impulsado polo Ministerio de Economía e o Banco de España no ano 2009.

Precisamente un mes e pico despois de que o Partido Popular, presidido por Alberto Núñez Feijóo, gañara as eleccións daquel ano, pouco máis dun mes despois, a Presidencia da Xunta publica simplemente o Decreto do fondo de reestruturación bancaria, o chamado FROB I —insisto, un mes e pico despois de chegar ao Goberno—. O Banco de España informa a Xunta e o Banco de España —e non o anterior gabinete da Xunta— infórmao das dúas cuestións seguintes: a primeira, que xa se informara iso ao anterior Goberno —que non pasou esa información ao entrante—, e, segundo, que as dúas caixas non eran viables en solitario e que, polo tanto, tiñan que acometer procesos de fusión.

As razóns, basicamente, eran a excesiva expansión durante os anos 2005 a 2009, tanto as caixas galegas como outras; máis do 27 % é basicamente fóra do territorio de Galicia —a media de expansión das caixas en España fora do 16 % no mesmo tempo—. Que a morosidade, que en Galicia era do 2,4, nesas áreas nas que se expandiran as caixas era do 8,9, é dicir, o triplo. En terceiro lugar, que había un incremento do crédito inmobiliario que era do 386 %, xusto cando estoupa a burbulla inmobiliaria, é dicir, multiplicaba por catro o crédito hipotecario Caixagalicia e por seis Caixanova. E, en cuarto lugar, unha enorme dependencia dos mercados maioristas, porque a ratio depósitos/créditos caera nun 78 % —estou falando do período previo á crise, nos anos 2005 a 2009—.



A partir de aí, en España, que naquel momento o presidente do Goberno dicía —e algúns confiábamos no que dicía— que o Banco de España era exemplar e que o sistema de supervisión bancaria en España era dos mellores do mundo, a partir dese sistema tan sólido, o que ocorreu foi que rematamos pedindo auxilio financeiro a Europa para rescatar as nosas entidades financeiras. Fíxose en varias fases, e na primeira fase foi: ¿en que dirección facer a fusión? E había distintas alternativas que non pedían unha fusión das entidades galegas en Galicia, senón que o que pedían era a integración de Caixagalicia no que despois resultou ser Bankia, e aínda non se sabe moi ben cal era o proxecto de fusión porque nunca o fixeron público por parte dos directivos de Caixanova. Daquela había un consenso, que era que debíamos de manter a galegitude e non perder os centros de dirección. Pero o consenso tamén se rompeu cando aprobamos aquela lei de caixas que permitira a fusión, que eu creo que incorrectamente a señora Pontón indicou que fora por unanimidade cando non fora por unanimidade; foi precisamente ese proxecto de lei o que o PSOE non votou e impugnou ao Tribunal Constitucional, adiando o proceso de fusión.

O caso é que o proceso de fusión entre as dúas caixas galegas se produciu e estaba acreditado, primeiro, polo informe que fixo a Xunta antes de propoñer esa fusión. A continuación, por un informe elaborado por KPMG, que leva depositado na Comisión de caixas nesta sede parlamentaria dez anos —pese a que se acaba de dicir que non se coñece, leva dez anos nesta casa— e mesmo foi distribuído á prensa incumprindo o Regulamento polo líder dun anterior grupo parlamentario xa non presente nesta casa. Foi ratificado despois polas auditorías que fixeron por encargo as propias entidades financeiras, as dúas anteriores caixas (Boston Consulting Price Waterhouse). Foi ratificado polo plan de negocio que foi preparado, tamén por proposta das entidades financeiras, por Deloitte e Price. Foi confirmado polos tests de estrés que fixo a Unión Europea en xullo do ano 2010. Foi confirmada a súa viabilidade polo Ministerio de Economía e Facenda no informe que avalía a fusión. Foi avaliado tamén polo informe que fai a Comisión Nacional do Mercado de Valores. Foi avaliado tamén pola autorización da Comisión Europea que supervisou esa fusión. E, finalmente —como non era menos—, foi avaliado polo Banco de España, que dixo nunha carta remitida á Consellería de Facenda —que tamén está na documentación aportada a esta cámara—: «*La solvencia, rentabilidad y liquidez de la nueva entidad y la operación generará sinergias por reducción de gastos y economías de escala, con el consiguiente incremento de eficiencia y rentabilidad*»; notificación do Banco de España do 8 de novembro de 2010 —insisto—, tamén depositado na Comisión. Máis de oito informes avaliaron que aquela non era só a mellor opción para Galicia senón que era unha opción viable.

O que pasa é que vén unha segunda fase e o Real decreto 2/2011 —o FROB II— inverte exactamente a política que ata entón se viña facendo. Unha política que era de saneamento convertécese nunha política de recapitalización, co cal as entidades que estaban avanzando na fusión atopáronse con que o que fixeran era contraproducente diante da nova normativa. É certo —como di o informe do Congreso— que ademais nese momento houbo unha nova caída da economía, a famosa recuperación en W e que iso tamén dificultou a fusión, e iso é o que leva a que se aprobe ese real decreto.

Polo medio descubrimos indemnizacións millonarias indecentes, descubrimos o escándalo das preferentes —que hoxe afortunadamente están resoltos—, os primeiros pola Xustiza,



que ditou unhas sentenzas moi exemplares, por certo, cos directivos galegos pero non con outros directivos de xeito semellante. Está resolto o tema das preferentes, fundamentalmente pola arbitrase que impulsou a Xunta e que algúns grupos nesta cámara dicían que era un engano tamén, un máis dos que facía a Xunta. *(Aplausos.)* E hoxe, tras a inxección de capital e unha subasta —que non unha venda, como tamén se dixo moi incorrectamente na intervención anterior—, o feito é que Galicia conta cun banco domiciliado en Galicia, que sostén a vella obra social a través dunha fundación que está participada maioritariamente polas administracións públicas galegas, mantén taxas de emprego superiores ás alternativas que teriamos de terse extinguido na primeira tanda e mantén un negocio de proximidade. Non é certamente Galicia a comunidade que peor saíra parada do proceso de fusión e transformación bancaria.

O segundo motivo expúxoo a señora Pontón; eu coincido con ela. A operación foi tan importante que é conveniente render contas á sociedade galega e dar a coñecer ao conxunto dos actores públicos intervinientes cal é a opinión desta cámara, desde os xestores que compareceron e aos reguladores que tamén compareceron ás forzas políticas que participamos naquel proceso —todas as que participamos naquel proceso—.

E, en terceiro lugar, dicía que queremos evitar un risco. Transcorreron moitos anos, dez, hai multitude de sentenzas e multitude de informes, empezando polo do Congreso dos Deputados —o que habería que matizar: para Galicia—. Actuou a Xustiza tanto no ámbito da xestión, tanto no ámbito das indemnizacións, tanto no ámbito das preferentes, responsabilidades que se exixiron e que algúns —insisto— pagaron con condenas bastante exemplares. Pese a iso, o menos construtivo do debate político parece emerxer cada vez que hai unha cuestión que rexorde e que fai rexurdir o tema. Hoxe, por exemplo, dixéronse algunhas inexactitudes, pero a máis chamativa é interpretar que simplemente un auto da Audiencia Nacional sobre a competencia para xulgar un deses casos dos antigos xestores que a Fiscalía e o FROB denunciaron ante a Audiencia Nacional, que eu creo que correctamente a Audiencia Nacional di que non é ámbito da Audiencia Nacional xulgala e que debe de ir á Audiencia Provincial, se converta xusto no contrario do que é. O que é unha acusación formal da Fiscalía contra os antigos xestores convértese aparentemente nunha demostración dun suposto fracaso da fusión en Galicia, cando é xustamente todo o contrario. É un dos motivos que *(Aplausos.)* explica por que era importante cambiar a xestión das caixas.

Pois ben, precisamente para evitar esa —digamos— loita...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...polo relato, entendemos que é bo que a Cámara fixe os feitos, os fixe no tempo, os fixe con datos —coa enorme documentación existente nesta cámara— e que presentemos un ditame. Nós, desde logo, presentarémonos coa conciencia absolutamente limpa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo parlamentario non propoñente, Grupo Parlamentario Socialista, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor presidente, señorías, permítanme que comece dicíndolles que para min é do máis curioso atoparme aquí falándolles da creación dunha comisión de investigación sobre a fusión das caixas de aforros galegas, porque fun eu mesmo, anos antes de entrar na política, o autor da denuncia que iniciou o proceso xudicial que rematou (*Aplausos.*) na condena e ingreso en prisión de cinco directivos das caixas galegas polo tema das indemnizacións, tal e como aparece reflectido no auto de apertura de dilixencias ou de apertura de xuízo oral. Foi a primeira e única condena dese tipo que tivo lugar no noso país, o cal é moi indicativo das enormes peculiaridades deste proceso de fusión.

E digo «enormes» peculiaridades porque é certo que houbo outros procesos de fusións de caixas en España, pero é completamente falso que o que pasou coas caixas galegas fose o mesmo que pasou noutros lugares, porque este foi un proceso ben distinto. Tan distinto que inclúe a foto do señor Feijóo con dous dos cinco directivos das caixas de aforros galegas condenados, os primeiros e os únicos condenados en España, pero tamén inclúe nove mil catrocentos millóns de euros de cartos públicos esfumados no aire, é dicir, o maior burato deixado por unha operación deste tipo, tres mil setecentos postos de traballo menos e o maior pelotazo da historia de Galicia. (*Aplausos.*)

E dos cinco directivos condenados no ano 2017, dous aparecen na foto do señor Feijóo celebrando a fusión; é dicir, esa foto da fusión é unha máis da colección de fotos do señor Feijóo con delinquentes de guante branco, á que poderíamos engadir a foto co directivo de Pemex detido en México pola operación Pemex, que o señor Feijóo tamén apadriñou, ou as famosas fotos con esoutro amigo seu que era algo menos de guante branco pero que tamén traficaba con certa substancia branca.

Por certo, esta cousa das fotos do señor Feijóo con xente que remata ingresada en prisión é tan notable que hai incluso quen opina que facerse fotos co señor Feijóo é xa un deporte de alto risco.

E nesa foto o señor Feijóo celebraba unha fusión pola que apostou e pola que se moveu e que apadriñou coma ninguén, unha fusión que dicía que ía manter a galeguidade e a solvencia das nosas entidades financeiras, públicas, porque entón eran públicas. Lémbrense de que o señor Feijóo brindou con albariño pola fusión e encargou unha pluma especial para firmar o nacemento da nova entidade, unha pluma da marca Montblanc encargada para a ocasión; non lle valía, como a min, un boli Bic azul, porque o señor Feijóo ten gustos caros; e o señor Feijóo chegou a asegurar que mandaría gardar esa pluma Montblanc no arquivo oficial do Goberno galego como legado de que, se Galicia quere, Galicia pode —dicía—. ¡Que bonito e canto botafumeiro!

Pero a fusión das caixas galegas nin mantivo a solvencia, porque o burato de nove mil catrocentos millóns de euros é tan grande que chega a Australia, nin mantivo a galeguidade, posto que o banco resultante, Abanca, está hoxe en mans dun empresario privado, moi res-



pectable dende logo, que pode vendelo mañá mesmo a calquera investidor domiciliado en calquera lugar do mundo. E mentres este avogado, que entón non era político, presentaba a título particular unha denuncia por aquelas indemnizacións millonarias que rematou cunha condena a dous anos de prisión e a obriga de devolver 10,5 millóns de euros, a Xunta de Galicia, en lugar de denunciar ou sancionar, como era a súa obriga, miraba para outro lado e o BNG facía, dende o punto de vista político —dito sexa co máximo respecto—, de parvo útil dunha fusión desastrosa, apadriñada polo señor Feijóo, que aplaudiron coas orellas, coas orellas, polo mero feito de que, alleos como están ao mundo económico, esa fusión para eles mantiña a galeguidade da entidade resultante.

Unha aparencia absolutamente enganosa, cando xa por aquel entón o alcalde de Vigo, Abel Caballero, que calquera diría que tiña unha bóla de cristal, dicía que a fusión era un engano masivo e o PSdeG mantivo enormes reparos respecto desa fusión, a pesar de que se nos contou, entre outras cousas, que unha suposta auditoría de KPMG a avalaba; unha auditoría que hoxe sabemos que non era auditoría, nin avalaba nada, e, por certo, non aparece na súa integridade.

A ver se na terceira comisión, señor Puy, vai a vencida e facilitan, tal e como di o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que teñen que facer, unha auditoría que custou un millón de euros e que serviu como coartada dese engano masivo, cando o 20 de xaneiro de 2010 a Xunta dicía nunha nota de prensa que a auditoría externa encargada pola Xunta de Galicia a KPMG avala a solvencia da fusión das caixas galegas: a unión de Caixagalicia e Caixanova é solvente, é a fórmula que garante a galeguidade e está avalada tecnicamente; unha sarta de mentiras a golpe e a ritmo de botafumeiro.

E seguro que o señor Puy seguirá dicindo que a culpa foi do Bipartito, do Banco de España, da situación económica internacional, da meteoroloxía, de Zapatero e do chachachá, pero quero lembrar que a insolvencia das caixas galegas non foi o resultado dunha lexislatura nin dun período concreto, non se fragua un enorme burato de dez mil millóns de euros en catro anos, senón que foi resultado dun xeito de facer negocios e política económica en Galicia caracterizado durante décadas pola opacidade, o nepotismo, o favoritismo, o capitalismo de amiguetes, a venda de fume a escala industrial e a patrimonialización dunhas entidades financeiras que eran de todos e cada un dos galegos e das galegas (*Aplausos.*) e que tiñan un carácter público que se perdeu en Galicia grazas a vostedes, pero que se mantén, por certo, en boa medida noutras comunidades autónomas, como Aragón, con Ibercaja, ou Andalucía, con Unicaja Banco, ou Liberbank ou Kutxabank, todos eles bancos resultantes de fusións de caixas de aforros, pero que están controlados por fundacións de carácter social e vinculadas ao territorio.

Porque, a diferenza de Galicia, Madrid, Aragón, Andalucía e País Vasco, por non falar do caso catalán, que é moi singular, foron capaces de manter en boa medida o carácter público das súas entidades, ademais da solvencia. En Galicia non, a pesar de que o señor Feijóo chamou a entidade resultante da fusión «prometedora criatura financeira»; «prometedora criatura financeira» dicía o señor Feijóo. E a verdade é que, sendo a fusión unha auténtica ruína para a cidadanía e para as arcas públicas, o señor Feijóo si que tivo razón en que foi enormemente prometedora para quen fixo o negocio do século mercado Abanca, unha entidade limpiña



e saneada despois deses dez mil catrocentos millóns de euros de cartos públicos que foi necesario inxectarlle. Tan prometedora foi que, ao ano seguinte da adquisición por Banesco, o novo banco, Abanca, obtivo un beneficio de mil cento sesenta millóns de euros. Nun ano o comprador amortizara a inversión e tiña un banco novo e completamente saneado a custa do erario público. O maior pelotazo da historia de Galicia, completado cando nos seis primeiros anos da súa actividade, a finais do ano pasado, Abanca xa obtivera máis de tres mil millóns de euros de beneficio.

Para que se entenda, o negocio de Abanca consistiu en investir mil millóns de euros que se transformaron neses mil máis tres mil millóns de beneficios, é dicir, catro mil millóns de euros en seis anos, un 26 % de rendibilidade composta anual, o nunca visto, o negocio do século para un investidor privado a custa das nosas caixas e do erario público, grazas aos señores do Partido Popular de Galicia.

E antes de que o señor Puy nos diga, ou despois, que a culpa foi de calquera menos do padriño, impulsor, propagandista e muñidor da fusión, que foi o señor Feijóo, todo o mundo sabe —permítame que lle lembre— as competencias que tiña o Goberno galego, a Xunta de Galicia, en materia de supervisión e control das caixas galegas, que foron impunemente mangoneadas durante décadas, porque eran moitísimas. Entre elas, segundo o texto refundido da Lei de caixas de Galicia: exercerá as funcións de inspección das caixas de aforro domiciliadas en Galicia, exercerá a potestade sancionadora; dous exemplos dunha lei galega que está pragada de competencias e de facultades e de obrigas que tiña a Xunta de Galicia respecto das caixas galegas.

Evidentemente, en coordinación coas do Banco de España, pero non tiña menos a Xunta de Galicia, senón que, de feito, tiña máis que o Banco de España, polo que pasaron gobernadores de todas as cores políticas, e as caixas galegas foron mangoneadas durante todo ese tempo coa total aquiescencia e complicidade do PP de Galicia. Por certo, o BNG tiña unha amplísima representación nos consellos de administración das caixas galegas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E, como remate deste mangoneo, a fusión e posterior quebra das caixas galegas liquidou tres mil setecentos empregos, é dicir, aproximadamente a metade dos que tiñan Caixagalicia e Caixanova.

Para rematar, este é un caso de nefasta xestión financeira, de nefasta xestión económica e de nefasta xestión política, que culmina co maior pelotazo económico da nosa historia, pasando polo episodio das indemnizacións, que, en lugar de ser denunciado pola Xunta como administración supervisora das caixas, tivo que ser denunciado por este particular que hoxe lles fala. Un caso que debe ser investigado dunha vez por todas, a diferenza das dúas anteriores. Galicia merece que o PP permita que a comisión de investigación desenvolva o seu traballo e non convertela nun paripé e nun simulacro para enganar a cidadanía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Réplica, grupo solicitante, Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu teño que dicir que escoitaba o señor Puy e voume quedar cunha frase del: di que isto é unha operación tan importante que hai que investigala, dez anos despois. Señores e señoras do Partido Popular, non sei se caeron agora (*Aplausos.*) do cabalo camiño de Damasco ou se é que acaban de ter unha revelación. ¿Por que non investigamos antes? E é evidente, señor Puy —sábeo vostede perfectamente—, que non investigamos porque o Partido Popular impediu que esa comisión traballara. Díxonos —creo que foi no debate da anterior o señor Puy aquí— que quería arrefriar o debate. Non sei se dez anos no conxelador fai que a temperatura que hoxe (*Aplausos.*) ten a comisión das caixas estea ao gusto do Partido Popular.

E tamén creo que hai algunhas cuestións que hai que aclarar, claro. O relato do señor Puy fai responsables a todo o mundo menos a quen estaba no medio desa foto, que é o señor Feijóo. Algunha responsabilidade terá o señor Feijóo e tamén o Banco de España, efectivamente, que avalou unha fusión ou que avalou os estados de conta das caixas sabendo que era todo unha gran farsa. E iso é o que nos ten que preocupar. E desde logo, este parlamento e o conxunto da sociedade galega ten que saber por que o resultado dos procesos ao redor das caixas son diferentes. Porque non é certo que ninguén conseguira manter as súas caixas; Euskadi consegue manter as súas caixas, por exemplo, a través de Kutxabank, que depende da antiga caixa vasca. Se o resultado é diferente para Galiza, algo terán que ver as decisións ou a incapacidade do Goberno de Feijóo neste ámbito. (*Aplausos.*)

E —non sei— o señor Puy ten así como eu creo que nostalgia de profesor e vén sempre aquí dicirnos o que facemos ben e o que facemos mal, é ás veces até os profesores se equivocan, señor Puy. Porque mire, este parlamento non coñece a auditoría de KPMG, porque se corenta folios fotocopiados, que son un powerpoint, lle custaron á Xunta de Galiza un millón de euros, iso si que é unha grande estafa tamén. (*Aplausos.*) Coñecemos un powerpoint fotocopiado onde por certo se vían mal algunhas cousas. Queremos coñecer realmente como é esa auditoría ou non auditoría, segundo dixo o propio responsable de KPMG, non neste parlamento senón no Congreso dos Deputados, que é o primeiro que nos debería desde logo avergoñar de que nin tan sequera teñamos esa información. (*Aplausos.*)

Quero tamén lembrarlle, porque me dixo que tiña os datos mal, que a toma en consideración da Lei de reforma das caixas se produciu por unanimidade neste parlamento. Logo outros decidiron romper eses consensos, igual que os decidiron romper o Partido Popular e o Partido Socialista, señor Arangüena —a historia está aí para que a coñezamos—, cando deciden cambiar a Lei de caixas para blindar estes directivos, precisamente nas caixas, nese tempo que eles utilizaron para blindar as súas indemnizacións, e non sabemos que votaron os representantes da Xunta de Galiza nesa votación, porque queremos saber que votaron os representantes que tiña a Xunta de Galiza cando se blindaron esas indemnizacións, porque é un debate desde o punto de vista político moi importante. ¿Por que PP e PSOE afortalaron os exdirectivos nas caixas (*Murmurios.*) —si, si, está aí a historia para que vostedes a coñe-



zan — e desde logo por que usaron ese tempo para unhas indemnizacións que logo a Xustiza declarou como ilegais? *(Aplausos.)*

Tamén, señor Puy, a cuestión non é cal foi o procedemento de venda de Novagalicia Banco, que, efectivamente, foi a través dunha subasta —xa o sabiamos, pero vendeuse—. A clave é por que o señor Rajoy decide, sen que haxa ningunha necesidade, vender anticipadamente as caixas. ¿Por que o fai?, porque esa é a clave. Non había ningún requirimento nese momento para que houbera que vender. Poderíase ter obtido un beneficio moito maior para o Estado de non facelo nese momento, ou ir pola vía que defendía o BNG, e é que o Estado quedara con esa entidade Novagalicia Banco como unha entidade pública, sistémica para Galiza, que nos permitira manter o noso sistema financeiro. Vostedes saberán por que non quixeron facelo. E iso fíxose co aval do señor Feijóo.

E, se me permite tamén o representante do Partido Socialista, con todo o afecto, eu creo que vostede debe de revisar a historia. Porque quen votou a favor da fusión das caixas foron o Partido Popular e o Partido Socialista. *(Aplausos.)* Non sei se estaban facendo vostedes de tontos útiles, non o sei, desde logo o BNG tonto útil de ninguén e moito menos dos exdirectivos das caixas. *(Aplausos.)* E recórdolle que quen estaba nos consellos de administración desas caixas eran, entre outros, Mar Barcón e o señor Moreda, non eran desde logo militantes do BNG.

Hoxe, señores e señoras, o Parlamento de Galiza vai aprobar, por terceira vez, a creación dunha comisión de investigación das caixas. Nós facémolo porque cremos que temos a débeda co conxunto da sociedade de que esta comisión de investigación traballe. Xa vexo que a silla do señor presidente segue baleira; se tivera boa conciencia, hoxe estaría neste debate e daría a cara.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Grazas, presidente.

Eu aludía na miña primeira intervención, á marxe da obrigada rendición de contas, a que o que había era unha oportunidade de establecer feitos, que están documentados, e, polo tanto, a partir de aí que cada pau asumira a súa responsabilidade. Pero en ningún momento atribuí responsabilidade. E chama poderosamente a atención que simplemente sinalar que houbo oito informes privados, públicos, do Banco de España, da Comisión Europea, do Ministerio de Economía e Facenda, das auditoras das caixas, da propia Xunta, que todos eses informes dixeran o mesmo e que, non obstante, iso parece que é botarlle a culpa a alguén.

Por suposto que nós asumimos a responsabilidade da fusión. É máis: eu creo que un dos factores que máis reforzou a idea política de que o PPdeG defende Galicia foi precisamente



a batalla que demos por manter as caixas en Galicia (*Aplausos.*) e por conseguir que finalmente non desapareceran sendo transformadas nun banco. E pode crerme que esa responsabilidade a asumimos e mesmo estamos orgullosos dela, porque demos unha batalla moi dura, entre outros, contra o Banco de España, cousa que non todas as comunidades autónomas foron capaces de facer.

O señor Arangüena parece que vén disposto a darnos moitas obras de gloria aquí. Xa ve a reacción do Bloque Nacionalista Galego. Eu, evidentemente, non creo que sexa o momento para recordar cousas, pero supoño que coñece o señor Abel Caballero, que é o alcalde de Vigo, e dixo —e, ademais, díxoo con grandes titulares e grandes aspavientos— que cando se fai a fusión é a maior decisión de Galicia en vinte anos. «*Vigo jugó, prestó, se movilizó y ganó. El voto marca la hegemonía. ¿Es paritario la presidencia y el director general de Caixanova, la mayoría del consejo y la dirección, la sede del gobierno en Vigo? Esto es como el Banco de España mandató. Digo: ganó*». E vostedes agora veñen aquí dicir (*Aplausos.*) que foi o Partido Popular o que..., ¡ben!

Por certo, por aquelas, este é o alcalde de Vigo, pero o alcalde da Coruña, don Javier Losada, dicía: «*Es falso que Caixanova sea más solvente. Eran falsedades todos los rumores alimentados desde Vigo desde el inicio del debate sobre la conveniencia de una fusión de las dos entidades gallegas*» —o que é actual delegado do Goberno—. (*Murmurios.*) Ben, xa iremos descubriendo se estamos no PSOE do señor Losada, no PSOE do señor Caballero ou no PSOE, inédito, do señor Arangüena, que mestura un pouco de todo (*Aplausos.*) e hoxe non aportou gran cousa —a verdade sexa dita—.

Señora Pontón, eu tratei de arrefriar o debate. E insisto: o informe de KPMG leva dez anos nesta comisión. Vostede di que son corenta follas feitas de calquera maneira. Ben, iso dío vostede, obviamente. Pero explicouse na comisión perfectamente —e teremos ocasión de revisalo— que naquel momento no que o Banco de España poñía algún obstáculo para unha fusión galega, que vostedes anhelaban tanto coma nós, encargouse un informe a unha entidade que tiña unha serie de condicións que facían que era a máis interesante que fixera ese informe para ratificar a opinión da Xunta.

Primeiro, non traballaba con ningunha das dúas caixas; polo tanto, non tiña conflito de intereses; e, segundo —e máis importante—, tiña coñecemento da metodoloxía que aplicaba o Banco de España para autorizar as fusións porque acababa de aconsellar a fusión que se fixera en Castela-León das entidades financeiras, das caixas de Castela-León. E fíxose un informe que avaliaba a información previa da Xunta e que, como xa dixen, foi despois ratificado por todos os informes que viñeron detrás, incluídos o do Banco de España, o do Ministerio de Economía ou o da Comisión Europea e os de todas as auditoras de parte que prepararon o proxecto de fusión. (*Aplausos.*)

Hai unha diferenza evidente entre unha subasta e unha venda, se entramos xa nestes detalles. Recorden que cando sae a subasta hai varios postulantes para adquirir a actividade financeira de Galicia, que fora refinanciada para salvar os depósitos dos galegos —non se esquezan disto—. Non se salvou ningún capitalista, salváronse os depósitos dos galegos que estaban nas caixas. (*Aplausos.*) Non se salvou ningún accionista de ningún fondo nin de nin-



gunha entidade, salváronse os depósitos dos galegos. Ben, foi unha subasta e miren o que ofrecía o que finalmente gañou a subasta e miren o que ofrecían os bancos españois, que postulaban a adquisición por cero euros por esa entidade.

Polo tanto, non é o mesmo unha venda, moito menos un amigo. Daquela vostedes dicían que ía ir a un fondo voitre; de repente apareceu Banesco e todos quedaron sorprendidos, e de repente tivo que ser Banesco o que parecía que..., en fin, estas cousas.

Eu vou concluír, con moito afecto. A diferenza, señora Pontón, é que eu lle demostro o meu afecto aos dous portavoces que interviñeron. Con todo o afecto aos portavoces que interviñeron, a Xunta entregou trinta e catro caixas con cento oitenta documentos; estamos a falar de máis de trinta mil follas, onde está todo o importante da fusión. Compareceron nun plan de traballo que aprobamos por unanimidade máis de medio cento de persoas, entre elas persoas que hoxe probablemente non comparecerían, como o gobernador do Banco de España, como o comisario europeo...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...do da CNMV, quen fora presidente da CNMV.

Temos aí unha grande información e creo que, efectivamente, o país necesita protexerse contra estas declaracións descontextualizadas e manipuladas que queren reescribir a historia.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Rematado o debate, procedemos á votación.

Votamos.

Votación das solicitudes de creación de comisión de investigación:

— *Das deputadas e dos deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para analizar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus exdirectivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX lexislatura e retomados sen conclusión na X lexislatura.*

— *Das deputadas e dos deputados do G. P. Popular de Galicia, para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa transformación en bancos, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus exdirectivos, co obxecto de rematar os traballos realizados na IX e X lexislatura.*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobada a creación desta comisión de investigación.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Antes de pasar ao punto seguinte, que é o punto de comparencias, vou dar lectura a unha declaración que me fan chegar os grupos, tras un acordo ao que chegaron. É unha declaración institucional con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza 2020. E di así:

«No Día Internacional para a Erradicación da Pobreza o Parlamento de Galicia e as deputadas e os deputados que representamos a cidadanía galega queremos reiterar o noso compromiso unánime coa necesidade de seguir avanzando na loita contra a pobreza e a exclusión social, na que no ano 2019 se atopaba o 24,3 % da poboación galega.

Somos conscientes de que hoxe este dato é unha aspiración optimista. A nova lexislatura comeza cunha emerxencia sanitaria e social que empobrecerá milleiros de galegas e galegos se non hai un compromiso político e orzamentario da Xunta de Galicia e dos concellos e deputacións.

Sabemos que a crise sanitaria da covid-19 afectou e está a afectar de xeito significativo as persoas e familias cos ingresos máis baixos, cos traballos precarios e baixa intensidade laboral e con outros factores de risco como a discapacidade, monoparentalidade, violencia machista (en especial por prostitución, trata ou explotación sexual), etnia, persoas maiores ou con dependencia, poboación rural, migrantes ou refuxiadas. Trátase especialmente de mulleres, mocidade, nenos e nenas.

Pero os impactos socioeconómicos non só se fan notar nunha intensificación da vulnerabilidade daquelas persoas que xa a atopaban con anterioridade, senón que as circunstancias sobrevidas están a levar a unha situación de serio risco de pobreza a persoas que non a experimentaran ata o momento.

Queremos recoñecer de novo o esforzo, a solidariedade e o civismo da cidadanía galega. Nos peores anos da crise económica e agora na emerxencia provocada pola pandemia, sabemos da súa vulnerabilidade e temor pola situación.

Este exemplo interpélanos e obríganos a seguir avanzando nun modelo social no que non se permita deixar ningúen á marxe e no que dende os poderes públicos se garanta a loita contra a desigualdade, os dereitos constitucionais e a inclusión social. Reiteramos o noso compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) das Nacións Unidas, asumidos polo Estado español e as comunidades autónomas. En especial, co primeiro, no que se establece que «Para 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza».

A recuperación económica permitiu recuperar políticas e orzamentos de rendas mínimas, inclusión social, emprego ou vivenda. Non podemos permitirnosa frear os esforzos para garantir o dereito a unha vida digna ás galegas e galegos. Cremos vital para o futuro demo-



gráfico de Galicia evitar a transmisión interxeracional da pobreza e que o 80 por cento das nenas e nenos que hoxe viven en familias na pobreza estean condenados a sufrila o resto da súa vida, así como as súas fillas e fillos.

Queremos ter presentes as demandas das propias persoas en situación de pobreza, reivindicadas baixo lemas como «As persoas primeiro» ou «Somos persoas, non expedientes»: loitar contra as causas da pobreza e a desigualdade dende unha óptica afastada do existencialismo e que asegure a inclusión social; compromiso en orzamentos e planificación a medio e longo prazo, e coordinación política e técnica entre as administracións e as organizacións especializadas que reduza drasticamente a burocracia.

Conmemoramos este día cando asistimos ao aumento de discursos interesados de odio e de desprezo ás persoas máis vulnerables, a fenómenos de racismo, xenofobia, machismo, LGTBifobia ou aporofobia (odio ás persoas en pobreza). Pero de novo temos que agradecerlle á cidadanía galega a súa lección de respecto e tolerancia para que estes discursos políticos apenas teñan presenza na nosa comunidade.

As persoas non son culpables da súa pobreza. Non o son as nenas e nenos, nin as súas nais e pais. Tampouco o son da súa exclusión as persoas con discapacidade, migrantes, refuxiadas ou da comunidade xitana, as mozas e mozos tutelados ou as persoas privadas de liberdade. Ninguén é culpable do seu sufrimento. Non o son as mulleres vítimas de violencia machista, nin pola súa orientación ou identidade sexual.

Ningunha persoa é inútil, xa sexa moza, desempregada, xubilada ou que se atope sen fogar. Todas son quen de achegar ao crecemento enriquecemento e cohesión da sociedade.

As persoas que sofren e denuncian estas e outras moitas mentiras ou as que afirman que «o máis perigoso dos prexuízos é cando ti mesmo os cres» non están soas.

Os poderes públicos temos a responsabilidade de garantir as medidas necesarias para reducir as desigualdades sociais, combater a discriminación e favorecer o respecto, a tolerancia e a participación activa de todas as persoas. Temos tamén o compromiso de difundir e poñer o foco nas experiencias positivas e nos exemplos maioritarios de harmonía e convivencia normalizada, loitando contra a desinformación e evitando a instrumentalización ou as visións distorsionadas das persoas que viven en situación de exclusión social.

Nin a pobreza nin a exclusión social se combaten de xeito individual. É un obxectivo que implica ao conxunto da sociedade, e é a nosa responsabilidade contribuír, dende diferentes ámbitos, intensidades e formas, a que o academos.

Neste Día Internacional para a Erradicación da Pobreza facemos un chamamento para non caer na ignorancia dos prexuízos e seguir avanzando na inclusión urxente das persoas que non se atopan en igualdade de condicións para a consecución dunha vida digna.

Santiago de Compostela, 20 de outubro do 2020».

Moitas grazas. (Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)



O señor PRESIDENTE: Agora continuamos coa orde do día: punto 2, de comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Valeriano Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Comparezo hoxe, a petición propia, ante o Parlamento galego para dar conta das liñas estratéxicas da Consellería de Facenda e Administración Pública para esta lexislatura.

Permítanme que as miñas primeiras palabras sexan para expresar o cariño e a solidariedade do Goberno galego respecto das familias que están sufrindo os efectos desta terrible pandemia.

Señorías, hoxe é o 20 de outubro, e o normal nunha data como a de hoxe, de acordo co ciclo orzamentario habitual, sería que eu estivese entregando á Cámara o Proxecto de lei de orzamentos de Galicia para o ano 2021, algo que por razóns alleas a este goberno, que logo exporei, non foi posible. Agardamos en calquera caso entregalo o máis axiña posible. Porque, como comprenderán, dentro das liñas estratéxicas da Consellería de Facenda e Administración Pública os orzamentos son a nosa prioridade máxima de actuación.

Permítanme antes de centrarme nas liñas estratéxicas enmarcar como chegamos a este momento. Eu mesmo comparecín a comezos da anterior lexislatura, en concreto o 4 de abril de 2017, para informar das prioridades para unha lexislatura que se caracterizou por tres anos e medio continuados de crecemento e creación de emprego, con taxas positivas nos principais indicadores económicos, interrompidos dunha maneira nunca antes acontecida por mor da pandemia covid-19.

Ata marzo deste ano, a folla de ruta do Goberno galego, con Plan estratéxico 2015-2020, non só se estaba cumprindo, senón que mesmo se estaba superando con crecementos medios anuais arredor do 3 % do PIB e cunha creación de emprego que superou os noventa mil postos de traballo xerados entre o 2015 e o 2019.

Señorías, sei perfectamente que a actual situación mudou de maneira totalmente completa. Pero, como logo afondarei, que Galicia chegase á pandemia cunhas fortalezas únicas en España, resulta esencial para, primeiro, soportar as incertezas e para, posteriormente, favorecer a reactivación económica co fin de tentar recuperar o antes posible o crecemento e a creación de emprego.

E entre todas as fortalezas de Galicia, manter unha estabilidade política e institucional que estamos a reafirmar ano a ano é fundamental. É fundamental porque nos permitiu e nos



está a permitir anticiparnos nas decisións, achegar certezas no momento de maiores incertezas e xerar confianza.

Unida á estabilidade temos outra fortaleza moi importante: a de afrontar a crise económica do coronavirus nunha situación económico-financeira máis sólida e solvente, comparativamente mellor que outras comunidades, por cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria no pasado 2019.

Aínda que agora se suspendan as regras fiscais, o feito de que Galicia un ano máis fose unha das comunidades máis solventes de España cumprindo os límites de déficit de débeda, sendo a Comunidade que menos incrementou o seu endebedamento na última década, ademais de ser a Autonomía que pagou con maior rapidez aos seus provedores, axúdanos tamén para —como veremos a continuación— estar en mellor situación que o conxunto español.

E todo isto tendo como lastre no ano 2019 que o Goberno central se negase a transferir as finanzas autonómicas das mensualidades pendentes do IVE do 2017 por un importe de 204 millóns de euros. Unha demanda reclamada en múltiples ocasións neste parlamento, que xa está reclamada xudicialmente e á que non renunciámos.

Ademais, o Goberno central segue negándose a transferir a Galicia os 170 millóns de euros polo seu bo desempeño fiscal nos exercicios 2017 e 2018. En total, o Goberno central ten unha débeda con Galicia de 370 millóns de euros, á que este goberno —insisto— non vai renunciar.

Señorías, o rigor e a solvencia de Galicia, mantidos de maneira continua durante a última década, creo que son un patrimonio reputacional único en España. É a marca Galicia que nos recoñecen ano a ano e exercicio a exercicio todos os operadores económicos cos que interactuamos e mesmo co resto de comunidades autónomas nos foros multilaterais. Como lles dicía, para afrontar unha situación tan complicada como a actual, este patrimonio reputacional, esta solvencia e este rigor son moi importantes, porque o feito de que Galicia levase a cabo un acelerado proceso de consolidación fiscal permite que nestes momentos o Goberno galego poida empregar todo o potencial financeiro a atender a crise sociosanitaria e de forma paralela e simultánea, mentres convivamos coa pandemia, atender tamén a crise económica e social.

Na actual conxuntura entendemos que o axeitado é mobilizar de maneira coordinada todos os recursos públicos dos que dispoñemos as administracións, desde a Unión Europea ata o eido local, que conta con importantes remanentes. Desde Galicia debemos de aproveitar a xestión rigorosa das finanzas públicas e o menor endebedamento para apoiar proxectos estratéxicos para o país.

Desde o inicio da pandemia —reitero— esta boa situación previa permitiunos tomar medidas rápidas e dotarnos de liquidez, co fin de axudar as familias e empresas galegas nun momento de caída abrupta nos seus ingresos, con medidas tan importantes —e só vou citar unha— como a de avalar con 1.500 euros o anticipo aos traballadores cun ERTE autorizado e que non cobraran aínda a prestación do Goberno central. *(Aplausos.)*



E sen solución de continuidade, xa a primeiros de xuño, aprobamos un Plan de reactivación e dinamización económica para mobilizar algo máis de tres mil millóns de euros, en liña co Comité de expertos económicos que constituímos para tentar minimizar o impacto da crise e para afrontar a recuperación económica. Quixemos tomar a iniciativa para reactivar de maneira inmediata a economía galega logo dos meses máis duros da covid-19 e artellamos unha armazón financeira para facer viable os proxectos prioritarios. Dese total de algo máis de tres mil millóns de euros, máis de mil setecentos son recursos públicos e algo máis de mil trescentos mobilización de recursos, sobre todo privados.

Buscamos un plan de plans para reordenar e mobilizar recursos que permitisen levar a cabo as prioridades da economía galega neste momento e poder desenvolver as medidas sectoriais precisas. E fixémoslo a través de catro elementos:

En primeiro lugar, reordenando e priorizando o orzamento por 828 millóns de euros, aproveitando a marxe orzamentaria que tiñamos para contar con máis recursos.

Cento cincuenta e un millóns entre o que era o déficit adicional, o aforro adicional de xuros, os fondos covid-19 e o remanente das entidades públicas.

En terceiro lugar, reprogramando fondos europeos por 256 millóns de euros, acelerando todo o posible, e a nosa intención é executar entre o 2020 e o 2021 o que tiñamos previsto executar ata o 2023.

E en cuarto lugar, cunha previsión moi prudente da achega estatal, que, en concreto, estimabamos daquela en 506 millóns de euros, dos cales no día de hoxe tan só recibimos 36 millóns do que foi no seu momento entre política social e o primeiro de sanidade; e, despois, 268 millóns de euros do Fondo Covid-sanidade e 93 millóns do Fondo Covid-educación.

Neste sentido, lamento que o Goberno central estea actuando con criterios cambiantes, mesmo algúns de carácter adhocático, para repartirles fondos ás comunidades autónomas para atender esta pandemia, sen ter en conta os criterios do sistema de financiamento autonómico, que son os que ordinariamente se atenden na repartición entre autonomías.

O resultado desta improvisación de criterios por parte do Goberno central non é outro de que Galicia está saíndo prexudicada. Ata o momento Galicia recibiu por habitante un 21 % menos que a media autonómica; en Galicia 133 euros por habitante, e a media das comunidades autónomas, 169 euros por habitante. Se Galicia tivese recibido a mesma cantidade que a media española por habitante teríamos recibido nestes momentos 95,6 millóns de euros máis. En consecuencia, agardo contar co apoio de todos os grupos parlamentarios da Cámara para que nas vindeiras reparticións se corrixa esta penalización e se poidan recuperar os criterios de repartición do sistema de financiamento autonómico. *(Aplausos.)*

Neste sentido, celebro o consenso acadado para crear unha Comisión especial de reactivación económica neste parlamento, na que todos vostedes poderán achegar ideas para enriquecer, modificar e perfeccionar o Plan de dinamización e reactivación económica.



Ademais, unha das nosas liñas programáticas será aprobar o vindeiro ano o Plan estratéxico de Galicia 2021-2030. En Galicia fomos pioneiros en someter a nosa actuación de goberno a un sistema de planificación estratéxica, e os resultados creo que foron moi positivos, pois sitúannos entre as dúas comunidades autónomas que máis progresaron na última década en crecemento de renda per cápita e na converxencia con España. O obxectivo agora é deseñar a Galicia da vindeira década coa aprobación deste Plan estratéxico 2021-2030 para proporcionarlles ás familias, empresas e administracións información sobre os eixos de actuación da Xunta para esta próxima década. Obviamente, temos que partir dunha avaliación do impacto da crise covid para, a continuación, definir as políticas precisas para garantir a protección dos máis desfavorecidos e para acadar a recuperación económica do emprego o máis axiña posible.

Como segunda gran prioridade temos que deseñar a dinámica de crecemento arredor de catro grandes eixos de actuación, como son a dinamización demográfica e o benestar, o cambio climático, a competitividade e a cohesión social. E para toda esta estratexia un pilar importante son os fondos europeos, tanto os do novo marco comunitario 2021-2027 como os que acadamos dos recursos extraordinarios por mor da pandemia.

Galicia creo que ten demostrado sobradamente o seu exemplar comportamento na execución de fondos comunitarios. Grazas a un importante esforzo de negociación coa Unión, Galicia conseguira manter no marco actualmente vixente o 90 % dos fondos europeos para este período que remata no 2020 —prolongado ata o 2023—, cunha taxa de cofinanciamento do 20 %. Isto permitiunos dispor durante todo este período de catro mil millóns de euros para manter a capacidade de investimento e impulsar un novo modelo económico baseado na innovación e no capital humano. Apostamos polos ámbitos prioritarios da Estratexia Europa 2020, como son o I+D+I, as TIC, o desenvolvemento e a innovación empresarial, e a economía baixa en carbono.

Na actualidade, Galicia destaca como unha das comunidades que máis avanzou na execución das actuacións financiadas polos fondos europeos Feder, FSE, Feader e FEMP. De forma similar ao conseguido no período actual de cara ao próximo marco orzamentario, negociaremos tanto coa Unión como co Goberno de España unha axeitada repartición de fondos para que Galicia non saia prexudicada. Señorías, agardo igualmente que entre todos sexamos capaces de chegar a acordos para acadar os maiores recursos posibles e presentar os mellores proxectos para investilos, tamén da man do Comité de expertos que está asesorando o Goberno. A semana pasada xa constituímos a Comisión Next Generation Galicia para supervisar a folla de ruta para captar estes recursos europeos.

Señorías, unha vez enmarcado o contexto e as medidas tomadas ata o momento, temos que analizar cales están sendo os resultados. Neste senso, os indicadores que imos coñecendo sobre o impacto da covid-19, sendo todos moi negativos, presentan datos obxectivos, para concluír que polo de agora son menos negativos en Galicia que no conxunto de España. En ningún caso, por favor, entendan vostedes isto como unha conclusión triunfalista; veñen meses moi moi complicados. Pero tamén resulta reconfortante que os datos nunha situación tan dura como a actual sexan mellores en Galicia. Deberemos todos alegrarnos disto, porque estou seguro de que se fosen peores todos estaríamos máis preocupados, e vostedes —como tamén é o seu labor— reclamaríanlle contas ao Goberno.



Vexamos os datos. En termos de PIB, no segundo trimestre do ano —o último dato sobre o que temos datos, o máis negativo por mor da pandemia e do confinamento—, en Galicia houbo unha caída importante en relación co trimestre anterior do 14,5 %, pero 3,3 puntos inferior á media de España, que rexistrara un descenso do 17,8 %.

No mercado laboral, as consecuencias da covid-19 tamén marcan a época do segundo trimestre, pero mentres que en Galicia a pandemia reduciu 0,7 puntos a súa taxa de paro, no conxunto de España aumentou en case un punto. E, como consecuencia disto, a taxa de paro en Galicia sitúase en máis de tres puntos por debaixo da de España.

Uns mellores datos comparativos que acaba de reafirmar nun recente informe Funcas, que nas súas estimacións ata o pasado mes de setembro inclusive prevé un mellor comportamento da economía galega que a media de España. Uns mellores datos comparativos que tamén prevé o Foro Económico de Galicia nos seus sucesivos informes dos últimos meses. Uns mellores datos comparativos que igualmente estiman os recentes estudos do BBVA. E uns mellores datos comparativos que tamén referencia a Airef. Por tanto, señorías, opinións e estimacións que non son do propio Goberno galego, senón de organismos públicos e privados, nas que todos conclúen o mesmo: que o impacto da covid, sendo moi moi duro, afortunadamente é menor en Galicia que en España.

E se imos a cifras concretas, o comercio galego tivo ata agosto —o último dato publicado— a menor caída de vendas de toda España. Pola súa parte, a licitación pública en Galicia resiste, cun leve crecemento, fronte a un desplome do 37 % no conxunto de España. E pese ás inmensas dificultades, os fogares galegos teñen unha posición tamén menos mala que a media pola baixa débeda e os menores índices relativos de pobreza. Repito: unha situación moi complicada, pero algo menos complicada que noutros territorios.

Ata aquí o resumo do que levamos feito.

E centrándome xa no máis inmediato, a prioridade número un nestes momentos é elaborar e aprobar as contas para o vindeiro exercicio 2020-2021. De feito, quero lembrar que contar en marzo deste ano con este instrumento foi fundamental, pois permitiunos afrontar en mellores condicións a complicada situación provocada pola pandemia. E proba diso son os exemplos que acabo de citar. Porque grazas a contar cun orzamento aprobado Galicia tivo e segue tendo unha ferramenta clave para acometer medidas de maneira inmediata. Esta é a principal razón pola que Galicia necesita ter canto antes aprobadas as súas contas para o vindeiro exercicio. E desde o Goberno estamos acelerando ao máximo a elaboración dos orzamentos 2020-2021, e faremos todo o posible para acurtar ao máximo os prazos.

Como lles dicía ao comezo da miña intervención, hoxe, día 20 de outubro, tiñamos que estar entregando as contas no Parlamento para o vindeiro exercicio. E se non o podemos facer é porque o Goberno central non lles comunicou ás comunidades autónomas os primeiros datos —nin sequera todos— hai apenas dúas semanas. Podemos entender que este non é un ano habitual e que poden producirse atrasos, pero o que xa non é razoable é que se tardase practicamente oito meses en reunir o Consello de Política Fiscal e Financeira, pois o anterior fora no mes de febreiro.



O que tampouco parece razoable é que un aspecto moi importante e con moito peso no orzamento, como é o salario dos empregados públicos —repito: aspecto esencial para elaborar as contas—, non se nos comunique ás comunidades autónomas.

Na consellería xa temos certa experiencia, polo que traballamos de maneira interna e estamos acelerando todo o que podemos os procedementos orzamentarios para ter esas contas canto antes. Pese ao atraso do Consello de Política Financeira e Fiscal —que non se reuniu ata o 5 de outubro—, pese a non dispor das primeiras cifras por parte do Goberno central ata ese 5 de outubro, pese a que aínda temos que despexar incertezas e pese a que o ciclo orzamentario leva un atraso superior aos dous meses, o compromiso deste goberno é entregarlle os orzamentos para o 2021 a este parlamento antes de que comece o mes de decembro. Os orzamentos son a principal liña programática de calquera goberno. E nós comprometémonos a seguir aprobando nesta lexislatura, ano a ano, as contas autonómicas; continuando coa liña ininterrompida da nosa comunidade desde hai xa corenta anos.

Tal e como se recolle na orde que publicamos no *Diario Oficial de Galicia* a semana pasada, priorizaremos acelerar a recuperación e mitigar os efectos da pandemia tanto nas familias como no tecido produtivo. Buscaremos garantir cos medios e o persoal necesario o eido sociosanitario, garantir o funcionamento seguro dos servizos educativos, paliar os efectos da crise nas persoas máis desfavorecidas e dar continuidade ás políticas de dinamización económica.

E, señorías, nesta conxuntura cobra aínda máis importancia, se cabe, a política económica rigorosa, responsable e prudente que estamos levando desde o ano 2009. ¡Explicareime! A estabilidade orzamentaria constitúe un instrumento esencial para garantir a sustentabilidade do Estado de benestar. Este goberno —insisto— levou a cabo unha responsable e prudente xestión da súa política de endebedamento como recurso necesario para o financiamento dos servizos públicos esenciais, pero salvagardando en todo momento a solvencia financeira da Comunidade.

Galicia ata a pandemia conseguira acadar a recuperación económica —repito— co menor incremento de débeda en España na última década. Xa no 2014 estabilizamos a ratio de endebedamento, e desde hai tres anos temos unha ratio descendente. Ao peche de 2019, Galicia non só reducira a ratio de débeda PIB por terceiro ano consecutivo, senón que mesmo logramos baixar o volume de débeda por primeira vez en máis de trinta anos. (*Aplausos.*) A última vez que se fixera fora en 1988.

Señorías, isto ten consecuencias prácticas para os galegos e para as galegas, porque na última década deixamos de emitir 4.000 millóns de euros en débeda, ou, se o prefiren, cada galego debe 2.000 euros menos que o resto de cidadáns españois. Ademais, froito da confianza que Galicia achega aos investidores, no ano 2019 foi unha das poucas comunidades autónomas que retornou aos mercados financeiros para aproveitar as condicións que ofrece, con abundante liquidez, elevada demanda e tipos de interese historicamente baixos. Voulles dar dous exemplos:

A finais do ano 2019, Galicia mesmo chegou a formalizar a primeira emisión de débeda con rendibilidade negativa da nosa historia autonómica. E neste ano 2020 acabamos de forma-



lizar unha emisión de bonos sostibles integramente orientados aos investimentos sociais e ambientais cunha estrutura e un tipo de xuro que se aproximan ao cero por cento.

Pero ¿que volve ser o máis importante de todo isto? Que Galicia se atopa en mellor posición que outras administracións públicas para afrontar a crise económica vinculada á pandemia. Estamos en condicións de que a Facenda pública autonómica sexa un importante motor económico e social para que en situacións de urxencias e excepcionalidade como a que estamos a vivir teña o pulo suficiente e poida dar unha axeitada resposta económica, financeira e social.

E como estamos convencidos de que un dos piares da política económica sobre a que podemos incidir máis directamente é que a Xunta pague de xeito áxil e eficiente aos seus provedores, outra liña programática prioritaria será seguir por este vieiro e que a Comunidade siga estando á cabeza do período medio de pago.

De feito, nun momento en que o Goberno central acaba de suspender as regras fiscais, a única que se mantén é o período medio de pago, pois é a que repercute dunha maneira máis directa tanto nas familias como nas empresas e provedores. En efecto, xa se considera normal que en Galicia lideremos o pagamento áxil aos provedores; isto tamén é outro patrimonio reputacional de Galicia. Xa tiñamos bos datos —diría que os mellores de España— tanto en 2018 como 2019, pero coa pandemia quixemos axilizar aínda máis os pagamentos para dotar de liquidez estes nosos provedores, porque, ao final, estamos falando de empresas, estamos falando de pemes, estamos falando de autónomos, con momentos de extraordinaria dificultade. O último dato publicado correspondente ao mes de xullo sitúa Galicia como a segunda comunidade que paga máis rápido, 14,86 días; menos da metade con que o fan o resto de comunidades autónomas, que é de trinta e un días. Creo que este é un dos datos que explica a verdadeira política económica útil. *(Aplausos.)*

E outro exemplo de política económica útil é a suspensión de prazos desde o 14 de marzo, e aínda vixente, tanto para particulares como para empresas que deben presentar autoliquidacións polos impostos de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, de sucesións e doazóns e dos tributos de xogo. Unha medida que está a beneficiar cada mes a unhas trinta e dúas mil persoas e empresas. *(Aplausos.)*

Señorías, a nosa política tributaria é coñecida. Queremos manter Galicia entre as comunidades autónomas nas que as rendas medias e baixas paguen menos impostos, e a comezos desta lexislatura queremos reafirmar esa liña programática. Coas rebaixas de impostos que temos aprobado nos últimos anos, hoxe Galicia está entre as comunidades con mellor tratamento fiscal para as herdanzas, ademais de ser —como ben coñecen— unha das poucas que conta cun valor tamén patrimonial moi importante, como é o noso dereito civil, onde figuran os pactos sucesorios.

En canto ao acceso á vivenda, apostamos por reducir a tributación ás familias que adquiren a súa primeira vivenda coa finalidade de que sexa a súa residencia habitual, cun límite patrimonial, para beneficiar especialmente familias con fillos e persoas que realizan un maior esforzo relativo para este tipo de compras. É máis: eliminámoslles os impostos aos menores de 36 anos, ás persoas con discapacidade e ás familias numerosas que compren unha vivenda



para uso habitual nas zonas pouco poboadas de Galicia, que —como coñecen moi ben— son o 93 % do noso territorio. Obviamente, o obxectivo non é outro tamén que fixar a poboación nesas contornas.

Pero este ano quixemos dar un paso máis nesta estratexia ata situar Galicia como a Comunidade Autónoma con menor tributación para mercar unha vivenda habitual no rural. E os datos que imos coñecendo, estando aínda en pandemia, así nolo confirman pouco a pouco. Precisamente no eido rural puxemos en marcha hai catro anos un pioneiro programa de impostos cero no rural, co obxectivo tanto de facilitar e favorecer a mobilización de terras agrarias como a actividade agrogandeira. Con estas medidas que lles acabo de relatar, desde o ano 2016 son xa cincocentos trinta e cinco mil as galegas e os galegos beneficiados por estas rebaixas de impostos. *(Aplausos.)* Ademais, no IRPF, coa rebaixa que aprobamos en 2016, en Galicia seguimos entre as comunidades con menor tributación para as rendas baixas e medias.

En política tributaria, as familias son unha prioridade e temos situado Galicia á cabeza en incentivos á natalidade, con maiores deducións por nacementos de fillos, por coidados de fillos menores e por alugamento de vivenda.

E para esta lexislatura a nosa intención é manter todas estas rebaixas e incentivos, e ademais cando sexa posible novos beneficios fiscais, tanto para familias numerosas como para familias monoparentais, como para as vítimas de violencia de xénero, como afondar e favorecer a recuperación e a posta en valor das terras agroforestais.

Respecto do emprego público, o diálogo social e a negociación colectiva mantidos cos representantes dos traballadores permitiron nos últimos anos chegar a moitos e importantes acordos, sendo o máis salientable, desde o meu punto de vista, o acordo de concertación social do emprego público de Galicia. Penso que esta liña de diálogo é moi positiva e, por tanto, debemos mantela. Por iso, comprométome a que nesta lexislatura manteremos esta liña de negociación colectiva continua e útil, na busca de novos pactos que sirvan para mellorar as condicións dos empregados públicos, co obxectivo final de mellorar a prestación dos servizos que prestamos á cidadanía.

Neste sentido, unha das prioridades vai ser completar a estabilización dos empregados públicos que xa estamos levando a cabo nos últimos anos dentro do Plan de estabilización de persoal temporal. Xa no ano 2017 asinamos cos sindicatos Comisións Obreiras, CSIF e UXT, así como coas centrais do eido sanitario SATSE e CESM-Omega, xunto ao sindicato educativo ANPE, un acordo para desenvolver un plan de estabilidade no emprego público que permitiu 15.188 prazas nos servizos públicos ata o ano 2019. Xunta e sindicatos pactamos un obxectivo: impulsar políticas de persoal para reducir a taxa de temporalidade do emprego, para que non sexa superior ao 7 %. Para conseguir este obxectivo aprobamos tanto as ofertas de emprego ordinarias como as de estabilización.

A este respecto, quero lembrar que a Xunta de Galicia leva tempo solicitando un mecanismo que resolva as limitacións das taxas de reposición vixentes, sobre todo nos eidos sanitario, educativo e de servizos sociais. Témolo reclamado en moitas ocasións no último ano, fixémoslo



na Comisión de Coordinación do Emprego Público, solicitámolo na Conferencia Sectorial de Emprego Público, reiterámolo no Consello de Política Fiscal e Financeira do pasado mes, no 5 de outubro e tamén nunha carta que lle enviei recentemente á ministra de Facenda.

Desde o Goberno galego entendemos que estas limitacións das taxas de reposición que se veñen aplicando de maneira interrompida con maior ou menor intensidade desde os anos noventa, no contexto actual, perderon a súa razón de ser. De feito, consideramos que as ditas limitacións son precisamente o elemento que está impedindo adoptar medidas de estabilización que xa temos comprometidas.

¿Que estratexia estamos a seguir nesta situación? O Goberno galego ten impulsado ofertas de emprego público todos os anos desde o 2009, mesmo cando había moitas limitacións por parte do Estado, e neste novo ciclo seguiremos impulsándoas. De feito, nas ofertas de emprego público de 2017, 2018 e 2019 aumentamos de forma moi salientable o número de prazas respecto dos anos anteriores por cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria, que permitiu unha taxa de reposición do 108 % tanto no 2018 como no 2019. Nunha década, as ofertas de emprego público superaron as vinte e cinco mil prazas.

Señorías, en Galicia tomámonos a estabilidade do emprego público moi en serio. Por iso os datos do *Boletín Estadístico* do Ministerio de Facenda, non os nosos, veñen situando a Comunidade Autónoma de Galicia como a de menor taxa de temporalidade no emprego público en termos comparados. Isto non é casual. (*Aplausos.*)

Queremos seguir convocando procesos selectivos e podo anunciarlles que nas vindeiras semanas aprobaremos unha oferta de emprego público de 2020 que se comporá de 1.526 prazas no ámbito de función pública, na súa gran maioría de acceso libre, ás que se engadirán outras 1.215 prazas, para facer un total de 2.741 prazas nos servizos sociais que se integran no Consorcio de Igualdade e Benestar. (*Aplausos.*) Ademais, a estas 2.741 prazas sumaráselles outros 3.263 postos de traballo de laborais fixos, aos que lles ofrecemos a posibilidade dunha funcionarización voluntaria.

Esta oferta de emprego público, obviamente, é adicional e diferente da que xa se convocou para o sector docente de 3.654 prazas e da que proximamente fará o Servizo Galego de Saúde para o seu eido sanitario.

Ademais, nesta lexislatura continuaremos impulsando este proceso de renovación de plantillas como consecuencia das numerosas xubilacións previstas, co reforzo dos servizos públicos, o que xerará importantes oportunidades de emprego ata totalizar un mínimo de dez mil prazas para as nosas mozas e para os nosos mozos que desexen traballar na Administración galega.

Outro compromiso programático é completar nesta lexislatura a unificación e equiparación das condicións de traballo nos servizos públicos galegos. A intención principal nestes anos consistirá en funcionarizar e rematar coa funcionarización voluntaria das categorías do persoal laboral, de tal xeito que os novos ingresos tamén de persoal externo xa o sexan en prazas funcionariais. Este é un proceso que xa temos posto en marcha e ao que na actualidade teñen solicitado acceder máis do 95 % do persoal susceptible de se funcionarizar.



Como dicía, a funcionarización é un proceso de carácter voluntario. A finalidade perseguida coa funcionarización é unificar o réxime xurídico do persoal que presta servizo na Administración da Xunta de Galicia e cumprir o principio xeral de que os postos de traballo nas administracións públicas deben ser desempeñados por persoal funcionario.

Neste ámbito, xa se convocaron os primeiros procesos de funcionarización do persoal laboral. E a comezos deste mes tiveron lugar as probas para novecentos empregados públicos, cunha participación histórica, por riba do 98 % dos aspirantes apuntados. O segundo paso — como xa dixen — será convocar para este proceso outros 3.263 empregados públicos laborais fixos. Deste xeito, completaremos este proceso de funcionarización nesta lexislatura.

Por outra parte, este foi o primeiro goberno que implantou a carreira profesional na Administración autonómica, pactada coas organizacións sindicais. Para facer efectivo o dereito dos empregados públicos a progresar de maneira individualizada como recoñecemento ao seu desenvolvemento en canto a coñecementos, formación, experiencia, compromiso e participación en iniciativas de interese público, cunha avaliación regrada. En concreto, pactamos esta carreira profesional coas organizacións sindicais no Acordo de concertación e puxemos en marcha o réxime extraordinario para os empregados públicos que xa tiñamos iniciada esa carreira profesional. Pois ben, nesta lexislatura aprobaremos o réxime ordinario de carreira profesional dos empregados públicos, que os acompañará ao longo de toda a súa vida profesional, desde o ingreso ata a xubilación.

Unha novidade nesta lexislatura é que concentramos na Consellería o recurso e as competencias en materia de emprego público. Xa tiñamos con nós a Dirección Xeral de Función Pública, e agora sumamos a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e mais a Escola Galega de Administración Pública. Creo que con este organigrama gañamos, sen dúbida, en eficiencia e estaremos en disposición de mellorar a prestación dos servizos públicos aos cidadáns.

Señorías, a pandemia do coronavirus obríganos a achegar novas solucións para garantir e facer máis segura a prestación dos servizos públicos, e esta será unha das prioridades que teremos que acometer. Entre estes retos, sen dúbida, están a consolidación da administración electrónica, en seguir axilizando e simplificando os procedementos administrativos e a regulación do teletraballo.

Nos últimos anos temos reformado de maneira substancial o funcionamento da Administración autonómica, con varias normas, como son a Lei de organización e funcionamento, no 2010; a Lei de disciplina orzamentaria, no 2011; a Lei de racionalización, no 2013; a Lei de emprego público, no 2015; a Lei de transparencia e bo goberno, no 2016, e a Lei de administración dixital, no 2019, cun obxectivo: acadar unha maior racionalización e axilización administrativa e afondar na modernización de procedementos dos servizos prestados.

De feito, o desenvolvemento destas normas, unido á racionalización de estruturas e reordenación de efectivos, xunto á modernización tecnolóxica, e todo iso cun enfoque transversal, permítenos dispor na actualidade dunha Administración autonómica máis eficaz e próxima



á cidadanía. E no momento actual, loitando contra a pandemia, debemos reforzar esta estratexia.

Na actualidade, dos 1.635 procedementos existentes, un total de 1.536 están dixitalizados. Nos vindeiros anos completaremos a dixitalización universal. Pero, sobre todo, nesta lexislatura queremos afondar como liña programática na simplificación e axilización administrativa. A Dirección Xeral de Avaliación está a punto de concluír un estudo sobre as necesidades e posibilidades de simplificación administrativa no noso eido galego, polo que moi pronto, cuestión de semanas, poderemos dispor das súas conclusións e propostas.

Nesta estratexia tamén enmarcamos a automatización de procesos na administración para proporcionar vantaxes tanto aos cidadáns como á propia administración. Sirva de exemplo que no CIXTEC xa adxudicamos, licitamos e temos posto en marcha na Axencia Tributaria de Galicia para realizar de xeito automático determinadas tarefas repetitivas e de gran volume, que permiten liberar carga de traballo e dotar os servizos administrativos de ferramentas para traballar de xeito máis eficiente.

Creo que iniciativas coma esta e que queremos seguir ampliando a outros ámbitos da administración benefician a cidadanía, porque reduce prazos, axiliza trámites e permite un funcionamento ininterrompido da administración. Pero é que tamén beneficia os servizos administrativos, porque se automatizan as tarefas máis repetitivas e pasamos a ter máis dispoñibilidade para realizar tarefas de maior valor engadido.

Señorías, a pandemia da covid-19 trouxo cambios na nosa vida e nas formas de traballo en todas as organizacións, o que fai necesario afondar noutras modalidades de traballo, sinaladamente o teletraballo. Para a Xunta de Galicia, o teletraballo non é unha novidade, porque xa fomos pioneiros na súa implantación e regulación. No ano 2013 aprobamos unha orde que regulaba a acreditación, a xornada, o horario de traballo, a flexibilidade horaria e o teletraballo dos empregados públicos. Posteriormente incluimos esta modalidade na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia, sendo a terceira comunidade en adaptar toda a súa normativa sobre función pública á normativa básica do Estado.

Agora, o Estado acaba de aprobar un real decreto lei para a súa regulación, cando na Xunta xa lle demos rango de lei ao teletraballo hai cinco anos. Agora tamén queremos que Galicia sexa unha das primeiras en adaptar a súa regulación, logo da modificación que se acaba de producir. Dez días despois da publicación do Real decreto lei do 30 de setembro xa temos en Galicia un novo texto que entregamos a pasada semana aos sindicatos, ao que poden presentar alegacións ata o día de mañá. E gustaríanos que neste importante tema acadáramos o primeiro acordo da lexislatura coas organizacións sindicais.

Considérase teletraballo a modalidade de prestación de servizos a distancia na que o contido competencial e funcional do posto de traballo pode desenvolverse sempre que as necesidades do servizo o permitan fóra das dependencias da administración mediante o uso de tecnoloxías da información e comunicación. Poderase acoller a esta modalidade tanto o persoal funcionario como o laboral. Será voluntaria e reversible, tanto para o empregado público que o solicite como para a administración. En todo caso, as unidades administrativas contarán



cunha presenza diaria mínima obrigatoria do 40 % dos seus efectivos e a xornada de traballo non poderá fraccionarse para ser prestada nas dúas modalidades, tanto na presencial como a distancia. Para que unha unidade administrativa poida autorizar a prestación de servizos a través da modalidade de teletraballo debe poder implantarse un sistema de xestión de traballo por obxectivos ou un sistema medible de asignación de tarefas. Neste sentido, teño que dicirlles que xa estamos traballando bastante nos protocolos e nas ferramentas que permitirán facer efectivas estas previsións.

Ademais, os medios técnicos para desempeñar o posto na modalidade de teletraballo serán propiedade da administración, que facilitará ao empregado público un ordenador, ferramentas ofimáticas, conexión cos sistemas informáticos da Administración autonómica e os sistemas de sinatura electrónica.

Nesta futura norma ou acordo regularemos xunto ao teletraballo ordinario un teletraballo extraordinario, para situacións como a vivida de emerxencia sanitaria, ou outras que poidan vir, individuais ou colectivas, similares ás que poden ter un certo carácter catastrófico ou de persoal vulnerable, ou incluso respecto de determinados colectivos moi específicos.

Precisamente, e para ir rematando, intensificar a formación específica en materia de teletraballo e emprego público é unha das principais liñas de actuación da EGAP nesta lexislatura.

Outras actuacións destacadas serán a especial atención á formación práctica en materia de administración electrónica, á descentralización da oferta formativa da EGAP e á aprobación dunha estratexia plurianual de formación permanente do profesorado que defina os contidos dos próximos plans de formación, sen esquecer as liñas de prestixio nas que tamén traballa a EGAP, cunha alta valoración no nivel nacional.

En relación co Instituto Galego de Estatística, presentaremos o vindeiro ano —xa bastante ao principio— o anteproxecto de lei para aprobar o novo Plan galego de estatística 2022-2026.

Finalmente, tamén continuaremos nesta lexislatura co plan patrimonial aprobado na pasada e que ten como obxectivo primordial unha estratexia común para todas as cidades galegas, que consiste en aproveitar o noso patrimonio público e cancelar todos os alugueiros posibles e limitalos ao máximo. Exemplo desta estratexia patrimonial son o novo barrio da Residencia en Lugo, a rehabilitación do edificio de Benito Corbal en Pontevedra, a Cidade da Xustiza en Vigo, a sede da Atriga en Ourense, a recuperación na Coruña da Fábrica de Tabacos e a adecuación da antiga sede de Sanidade, o novo chamado espazo Amizar. Creo que esta política de redución, racionalización e de aforros de alugueiros foi moi importante nestes anos, pero debemos de seguir perfeccionándoa ata practicamente deixala a cero. De feito, hai once anos gastabamos 6,9 millóns de euros en alugueiros; nestes momentos son só xa 3,2 millóns. Imos seguir afondando nesta actuación. *(Aplausos.)*

En resumo, afrontamos unha lexislatura chea de dificultades, na que teremos que controlar a pandemia sanitaria nun primeiro momento e mitigar os efectos económicos e sociais para conseguir reactivar canto antes a economía e a nosa sociedade.



A primeira prioridade da Consellería non é outra que elaborar os orzamentos de Galicia para o ano 2021 antes do mes de decembro.

En segundo lugar, aplicaremos e completaremos o Plan de reactivación e dinamización económica para axudar na recuperación económica, que creo que nos merecemos, tamén na social.

Traballaremos para manter os maiores fondos europeos para o período 2021-2027 e captar recursos dos fondos previstos para a reactivación económica pola covid-19, chámese Next Generation, chámese React-EU. A iso xogaremos: a coller os mellores fondos para Galicia, máis e mellores.

En cuarto lugar, seguiremos priorizando o pago áxil aos nosos provedores, para favorecer a liquidez tanto a empresas como a familias.

Manteremos Galicia entre as comunidades con mellor tributación para rendas medias e baixas. Proseguiremos co diálogo social e unha negociación colectiva continua e útil coas organizacións sindicais, para mellorar as condicións dos empregados públicos e, sobre todo, no servizo que prestamos á cidadanía. Reforzaremos o Plan de estabilidade do emprego na Administración autonómica coa convocatoria de máis de dez mil prazas durante esta lexislatura. Completaremos o proceso de funcionalización do persoal laboral fixo. Completaremos a universalización da dixitalización da Administración xeral e simplificaremos os procedementos administrativos. Seremos das primeiras comunidades autónomas en adaptar e facer real a regulación do teletraballo. E aprobaremos o vindeiro ano o Plan estratéxico de Galicia 2021-2030 para chegar ao final desta década cos problemas solventados, nunha posición onde xa non miremos o PIB pola parte debaixo, senón pola parte de arriba. Creo que como sociedade ben nolo merecemos.

Moitas grazas pola súa atención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Grazas, señor conselleiro.

Bos días, señores e señoras deputadas.

Hoxe vostede vén aquí a este parlamento para informarnos sobre as liñas xerais de actuación do seu departamento para o ano 2021. Un ano no que a política vai ser decisiva para milleiros



de persoas na nosa comunidade, un ano no que vai tocar transformar a política sanitaria galega para afrontar os efectos da crise sanitaria orixinada pola covid-19, pero tamén, señor conselleiro, un ano no que a política ten que servir para minimizar os efectos devastadores da crise económica e da crise social á que nos ten levado esta pandemia. Xa que logo, señor conselleiro, este ano non pode ser como os anteriores; neste ano non pode ser máis importante cadrar as contas que atender as necesidades das persoas.

Vostede, señor conselleiro, lidera a consellería que define a política con maiúsculas que vai desenvolver o Goberno galego nesta lexislatura, as prioridades políticas que se van ver materializadas no orzamento correspondente ao exercicio 2021. E non debe esquecer que neste momento, máis se cabe que en ningún outro momento, a política ten que ser útil á sociedade galega. *(Aplausos.)* A política ten que dar respostas ás necesidades da nosa poboación.

Vou facer a miña intervención expoñendo unha comparativa de país con datos —como sempre facemos os socialistas— destes once anos de goberno ininterrompido do Partido Popular en Galicia.

Señor conselleiro, a demografía é o primeiro gran fracaso das políticas do Partido Popular nos gobernos de Galicia. O IGE dinos que dende o 2009 temos perdido case noventa e seis mil persoas; é dicir, se fixeramos unha media lineal, perderíamos a razón de 8.710 persoas cada ano. Hoxe, máis do 25 % da poboación galega ten máis de 65 anos, mentres que os menores de 19 anos non chegan ao 16 %. Temos o triste privilexio de ter o récord de menor número de nacementos en Galicia na serie histórica dende o 2009. No 2019 naceron en Galicia case seis mil novecentos nenos e nenas menos dos que nacían no ano 2009. E contamos co saldo vexetativo máis baixo de todas as comunidades autónomas para o 2019.

¿E que ten feito o Goberno de Núñez Feijóo durante estes once anos? Pois elaborar uns plans que só son unhas sumas de contías orzamentarias baixo unha denominación común, sen afondar nas causas e nas conclusións que achegan os propios expertos na materia.

No propio Plan estratéxico de Galicia fixébase como un dos obxectivos medible implantar un paquete de medidas para revitalizar demograficamente a nosa comunidade, achegándonos a 1,59 fillos por muller. Señor conselleiro, o último dato publicado polo IGE no 2018 dinos que en Galicia estamos no 1,04 no número medio de fillos por muller. Xa que logo, un obxectivo moi lonxe de cumprir co inicialmente manifestado no Plan estratéxico de Galicia.

Once anos nos que aínda non teñen aprobado a Lei de impulso demográfico. Un proxecto de lei no que o Goberno confía a reversión da crise demográfica do noso país a medidas simplemente natalistas. Hai un ditame elaborado polo Observatorio Demográfico. ¿Van ter en conta as súas achegas? Os socialistas presentamos unha batería ampla de emendas ao proxecto de lei, no sentido marcado polo propio observatorio, no que se apunta que a escasa calidade e a non-universalidade dos servizos públicos, a inexistencia de estratéxicas de conciliación e a escaseza de traballo, así como a falla de calidade do mesmo, son as principais causas desta sangría demográfica que estamos padecendo en Galicia.

Non me vou parar moito en noticias, porque senón despois non me vai dar tempo, pero teño aquí noticias e datos que avalan cada unha das afirmacións que traio hoxe aquí.



Señor conselleiro, ter un emprego de calidade é a base para poder ter unha vida digna, que lle permita á xuventude desenvolver o seu proxecto vital e que lles permita aos que emigraron regresar ao seu país se así o desexan. Por iso, señor conselleiro, o emprego é o segundo gran fracaso dos gobernos de Núñez Feijóo na Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

Despois de once anos, ¡once anos e tres maiorías absolutas!, non poden seguir buscando desculpas en gobernos anteriores nin mirar cara a outro lado. Correspóndelle a este goberno, ao seu goberno, ao Goberno do Partido Popular toda a responsabilidade da realidade do noso país, tamén en emprego. En once anos perdemos case douscentos corenta e tres mil persoas de entre 20 e 39 anos, é dicir, o potencial máis xoven do noso país. Esa xuventude na que os gobernos invisten na súa formación, tamén o Goberno galego, pero que despois van producir rendibilidade noutros lugares fóra de Galicia.

Señor conselleiro, cun crecemento económico medido en termos de PIB sobre o 3 % nos últimos cinco anos, en Galicia non recuperamos os niveis de poboación ocupada que tiñamos no 2009.

O Plan estratéxico de Galicia tamén poñía outro obxectivo medible: incrementar en máis de cen mil empregos ata o 2020 e unha redución da taxa de paro arredor do 10 %. Pois ben, señor conselleiro, a taxa de paro para o 2019 segue sendo dun 11,8 %, é dicir, 1,8 puntos por riba das previsións iniciais do Plan estratéxico, e o obxectivo dos cen mil empregos está moi lonxe de cumprirse.

Así, no cuarto trimestre de 2019, tiñamos 46.200 persoas ocupadas menos respecto do mesmo trimestre do ano 2009. A afiliación media á Seguridade Social en todos os réximes foi no 2019 de 15.676 afiliacións menos que no total para o ano 2009. No cuarto trimestre do 2019, tiñamos 52.300 fogares con todos os seus membros en paro, o que son 12.700 máis que no mesmo trimestre do 2009. E recórdolle que, grazas ás políticas de emprego do Partido Popular no Estado, naceu por primeira vez a clase traballadora pobre, cun resultado de precariedade, inestabilidade, perda de dereitos e un incremento alarmante da fenda xeracional. E hoxe en Galicia temos unha poboación moito máis vulnerable, na que o emprego, lonxe de ser unha prioridade para este goberno, foi un dano colateral das súas políticas.

Señor conselleiro, estes eran os datos antes da pandemia. E vostede falaba dos datos correspondentes ao 2020 e apuntaba que se mantiveron, pero mantivéronse grazas ás axudas postas en marcha polo Estado, que facilitaron liquidez para as persoas autónomas e empresas, facilitaron rendas para os traballadores e puxeron medidas de protección social para as persoas máis vulnerables, para que ninguén quedara atrás, tal como aconteceu na crise de 2008.

Para saír desta crise, señor conselleiro, Galicia vai precisar dun maior impulso por parte da Xunta de Galicia. E os socialistas analizamos tamén con máis que preocupación a execución orzamentaria das partidas consignadas nos orzamentos na décima lexislatura, na que deixaron sen executar máis de catrocentos corenta e sete millóns de euros para políticas de emprego.

Señor conselleiro, ¿o Goberno galego considera que está a facer todo o que o Goberno autónomo ten ao seu alcance para reverter a situación do mercado laboral en Galicia? Sen tra-



ballo, señor conselleiro, o risco da pobreza e exclusión social multiplícase de xeito alarmante. Así, os indicadores de pobreza na nosa comunidade mostran o terceiro gran fracaso das políticas de Núñez Feijóo en Galicia.

Tamén no Plan estratéxico de Galicia establecían como un obxectivo reducir a poboación en risco de pobreza ou exclusión social en cen mil persoas. Outro obxectivo que non van ter cumprido. Podemos consultar varias fontes, pero voume centrar nos datos publicados pola Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social, «El estado de la pobreza en Galicia», da que hoxe o noso presidente do Parlamento lía aquí un manifesto empregando estes mesmos datos. E revélanos datos tan graves como que no 2019, e non estamos falando despois da pandemia, 655.000 persoas, é dicir, o 24,3 % da poboación galega, no 2019, estaba en situación de pobreza ou exclusión social. Trinta e dúas mil persoas máis que no ano anterior, sendo a única comunidade na que este índice sobe.

E dinos o informe que nin a recuperación económica nin o emprego decente chegaron á maioría das persoas que se encontraban en pobreza ou en exclusión; que en Galicia temos 212.000 persoas que viven en pobreza severa no 2019; que 332.000 pensionistas galegos —cinco mil máis que o ano pasado— teñen pagas que lles impiden superar o umbral da pobreza, e que temos no 2019 en Galicia case cincocentas corenta e unha mil persoas en risco da pobreza; é dicir, se sumamos as que xa están coas que están en risco, superamos un millón de persoas no noso país. E que no 2019 o 3,6 % da poboación galega vivía en condicións de privación material severa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Ante estes datos, señor conselleiro, ¿vostede pode volver afirmar aquí na sede parlamentaria que Galicia está mellor situada para afrontar esta crise derivada da pandemia da covid-19? De verdade, señor conselleiro, ¿vostede pode seguir dicindo esta afirmación que acaba de facer?

Con estes precedentes entramos no ano 2020, e como é sabido por todos o 11 de marzo a Organización Mundial da Saúde declarou a pandemia provocada pola covid-19...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato xa, señor presidente—; é dicir, unha crise sanitaria nunca coñecida, que desencadeou ademais unha crise económica e unha crise social, con consecuencias para a economía e para o emprego, e poñendo en risco o medio de vida de millóns de persoas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Sigo na miña segunda quenda.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

Señor conselleiro, o seu discurso non por esperado foi menos decepcionante. Fixo vostede mención á pandemia, supoño que para non parecer de todo un extraterrestre, pero podemos dicir que a pandemia non pasou realmente polas súas liñas de traballo.

Mire: estamos vivindo un momento absolutamente excepcional, marcado ademais por unha segunda vaga moi preocupante, e a Galiza de hoxe non é a mesma que a de hai oito meses. Enfrontámonos a unha crise tan profunda que xa está aquí e que, ademais, sabemos que dela sairá un mundo novo. Pero vostedes parece que renunciaron tanto a poñer en marcha algún cambio profundo como a atender tamén as urxencias, o que é aínda máis preocupante. Non queren nin atender esas urxencias nin poñer as luces longas.

E, desde logo, a súa comparecencia podería resumirse en que son vostedes o Goberno da renuncia. Seguen deixándose levar pola inercia e renuncian tanto a asumir os seus propios erros como renuncian tamén a poñer en marcha ferramentas propias para intervir xa agora nas circunstancias máis extremas das persoas que peor o están pasando. E renuncian tamén, polo que se ve, a facer valer o autogoberno diante do Estado e de Europa, máis alá de repetir aquí os mesmos mantras choromiqueiros e os mesmos posturos que despois detrás non teñen ningún tipo de estratexia política para conseguir algo. E o seu leitmotiv segue sendo que sempre hai quen está peor, e con iso vostede pois xa parece que está tranquilo. Pero a realidade é que no mundo que vivimos hoxe, a Galiza covid non era onte de cor de rosa, pero tampouco o é hoxe, señor Martínez. Pintou vostede unha realidade aquí que non se corresponde co que están a sufrir milleiros de galegos e galegas.

Efectivamente, líanos o señor presidente do Parlamento antes de comezar esta comparecencia esa declaración da Rede Galega contra a Pobreza. Eu non sei se vostede leu o informe, pero eu recoméndollo porque nos di cousas preocupantes, como que no 2019 —antes de que chegara a pandemia— neste país case un cuarto da nosa poboación xa estaba en risco, en situación de pobreza. E vostede segue aquí coa mesma letanía do crecemento san de tantos anos atrás, como se todo fora absolutamente perfecto e como se tiveramos unha situación ideal que nos fai vivir sen ningún tipo de convulsión unha pandemia destas características, cando onte a situación era preocupante pero hoxe temos milleiros de galegos e galegas directamente ao borde do precipicio.

¿E que fai o Goberno galego? Pois vén vostede aquí dicir que Galiza ten unha situación moi forte. Vostede deu moitos datos aquí pero non falou, por exemplo, de algo moi preocupante como do que nos di o Instituto Galego de Estatística, que é responsabilidade súa a situación estrutural dos fogares galegos. Dinos o evidente, e non fai falta saber moito para percibir que a realidade que temos é que hai máis fogares que chegan con máis dificultade a fin de



mes e menos que o fan con facilidade. E mire: hoxe ata o propio Banco de España e o FMI insisten no grave problema da desigualdade. E para vostedes segue a ser o elefante rosa do que non queren falar.

Falou vostede sobre todo tamén de pasado. E nós queremos falar tamén do presente, porque no día de hoxe, fóra das portas deste parlamento, hai unha situación moi preocupante. E a precariedade —que vostede volveu ignorar no seu discurso— e a destrución de emprego son hoxe letais nesta segunda vaga, e vostede sábeo. Eu pregúntome como pode vir comparecer aquí sen facer unha soa proposta concreta. Nós exixímoslle que, cando menos, se comprometa a facer un plan de choque con medidas sociais e económicas inmediatas. *(Aplausos.)*

Nós preguntámonos se vostedes tentan sequera valorar o que vai supoñer a fin dos ERTE neste país, o que vai supoñer que entre 20.000 e 30.000 persoas do noso país poidan ir á rúa. Eu non sei se pretende que esa xente se console simplemente repenicando aquí unha vez máis que vostedes facilitaron que se adiantaran esas contías. Eu non lle nego a necesidade desa medida nese momento. Tamén poderíamos falar das responsabilidades propias da Xunta de Galiza nesas demoras, pero, desde logo, non é suficiente.

Veú vostede comparecer estando varios concellos do noso país cun confinamento perimetral, que está supoñendo tamén a prohibición das reunións de non-conviventes, que está supoñendo que hai milleiros de negocios —hostalería, sobre todo, pero tamén turismo— e tamén moitos autónomos e autónomas que volveron baixar a persiana do seu negocio, que non saben cando a van ter que levantar, cando van poder facelo. E vostede segue sen ver a realidade. Mire: o mínimo que debería facer é saír despois aquí e comprometerse con que mañá no *Diario Oficial de Galiza* vai haber unha orde de axudas directas para os autónomos e autónomas deste país. *(Aplausos.)*

Xa nos fixo caso coas taxas de reposición. Espero que non cheguen tan tarde a un debate tan fundamental, porque este país necesita máis *Diario Oficial de Galiza* e menos powerpoints. E, desde logo, non compartimos en absoluto o discurso autocompracente sobre o gran estratega e planificador que é o Goberno galego, porque logo non cumpren os seus obxectivos. Eu, de verdade, non entendo como pode subir a esta tribuna a autoparabenizarse dos resultados do anterior Plan estratéxico, cando vostedes prometían e prometeron no comezo da anterior lexislatura crear cen mil postos de emprego, e antes da pandemia non chegaron nin aos corenta mil. Non teñen credibilidade cando afirman que a creación de emprego vai ser unha prioridade, polo contexto económico pero tamén polos seus precedentes, e porque levan oito meses evadindo responsabilidades, señor Martínez, *(Aplausos.)* e teño que dicirlló así.

Crearon vostedes un Comité de expertos *ad hoc*, que, con todos os respectos, nos seus dous documentos o que facían basicamente eran recomendacións a outras administracións. Como se a Xunta de Galiza non tivera capacidade de facer nada.

Encomendáronse vostedes a un Plan de reactivación e dinamización que é unha nota de prensa. Se existe, por favor, remítano a esa comisión do Parlamento da que faláron, porque publicamente o que consta deste plan son titulares, señor Martínez. E se realmente quere tecer algún tipo de consenso, o lóxico será que esta oposición poida ver a letra miúda dese



Plan de reactivación, e non confiar nas cifras macro que vostede dá aleatoriamente en cada rolda de prensa, porque iso non é serio. E nós estamos dispostos a facer aquí unha oposición construtiva pero, desde logo, pedímoslle un pouco de seriedade.

Efectivamente, no curto prazo temos ese debate orzamentario. Nós agradecémoslle que nos dea un horizonte temporal aquí pero, a verdade, eu fico un pouco descolocada de que vostede non aproveitara a súa intervención para aclararnos algo respecto de que cifras van manexar vostedes, porque aí temos un debate tamén. Porque vostedes teñen agora mesmo a débeda en cifras históricas neste país. E a pregunta é: ¿para que empregaron esa débeda? E se nos seguimos endebedando —que neste contexto vai ser necesario—, a cuestión será que falemos das prioridades.

E, nese sentido, nós queremos poñerlles tres consensos enriba da mesa: primeiro, fortalezan vostedes eses servizos públicos pero de verdade, publiquen e convoquen todas as vacantes de persoal sanitario e de servizos sociais, acaben coas privatizacións e impulsen un novo modelo. En segundo lugar, hai que apostar por un investimento potente na economía, para evitar unha masacre nesas pemes e autónomos, e tamén para intervir nos sectores produtivos estratéxicos. E, en terceiro lugar, hai que apostar pola ciencia e a innovación; se algo demostrou esta crise foi que os países que mellor resistían eran os que tiñan apostado por isto. Eu alégrome de que vostede lera o último informe do Foro Económico Galego, pero non sei se lle sacaron un pouco as cores respecto do que se di nese informe do diferencial de I+D+I que hai entre o norte de Portugal e Galiza, que debera avergonzalos. *(Aplausos.)*

E habería que facer tamén un profundo debate sobre o modelo fiscal que ten este país. A min, desde logo, que nun momento de dificultade de recadación, de dificultades de contar con fondos propios, vostede veña aquí dicir que van seguir coa súa política fiscal, que é contraria aos intereses das maiorías sociais, preocúpame moito.

En todo caso, señor Martínez, xa falamos da urxencia, desa necesidade dun plan de atención para as emerxencias sociais e económicas que hai hoxe ás portas deste parlamento. Xa falamos de cales deberán ser as prioridades nuns orzamentos adecuados, porque pola mera existencia deses orzamentos os problemas non se resolven sós. Pero queremos tamén non deixar de insistir nunha cuestión que nos parece importante, que é que hai que poñer as luces longas.

E, desde logo, vostede botou aquí a enésima chorada sobre os moitos problemas que ten que Galiza non teña un peso político suficiente no Estado. ¡Benvidos a ese debate! *(Aplausos.)* Pero a min gustaríame saber que fixeron vostedes, porque o debate do financiamento vai estar aí, do financiamento galego e do financiamento local. E tamén aproveito para pedirllas que neses orzamentos cumpran cos concellos galegos, que aumenten as contías de transferencias aos concellos, que asuman o pagamento deses gastos extraordinarios que asumiron as administracións locais. *(Aplausos.)* Pero, claro, eu preguntome: ¿vostedes chegaron a presentar esa denuncia, esa demanda xudicial que demandaba este parlamento respecto do Goberno central? Porque xa sabemos que a de Castela prosperou, non sabemos nada da denuncia de Galiza.



E tamén unha última cuestión —e con isto remato—: o debate dos fondos europeos. Hai que ter valor para vir a este parlamento, cando no anterior pleno rexeitaron que houbera unha ponencia deste parlamento para ter unha posición de país, a facer demagogia con que se chegamos a algún tipo de consenso. Terá consenso neste grupo se teñen valentía política. Eu preguntolle: ¿que cifra mínima van exixir? Nós entendemos que, como mínimo, Galiza debería recibir case trece mil millóns de euros. ¿Están de acordo ou non? ¿Van defender iso ou non? ¿Non lles deixa Casado ou van facer iso? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ¿Van defender que haxa partidas territorializadas, si ou non? *(Aplausos.)* ¿Van defender que Galiza teña capacidade de xestión directa, si ou non? ¿Van facer algo máis alá que permitir que se a anterior crise rescatou a banca...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...esta crise rescate o Ibex 35, ou van facer algo diferente? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Desde logo, se están dispostos nós estaremos aí. *(Aplausos.)* Pero a impresión que sacamos é que hoxe temos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...unha vez máis un Goberno que se deixa ir e que o único que fai...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...é buscar responsabilidades noutras portas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Eu o primeiro que quero facer é agradecer a premura coa que o conselleiro de Facenda comparece nesta cámara para explicarnos cales son as liñas xerais de actuación no ámbito da súa consellería. Unha consellería que ten basicamente dúas funcións: a primeira é a función



financeira, é dicir, financiar o gasto público autonómico e elaborar os orzamentos que recollan as necesidades dos servizos públicos, e a segunda, que está moi próxima a ela —e, polo tanto, é un acerto que se teñan incorporado á súa consellería—, é o estatuto e o réxime económico-laboral precisamente dos empregados públicos.

E é importante e relevante esta comparecencia porque, efectivamente, aínda que o máis próximo que todos vivimos, padecemos e convivimos é un virus que está a xerar unha enorme crise sanitaria, o certo é que as súas consecuencias son inmediatas dunha crise económica. De momento, aínda non, porque as administracións públicas imos intentando que reaccionen e eviten entrar nunha obvia crise social. Evidentemente, diso é do que se trata, de que unha vez superemos a crise sanitaria pois saír, reactivar a economía e evitar unha crise social.

E estamos ante unha crise económica que —xa o dixemos nalgunha ocasión— é totalmente inédita en tempos recentes, non só pola súa profundidade senón, sobre todo, polas súas características. Polo tanto, calquera actuación que queiramos facer no ámbito económico ten que ter en conta cales son as características desta crise económica. En primeiro lugar, é unha crise de oferta, pois paralizáronse as canles de distribución internacional, detendo mesmo a produción de grandes empresas que teñen ubicados en distintos países os seus elementos de produción. E, evidentemente, é unha crise de oferta que afectou máis a pequena e mediana empresa, polos confinamentos obrigados nun momento determinado dado o avance espectacular en España, superior ao doutras economías, do virus e dos contaxios.

Ben, todo isto o que está é provocando certamente efectos asimétricos. En Galicia, —pódemolo comprobar— o rural respondeu, e mesmo medrou a súa produción durante o peor —ata o de agora— da propia pandemia; sen embargo, outros sectores, como o da hostalería ou o do turismo, están a padecer moito máis gravemente as consecuencias da pandemia. Esta, en definitiva, xera incerteza e, polo tanto, fai que se paralice o investimento e que, ademais, o endebedamento, tanto o empresarial, na procura de liquidez, como o endebedamento lóxico e obrigado das administracións públicas, para axudar a soportar o incremento do desemprego e a paralización da actividade, está a ser financiado fundamentalmente —que isto é algo que tamén convén aclarar— pola intervención de organismos europeos, ou ben a través da política monetaria, ou ben a través do gasto público directo e dos fondos europeos.

Pero é que, ademais, tamén temos unha crise de demanda porque, efectivamente, a paralización —e estamos a ver, por exemplo, as taxas de depósito nos bancos como medran consistentemente— está levando a aquilo que se chamaba no seu día «o paradoxo da frugalidade», a xente cando hai incerteza non gasta. Polo tanto, iso afonda no problema da paralización económica e da crise.

De feito, esta falta de gasto privado vén ser substituída dalgunha maneira precisamente co apoio das administracións públicas. O que está a dar certamente a importancia que merecen tanto a política monetaria como a importancia que ten tamén a pertenza ao euro, que está financiando —insisto— con compras de débeda masiva o gasto público en España. Estas van permitir saír mellor da crise, saír antes, aínda que tamén van ter consecuencias para o futuro, con crecementos do endebedamento público non só en España, senón no conxunto



do mundo; crecementsos do endebedamento público que nalgún momento, evidentemente, unha vez que superemos a pandemia e a crise económica, haberá que atallar.

Unha crise inédita. E tamén convén salientar que a sociedade estivo á altura. Eu creo que en liñas xerais os servizos públicos, tamén en Galicia, funcionaron de maneira ampla e exemplar. E o tecido empresarial. Moitas veces parece que non foi unha reacción social completa. Polo tanto, houbo empresas e, polo tanto, traballadores de empresas de capital privado que mantiveron a súa actividade, por exemplo, sen ir máis lonxe, toda a distribución e venda de alimentos, ou outras que teñen tamén un carácter xa máis regulado, como as telecomunicacións, que permitiron sobrelevar a crise.

Pois ben, con esa actitude coa que afrontamos o peor, eu creo que hai que afrontar a crise económica, superala. O reto é descomunal. Polo tanto, calquera cousa que se diga, e sempre a partir da base de que estamos nunha situación inédita, é tremendamente complexa.

Neste sentido, eu creo que o conselleiro hoxe trouxo un discurso con varios acertos. O primeiro é o enfoque do esforzo conxunto. O conselleiro dixo algo que é importante e que as demais portavoces pasaron por alto: o esforzo ten que ser conxunto de todas as administracións, porque hoxe máis que nunca está a traballar a Unión Europea, hoxe máis que nunca o Goberno de España ten que poñerse ao servizo de todas as comunidades autónomas, hoxe máis que nunca hai que mobilizar todos os recursos posibles desde as comunidades autónomas e, por suposto tamén, desde as administracións locais.

Un esforzo que eu creo que tamén que debe ser extensivo ás forzas políticas. Hoxe pediuse que se mandase aquí o Plan de reactivación. Eu alégrome porque estamos falando do plan de traballo da Comisión de reactivación. Evidentemente, hai un compromiso xa explicitado polo presidente de remitir toda a documentación do Plan de reactivación da Xunta á Comisión, onde todos teremos ocasión de analízalo e, se é o caso, en perspectivas de futuro de melloralo ou de introducir cuestións que fagan que sexa aínda máis efectivo. A coordinación e a cooperación son fundamentais nestes momentos, e nós seguimos —e creo que o conselleiro tamén o fixo— abertos a todas as forzas políticas.

É certo que boa parte, unha portavoz completo e outra media da súa intervención, foi para cuestionar se estabamos mellor ou peor. Eu creo que é evidente que estamos nunha situación mellor no ano 2020 da que estabamos no 2009 para afrontar esta epidemia; os datos son claros e son incontestables. Eu creo que o debate sobre como estamos, se nos cinguimos ao sector público, vemos que o déficit de Galicia foi moi inferior ao do conxunto das comunidades autónomas, co cal temos máis capacidade de reacción. Vemos que a débeda pública é máis baixa na Comunidade Autónoma de Galicia, o que nos dá máis marxe de endebedamento para promover a reactivación. Estamos vendo que esa capacidade de financiamento está a permitir financiar a economía directamente a través do pago aos provedores, e recordemos todo o que pasou na anterior crise coa necesidade de financiar provedores que quebraran porque as administracións non lles pagaban o que lles debían. E, ademais, estase mantendo un gasto investidor moi por riba da media das comunidades autónomas; estamos no 12,5 de gastos non financeiros, sobre gastos non financeiros de gasto de capital, e a media das comunidades autónomas é o 7,2.



E isto tamén permitiu a reacción, porque se dixo aquí que non se fixo nada. ¡Home!, no ámbito económico priorizáronse e reordenáronse os orzamentos, 828 millóns de euros, que ademais o conselleiro explicou; aproveitouse a marxe orzamentaria para contar con máis recursos, 151 millóns, que foi aforro de xuros, fondos covid, o déficit adicional; reprogramáronse os fondos europeos acelerando o seu gasto, 256 millóns, e ademais fíxose unha inxección prudente para inxectar cartos na economía das achegas estatais, que, de momento, non están sendo ou non son todo o axeitadas que deberían de ser.

Efectivamente, isto fíxose os primeiros días. Os datos da caída da economía galega non son tan fondos como os da economía española, e é evidente que algo tería que ver a inxección de fondos que fixo a Comunidade Autónoma grazas a esa reprogramación. É certo que iso permite a estabilidade política. En España houbo catro eleccións e un só orzamento, que ademais é o do Partido Popular, antes de perder o goberno. En Galicia, en cambio, o que houbo foron catro orzamentos e unha única elección, que deu un resultado que eu creo que serve tamén para explicar que a lectura que fai a sociedade galega non é a pesimista que vostedes fixeron.

Como segundo acerto —isto tampouco foi moi salientado— hai que salientar que o conselleiro marcou retos a curto prazo, pero sen perder a perspectiva ao longo prazo. E hai dúas noticias. A primeira é a de que os orzamentos estarán aquí antes de fin de ano, e eu creo que esa é unha excelente noticia. Pero a segunda é que vai empezar a traballar nun Plan estratéxico para a década, no que, evidentemente, teremos que inserir tamén os proxectos estratéxicos que xurdan da Comisión de reactivación.

En terceiro lugar, eu creo que o conselleiro tivo tamén como acerto o de establecer claras prioridades. As prioridades díxoas explicitamente, e nós compartímolas. Creo que se fan unha reflexión, outra cousa será como as implementemos, pero de entrada hai que dicir que as prioridades de Galicia son a sanidade, a educación, a política social e a reactivación económica. Eu creo que hai pouco ámbito para a discrepancia con isto. Estas son as prioridades, e imos ver se dentro desas prioridades somos capaces entre todos de acertar. Certamente cos orzamentos seremos máis capaces de acertar que sen eles, e iso é unha vantaxe.

Tamén compartimos a política fiscal que pergeñou e, por suposto, todas as cuestións que se dixeron con relación ao emprego público. Sobre isto tamén eu creo que deberíamos como cámara representativa da sociedade dicir algo que eu creo que é pertinente. Hai algúns analistas que están empezando a falar xa dunha nova...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...división social. Por exemplo, Víctor Lapuente, que di que vai empezar a haber un conflito pola situación laboral e salarial do empregado público con relación á que está a vivir a inmensa maioría da sociedade, suxeita a expedientes de regulación temporal de emprego e que, evidentemente, pode perder o seu traballo. Eu creo que iso o que nos debe de servir é para que sexa unha chamada á responsabilidade de todos: da administración, que ten o compromiso de estabilizar e mellorar as condicións do empregado público, pero todos tamén debemos de saber en que ámbito nos estamos a mover.



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor PUY FRAGA: Eu creo que esta responsabilidade vai ser obrigada por todas as partes, polas forzas políticas e tamén polas forzas sindicais.

Grazas, conselleiro. Compartimos os obxectivos marcados na súa intervención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Puy.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para a rolda de réplica ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, o señor Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Grazas, de novo, señor presidente.

Agradezo moito as intervencións dos que me antecederon nestes momentos, tanto a representante ou a portavoz do PSOE, señora Rodríguez Rumbo, como a señora Presas, polo BNG, como o señor Puy; de todos se aprende. E fun tomando unhas notas. O que pasa é que, obviamente, —vostedes xa me coñecen— procurarei hoxe estar un pouquiño máis relaxado nas miñas formulacións.

Verdadeiramente, a miña comparecencia é sobre o que en esencia é a responsabilidade da Consellería de Facenda e Administración Pública, con esa nova denominación que ten. Por iso incluso centrei boa parte da miña intervención en completar o sistema de emprego público, que creo que é tamén importante nestes momentos. Cinguinme moito ao que son as competencias. Ao final, ao que se vén aquí falar é de liñas estratéxicas nestes momentos, de liñas estratéxicas para a lexislatura. Eu fun anunciando unha serie delas, das cales ao final fixen unha escolma das dez principais, e non as únicas, que fun avanzando para toda a lexislatura.

Polo tanto, ¿agradezo moito as palabras que me poidan tildar como responsable do orzamento que lidero as políticas? Non, son o responsable do orzamento mentres estea nomeado como conselleiro de Facenda. Señora Rodríguez Rumbo, prométole honradamente que nunca quixen liderar nada, non vai coa miña forma. Creo que non é o correcto tampouco que un conselleiro de Facenda en calquera organización lidere as políticas, e sobre todo todas e cada unha delas que despois foi enumerando.

Pode haber datos en termos absolutos que vostede manexa habilmente —eu se fora o caso manexaría datos en termos relativos, ao mellor non tan habilmente—, pero o que si coincido con vostede, e está claro, é que en tema de demografía, en tema de emprego, en tema de execución orzamentaria, en tema de pobreza, ao que tamén se referiu a señora Presas, é bo que nos deamos un plan estratéxico para poñer no frontispicio cales son os retos principais. Acábolle de dicir que foi e será, por exemplo, a demografía un reto, así como tamén o Estado do benestar que nos debemos dar.



Despois virá a métrica; non lle teña medo á métrica. Se hai obxectivos, se hai indicadores, incluso para ser criticados, iso é bo, camiñaremos na boa dirección. O que está claro é que nos equivocaremos menos se o pensamos ben, e iso non quere dicir que o pensemos ben. Pero se entre todos, empezando por nós, o pensamos ben, seguro que planificar non é máis que minimizar o erro e, a poder ser, acertar.

Polo tanto, con distintas sensibilidades do que vostede chama demografía, fala despois da Lei de impulso demográfico, do emprego, saída de mozos, podemos estar de acordo ou non; creo que non, moitas veces témolo falado. Pero creo que no que é o debate máis xeral esperamos empezalo a partir dos primeiros días de decembro. Creo que é bo, non imos fuxir, nunca fuximos dese tipo de debates. Creo que non son neste momento quen de dar leccións a ninguén.

Non podo coincidir con vostede cando di «as moitas axudas do Estado». Eu soamente teño que falar das que teñen que vir para Galicia; son un pouco máis humilde. Eu o que si digo é que o Estado está moi superado por outro tipo de relacións. Pero, ao final, dígase a repartición que se fixo en Sanidade, dígase a repartición que se fixo en Educación —cando dous días antes era de Política Social, curiosamente—, díganse as reparticións que nos están chegando as noticias indirectas do que pode ser a ratio. A única conclusión é que a Comunidade Autónoma de Galicia —permítanme utilizar unha expresión coloquial— estamos saíndo *trasquilados*.

Despois vén a señora Presas e di o pouco peso político que ten o Partido Popular de Galicia. Imaxínome que se puxeramos nunha balanza o que ten o BNG, eu creo que sería unha micronésima e tal, pero ben... (*Aplausos.*) Xa que tamén nos imos coñecendo todos, ¿non?

Polo tanto, señora Rodríguez Rumbo, agradézolle moito de verdade de que me faga líder de determinadas políticas, pero eu non chego a tanto, non me dá a capacidade para tanto, e a nosa consellería como organización prométole que tampouco asume ese papel. E prométole honradamente que nós sabemos utilizar, pero xa me deixa moi nervioso que soamente se utilicen criterios absolutos, cando incluso o seu xefe de filas en determinadas preguntas neste parlamento formula termos comparativos, e non se dá conta do que é a taxa de ocupación sobre a poboación que pode traballar. É algo que me deixa verdadeiramente anonadado.

E tamén hai algo que me deixa verdadeiramente anonadado —e non é a miña cuestión entrar en controversias— cando falamos da emigración. Díxeno varias veces neste parlamento, e non porque o diga eu, ¡eh! Os datos obxectivos o que nos din é que a Comunidade Autónoma de Galicia, desde o 2009 ata o 2019, —datos oficiais— é a comunidade onde a taxa —por así dicilo— de xente que emigra, ou que se move cara a España ou cara ao resto de países, é a menor de todas as comunidades autónomas. ¿Iso quere dicir que nos damos por contentos de todo aquel que ten o seu horizonte de vida e ten que saír da comunidade autónoma? De modo ningún, pero debemos de poñer os datos en relación. Pero dá igual, porque seguimos co mesmo libro.

E despois veñen algúns fardar aquí de mantras e choromiqueos; discurso decepcionante. O seu tamén era moi previsible. Nós levamos, segundo vostede, oito meses evadindo respon-



sabilidades. Eu creo que no Bloque, en xeral, o que levan é tres meses de *sobradetes*, pero xa nos veremos se tal. (*Risos.*)

Vou empezar polo difícil, porque o fácil xa o faremos. Non se pode predicar o consenso, e o primeiro ir á xugular con determinadas cuestións, como estas que lle acabo de dicir. Pero o que si me estraña é nunha persoa coma vostede, que en moitas cousas teño que recoñecer que progresa adecuadamente (*Risos.*), confundir que como conselleiro de Facenda sexa o responsable do IGE, o que di o IGE sobre os fogares galegos; iso é que xa ten causa. Mire: prométtolle honradamente que este que lles fala, desde que ten uso de razón, o nivel de dirixismo sobre o que depende del debe de rozar un cero Kelvin. No IGE hai persoas preparadas que teñen que elaborar estudos, estatísticas sobre todo con base no plan, a planificación que nós temos, que xa lles digo que vai haber unha lei para o próximo período e o programa anual. E despois saen os indicadores, e ás veces gústannos, ás veces non nos gustan, pero prométtolles honradamente que non saen mellores ou peores por ser eu quen o dirixa. Iso é que me dá un *miedito* de interpretar que as cousas saen ben cando as dirixe un, e non cando son datos obxectivos desde o punto de vista estatístico. Permítame que non poida tal.

¿Como fala vostede de propostas concretas de carencias? ¡Home!, por favor, soamente hai que ler o título da miña intervención. Veño falar de directrices estratéxicas ou de liñas fundamentais desta lexislatura. Non me faga a min partícipe de traer aquí con nomes e apelidos todos os que fixeron a muralla China.

Orde de axudas de autónomos. Creo que máis cedo que tarde mirarán nese punto, dentro de moi pouco, determinados cambios. Por aí van os tiros, porque somos perfectamente conscientes da realidade que se está vivindo no noso ecosistema empresarial, onde obviamente a parte dos autónomos é un valor fundamental, con carácter xeral, con profundas restricións e limitacións durante toda esta etapa en boa parte dos subsectores que compoñen a nosa economía.

Oito meses evadindo responsabilidades. Este goberno e este conselleiro, nun Consello da Xunta —páreceme recordar que foi na segunda semana de abril—, fomos a primeira comunidade autónoma en poñer e disparar con todo o que estaba na nosa man daquela, cando non se coñecía a cantidade, e fomos dos primeiros que activamos os grandes contratos que ten esta Administración autonómica e os grandes investimentos. Como acaba de dicir o portavoz do Partido Popular, o noso investimento histórico vén sendo enormemente superior ao resto de comunidades autónomas. Saibamos poñelo en valor porque ese é un valor moi importante.

¿Por que lles digo isto? Hai comunidades no día de hoxe que non teñen activado nada, porque non poden. Os seus investimentos, sendo estes sensiblemente menores que os nosos, non teñen activado dunha maneira tan rápida como foi a contratación. Algo terá que ver o diferencial, cando o establecemos no segundo semestre, coa tamén actuación propositiva.

Hai algo que tamén se lles escapa a todos, que me parece recordar que foi o día 5 ou o 6 de xuño —neses oito meses que din vostedes que estamos parados—, e é que presentamos un plan de plans —é algo que comprendo que a algunhas persoas lles custe entender, pero é a



facilidade que podemos dar desde a Consellería de Facenda—: o Plan de reactivación económica e social. Tres mil corenta e tres millóns de euros, dos cales 1.741 millóns son por activación de distintas fontes, sendo a fonte máis principal, polo seu importe cuantitativo, a reordenación de partidas que temos no orzamento da Xunta, por ter un orzamento aprobado, que non todos teñen. E seguimos erre que erre.

Pero é que, ademais, a estrutura deste plan de plans era moi clara. Primeira, Sanidade, 450 millóns de euros como garantía mínima. Segunda, Política Social. ¿Alguén non se dá conta de que a sanidade e a política social son as dúas primeiras que hai que afrontar en calquera plan, e isto xa estaba predeseñado antes da primeira semana de xuño? Cento cinco millóns de euros. Emprego, 297 millóns de euros dunha maneira directa, 28,7 millóns de euros por mobilización. O resto, ordenado perfectamente en distintas actuacións que foron degraando os distintos conselleiros na parte de Economía, de Turismo, de Cultura, do Medio Rural, da Consellería do Mar e de Vivenda, e así sucesivamente, tamén de Educación, ata chegar a iso.

¿Que se nos pode botar en cara?, ¿esas concrecións? Moitas delas xa foron avanzadas por cada conselleira ou por cada conselleiro na primeira etapa e nesta etapa actual. E para min é un honor que exista esta comisión especial aquí no Parlamento e que poidamos entre todos completar. Porque o horizonte temporal do Plan de reactivación como foi formulado: algo máis de tres mil millóns de euros e para os anos 2020 e 2021, para acelerar a execución.

Pero é que, ademais, xa lles adianto dentro dunha ou dúas semanas, cando se empece a coñecer o teito de gasto, cando se empece a coñecer o que pode ser o orzamento, esoutro debate, que todo isto quedará superado polo que logo imos falar.

Polo tanto, este que lles fala, vostede que precisou tanto as súas mensaxes, quere falar de tres consensos:

Servizos públicos, cen por cento de vacantes. Xa llo dixen ata a saciedade, máis claro non pode ser. Vou ser clarísimo unha vez máis: eliminen a taxa de reposición. A taxa de reposición é o que está condicionando sacar calquera vacante. Dígolles máis: a taxa de reposición é un engano masivo, de portas para atrás e de portas para adiante. *(A señora Presas Bergantiños exclama: ¡Benvido!) Non, ¡benvidos vostedes! Vostede é moi nova, é moi nova, moi nova. (Aplausos.) É un engano masivo para a estabilidade, así o vimos dicindo, é un engano masivo económico. E máis claro non pode ser. Eu comprendo que algúns de vostedes son relativamente novos e todo é un déjà vu dos nosos maiores. (O señor conselleiro de Facenda e Administración Pública diríxese a un deputado do Bloque Nacionalista Galego.) Non ¡home!, ti tranquilo que xa me estrañaba que non fixeras algo para axudar os teus compañeiros. (Risos.)*

Servizos públicos. Non se defenden máis os servizos públicos dicindo: nós os progresistas, nós os nacionalistas, non. Modifica dunha santa vez a taxa de reposición, e veremos quen cumpre e quen non, como nestes momentos, *(Aplausos.)* veremos quen cumpre e quen non.

E, ademais, isto é un engano de portas para atrás, porque nunca se daría recuperado o incremento de plantillas que estamos tendo, que ás veces tamén o negades. Cando estamos falando de incrementos de plantilla no ámbito sanitario, no ámbito social e todo isto, coa



taxa de reposición nunca chegaríamos. É o conto da tartaruga e da lebre. Nunca chegaríamos, é un engano, como tamén de portas para o futuro.

Se nós sabemos que estatisticamente o 95 % das persoas se xubilan ao chegar a esta idade, poderíamos ser proactivos. E xa que tardamos en facer as ofertas públicas de emprego, a resolución destas, aproximadamente un ano e algo na mellor das hipóteses, ano e medio con normalidade, ¿por que non as facemos con carácter anticipado?, ¿por que non o facemos? Curiosamente, é como se fai na Unión Europea. ¿Por que non o facemos? Porque non se quere, porque é moi fácil dicir: nós os progresistas, e xa temos todo resolto, ou nós os nacionalistas, e resolto o temos.

Investimento potente. Xa lles digo: Galicia na última década é a Comunidade que presenta o maior investimento considerado. Imos seguir pola mesma liña, porque non nos queda outra. Cremos profundamente que para saír disto temos que saír en positivo. Isto significa ter un control suficiente sobre o gasto corrente e isto significa que todo o noso recurso debe de ter unha orientación moi clara, e non só cuantitativa senón cualitativa, cara ao que poñamos facer de maneira diferencial para que se radique aquí.

Ciencia e innovación, pilar fundamental do barco anterior, do programa. Temos que seguir corrixindo. E cando desde determinados foros se nos di que non o estamos logrando, o único que nos ten que servir é para corrixir aquilo que teñamos que corrixir, incidir no ámbito público. Pero en ciencia, en investigación e en innovación todos vostedes coñecen que a principal eiva que temos nestes momentos é a activación de carácter civil, de carácter privado. Iso é o que nos está dando un diferencial maior. Polo tanto, si que imos por aí. O que si me estraña xa é que xa un debe de estar facéndose maior.

Modelo fiscal. Cando fala a señora Presas de que o modelo fiscal é contrario aos intereses das maiorías sociais, curiosamente, eu creo que se lles preguntara ás quiñentas vinte e tantas mil persoas que no día de hoxe se viron partícipes dese tipo de beneficios, creo que non coincidirían con vostede. E, por certo, falar de maiorías sociais cando o 12 de xullo acaba de pronunciarse o corpo electoral e acaba de poñer a cadaquén... É que xa está ben sempre de falar de maiorías sociais, (*Aplausos.*) de maioría social.

Poñer as luces longas. Hai que poñer as longas, as curtas, as de posición, depende de cada situación. (*Risos.*) É que eu non me explico estas clases e este adanismo que temos. ¡É que é increíble, verdadeiramente! Supoño que en cada sitio pois haberá que poñer no seu momento as de posición, as curtas, as longas. Eu conduzo pouco ultimamente, porque non podo con este brazo, pero creo que xa era así antes, hai tempo, e segue sendo así. Non poña só as luces longas, ¡muller!, ou non as poñan vostedes como representante do que non é.

Financiamento. E cada vez que falamos de financiamento imos ao mesmo: autonómico e local. Eu estou disposto, claro que si, estou disposto a falar de todo. Porque volvo repetir: é tan difícil a situación na que nos atopamos económica e social que todo é benvido, á parte da intelixencia que cadaquén teña, que o valor fundamental é facela operativa e, sobre todo, contar cos recursos, sexan da Unión Europea, do Estado español, da Comunidade Autónoma, das administracións locais...



Pero vostedes tamén saben coma min que todo isto ten que ser por consenso, pero cun certo nivel de nobreza. Porque eu mesmo teño estado aquí falando nesta cámara cando era dos famosos 204 millóns de euros. Pero é que os 204 millóns de euros que son para a Administración autonómica, o IVE tamén era para as deputacións e para as corporacións locais en aproximadamente 43 ou 44, paréceme recordar. Eses non; como non son da Xunta non se lle piden nin ao *maestro armero*. Digo: ¡é que non pode ser!

Como cando falamos de que a Xunta ten que axudar. Claro que si, claro que ten que axudar, por suposto que si. ¿Non será máis fácil que axuden as deputacións cos seiscentos millóns de euros que teñen de remanentes? ¡Ah!, eses non. ¿Non será mellor que os concellos, que non todos son de distinta pelaxe, que teñen aproximadamente outros setecentos e pico millóns de euros, tamén marquen as súas prioridades? E a partir de aí, a Xunta tamén será a primeira en colaborar. (*Aplausos.*)

Como cando, por certo, sempre vimos falar de financiamento local. Esta comunidade autónoma durante toda a etapa que vai desde o 2009 ata agora é a segunda comunidade autónoma, si —e dígoo coa boca chea—, onde o financiamento incondicionado que vai para os concellos é o segundo máis alto de toda España, en termos absolutos. Sen embargo, nunca o poñemos en valor.

¿Non será máis fácil, en vez de andar xogando a estas cousas, poñernos de acordo, eles que son maiores, nós tamén, en cuestións que teñamos en común, e dicir: isto vai deste xeito, isto vai na participación de cadaquén neste momento, etc.? Porque, se non, nunca imos dar. Porque non é tan importante, señora Presas, ao final marcar como límite trece mil millóns de euros do que poden vir dos fondos europeos. ¿E se quedamos en doce mil, señora Presas?, ¿e se quedamos en once mil?, ¿e se quedamos en dez mil? Non é só unha cuestión de tamaño, que tamén, senón unha cuestión de facer ben as cousas. Porque a ver se nos damos conta de que o máis importante é que existe ou pode existir unha achega de liquidez sobre proxectos maduros e estruturados, tema número un. Pero, tema número dous, esa mesma óptica, se somos capaces de seguila mantendo, permitirá outro tipo de financiamentos que non teñen nada que ver, e o máis importante de todo é que contribuirá a esa nova realidade económica que nos merecemos para a próxima década, e haberá máis emprego e mellor emprego, e non estaremos aquí falando dos mesmos mantras, como dicía vostede: chorimiqueos. Non é malo chorar de vez en cando, señora Presas. Dillo un que é de Cangas e que como ben sabe: «*para chorar a Cangas*». (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Para falar das dez cuestións principais que a Consellería de Facenda ten, permítanme, que é relativamente fácil. E non estou en plan sobrado, de verdade... (*Risos.*) Pero póñenmo moi fácil, si, sobre todo polas *risitas* dalgúns. Falar de que temos que elaborar un orzamento non o descuenten. Ninguén o fixo como a Comunidade Autónoma de Galicia con carácter ininterrompido; como din os xuristas: sen solución de continuidade nos últimos corenta anos. Agora dámonos de conta, e todos pedimos un orzamento. *¡Bienvenidos al club!* Pero o importante do orzamento é telo formalmente canto antes e, sobre todo, ben estruturado. Este orzamento que vén vai ser un orzamento moi, moi, moi especial pola situación que estamos vivindo. Non lle hai que ter medo, por certo.



En segundo lugar, falar de toda a situación do Plan estratéxico como verdadeira orientación. Eu creo que o faría calquera, ¿non? Ata para equivocarnos, señora Rumbo. Ata para incluso non lograr determinados obxectivos, se significa que imos camiñando cara ao obxectivo común. Por iso están as unidades de medida. O importante non son tanto as unidades de medida, senón os obxectivos, as magnitudes, os indicadores, que é o que o miden, para ir orientándonos do que imos facendo. Para iso seguiremos falando, e non creo que me marque un prazo moi longo, porque estou falando dun ano, non creo que ninguén... Por certo, non coñezo outra comunidade autónoma que teña plans estratéxicos como a galega, de semellante calibre, de semellante tamaño, ¡eh! Non mellores nin peores, digo con carácter universal.

Están falando aquí de estabilización, de emprego público, de máis de dez mil prazas durante a lexislatura, e están falando de teletraballo, de acordo social, de verdadeiro diálogo social. Cando un le incluso os periódicos de hoxe e mira outros exemplos no nivel central, tan querido por outros grupos, pois unponse a temblar con este tipo de cuestións. Negociar non significa sempre chegar a acordo, pero non lle hai que ter medo ao diálogo social, sabendo que moitas veces estamos nos antípodas. Pero incluso é bo chegar a este tipo de conclusións.

Están falando tamén de que hai unha cuestión que nunca valoramos suficientemente, pero que todo o ámbito civil, todo cidadán, toda empresa pequena, autónomos, pequenas, medianas, grandes empresas, grandes corporacións nosas, non grandes corporacións nosas si. Hai cuestións de carácter cualitativo que debemos de afrontar entre todos, como pode ser a simplificación dos procedementos administrativos, simplificación tamén temporal, axilización, polo tanto; facilitarlles as cousas sen perder un ápice no rigor que debemos de ter como organización pública.

Hai moitos exemplos do que podemos facer. Creo que ese é o momento chegado, e iso é case tan importante como a cuestión de ter máis ou menos miles de millóns de euros, señora Presas.

Seguir pagando. Nunca nos damos conta de que seguir pagando é o que nos leva a unha situación reputacional inmensa, que nos permite colocar mellor as nosas emisións, que os nosos préstamos chamen á nosa porta e non chamemos nós á porta deles, que teñamos un volume de débeda que, efectivamente, medrou moito, pero segue sendo a que menos medrou de toda España nestes anos. Unha débeda estruturada permítenos ter un nivel de xuros totalmente controlados para esta lexislatura e aproximadamente a mediados da que vén. Creo que iso non é malo, marcalos como obxectivo.

E en política fiscal vólvo repetir para que queden as ideas moi claras: cando poidamos seguiremos baixando de maneira selectiva ou non tan selectiva os impostos. Este é un goberno que cre niso, que o demostrou; que cheguen os cartos nas mans das empresas e ao nivel dos cidadáns é o mellor que podemos facer desde unha óptica liberal. Por certo, xa veremos os datos da liquidación deste ano, que todos temos. Como algúns mantras que algúns mantiñan non se manteñen cando miramos as cifras, e seguiremos falando, falando e falando.

Eu si que teño que seguir falando. Volvo repetir: o máis importante, señora Presas, é cernos cando falamos destes consensos; utilizar de verdade as comisións que temos abertas, neste



caso de estudo especial; modificar o que teñamos que modificar; poñer todo, poñerlle números, sabendo que todo o que imos ter é bastante pero que non vai chegar. Pero prioricemos, fagámolo, non lle teñamos medo ao ámbito civil. Se así o facemos, acertaremos, sabendo que está a cuestión moi complicada, e non llo vou negar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Iniciamos unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, o orzamento é o documento máis importante dun goberno, é o documento que define a política que se vai desenvolver neste caso na nosa comunidade e, polo tanto, é na súa consellería onde se materializa este documento. Ratifícome nas palabras que dixen inicialmente.

Seguindo un pouco na exposición que estaba facendo antes, os últimos informes publicados polo Fondo Monetario Internacional advirtennos de que España vai ser un dos países máis afectados economicamente e que a recuperación vai ser en forma de K. É dicir, aquelas persoas con maiores recursos ou con empregos estables terán unha recuperación pronta en liña ascendente, mentres que as persoas máis vulnerables e con empregos máis precarios terán un descenso en liña descendente, agrandando aínda máis as desigualdades xa existentes entre a nosa poboación. Entre esta poboación máis vulnerable —indica o Fondo Monetario Internacional— encóntranse aquelas persoas con menor formación, os inmigrantes, pero tamén as persoas xoves. E no mesmo sentido advírtese no terceiro «Informe de conxuntura socioeconómica 2020», publicado polo Foro Económico de Galicia.

Agora, a Xunta de Galicia ten que decidir que políticas vai aplicar nos orzamentos 2021 para axudar os traballadores, as persoas autónomas, as empresas e as persoas máis vulnerables de cara a este 2021. No próximo orzamento deben amosar cal é a súa aposta pola saúde, pola economía e polos máis desfavorecidos.

O señor Puy na súa intervención dicía que temos que celebrar que nos anuncia hoxe vostede aquí que van presentar os orzamentos neste parlamento antes de finais de novembro, pero o que lle quería dicir, señor Puy, é que os socialistas o que queremos celebrar é se os datos van axudar as empresas, as persoas autónomas, os traballadores, as persoas máis vulnerables, se van apostar polo I+D+I, pola industria, pola sanidade, pola educación, polo mar, polo medio rural. Iso é o que nós queremos celebrar, e non simplemente que entren en prazo neste parlamento.



Vostede tamén apuntaba, señor conselleiro, que as deputacións poderían facer algo, pero é que hai uns días a propia Deputación da Coruña anunciaba un plan de 12,5 millóns de euros para autónomos e microempresas afectados polo coronavirus. E tamén lle digo que non soamente deste ano, non soamente co da covid, senón que durante todos estes anos teñen aplicado e posto á disposición de todos os concellos da provincia plans de emprego local, neste ano en concreto 23 millóns de euros. Polo tanto, tome vostede exemplo e non fale do exemplo que non fai o resto das administracións. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, vostede falaba do endebedamento da Comunidade. A verdade é que creo que non manexamos os mesmos datos, posto que a Comunidade o multiplicou en máis de 2,5 en case once anos de goberno do Partido Popular, chegando a case doce mil millóns de euros no segundo trimestre do 2020, e pasando de supoñer o 8,6 % do PIB a un 19,6 % no segundo trimestre do ano 2020. E, por certo, o Consello de Contas, ano tras ano, nos informes de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma fai fincapé no importante incremento do endebedamento galego nos últimos anos.

De todas formas, o endebedamento para os socialistas non sería un problema se tivese servido para fixar poboación, incrementar a cohesión social e territorial, incrementar o nivel e a calidade do emprego, reducir os niveis de pobreza da poboación máis vulnerable, investir en I+D+I, implementar programas de apoio ao sector empresarial e industrial, traballar cara a unha transición dixital, ou políticas reais a prol da igualdade de xénero. Pero nada diso foi unha prioridade dos gobernos do señor Núñez Feijóo durante estes anos.

Por certo, señor conselleiro, ¿van aproveitar nos orzamentos de 2021 a senda do déficit que vai permitir ao Estado impulsar o crecemento de Galicia para que ninguén quede atrás?

A verdade é que o tempo que me queda é moi pouco e, polo tanto, vou ir xa ao final da miña exposición, e quédanme cousas non tinteiro.

O señor presidente da Xunta de Galicia anunciou hai uns días unha serie de proxectos, sete en concreto, para optar aos fondos europeos Next Generation EU. Por certo, uns anuncios sen que se teñan presentado eses proxectos no Parlamento galego, tal como anunciara o presidente da Xunta de Galicia. É dicir, unha mostra máis desa man tendida que di o PP que vai facer, pero que en realidade despois non cumpre.

Todos sabemos, e vostedes tamén porque falan continuamente deles, que eses fondos son absolutamente necesarios para a nosa economía e para a nosa sociedade, para non perder ese tren. E eu preguntolle: señor conselleiro ¿vai o Goberno galego presionar para que o seu partido, o Partido Popular no Congreso dos Deputados, vote a favor dos orzamentos no Estado do 2021, para que axuden este país a que non se afunda e que non se perdan eses fondos?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Ou van facer seguidismo do seu xefe de filas, o señor Casado, e permitir que siga falando mal do seu país na Unión Europea, desacreditando a España e



desacreditando todas as súas institucións, amosando unha falla dese patriotismo do que fai gala habitualmente?

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿Seguen pensando, señor conselleiro, e seguen apostando por aquilo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, rematou o seu tempo. Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, mire o tempo, por favor, que ademais imos moi mal de tempo hoxe. Grazas.

(Aplausos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Alégrome de que lle gustara a miña intervención, señor Martínez. Eu tamén o botaba de menos.

Pero brincadeiras á parte, mire: se algo non practica esta organización política nin esta deputada é o adanismo. Eu tamén lles recomendaría que nesta lexislatura abandonen vostedes un pouquiño ese paternalismo que tanto os caracteriza. *(Aplausos.)*

E dígolle unha cousa: eu hoxe, a diferenza de moitas persoas da miña xeración, son unha privilexiada, porque teño unha nómina a fin de mes para poder vivir, porque sei que vou poder comprar alimentos e que vou poder pagar a miña vivenda. Pero se hai algo que me permite saber a miña idade, a miña adscrición xeracional, é precisamente as consecuencias das malas decisións desa crise económica do 2008. Permíteme saber algo tamén, ter memoria, que é algo moi importante. Eu non sei onde estaba vostede no 2011, pero eu dígolle onde estaba eu: estaba contestando esa taxa de reposición nas rúas, nas folgas e no movemento social que houbo daquela. *(Aplausos.)* E hoxe cambiou o lugar onde teño que facelo, pero non cambiou a opinión. Os que cambiaron de opinión son vostedes. Polo tanto, non se enfaden se lles damos a benvida, porque é o mínimo que podemos facer: desconfiar das súas causas espurias.

En todo caso, algo avanzamos —isto, sobre todo, para os deputados e deputadas que se incorporan nesta lexislatura— porque nestes catro anos chegaron a dicirnos que a oposición non sabiamos o que era o IGE. Eu o que lle digo —non manipule as miñas palabras— é que, ¡home!, se eu estou subscriba ao *Boletín* e vexo o que o IGE informa semanalmente, pois imaxino que vostede tamén vería eses datos que certifican que se consolida a pobreza neste país. Non manipule, iso é o que lle digo, que é o máximo responsable de Facenda, que sabe perfectamente deses datos e que aínda así vén a este parlamento e non se compromete cun plan



para atender a emerxencia social que hai hoxe xa no noso país. (*Aplausos.*) E o mesmo respecto da situación dos autónomos e das autónomas, que se están vendo directamente afectados por ese peche perimetral.

E reitero todas e cada unha das palabras que dixen. Efectivamente, levan oito meses sen cumprir cos seus deberes. E ese Plan estratéxico, de momento, é unha nota de prensa na que temos que confiar cegamente desde a oposición. Porque eses son os consensos que nos pide o Partido Popular: vostede dá unha rolda de prensa, un titular, e nós temos que vir aquí facer adoración permanente ao amado líder e dicirlle que, efectivamente, estamos de acordo. Iso non é un consenso, señor Martínez. Da mesma forma que non é un consenso o que están pretendendo facer coa cuestión dos fondos europeos.

Pero antes de entrar niso aquí, veñen vostedes moi cómodos nun mundo máxico polo cal se supón que Galiza estaba estupendamente antes da pandemia e que, polo tanto, estamos estupendamente agora para soportala. E veñen con medias verdades, porque, por exemplo, saíu repetidamente na súa intervención e na do outro voceiro o que di o Foro Económico respecto das previsións do noso país. E, efectivamente, a caída do produto interior bruto foi un pouco menor respecto do Estado. Pero tamén nos di algo moi interesante se lemos o párrafo enteiro: ao igual que aconteceu en crises anteriores, este impacto inicial é inferior ao rexistrado no conxunto do Estado; se ben a recuperación posterior ás crises foi ata o de agora moito máis lenta que na economía española. E dinos tamén que é unha caída moi superior á experimentada nos países da zona euro.

E a pregunta que facemos desde o BNG é: se caer máis lento non nos serve para anticiparnos e non nos serve para tomar medidas, ¿de que nos serve se despois imos tardar máis en recuperar, señor Martínez? Esa é a cuestión na que vostedes teñen que intervir e na cuestión na que nós queremos achegar propostas. En positivo, si. Pero non nos tomen o pelo como na cuestión dos fondos europeos. (*Aplausos.*)

En fin, o seu argumento basicamente foi que o tamaño non importa e que, polo tanto, non hai que poñer unha cifra á que debe aspirar o noso país. Isto é como quen vai a un exame e di: tanto ten sacar un 4, como un 4,5, como un 9. Pois non, nós poñemos cifras e criterios e pasos para dar enriba da mesa, señor Martínez.

E, claro, di vostede que estamos sobrados; sobrados, non. Pero permítame que lle diga o que estivo facendo o Bloque Nacionalista Galego nesta cuestión e o que non estivo facendo o Goberno nin o Grupo do Partido Popular, que é cando menos introducir este tema no debate, facer propostas, poñer isto enriba da mesa. Vostedes reaccionaron cando veu o presidente do Goberno do Estado de paseo dar unhas cantas cifras, e entón dixeron: temos que facer outro powerpoint, que temos que disimular facendo que facemos. Pero esa non é a vía, señor Martínez.

E, efectivamente, oxalá tiveran máis peso político, porque a cuestión é que gobernan vostedes e non están facendo os seus deberes. Eu fíxenlle unhas preguntas moi claras: ¿van reclamar a xestión territorializada deses fondos, si ou non? ¿Van reclamar que cando menos Galiza teña arredor de trece mil millóns de euros, si ou non? ¿Van reclamar compensacións por eses fondos tan importantes recortados como o da transición enerxética, si ou non? ¿Van



transmitir os criterios que deben ter en conta desde o Estado para esa repartición, si ou non? ¡Nós temos propostas de que criterios poñer enriba da mesa! Pero, como comprenderá, se vostedes se negan a facer unha ponencia e encomendan todos os debates a un futuro que igual chega tarde, pois así non hai maneira, señor Martínez.

Polo tanto, esta é a cuestión: hoxe hai unha emerxencia social e económica xa no noso país, e vostedes miran para outro lado cando terían medidas directas que aplicar de forma inmediata. E tampouco poñen esas luces longas sobre grandes retos do noso país...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...como ese financiamento ou como os fondos. Cando queiran facelo, desde o Bloque Nacionalista Galego faremos a oposición responsable que vostedes non fan noutros lugares e estaremos alí cunha actitude proactiva e seria. Porque o único que fan vostedes é vir aquí e intentar ridiculizar a oposición e seguir co seu camiño, pero, desde logo, ter deputados e deputadas non lles asegura ter a razón. E, desde logo, deben aprender e deben corrixir. E esta comparecencia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...non é un bo inicio para iso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Si, grazas, señor presidente.

Ben, brevemente.

Señora Rumbo, os orzamentos eu creo que é unha boa nova que veñan. Non veñen en prazo, e non veñen en prazo porque o Consello de Política Fiscal e Financeira que pediamos desde hai meses para saber cales eran as liñas fundamentais de orzamentación que nos permitirían avanzar pois non foi convocado ata hai ben pouco, e ademais non se deu toda a información completa. Pero veñen os orzamentos, e iso é algo moi relevante.

Eu o que non vou facer é caer no ridículo de poñela a vostede como que é unha antipatriota galega porque non apoia os orzamentos, sen coñecelos, da Xunta de Galicia. Voulle dar polo menos o beneficio da dúbida, que vostede non lle dá ao Partido Popular en Madrid, e presenten os orzamentos a ver que contan. *(Aplausos.)* Porque vostede pide un voto incondicional, *(Aplausos.)* o cal, primeiro, creo que este non é o lugar e, segundo, pois paréceme un obxectivo un tanto ambicioso.



E mencionou algún informe do FMI, e relacionado cos orzamentos eu creo que é interesante para tamén comprender as dificultades que vai ter a Consellería para realizar estes orzamentos. O FMI —creo que se non é no mesmo é nun informe paralelo que se fixo sobre o crecemento da economía española— augura un crecemento para España do 5,4 % do PIB no ano seguinte, no ano 2021. E o Goberno de España augura un crecemento do 7,2 %, a Comisión Europea case o respalda cun 7,1 %. Pero á parte do FMI, que predí un 5,4 %, o Banco de España predí o 4,1 %, e o FDE o 5 %. Vostede sabe perfectamente a influencia que ten isto nos ingresos públicos.

Polo tanto, eu creo que é unha boa nova que veña o orzamento, e o primeiro que hai que facer é agradecer o esforzo que están facendo os funcionarios dunha consellería, que están traballando arreo con apenas información.

Non vou rebater datos, pero eu creo que é importante dicir algún. O PIB per cápita de Galicia entre os anos 2009 e 2019 creceu un 13,66 %, o de España o 9,57 %. O paro, que en Galicia no ano 2009 estaba en cento sesenta e unha mil persoas, está hoxe en cento corenta mil; unha diminución do 13 %; e a taxa baixou do 12,6 ao 11,3 %. A converxencia de renda media por persoa con España foi desde o ano 2009 ao 2019 do 11,9 % de incremento, mentres que en España creceu esa mesma renda o 3,2 %. E a renda media por unidade de consumo en Galicia creceu un dez por cento, mentres que en España nos dez anos crecía un 1,4 %. Como consecuencia, a taxa de risco de pobreza, que en Galicia estaba superior no ano 2009 á media de España: 20,6-20,4 %, está hoxe un punto por debaixo da de España, 20 fronte a 20,7 % —se utiliza a taxa AROPE dará o mesmo—. E o que é importante: da evolución do mercado laboral, os salarios que creceron en España un 6,8 desde o ano 2009, en Galicia fixérono un 12,3. E quero salientar que nas mulleres o incremento foi do 10,6 en Galicia e do 6,3 en España. Polo tanto, creo que con estes datos certamente podemos prever que temos maior capacidade de reacción xunto cunha boa xestión financeira.

Señora Presas, eu, a verdade, comprendo que vostede estivera na rúa pedindo a supresión da taxa de reposición, pero o feito é que segue sen quitarse; non foron efectivas. E a Xunta lévao pedindo tamén, e a realidade é que a taxa de reposición aí segue. Polo tanto, agora vostedes están no Congreso e imos ver se o conseguen. E o Partido Popular lévao pedindo no Congreso tamén hai moito tempo. A ver, está moi ben, pero o caso é que a taxa de reposición segue, ese é o problema. Polo tanto, non lle boten en culpa á Xunta que non repoña cando depende dunha decisión que se adopta no Congreso dos Deputados polo Goberno de España, ao que vostedes apoian. *(Aplausos.)*

Sobre o tema dos fondos a min tamén me chamou un pouco a atención que comezara chamando «chorimiqueiro» ao Goberno da Xunta, e o seguinte que fixo foi pedir trece mil millóns de euros dos fondos europeos. Por certo, catrocentos millóns máis dos que pedía a súa lideresa estes últimos días —redondeou agora á alza—. Estamos a falar dun dez por cento do total que vai dirixido ao conxunto do Estado e para proxectos algúns que teñen, evidentemente, un alcance que vai máis alá das comunidades autónomas. Ben, pedir o 9 % está ben, pero iso é ir a un exame dicindo: se vostede non leva un 14 e eu cualifícoo ata 10 pois vai suspender. Pois mire: imos tentar facer ben as cousas, presentar os proxectos ben.



Vostedes din que fixeron os deberes en vez da Xunta, e eu non teño escoitado —e agradecería que o fixeran público— ningún proxecto de reactivación económica de Galicia que xurdira do Bloque, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡nin un só proxecto! A Xunta ten presentados varios, vostedes non teñen presentado ningún, e menos hoxe nesta cámara. ¡Nin un só proxecto de reactivación económica de Galicia! O cal non quere dicir que non o teñan. Por iso imos ver que traen á Comisión de reactivación. Eu creo que a predisposición do Goberno da Xunta e do Grupo Parlamentario Popular de aproveitar os bos proxectos que parece que teñen vostedes deseñados para a reactivación económica de Galicia, que poderían incluso acadar os doce mil millóns de euros para Galicia, serán moi benvidos, (*Aplausos.*) ¡por suposto que serán moi benvidos! (*Aplausos.*) Pero, primeiro, hai que presentalos. (*Aplausos.*)

Ben, conclúo. Eu creo que a exposición que nos fixo o conselleiro vai pola liña do que todos os expertos económicos en todos os países, en todos os organismos internacionais están dicindo o que hai que facer. O primeiro é loitar contra a pandemia; temos que superar a crise sanitaria e, polo tanto, apoiar. O primeiro e fundamental é a sanidade. O conselleiro deu conta do que é o que se está a facer tanto coa reorganización do gasto como coa contratación de persoal...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...durante a pandemia. En segundo lugar, soportar o emprego e as empresas, que precisamente pola pandemia están en dificultades e que serían viables de non ter ocorrido esta pandemia. En terceiro lugar, manter ese apoio suave para o futuro cando a reactivación comece. E, en cuarto lugar, teremos que afrontar os resultados que nos deixo nas contas públicas este esforzo de investimento que estamos a facer.

Esa é a liña que marcou o conselleiro, e eu creo que é razoable e sensata; que no fondo estamos todos bastante de acordo nesta liña e que, polo tanto, animamos e agradecemoslle ao conselleiro que afonde nela.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Peche da comparecencia, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Grazas de novo, señor presidente.

Señora Rodríguez, o exemplo que acaba de dar da Deputación da Coruña creo que é o correcto; igual que da Deputación da Coruña están atendendo, porque poden, o tema do emprego autónomo, o tema de plans de emprego. A iso é ao que me refería cando nos temos que poñer de acordo desde o máis grande ata o que non é tan grande. O tamaño é igual de importante en todos á hora de confluír, de non solaparnos, de tratar de axudar e poñer todos



os recursos. Agradezo algo que tiña oído pero non sabía a magnitude absoluta —perdón—, paréceme que acaba de dicir vostede doce millóns de euros para emprego autónomo e vinte millóns para plans de emprego, ¿algo así non? E agradézolle moito estes datos.

O que si me gustaría é que co resto de 240-250 millóns que seguen a sobrar na Deputación da Coruña tamén traballáramos de forma non solapada para tal; digo eu para poñer un pouco en relación cando algún concello da provincia da Coruña veña pedir á Xunta que tape algún dos outros ocios sen antes ir á fonte limpa. (*Aplausos.*)

Xa lle dixen antes que non lle teña medo á débeda. A débeda é unha cuestión de tamaño, de estrutura do que vale a débeda. Creo que está bastante ben, a pesar dese factor 2,5, que di vostede —é o mesmo dato—. O que pasa é que o resto está nun 4 ou nun 5 de multiplicación, non está nun factor 2,5 —e nós somos os que menos—. Pero a débeda, sobre todo, non é tanto o tamaño, a estrutura ou o que custa —que tamén—, senón o que facemos con ela nesas proxectos interesantes dos que nos temos que ir dotando. É un recurso máis de financiamento ao que non lle hai que ter ningún medo se está perfectamente predeterminada na súa magnitude absoluta e na distribución.

¡Home!, permítame dous chascarrillos ao final. Senda de déficit que o Estado vai permitir —denoto nas súas palabras un pouco coma se fósemos *hijos de un dios menor*—: un pouco menos que o Estado. Prométolle honradamente que non teño ningún pecado orixinal, nin esta administración nin este Goberno. Non nos teñen que permitir nada. Temos un concepto de autonomía política tan alto, tan alto, tan alto, que ata nin para iso pedimos permiso. (*Aplausos.*) Porque tampouco pedimos permiso para —xa o dixó moi ben o profesor Puy e entón non me vou parar apenas— que o PP nacional vote a favor dos orzamentos. Primeiro haberá que coñecerlos, ¿non? O que si lle adianto é que vai ter moi difícil o PP nacional, pola nosa parte, que vote a favor se é algo parecido ao último orzamento que coñeciamos, no que o investimento territorializado na nosa comunidade autónoma baixaba a semellantes magnitudes que eu creo que a foxa das Marianas quedaba nunha anécdota xeolóxica. (*Aplausos.*)

Señora Presas, sempre estou disposto a aprender, sempre, sempre. Non sabía onde estaba no ano 2011, xúrolle por Deus que non me preocupaba tampouco demasiado, ¡eh! Nin con vostede nin con ninguén, non me meto na vida de ninguén, vaia por adiantado. O que si é verdade é que, cando fala desta cuestión, que é a taxa de emprego —en parte xa lle contestou tamén bastante ben o portavoz do PP, o señor Puy—, claro, é que as taxas de reposición onde se aproban é nas Cortes, no Parlamento. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, pero é que hai que ter en conta que vostede, claro, no ano 2011 estaba en determinada manifestación, pero o seu partido, do que vostede é portavoz nestes momentos, resulta que estaba aprobando no ano 2008 e no 2009 a maior baixada de taxas de reposición da historia. (*Aplausos.*) Do 100 % pasouse ao 30 %. Señora, repase. Eu xa sei, xa sei que o Bloque é moi dado a «a» e «b» sendo os dous antitéticos, e a estar na calle e co mazo dando e, por outra parte, tal... Non se pode estar a todo, hai que ser un pouquiño máis adulto, incluso como organización. Non se pode estar votando en Madrid en favor deses famosos orzamentos, cun goberno da mesma color que o que había daquela —PSOE—, para baixar a taxa de reposición do 100 % ao 30 %, a maior baixada na historia que houbo en España, ¡en España! Comprendo que siga indo ás manifestacións para levar a contraria, a ver se alguén non se entera de que



pola mañá digo unha cousa e que pola noite digo outra pero non vai por aí. (*Aplausos.*) Repase as hemerotecas, e tamén lle deixo isto e, xa que ultimamente progresa adecuadamente, repase, se tal, quen é responsable de cada tema.

Pero, dito isto, que non deixa de ser máis ca un chascarrillo, o máis importante é que a situación na que nos atopamos —non o debemos esquecer— está moi, moi, moi complicada. Polo menos, na primeira metade da lexislatura imos ter complicacións sanitarias —xa as estamos tendo—, e as sociais xa se perciben. Tampouco hai que ir á Universidade de Santiago, de Vigo ou da Coruña para enterarse desa realidade social que todos empezamos a coñecer de primeira man. E hai indicadores que non nos convencen a todos. Hai que darse conta disto, veñen dous anos moi difíciles por esa banda. Pero creo que deberemos estar todos á altura, á altura destas necesidades e destes retos que se nos presentan.

Eu o que si lles garanto é que, á parte dalgún chascarrillo pola miña parte, o Goberno galego fará todo o posible, o que temos na nosa man, para atender as necesidades. Seguro que serán moitas e non chegaremos a todas. Pero vaia por adiantado a nosa forma de traballar, con dedicación e financiando todo aquilo que poidamos. E para iso non esquecemos que a principal ferramenta que ten calquera goberno é un orzamento, e por esta razón estamos axilizando ao máximo o traballo, no que xa temos un certo nivel de experiencia. Nunca é suficiente pero trataremos de, canto antes poidamos, ter o teito de gasto nesta Cámara e, consecuentemente, moi pouco despois, o que serían xa os orzamentos para o ano 2021. Se así o facemos, tecnicamente creo que se perderá moi pouco tempo do ano xa comezado, e para todo será ben. Porque un orzamento non é tanto que entre o día 1, o día 2 ou o día 3, senón que o máis importante é que toda a elaboración poida ser enriquecida e, sobre todo, que os principais actores económicos e sociais, desde o máis grande ata o máis humilde —todos iguais de importantes—, saiban por onde van os tiros da política económica que nos imos dar. Buscaremos, pois, deseñar os mellores orzamentos posibles nestes momentos e entregáremolos o antes posible.

Pero, como dicía, debemos valorar o moito que fixeron vostedes todos nesta última etapa con esa activación da nova comisión especial. Debemos utilizar a comisión, a comisión que consensuamos. Creo que é unha moi boa ferramenta para pactar medidas e actuacións. Seguro que non chegaremos aos 13.000 millóns de euros, o que se nos dicía hai un momento, pero seguro que serán algúns máis dos que todos temos na cabeza se o sabemos facer ben.

Aproveito para insistir na necesidade, e tamén na responsabilidade nestes momentos individual e colectiva, para minimizar os riscos e levalos ao máximo. Por parte do Goberno galego, o noso compromiso de tomar medidas necesarias en todo momento haberá que compatibilizalas tamén co apoio e a protección dos colectivos que, efectivamente, se van ver afectados. Pero imos utilizar toda a nosa potencia financeira para minimizar este tipo de afectación.

Polo tanto, en esencia, o que estou facendo é un chamamento ao entendemento. Creo que son moitas as necesidades que temos que atender, creo que son moitas as dificultades que teremos que superar e moitos os retos que temos por diante. Pero teremos máis posibilidades de superar estas necesidades, estas dificultades e estes retos se traballamos unidos cun único obxectivo: protexer a vida e o benestar das galegas e dos galegos.



E moitas grazas pola súa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Comparecencia da conselleira de Política Social, por petición propia, para informar das previsións e liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia, ten a palabra a conselleira de Política Social, dona Fabiola García Martínez.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados, bos días.

Comparezo hoxe ante o Pleno do Parlamento de Galicia para dar conta das liñas xerais de actuación que seguirá a Xunta de Galicia en materia social ao longo desta lexislatura.

O mundo enteiro está a vivir nestes momentos un contexto excepcional, unha pandemia a nivel internacional que trunco moitos plans e moitos proxectos, e que nos obrigou a todos a reprogramar a nosa axenda de prioridades.

Os cidadáns acoden aos seus gobernos, aquí en Galicia e en todas partes, en busca de respostas ante unha situación na que apenas nos deu tempo a facernos as preguntas axeitadas. Desafíos que eran prioritarios hai poucos meses tiveron que quedar adiados, e problemas que non se concibían en ningunha planificación saltaron agora ao máis alto do calendario das urxencias.

Señorías, esta pandemia recordounos e seguiremos recordando sempre a enorme importancia da rede de protección social na que Galicia leva moitos anos traballando: o benestar das persoas maiores, o apoio a todas as familias que teñen fillos, o acompañamento dos máis pequenos de Galicia, as posibilidades para a xente nova, as facilidades para as persoas con discapacidade e tamén máis oportunidades para os fogares que están en risco ou en situación de especial vulnerabilidade. O traballo previo que fixo Galicia con uns e con outros gobernos, e no que se redobraron os esforzos a partir do ano 2009, permítenos afrontar esta pandemia cunhas ferramentas mellores que as que tiñamos hai poucos anos.

Ante o reto sanitario e social máis complexo da historia recente, Galicia conta coa rede de protección máis completa e máis áxil que xamais tivo a nosa comunidade. Segue quedando aínda moito por avanzar e hai problemáticas presentes e futuras ás que debemos dar unha cumprida solución, pero para facelo con éxito debemos afondar na fórmula da unidade, da cooperación e da visión de futuro que este país aplicou sempre para prosperar. A urxencia neste momento é amortecer o impacto da covid-19 na cidadanía galega, especialmente nos seus membros máis vulnerables, pero non podemos esquecernos tampouco de que a socie-



dade espera de nós que sigamos tendo presentes os desafíos que afrontan no seu día a día tantas e tantas familias galegas.

Na miña comparecencia de hoxe falarei, por suposto, do momento actual. Pero permítanme tamén que me refira ao futuro, porque, igual que hoxe podemos sentirnos moi orgullosos do traballo dos que nos precederon, unha vez superada a pandemia debemos de ser quen de deixarlles aos que nos sucedan unha Galicia socialmente máis forte, máis solidaria e máis dinámica; unha Galicia na que os nosos fillos poidan desenvolver o seu proxecto de vida en liberdade, sabendo que, cando o necesiten, os demais galegos e as demais galegas estarán aí para apoialos.

Este pacto interxeracional tradúcese moi especialmente nesa veneración polas persoas maiores que está no ADN do pobo galego, non só porque a elas e a eles lles debemos todo o que somos senón tamén porque eles seguen tendo moito que dicir para que a nosa sexa unha sociedade mellor.

Nestas xornadas hai un fío que une os galegos cos cataláns, cos extremeños, cos franceses, cos canadenses ou cos israelís: a preocupación polo impacto da pandemia nas residencias de maiores. Ningún país do mundo, por avanzado que sexa, estaba totalmente preparado para o que chegou. Falamos dun virus que entrou en casas, entrou en oficinas e tamén entrou en distintas institucións públicas, pero nada inqueda tanto como os centros de maiores, pola vulnerabilidade das persoas que residen neles.

Ao longo dos últimos meses a Xunta de Galicia traballou para traducir esta preocupación colectiva en medidas concretas que sirvan para conter o avance do virus. No ámbito da prevención, Galicia contou con protocolos antes que o conxunto de España. Hoxe todas, absolutamente todas, as residencias da nosa comunidade aplican un catálogo de medidas que conxugan a protección da saúde coa preservación do benestar emocional dos nosos maiores. Garántese o seu dereito a recibir visitas dos familiares en todos os casos, en todos os niveis de risco. De feito, a Xunta vén de crear un mapa, un mapa accesible dende a nosa páxina web, no que se pode consultar en que situación están as residencias de todos e cada un dos concellos de Galicia. Deste xeito, as familias poden coñecer as precaucións que se están a aplicar en todos e en cada un dos centros de maiores da nosa comunidade, e está completamente actualizado día a día.

No ámbito da detección temperá, Galicia é a única comunidade autónoma de España que realiza un cribado quincenal en todos os centros de maiores e que permite identificar canto antes a existencia dun contaxio.

E no relativo á resposta, sempre que nalgunha residencia estivo en perigo a calidade asistencial, a Xunta de Galicia actuou. Nestes sete meses interviñemos centros de iniciativa mercantil, de iniciativa social, centros grandes, centros pequenos, centros urbanos e centros do rural. O criterio sempre foi, en todos os casos, exclusivamente sanitario.

No ámbito da atención aos residentes contaxiados, Galicia puxo en marcha residencias integradas, que foron pioneiras a nivel nacional e que xa se están a estudar tamén noutros



países. Nelas os maiores con coronavirus recibiron unha atención de primeiro nivel especializada na súa doenza. E, de feito, comprácame anunciar hoxe ante esta Cámara que xa están dispoñibles, para poñerse en marcha cando sexa necesario, dúas residencias integradas aquí en Galicia, unha en Vigo e outra en Santiago. (*Aplausos.*)

Para os centros de maiores de toda Galicia estes foron meses de moita preocupación pero tamén foron meses de profesionalidade, de compromiso e de moito heroísmo. Non me cansarei xamais de destacar a excelente actuación da inmensa maioría do persoal que traballa nas residencias de Galicia, ao que lle tocou combater a pandemia dende a primeira liña. Auxiliares, coidadores, persoal de enfermería, persoal de cociña, de limpeza ou os equipos directivos, todos eles, lanzaron unha mensaxe de confianza a todas esas familias que lles conceden ás residencias de maiores o coidado das persoas que máis queren. Os profesionais sanitarios e socios sanitarios que traballaron baixo unhas circunstancias inéditas para garantir a saúde e o benestar dos nosos maiores merecen todo o noso recoñecemento e toda a nosa gratitude. Aínda que cada noticia, cada situación persoal e cada estatística nos doen, os indicadores reflicten que as residencias de Galicia resistiron mellor que as doutras zonas de España e do mundo.

Cada residencia que se blindou ante o virus, cada centro no que se conseguiu minimizar os contaxios, cada persoa maior que contraeu o coronavirus e puido curarse —algunhas delas con máis de 100 anos— e o feito de que máis do 90 % das residencias de Galicia estean totalmente libres de coronavirus demostran que non é realista nin é xusto nin é responsable pretender facer unha emenda á totalidade do sistema residencial de Galicia. Lamento todos, todos e cada un dos 363 falecementos que se rexistraron entre os residentes de Galicia por mor da covid. Comparto a dor de todas esas familias que perderon un ser querido antes de tempo. Por todas elas, estamos a traballar para achegar cada día máis solucións.

Nesta pandemia aprendemos moito, aprendemos moitísimo. Hoxe as residencias de maiores de Galicia están mellor preparadas en todos os ámbitos para responder a unha enfermidade infectocontaxiosa. Os protocolos vixentes actualmente en Galicia están entre os máis completos, os máis exhaustivos e os máis avanzados do mundo, e recompilan a evidencia científica e as leccións dos últimos meses. Non me cabe dúbida de que seguiremos mellorando ao longo desta lexislatura. E espero, señorías, de verdade, que o poidamos facer xuntos.

Hoxe gustaríame convidar a todos os partidos políticos a que se sumen a un pacto autonómico para seguir mellorando a atención residencial dende a premisa, coma sempre, do realismo e da responsabilidade. Por iso, imos remitir á Comisión de Reconstrución, do Parlamento de Galicia, e aos representantes do sector un documento coas liñas estratéxicas do novo modelo de residencias que estamos a propoñer. Este proxecto inicial estará aberto, por suposto, ás achegas construtivas dos grupos políticos, de xeito que todos poidamos poñer o noso pequeno gran de area para que as residencias de Galicia poidan seguir evolucionando.

Non podemos esquecer, señorías, que neste momento o risco cero non existe. Mentres non estea dispoñible unha vacina, o que debemos facer é traballar para reducir ese risco ao mínimo posible, con protocolos, con cribados, con formación, cunha maior coordinación so-



ciosanitaria, con inspeccións continuas para detectar posibles incumprimentos e cunha subministración de material estable e centralizada pola Xunta de Galicia.

Espero, señorías, poder contar coa súa colaboración para darlles ás familias galegas o que máis necesitan nestes momentos: confianza, tranquilidade e certezas; confianza, tranquilidade e certezas para afrontar unha situación que alterou o modo de vida de todos. Tarefas que xa antes resultaban complexas, como pode ser a conciliación, agora presentan tamén novas dificultades. Por iso aproveito esta tribuna para lembrar un dos compromisos que aprobou por unanimidade o Parlamento de Galicia hai menos dun mes: instar o Goberno central para que aprobe un permiso retribuído para as nais e os pais con fillos en corentena, tal e como se comprometera. Tempos de inestabilidade requiren administracións áxiles e administracións valentes, que estean á altura das necesidades das familias galegas. E nesa liña van tres decisións pioneiras que implantará Galicia nesta lexislatura.

En primeiro lugar, estou especialmente orgullosa de que Galicia sexa a única comunidade na que a educación infantil é totalmente gratuíta para os segundos fillos e sucesivos, teña a idade que teña o primeiro fillo. (*Aplausos.*) Trátase dunha medida que xa poden desfrutar máis de catorce mil familias galegas, tanto nas escolas infantís públicas da Xunta de Galicia como na práctica totalidade das escolas privadas e de iniciativa social, e tamén nas escolas infantís municipais de todos aqueles concellos que se queiran adherir —cifra esta que, por certo, medra día a día—. Teño plena confianza en que esta decisión de Galicia se converta nun modelo para seguir a nivel nacional. Espero que moi pronto poidamos conseguir tamén o compromiso do Goberno central para que as familias do resto de España poidan ter os mesmos beneficios que as familias galegas, e para que na nosa comunidade os primeiros fillos poidan acceder tamén á educación infantil de xeito totalmente gratuíta.

Deste xeito, en Galicia ningunha familia se verá privada pola súa capacidade económica de contar cunha educación infantil de primeiro nivel nuns centros que estes meses demostraron a súa gran capacidade de adaptación. Durante o confinamento e pese ao peche da súa actividade, o Goberno galego deulles as facilidades económicas necesarias para resistir, para aclimatare á nova realidade e tamén para formar a todo o persoal, que o formamos dende a Xunta de Galicia. E coa volta ao cole, todas as escolas infantís de Galicia retomaron o seu funcionamento con absoluta normalidade e aplicando con rigor uns protocolos moi estritos deseñados para protexer os nenos e para protexer tamén os traballadores.

En segundo lugar, Galicia situarase tamén á vangarda coa aprobación da Lei de impulso demográfico. Cando nas próximas semanas o Parlamento debata, enriqueza e aprobe este importante texto legal, as galegas e os galegos seremos os únicos españois que contemos cunha lei dedicada á dinamización poboacional. Esta lei aborda a demografía dende todos os seus prismas, dende as axudas económicas ata as facilidades para a conciliación, o apoio á mocidade, o impulso do equilibrio territorial, o envellecemento activo e os incentivos para o retorno dos galegos que están no exterior —un factor que, ademais, foi clave para que a poboación galega crecese durante o ano 2019 por primeira vez na última década—. Para que a Lei de impulso demográfico cumpra cos seus obxectivos é necesario que sexa unha lei que perdure no tempo. Por iso non debe ser asumida como unha lei de goberno, debe ser asumida como unha lei de país. Confío en que o debate parlamentario axude a adecuar este texto ás novas circuns-



tancias provocadas pola covid-19 e que sentemos así, deste modo, os cimentos dunha política demográfica ambiciosa e dunha política demográfica de longo prazo. (*Aplausos.*)

A terceira das medidas pioneiras en materia demográfica que verá a luz nesta lexislatura é que as familias con dous fillos e todas as familias monoparentais contarán cos mesmos beneficios fiscais para efectos de IRPF que as familias numerosas. Esta equiparación traducirase nunha dedución de 250 euros no tramo autonómico da cota íntegra do IRPF. E, en paralelo, Galicia apoiará, con máis forza se cabe, as familias numerosas que teñen un papel fundamental á hora de afrontar con éxito o noso desafío poboacional. Por iso todas esas familias contarán cun beneficio de 250 euros por cada fillo a partir do terceiro —incluído este— e, ademais, coa aprobación ao longo das próximas semanas dun plan para familias numerosas que incluírá medidas específicas para este colectivo, como descontos nas peaxes ou prezos reducidos nos aparcamentos dos hospitais galegos.

Con estas tres medidas pioneiras, Galicia demostra que a urxencia da loita contra o virus non nos fará esquecer a importancia de afrontar o reto demográfico, que é e seguirá sendo sempre un dos nosos principais desafíos como país.

Ademais, ao longo desta lexislatura afondaremos nas medidas que ao longo dos últimos anos foron facendo da nosa comunidade o mellor lugar para formar unha familia, coas Casas Niño —que este curso ofrecerán máis de catrocentas prazas totalmente gratuítas de atención á infancia nos concellos máis pequenos de Galicia e nos concellos máis rurais—, (*Aplausos.*) coa Tarxeta Benvida, coa que Galicia recibe os máis pequenos e que na pasada lexislatura axudou a sesenta mil familias a afrontar os gastos da crianza dun fillo, ou tamén co Bono Coidado, do que nestes últimos meses lanzamos unha edición extraordinaria dotada con entre cinco-centos e seiscentos euros ao mes para axudar as familias a contratar servizos de atención a domicilio para nenos de ata 12 anos, persoas maiores ou persoas con discapacidade.

Señorías, a dinamización demográfica de Galicia pasa necesariamente por axudar a mocidade a atopar novas oportunidades para construír o seu propio futuro. A Xunta de Galicia non é allea ás dificultades endémicas que aquí e noutros lados atopan as persoas novas: prexuízos, inestabilidade e unhas contornas laborais que adoitan ser extremadamente áridas para dar os primeiros pasos. As incertezas que provocou a explosión da pandemia non fixeron senón endurecer aínda máis estas complicacións, pero teño total convencemento de que Galicia, a comunidade autónoma con menor proporción de desempregados menores de 30 anos, segue tendo potencial de sobra para ofrecer posibilidades esperanzadoras ás súas mozas e aos seus mozos, tanto no mercado de traballo como no ámbito da realización persoal.

Nese sentido orientaremos toda a nosa actuación en materia de xuventude e voluntariado ao longo desta lexislatura. Reforzaranse as canles de comunicación e asesoramento á xuventude, especialmente no ámbito da educación, da vivenda e das oportunidades laborais. O éxito de iniciativas pioneiras, como a canle de *whatsapp* de información xuvenil, anímanos a seguir explorando novos formatos. Crearase tamén unha plataforma dixital de educación non formal, a través da cal a mocidade poida acceder a cursos, obradoiros ou congresos. Diversificaremos as opcións de tempo libre que impulsa a Xunta de Galicia, porque as actividades de ocio educativo e saudable non deben estar restrinxidas aos meses de verán.



Apostarase polas iniciativas destinadas a mellorar a capacitación profesional da xente nova, como as exitosas axudas para obter o carné de conducir que se lanzaron este ano e que van beneficiar a máis de mil cincocentos mozos e mozas. Seguirase traballando para visibilizar e para promocionar os mozos e mozas de Galicia que son referentes no ámbito cultural, no ámbito deportivo, no ámbito investigador, con actuacións como os premios «Talento Mozo». Desenvolverase un plan de voluntariado específico para o Xacobeo, de xeito que as galegas e os galegos máis novos poidan axudar a que o primeiro ano santo da era covid sexa tamén un éxito. Poranse en marcha novas opcións de voluntariado social e voluntariado ambiental para canalizar a vocación altruísta da mocidade galega. Mellorar a sociedade a través do voluntariado é un camiño polo que optan moitos mozos e mozas de Galicia —e cada vez máis—, pero tamén cada vez en maior medida persoas que están rematando a súa vida laboral ou que xa están xubiladas. Un dos grandes «debes» das sociedades desenvolvidas, e que aínda non fomos quen de asimilar, é a enorme transformación que viviron nas últimas décadas o que entendemos como «persoas maiores». Cunha esperanza de vida cada vez maior, non deixa de incrementarse este colectivo de persoas, que gozan dunha saúde excelente e que queren ser suxeitos activos e non pasivos da comunidade na que viven. É obriga de todos seguir creando novos espazos para o envellecemento activo. Por eles, porque seguir desenvolvendo as tarefas e as afeccións que lles gustan é o mellor xeito de conservar durante moitos anos unha boa calidade de vida. Pero tamén o facemos por nós, porque Galicia non pode permitirse renunciar a toda unha experiencia e coñecemento. Teñen moito que compartir as nosas persoas maiores.

Mentres un galego, teña a idade que teña, desexe seguir vivindo na súa casa, no seu barrio, na súa parroquia, cos seus amigos, cos seus familiares, a Xunta achegaralle os servizos necesarios para envellecer do mellor xeito posible, a través das casas do maior, un servizo gratuito que comezamos a ofrecer de xeito pioneiro no ano 2019 e ao que as persoas maiores do rural, tanto as dependentes como as non dependentes, poden acudir para estar coidados e para estar acompañados —o noso obxectivo nesta lexislatura é que o cen por cento dos concellos de Galicia conten con servizos de atención diúrna, ben sexa a través de centros de día ou ben sexa a través das casas do maior—; (*Aplausos.*) co servizo Xantar na casa, que leva un menú diario a máis de 1.700 persoas que viven soas —un 20 % máis que antes da pandemia—; a través da teleasistencia avanzada, que inclúe sistemas de seguimento móbil fóra do domicilio, e tamén de servizos de xeolocalización, ao que se están incorporando paulatinamente as 7.500 persoas que eran beneficiarias anteriormente da teleasistencia básica; ou tamén a través do Servizo de axuda no fogar, que se converteu nun dos piares da atención ás persoas maiores e co que contan no día de hoxe dezaseis veces máis fogares que os que tiñamos en Galicia no ano 2009. Ademais, a edición extraordinaria deste servizo que lanzamos durante o confinamento beneficiou 3.300 familias galegas sen supoñerlles nin un só euro de custo. E, por certo, a todas esas profesionais do servizo de Axuda no fogar quero darlles hoxe as grazas en nome de Galicia. (*Aplausos.*) Quero darlles as grazas pola súa profesionalidade e por non deixar nin un só minuto de coidar e de mimar os nosos maiores durante a pandemia.

Nos vindeiros anos Galicia seguirá achegando servizos ás persoas maiores alá onde vivan, a través de varias iniciativas innovadoras: co desenvolvemento da normativa do *cohousing*, un novo modelo de convivencia entre persoas maiores con apartamentos independentes que



comparten servizos comúns, e que xa se está a implantar nalgunhas zonas da nosa contorna; coa aprobación do Plan contra a soidade non desexada, orientado a prever situacións de risco en caso de que se dean e poder detectalas de xeito áxil e eficaz; e, por suposto, para as persoas maiores que necesiten atención residencial especializada, coa construción das sete mellores residencias de Europa aquí en Galicia, que financiará a Fundación Amancio Ortega, con 90 millóns de euros, e que creará 900 novas prazas públicas residenciais á disposición dos nosos maiores. *(Aplausos.)*

As persoas con discapacidade e as súas familias seguirán sendo absolutamente prioritarias para a Xunta de Galicia ao longo desta lexislatura. Canto máis apoio, máis oportunidades; e, cantos mellores coidados teñan, máis fortes seremos como sociedade. Nos vindeiros meses verán a luz dúas modificacións normativas consagradas a dar novas facilidades ao ámbito da discapacidade. En primeiro lugar, o Decreto de accesibilidade, que consolidará os avances en todo este campo. En segundo lugar, o Decreto do concerto social, que permitirá contratar prazas de atención á discapacidade coas entidades sociais de xeito áxil e adaptado ás necesidades de cada persoa e de cada familia.

E, por suposto, dende a Xunta de Galicia continuaremos creando cada día máis prazas públicas de atención á discapacidade a través das entidades sociais que están a pé de campo os trescentos sesenta e cinco días do ano, ás que lles quero dar as grazas e recoñecer o seu excelente labor.

Paralelamente, nesta lexislatura poranse en funcionamento outros centros públicos de atención ás persoas con discapacidade, como o centro de día e ocupacional Infanta Elena, en Monforte de Lemos, que contará con 25 prazas, e tamén o CAPD de Ourense, cuxas obras xa están en marcha e suporán a creación de 110 novas prazas públicas de atención á discapacidade na cidade das Burgas.

Todos estes avances non nos fan esquecer unha das grandes materias pendentes: axilizar e simplificar os trámites necesarios para obter a valoración da dependencia e da discapacidade. Eu son consciente das dificultades que iso supón para moitas familias, e nesta lexislatura faremos todo o que sexa necesario para que ese longo camiño se faga cada vez máis doado.

Señorías, Galicia está a traballar para mellorar, para estender e para modernizar a atención ás persoas maiores, e á atención ás persoas con discapacidade. Pero todos os avances precisan financiamento, e nestes momentos, por desgraza, a Administración xeral do Estado segue sen cumprir as premisas que marca a Lei de dependencia. España non pode permitirse que as comunidades autónomas sigamos cargando nas nosas costas o groso do sistema de atención á dependencia. No caso de Galicia, a Comunidade Autónoma financia tres de cada catro euros da factura total das persoas dependentes, o que significa que o Goberno central achega cada ano 200 millóns de euros menos do que lle correspondería, unha contía coa que poderíamos atender todas as persoas maiores dependentes de Galicia e tamén, por suposto, incrementar as contías das súas prestacións.

Hai poucas semanas trasladóusenos ás comunidades autónomas un documento que por fin recoñecía esa débeda histórica do executivo central; un paso ao que, por suposto, dende Ga-



licia lle damos a benvida, pero que non é suficiente, porque non é suficiente recoñecer a débeda, senón que esta débeda débese pagar (*Aplausos.*) As persoas dependentes de Galicia non poden permitirse máis esperas, máis incumprimentos, máis xogos de mans. Merecemos un Goberno central que se comprometa por fin coa atención ás persoas maiores e coa atención ás persoas con discapacidade, e que satisfaga de xeito inmediato esta débeda que hai con eles.

Falo de cooperación entre administracións, señorías, porque é unha condición fundamental para poder encarar con garantías todos os retos que temos por diante. As incertezas da pandemia golpearon con especial dureza os fogares que están en risco de exclusión social. Estas economías domésticas, que en moitos casos viven ao día, presentan unha vulnerabilidade extrema ante os imprevistos que estamos a vivir. Por iso os impactos do coronavirus alcanzaron tamén persoas que, por circunstancias sobrevidas, precisan de apoios puntuais dos servizos sociais. Ante unhas circunstancias tan alarmantes coma estas é necesario que todas as administracións exerzamos con eficacia as nosas competencias e coa mellor dilixencia posible: a Xunta de Galicia, a través dos mecanismos ordinarios e extraordinarios de loita contra a pobreza, que detallarei agora de seguido; tamén os concellos, a través dos excelentes profesionais dos servizos sociais de base —aos que a Xunta de Galicia financia nunha gran parte—; e o Goberno central, por suposto, a través do ingreso mínimo vital. É urxente que esta prestación chegue canto antes e de xeito efectivo ás persoas que máis o necesitan, e por iso Galicia tende unha vez máis a súa man. A nosa comunidade autónoma xa reiterou en distintas ocasións a disposición de asumir a xestión desta axuda se ese é o modo máis eficaz de que desaparezan eses atrancos que hai nestes momentos e que están a vivilos moitas familias galegas.

Galicia conta cun instrumento para canalizar a colaboración institucional no ámbito da inclusión social, que é a Axenda Social Única. Con esta folla de ruta, a Xunta, os concellos e as entidades sociais traballamos da man e en equipo nos últimos catro anos e cumprimos o 96 % dos seus obxectivos. Unha das metas que debemos cumprir nesta lexislatura é a necesaria renovación da Axenda Social Única. As novas dificultades que están a afrontar as familias que están en risco de exclusión social tamén teñen que contar con respostas coordinadas por parte das distintas administracións. O coronavirus non pode contaminar a igualdade de oportunidades pola que tanto tempo leva traballando a sociedade galega. Tamén, e especialmente nestas circunstancias, todos os cidadáns, independentemente do seu punto de partida, deben chegar onde merezan. Debemos ser quen de saír todos xuntos desta crise, con máis unidade, máis solidariedade e máis equidade, e non con menos.

Dende os primeiros compases da pandemia, a Xunta actuou poñendo en marcha un plan social de continxencia, que entre outras medidas contemplaba a axilización e a flexibilización do acceso á Risga para máis de 1.600 persoas. Concedéronse máis de 60.000 axudas a familias que eran beneficiarias dunha bolsa de comedor escolar. E, unha vez superado o primeiro escollo, a Xunta de Galicia lanzou un plan completo, o Plan de recuperación social, que aínda segue aplicándose no día de hoxe. Tamén incrementando un 50 % a partida orzamentaria destinada ás axudas de inclusión social, poñendo en marcha liñas extraordinarias de financiamento para atender as persoas sen fogar ou vulnerables a través dos concellos e das distintas entidades sociais de Galicia, e co lanzamento da Tarxeta básica, unha axuda económica



pioneira coa que hoxe en día se benefician 7.000 familias para afrontar os gastos do seu día a día, cuxas contías son 450, 600 e 900 euros trimestrais. E, tras comprobar as excelentes valoracións desta medida por parte dos profesionais da inclusión social, acabamos de habilitar a posibilidade de solicitar unha prórroga para contar con esta axuda durante tres meses máis. (Aplausos.)

Durante os vindeiros anos debemos seguir reaccionando con axilidade, a través de solucións innovadoras, aos retos que nos van ir xurdindo en materia social. O novo contexto propiciado pola creación do ingreso mínimo vital obriga a reorganizar as axudas sociais que as comunidades autónomas levamos moitas décadas ofrecendo. Nesta lexislatura reorientaremos parte do crédito que se destina á Risga, para completar esta nova prestación e reforzar o seu potencial de inclusión social, de inclusión laboral e dixital.

Ademais, nos vindeiros anos, avanzaremos en liñas de traballo que xa fomos definindo na lexislatura pasada. Desenvolverase o Plan de atención a persoas sen fogar, que se aprobou o pasado ano, e farase especial fincapé no desenvolvemento de fórmulas para permitir o acceso a unha vivenda digna e no acompañamento específico ás mulleres sen fogar. Incrementaranse as contías das axudas de inclusión social e facilitarase o acceso a elas introducindo novas tipoloxías para responder con axilidade a problemáticas concretas; e poranse en marcha, xunto cos concellos, programas específicos para mellorar as condicións de vida en barrios nos que concorren factores de marxinação.

A atención ás familias máis vulnerables estará entre as grandes prioridades do Goberno galego, porque en situacións coma esta o gran reto que afrontamos as sociedades non é só superalas canto antes senón que é procurar que ninguén quede atrás.

Señorías, as proxeccións apuntan a que os vindeiros meses seguirán poñendo a proba a resistencia da nosa rede de protección social; pode incluso que con máis dureza que na primeira vaga da pandemia. Toda análise, todo debate, toda proposta política debe basearse no criterio do realismo, ao que nos obrigan as perspectivas do noso futuro próximo. Non podo vir a este Parlamento prometer investimentos astronómicos para o ano 2021 porque non sería nin crible nin sería responsable. Pero ao que si me podo comprometer é a traballar todo canto sexa necesario para que a calidade de vida das familias galegas siga mellorando incluso nun contexto tan difícil coma este.

Tamén lles ofrezco, dende logo, diálogo. Todas as propostas que lles veño hoxe debullar, e outras moitas que desenvolveremos ao longo dos vindeiros anos, están abertas a calquera suxestión que poida sempre melloralas. Unhas circunstancias excepcionais como as que estamos a vivir requiren respostas excepcionais por parte dos que temos responsabilidades públicas, por iso me gustaría hoxe aproveitar esta comparecencia para solicitarlles a todos os deputados e deputadas desta Cámara a súa colaboración. Non falo dun apoio incondicional, xa que sei moi ben que o labor da oposición tamén é formularlle críticas ao Goberno que lle axuden a mellorar, pero o que si lles pido é que tampouco caiamos na tentación de librar no ámbito social unha nova contenda electoral, xa que, ademais de pouco produtiva, sería totalmente estéril para as persoas que necesitan agora máis ca nunca toda a nosa axuda.



Segue habendo materias pendentes, segue habendo problemas que aínda non teñen solución, segue habendo tarefas inconclusas e desafíos estruturais que, como sociedade, debemos ser quen de afrontar. Con este fin traballaremos ao longo de toda esta lexislatura, pero tamén cómpre poñer en perspectiva os logros que acadou Galicia en materia social nos últimos anos.

Hai máis orzamentos ca nunca, máis profesionais ca nunca e máis iniciativas ca nunca para mellorar a calidade de vida das familias galegas. O noso pobo forxouse a través das dificultades. Aos galegos xamais nos regalaron nada. Pero con afouteza, con creatividade, con moitísimo esforzo e traballo, con altruísmo e con visión de futuro, estou convencida de que seremos quen de atopar o xeito de saír a adiante. Porque tamén imos saír desta, estou convencida de que o faremos todos xuntos sen que ninguén, ninguén, quede atrás.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, señor presidente.

Grazas, señora conselleira.

Eu quería empezar a miña primeira intervención nesta Cámara cunhas verbas de lembranza a todas aquelas persoas que nos deixaron por mor da covid-19 e de apoio ás súas familias. E quero mandar tamén moito ánimo e forza para todos os galegos e galegas que están a sufrir as consecuencias desta pandemia na saúde, pero tamén para os que están a sufrir as consecuencias económicas.

Aínda que non podemos obviar e non podemos negar que a situación sanitaria de pandemia na que nos atopamos inflúe moito na situación social e aumentaron moito as persoas que necesitan asistencia social, tampouco podemos esquecer e tampouco podemos obviar que a difícil situación que están a pasar moitas persoas e familias en Galicia teñen que ver coas políticas destes once últimos anos de goberno dun partido conservador, do Partido Popular, que se dedicaron a recortar e minorar sen piedade as políticas sociais. Sería bo que saíran á rúa, sería bo que saíran para decatarse de que a realidade do día a día para moitas persoas é complicada, e de que moitas capas da sociedade ven serias dificultades para atender as súas necesidades básicas. E por necesidades básicas non me refiro soamente ao alimento e ao teito, senón tamén a servizos e prestacións fundamentais para un desenvolvemento saudable.

En Galicia —como quedou máis evidenciado nesta crise— escasean as prazas de centros de día en residencias, as axudas a domicilio seguen a ser menores do que se precisa, a mocidade



ve un futuro moi negro, con pouca esperanza, e ten que fuxir a outros lugares polo nulo apoio aos seus proxectos, aos seus estudos e á súa vida. Os centros de educación infantil non contan cos medios suficientes, as familias non poden responder a todas as necesidades dos seus fillos e fillas. E así podería seguir nunha continua descrición da realidade do noso día a día neste país. De non resolvelo con urxencia e vontade política, señora conselleira, estarase encamiñando certa parte da poboación á exclusión social. ¿Por que? Porque aos atroces recortes de recursos aplicados durante anos a outros sistemas de protección social —e falo da educación, falo da sanidade— engádesse tamén unha total desatención na área social. Aínda que o pretendan disimular, aínda que invistan en publicidade e propaganda, a realidade é así, a realidade é que o discurso conservador que mantén o Partido Popular traslada a responsabilidade aos individuos sen contemplar as desigualdades de partida e sen dotalos dos instrumentos precisos para superalas. E isto ¿que provoca? Pois isto provoca que agora máis ca nunca a situación de pobreza vaia estenderse a persoas maiores que viven soas, a xente nova con traballos precarios, a fogares encabezados por mulleres con cargas familiares que teñen dificultades para a súa inserción laboral, e un longo e longo etcétera.

Señora conselleira, en Galicia hoxe en día as medidas de apoio efectivo ás familias e persoas individuais para previr a marxinação e favorecer a inclusión social son totalmente insuficientes; e nalgúns casos, practicamente inexistentes. Vou lembrarlle algúns exemplos.

Hai falta de políticas efectivas de acceso a vivendas para familias de rendas baixas ou carentes dela. ¿Como pode ser que o ano pasado a falta de fondos leve á Xunta a denegar o 80 % das solicitudes de axudas para pagar o alugueiro? *(Aplausos.)*

Hai falta de programas específicos e recursos suficientes para a conciliación da vida familiar e laboral de mulleres e homes. ¿Vai seguir agora todo igual? Eu aplaudo o anuncio que acaba de facer tanto o conselleiro de Facenda coma vostede de sacar prazas do Consorcio Galego de Benestar. Esperemos que non quede niso, nun anuncio. Porque ¿como é posible que dende o ano 2008, dende o Bipartito, non se convoquen prazas de educadores nas garderías do Consorcio? No contexto no que estamos a vivir non hai aínda un plan estratéxico que aborde de xeito transversal a conciliación. Esperemos que se cumpra tamén este anuncio polo ben de todos os galegos e as galegas, dos pais e das nais e, sobre todo, dos avós e das avoas, que son os máis vulnerables a este virus.

Hai insuficiencia de servizos e prestacións para persoas maiores e dependentes. En materia de dependencia e discapacidade é de xustiza traballar arreo por todas aquelas persoas que están a sufrir toda a inexistencia de medidas. A Lei de dependencia sufriu un ataque real e frontal co Real decreto lei 20/2012, o de recortes do Partido Popular, recortes que xa vaticinou un ano antes Mariano Rajoy —que nin daquela era presidente do Goberno, optaba á presidencia do Goberno— cando dixo que a Lei de dependencia non era viable. Esta liña é na que vostedes cren. Aproben os orzamentos do goberno progresista de España, ou faciliten a aprobación, e xa verán como aumentan os orzamentos destinados á Lei de dependencia —non como os actuais orzamentos do Partido Popular—.

Os indicadores en Galicia son terribles, e Galicia é unha das comunidades autónomas que amosa un máis importante retroceso respecto do resto das comunidades do noso país. E in-



cluso aumenta, hai un maior retroceso, comparándoo con exercicios precedentes dentro da mesma comunidade. Neste momento Galicia inviste 126 euros por habitante fronte aos 150 euros de media nacional. O tempo de agarda en dependencia no noso país é de 342 días, cando a lei obriga a resolver os expedientes en 180 días como máximo. ¿Por que a Xunta de Galicia non reforma os equipos de valoración de discapacidade? ¿Por que fai unicamente acumulacións temporais? ¿Vostede ve lóxico que un ano e medio de agarda sexa a media para valorar un grao de discapacidade medio ou alto? Hai moitas persoas que non chegan nunca a ser valoradas. ¿Que está pasando coa dependencia no noso país?

Sobre a xestión do SAF, ao falar disto, do servizo de axuda no fogar, súpome ao agradecemento que lles fixo vostede agora mesmo ás traballadoras do SAF. E súpome, sobre todo, porque o traballo foi impecable e sen os medios necesarios para poder afrontar esta situación. (*Aplausos.*) Porque non tiñan equipos, tiveron que ser os concellos os que durante o período máis duro da primeira pandemia aportasen os equipos ás traballadoras do SAF. Entón esta xestión tamén é moi deficiente; e, sobre todo, é unha xestión que é competencia unicamente da Xunta e que vostedes non asumen, senón que asumen un copago e, por tanto, delegan economicamente nos concellos este dereito. E moitas veces —sobre todo no caso dos concellos pequenos— isto é inasumible. Vostedes están a afogar os concellos co servizo de axuda no fogar.

E en relación con este servizo de axuda no fogar tamén quería facer referencia ao servizo de axuda no fogar extraordinario que crearon vostedes na época da pandemia, no que asumían case a totalidade do custo. Felicitoa por isto, pero non entendo como o 30 de novembro se pon fin a esta medida. E é que estamos no peor momento da pandemia, cos maiores índices de contaxio. Pídolle dende o Grupo Socialista que prorrogue esta medida e que o faga polo benestar dos nosos maiores, dependentes e das súas familias.

En relación coas residencias de maiores, o modelo de Feijóo pode resumirse nun modelo privatizador e de falla de control. E creo que desde hai once anos se está totalmente a facer negocio cos nosos maiores. Creo que debería vostede recoñecer os erros. Ademais, por tanta veneración coa que falaba dos nosos maiores, debería corrixir, asumir e recoñecer os erros. Porque vostede non só foi a responsable durante o anterior mandato, senón que tamén foi a responsable de Política Social no anterior, e incluso foi a directora xeral de maiores e responsable de todo o relacionado con estes.

En relación coa Risga, a Risga adoce dun presuposto insuficiente, os proxectos individualizados de inserción tampouco chegan e isto produce unha cronificación das problemáticas da pobreza. E teña isto en conta cando faga a rexeneración que vostede dixo e que esta rexeneración non se limite unicamente a reducir un presuposto, porque vostede vaise aproveitar do ingreso mínimo vital que aprobou o Estado. (*Aplausos.*)

Falamos da pobreza. Neste momento terrible que estamos a pasar temos que garantir que, sexa cal sexa o contexto de igualdade de oportunidades para os nosos nenos e nenas, non vaia determinar o seu futuro. Temos que facer políticas orientadas á mocidade e temos que apoialas neste momento difícil. E non temos que estigmatizalas como fixo o presidente Feijóo estes últimos días acusando a nosa mocidade dos últimos gromos en Galicia.



Non quero tampouco esquecer, pola importancia que ten, a situación catastrófica na que se atopan os centros de protección de menores, que están nunha situación de total abandono. Aquí os profesionais son escasos e están suxeitos á temporalidade. E por iso, señora conselleira, quero dicirlle que a súa actitude —a actitude en xeral do Goberno coas políticas do Partido Popular en materia de servizos sociais— demostra unha evidente falta de compromiso do Goberno cos dereitos sociais. E xera unha inercia que vén reducir os servizos sociais a unha simple xestión administrativa, rutineira e sen visión de futuro, e, o que é máis importante, sen darlles resposta ás novas necesidades e demandas sociais da poboación galega.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos. Bo día, conselleira.

Por organizar un pouco a miña intervención —que nós si temos un tempo bastante limitado—, farei algunhas reflexións previas ao fío dalgunhas das cuestións que vostede comentaba e unha reflexión con carácter xeral sobre o que deben ser os dereitos sociais no noso país.

Sobre o anuncio ou o titular —non sei que pensarán as compañeiras da prensa da súa intervención hoxe— dese pacto galego, dese pacto autonómico que vostede ofrecía aos grupos desta Cámara sobre ese novo modelo de residencias —animábanos a todos os grupos a que nos sumásemos a el—, eu dígolle desde o BNG: Veremos. Veremos, porque nós levamos esta cuestión precisamente —non hai moitas semanas— sobre o novo modelo de residencias que tiña que implantarse no noso país ao fío de todo o que puxo en evidencia a covid-19, de todas as costuras que fixo visibles a pandemia. Fixémoslle e formulámoslle preguntas ao novo director xeral de Maiores. E eu teño que recoñecerlle que é unha das comparecencias máis *random* que levo desde que estou aquí nesta Cámara, porque non obtivemos ningún tipo de resposta. Entón, cando consigamos coñecer cal é a proposta realmente sobre ese novo modelo de residencias que ofrece a esta Cámara e a este país o Partido Popular, e nomeadamente a súa consellería, poderemos valoralo.

O que si teño claro é que, se non vai mudar nada ou todo o que se vai mudar é cosmético e non vai servir para botar man a unha cuestión que temos posto sobre a mesa desde o BNG en moitísimas ocasións, que é a necesidade de que a vida das persoas, os coidados, se poñan no centro das políticas públicas, de que se reforce o carácter público e de proximidade das residencias de maiores para garantir unha asistencia e un coidado que xa antes da covid non estaba garantido nesas residencias (*Aplausos.*), como ten advertido o Consello de Contas, sen



ir máis lonxe, no ano 2018, se só vai ser propaganda e realmente non vai servir para cambiar de rumbo e corrixir o que xa estaba mal antes da pandemia, pode comprender que nós non imos apoialo.

E digo isto da realidade e da propaganda porque nos teñen moi acostumadas a isto. E algúns dos anuncios ou algunhas das cuestións que vostede puxo enriba da mesa na súa comparecencia son perfectamente o exemplo diso. Falaba vostede, por exemplo, de como outra das medidas que traía supostamente para esta lexislatura era que Galiza ía aplicar unha dedución do IRPF, por exemplo, ás familias monoparentais, formadas na súa inmensa maioría por mulleres —de «monomarentais» falamos moitas veces para referirnos a elas—. E esta é unha promesa que vostedes levan facendo desde 2010, 2015 e 2018. E non sei se está por aquí o señor Rey Varela. Foi el conselleiro de Política Social e xa veu a esta Cámara a anunciar un plan de familias monoparentais que incluíría, entre outras cousas, esas deducións do IRPF que aparecen recollidas na súa Lei de familia aprobada no ano 2011. E vostedes votaron en contra das iniciativas do BNG nese sentido tres veces nesta Cámara: cando trouxemos a Lei de familias monoparentais e outras dúas veces, cando levamos esta cuestión á Comisión 3ª. Entón a propaganda vai por un lado pero despois o dedo, o botón e a realidade van por outro, ¿non? (*Aplausos.*)

Respecto desa propaganda *versus* realidade, a min hai algo que me gusta moito, que é o cine —non sei se a vostede, señora conselleira, tamén—, e hai un efecto que se usa moitas veces, que é partir a pantalla ao medio —realidade e expectativa—. E eu diría, no seu caso, propaganda e realidade, que van en sentidos completamente distintos. Vostede falaba do Bono Coidado extraordinario, e falaba da Tarxeta Básica, por exemplo. O Bono Coidado extraordinario vostedes anunciaron que chegaría a 36.000 familias deste país, e o certo é que non chegou nin ao 5 % —sendo xenerosas— desas familias que supostamente ían ser beneficiarias dun Bono Coidado extraordinario que só se puido solicitar durante un mes, que só cobre os gastos que tiveron as familias en materia de conciliación durante o confinamento e a vixencia do estado de alarma e que, en todo caso, non vai ser percibido por esas familias ata finais deste ano 2020. É insuficiente e é ademais dun alcance moi limitado. O mesmo con esa Tarxeta Básica. Onte, ademais, coñeciamos —na súa visita a Ecos do Sur— que ían ampliála tres meses máis. De novo o mesmo, a propaganda por unha parte e a realidade por outra. Dixeron, cando anunciaron que se crearía esa Tarxeta Básica —moi demandada precisamente polas entidades do terceiro sector— que chegaría a 30.000, a máis de 30.000 persoas de toda Galiza. E a realidade é que atende a 7.000. Entón, claro, eu teño a dúbida de se inflan as cifras cando se trata de facer as notas de prensa ou se é que as medidas despois teñen un alcance moi limitado e non chegan a todas as persoas que o necesitan. E eu creo, de verdade, que hai das dúas cousas.

Un bo exemplo tamén é outra das cuestións que vostede hoxe anunciou na súa intervención, que son eses 250 euros a partir do terceiro fillo. A fenda que hai en cuestión de fecundidade —a nós non nos gusta excesivamente centrarnos neste tipo de políticas natalistas, e logo falarei desta cuestión tamén—, a fenda que hai en Galiza, é dar o salto do 1 ao 2, do primeiro fillo ao segundo fillo. E, ademais, o que nos din as estatísticas, entre elas unha enquisa moi interesante publicada o ano pasado polo Instituto Nacional —ou estatal— de Estatística, é que hai moitas mulleres que din, que recoñecen, desexar ter dous fillos pero que non poden



facelo. Claro, ¿que impacto ten 250 euros a partir do terceiro fillo? O número de familias numerosas que hai no noso país —e benvidas sexan todas as familias numerosas, temos tamén compañeiros que contribúen— representan o 2 %, o 2 % dos fogares deste país. ¿Saben o que representan os fogares unipersoais formados por maiores de 64 anos, fundamentalmente mulleres? O 25 %. ¿Por que se pon tanto esforzo económico da Xunta de Galiza —sen negarlles nin un só dos dereitos ás familias numerosas— nestas políticas? Tanto esforzo en políticas e tanto esforzo en axudas económicas debería ir tanto dirixido ás familias numerosas como a eses fogares unipersoais formados por mulleres —moitas veces dependentes— de máis de 65 anos que viven soas e que teñen enormes dificultades para chegar á fin de mes; (*Aplausos.*) entre outras cousas porque este país ten as segundas pensións máis baixas do Estado.

E outro exemplo —e despois paso á reflexión que queríamos facer tamén desde o BNG—, outro exemplo desa propaganda que vai por un lado e a realidade por outro distinto, son esas sete residencias que nos levan anunciando desde 2017 que se van construír neste país nas sete principais cidades. Dixérono primeiro en 2017, íaas construír a Xunta de Galiza. Chamábanlle Plan «Como na casa». O concurso de arquitectos lanzouno a Fundación de Abanca —estivemos falándoo tamén hoxe pola mañá—. No ano 2018 volveron dicirnos o mesmo: 900 prazas —150 en Vigo e A Coruña, 120 no resto das cidades do país—. En 2019 xa non ía ser a Xunta de Galiza, era a Fundación Amancio Ortega —90 millóns de euros—. Firmaron un convenio con esa entidade. E a realidade, a realidade, é que en outubro de 2020 non se moveu nin unha pedra, ¡nin unha pedra! (*Aplausos.*) E virá aquí e botaralle a culpa aos concellos. Porque se ten a Xunta algo de capacidade é a de escapar, de escapar, ou para arriba ou para abaixo. A culpa de todo, se non se lle pode botar ao Goberno de Pedro Sánchez —porque todos os problemas empezaron o día no que ese señor entrou pola porta, como o de que non pagan o que deben en materia de dependencia a este país, que, efectivamente, esa débeda histórica é resultado dun acordo parlamentario que entre outras cousas trouxo o Bloque Nacionalista Galego a esta Cámara, como a necesidade tamén de que se adopten outra serie de medidas—... E é certo que o Goberno do Partido Socialista e Unidas Podemos non paga, pero tampouco pagaba o Goberno do Partido Popular. E se eles son uns morosos, como lle escoitei eu algunha vez a vostede, señora conselleira, eu preguntome o que é o Goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy, que ademais de non pagar aplicou un recortazo en 2012 que aínda están os dependentes abaneando neste país. (*Aplausos.*) Se eles son uns morosos, os outros..., morosos e [*ladrons*]. (*Expresión retirada do Diario de sesións polo señor presidente ao abeiro de artigo 106.3 do Regulamento.*)

Unha reflexión final, porque vostede dicía... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Polo recorte, polo recorte...! (*Murmurios.*) Ben, os fallos que recentemente corroborou a xustiza non vou tampouco eu comentalos en sede parlamentaria. (*Aplausos.*) E unha reflexión... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Iso é competencia do presidente. E eu sei en que momento teño que dicir iso. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, débemolo deixar claro. Vou parar o tempo.

Iso é competencia do presidente, e eu terei que falar coa señora Rodil cando proceda.



A señora RODIL FERNÁNDEZ: Eu quen rouba dereitos non sei. Cambiámoslle o nome, se queren. Pero o recortazo está aí, 2012 (*Aplausos.*), o real decreto-lei aplicárono vostedes deixando moitas persoas —que na lei tiñan recoñecidos os seus dereitos sociais e poder acceder ás axudas en materia de dependencia para gañar autonomía e dereitos básicos fundamentais e humanos— sen eles por unha decisión política que tomaron vostedes. Póñanse o cualificativo que queiran. (*Aplausos.*)

Unha última reflexión. Vostede dicía que cambiaran as prioridades coa covid. Nós non cremos que cambiaran as prioridades, son exactamente as mesmas. Porque se algunha capacidade ten a covid, se algunha capacidade ten a pandemia —e ten moitas—, é facer visible e magnificar o que xa estaba mal antes; magnificar e facer aínda máis visibles as desigualdades que xa existían neste país, sociais, de clase, territoriais, entre o rural e o urbano e, sobre todo e moi especialmente, en materia de xénero. ¿Sabe o que botamos moitísimo en falta, conselleira —e queda tamén para a segunda intervención—? Non hai nin un só estudo, nin un só estudo do impacto que tivo sobre os colectivos máis vulnerables, sobre as persoas que xa padecían ou estaban en risco de exclusión social e, sobre todo, sobre as mulleres, que son as que levan ao lombo unha parte fundamental do sustento desta sociedade. ¡Nin un só informe, nin unha soa análise, nin sequera hoxe na súa primeira intervención! Ten vostede unha segunda.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señora Rodil, eu escoitei nun momento do debate —e eu sempre o fago ao rematar, como saben— a palabra «ladróns». Eu pídolle que esa palabra... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Perdón, estou falando con ela, estou falando con ela. Estoulle pedindo se esa palabra a podemos retirar do *Diario de sesións*. (**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Vaino facer vostede de todas as maneiras, así que...)

Grazas. Queda retirada. (*Aplausos.*)

Retirada está. Non hai nada que dicir. Foi un diálogo entre a señora Rodil e mais eu, e quedou isto arreglado. Punto. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, xa está.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Moitas grazas, conselleira, antes que nada, por vir aquí comparecer. É unha comparecencia importante sobre temas tan importantes, tan, tan importantes, que ningún dos candidatos da oposición está presente durante o debate. Non, é curioso, porque vostedes... (*Fortes murmurios.*) ¡Ai, perdón! O meu está gobernando, é o que gañou as eleccións e é o presidente do



Goberno. (*Fortes aplausos.*) ¡Desculpen, desculpen! Perderon. Ao final vai ter razón o conselleiro de Facenda, hai quen se está vindo moi arriba, jeh! Hai quen se está vindo moi arriba.

Miren, eu quero agradecer á conselleira que se achegase hoxe a esta Cámara para comparecer e explicar cales son os obxectivos de Galicia para as próximas décadas en materia de política social e o que vai facer o seu goberno durante os próximos catro anos para avanzar neses obxectivos. Quero agradecerlle sinceramente que viñera hoxe aquí a darnos e a ofrecernos unha visión clara, unha visión realista e unha visión ambiciosa da cobertura social á que Galicia pode aspirar se todos os grupos priorizamos o interese cidadán por enriba das diferencias políticas.

Falou vostede de conciliación, de dependencia, de discapacidade, de loita contra a pobreza, de voluntariado, de vellez, de infancia, de mocidade, do reto demográfico, de residencias. E anunciou medidas paréceme que importantes, medidas de carácter lexislativo, liñas de axudas, novas instalacións e cal vai ser a súa implantación xeográfica, bonificacións e exencións fiscais, gratuidade de determinados servizos públicos, implementación de avances tecnolóxicos na atención a distintos colectivos. Falou de negociar, conciliar e achegar acordos nun novo modelo residencial, e a avaliación que fixo a oposición desta comparecencia é: falta de compromiso, cuestionar o traballo da política social dos últimos once anos e dicir que facemos moita propaganda.

Eu creo sinceramente que non hai máis cego que o que non quere ver. Dígoo de verdade. Hai uns días tiña nesta Cámara un debate sobre pobreza, e un dos compañeiros da señora Rodil acusoume de que non falaba do tema da pobreza. Falabamos de comedores escolares, de aumentar o servizo de atención no fogar, falabamos da Tarxeta Básica —da que vostede anunciou hoxe a súa ampliación, e paréceme que é unha magnífica noticia—, falabamos incluso de como aumentara a renda media dispoñible, —por certo, que é o elemento básico que vai permitir que melloren as pensións en Galicia nos próximos anos—, e diciánnos que non falabamos de pobreza. E, polo tanto, negan simplemente a evidencia, negan a posibilidade do debate.

Hoxe a señora Rodil pois veu exactamente ao mesmo. A señora Rodil vén aquí e éncheselle a boca dicíndonos, por exemplo, que nos exige mellorar servizos de conciliación. Está moi ben, pero, señora Rodil, cando veña dar leccións convén que as teña previamente aprendidas. Porque vostede di que quere servizos de conciliación, pero vostede votou nesta casa contra a creación das casas niño no ano 2016. (*Aplausos.*) O discurso vai por un lado pero o dedo, o botón, a realidade, a realidade, señora Rodil, vai por outro moi distinto.

Mire, a conselleira —e eu agradézollo— veu falar do futuro. Non eludiu falar do presente, pero, desgraciadamente, a oposición centrouse en falar do pasado. É algo bastante habitual. A min apéname, porque, señores, o futuro non é un paraíso que imos atopar. O futuro é unha oportunidade que temos que conquistar e que temos que construír entre todos. Hoxe a conselleira tendeu a man para que vostedes se incorporen a ese labor de gañar un futuro mellor para as galegas e os galegos. E non é unha invitación baleira. Onte mesmo empezaron os traballos da Comisión de Reactivación neste Parlamento. E, polo tanto, temos un foro axeitado onde se pode chegar a eses acordos. Un deses acordos fundamentais e unha das



oportunidades que aparecen é a de construír un novo modelo residencial; un novo modelo residencial polo que, por certo, xa se anunciaron ferramentas.

A primeira é a creación dunha dirección xeral de atención integral socio sanitaria, que ten como principal elemento e obxectivo iso mesmo. A conselleira anunciou que vai enviar un documento coas liñas estratéxicas básicas dese novo modelo para que poidan facer achegas. As ferramentas están aí.

A conselleira falou de afrontar o reto demográfico, a través das achegas dos distintos grupos á Lei de impulso demográfico. ¿Que recibimos? Descualificacións. Dise que non se fai nada, que a Xunta non ten interese. Isto dínno-lo os mesmos que tiveron nove meses o Comisionado para o Reto Demográfico vacante. Despois substituírono por unha secretaría general —creo—. Dá igual, a verdade é que a diferenza entre a vacante e a secretaría notouse pouco. Pero, iso si, veñen aquí a dar leccións e a dicirnos que temos que mellorar a política demográfica no noso país, pero din que ¡coidado coas medidas, que estamos apostando polo natalismo! A min —de verdade— hai cousas que me custa entender. ¿Parécenlles pouco 250 euros de axuda? ¡Home!, eu non o sei. Pois igual non son suficientes, non lles digo que non. Pero máis que cero, que era o que había durante todos estes anos, incluíndo os que gobernaron vostedes, creo que é unha mellora bastante importante que deberían recoñecer. *(Aplausos.)*

Eu voules pedir unha cousa, porque, se non, isto vai ser tremendamente complicado. Saian da trincheira do partidismo e comecen a facer aportacións razoables, útiles e factibles. Porque o que non merecen nin as galegas nin os galegos é unha oposición que ten o «non» como único discurso e o pasado como único horizonte. Iso non é razoable. A política social da última década, señorías —infórmoos—, xa foi xulgada polos galegos; e a xestión do Goberno galego na crise da covid-19, tamén. E, por certo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben. Dinme que non, non sei que... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Mire, pero pare un momento. Vamos ver, señora Castro. Houbo un domingo, non hai demasiado tempo, no que puxeron unhas urnas de cristal nuns espazos. A xente achegouse. Non sei para que pensaba vostede que era. Era para escoller o Goberno de Galicia, era para avaliar a súa xestión. Levan once anos avaliándonos e a resposta son 42 deputados, máis apoio ca nunca e, polo tanto, sinceramente, máis confianza ca nunca. Non sei que pensaban que se facía neses domingos. ¿A que estaban vostedes? ¡Como que non se avaliou! ¡Claro que se avaliou!, e avaliou positivamente, porque a Xunta de Galicia foi pioneira.

Sei que lles molesta moito escoitalo. Foi pioneira no establecemento de protocolos precisamente para protexer toda esa sociedade que é especialmente sensible a esta pandemia. Foi pioneira establecendo un sistema de residencias integradas que foi copiado practicamente por toda España e máis alá das nosas fronteiras —importantísimamente implementado, por exemplo, en Sudamérica, señorías—. Foi pioneira en establecer cribados masivos para o persoal e os usuarios. Foi tan pioneira que no día de hoxe é a única comunidade autónoma que segue con eses cribados quincenais tanto para persoal como para usuarios. *(Aplausos.)* ¡É a única! ¡A única! E vostedes veñen aquí a cuestionalo. É unha cousa asombrosa, atrévase vostedes a cuestionar absolutamente todo, incluído as cifras.



Mire, onte coñecía unha noticia: «A señora Miranda avanza que o BNG denunciará en Bruxelas a situación das residencias de maiores». (*O señor Pazos Couñago amosa un papel desde o estrado.*) Levei un par de sorpresas —teño que dicilo—. A primeira foi porque a señora Miranda se presenta como portavoz do BNG en Europa. É curioso, porque, que eu saiba, non é deputada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, ten razón, vamos ser xustos, porque a min gústame non enganar os galegos. A señora Miranda actualmente é asesora política do señor Fernando Barrena, de Bildu. (*Risos.*) (*Fortes murmurios.*) ¡Non, perdón, perdón! É a páxina do Parlamento Europeo do señor Barrena. (*O señor Pazos Couñago amosa un papel desde o estrado.*) Aquí poden ver o nome da señora Ana María Miranda Paz, que creo que é compañeira súa. Dígoo por non enganar os galegos e contarlles que o BNG vai levar a Europa o tema das residencias. Non o vai levar o BNG, vaino levar Bildu, vaino levar o señor Fernando Barrena, ese que segue dicindo por aí que ETA segue sendo unha referencia política. Convén contalo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora Miranda, que non é moi precisa explicando cal é a súa condición en Europa, en cambio si é máis precisa dando os datos das residencias. E di: «A mortalidade en España en residencias supón preto do 62 % das mortes notificadas oficialmente». E despois dá as cifras de Galicia, obviando efectivamente, nomear a porcentaxe, que é 20 puntos inferior. Iso si, invéstigase, ou preténdese investigar, a comunidade autónoma que ten 20 puntos menos de mortalidade nesas residencias que a media nacional. E resulta —porque isto teñen que sabelo as señorías socialistas— que ir a Europa a queixarse de que se quere dar un pelotazo para subtraer a elección e cambiar e modificar as normas na elección do Consejo General del Poder Judicial é antipatriótico. Pero ir a Europa a queixarse e poñer a parir a Xunta de Galicia, que conseguiu vinte puntos menos de mortalidade nas residencias, é patriotismo galego. (*Aplausos.*) ¡É que hai que ter pouca vergonza! Como hai que ter pouca vergonza para encher a boca aquí falando de retrasos na creación de residencias, falando de cal é o modelo de prestación de residencias. ¿Cal é o seu? ¿En Lugo, na Deputación, gobernan vostedes? Creo que si. Hai residencias en Lugo —que están acabadas desde hai sete anos— que foron inauguradas tres veces e seguen pechadas. (*Fortes murmurios.*) Non, non, en Castroverde, Meira, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro e Ribas de Sil, e métennos a nós urxencia para construír as sete que, por certo, están esperando terreos nas cidades para ser construídas. (*Fortes murmurios.*) ¡Non se alporicen! (*O señor Pazos Couñago amosa un papel desde o estrado.*) Miren, para que vexan que non lles minto, teño aquí o señor Besteiro —creo que lle soará a algún o señor Besteiro— inaugurando algunha destas residencias que hoxe en día continua pechada.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: É certo que igual é por incompatibilidade coa súa propia ideoloxía, porque o curioso é que hai catro que si están funcionando, catro que si están funcionado: dúas xestionadas por Mensajeros por la Paz; e outras dúas, por empresas privadas. E veñen exixirlle á Xunta o modelo de prestación directa. ¡Non se pode ser máis hipócrita! (*Aplausos.*) Dígollelo así de claro. A hipocrisía política desta da bancada é infinita.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: E o que lles pido é que sexan un pouco máis serios.



Despois, na segunda intervención, seguro que temos oportunidade de falar de cuestións que tamén mencionaron as súas señorías. Pero dígolles, de verdade, que o mínimo que lles pido, o mínimo para vir debater, é un pouco de altura de miras...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...e unha certa coherencia do seu discurso cos seus feitos. Ata agora non a amosaron.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

Grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Réplica da conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Deputados e deputadas.

Señora Castro, vostede falaba das prazas de centros de día que temos que continuar creando, prazas de residencia. ¿Pero vostede non me escoitou na primeira intervención, que lle dixen que queremos chegar a que o cen por cento, todos, absolutamente todos os concellos de Galicia, dispoñan dun recurso de atención diúrna, ben sexa un centro de día ou ben sexa a través dunha casa do maior —que ademais é cen por cento gratuíta para todos os usuarios—?

Falamos tamén de prazas de residencia —á señora Rodil non lle gusta, di que levamos varios anos—, de 900 novas prazas públicas de atención da máxima calidade, nas mellores residencias a nivel europeo, á disposición dos nosos maiores en Galicia. (*Aplausos.*) Aínda hai pouco fomos firmar novas parcelas no Concello de Pontevedra, que nos cedeu a mellor parcela que tiña o alcalde —ao cal quérolle agradecer a súa boa disposición para ubicar a residencia dos maiores na mellor parcela da que dispoñía o Concello—.

Falan tamén vostedes de loita contra a pobreza. Mire, Galicia é a comunidade que máis destaca na loita contra a pobreza e a exclusión social. E por iso o Goberno galego destina nestes momentos máis orzamento ca nunca neste ámbito. E ¿sabe vostede con quen nos aconsellamos? Con EAPN-Rede Galega Contra a Pobreza, que é a que nos axuda cada día a continuar traballando para axudar a todas esas familias e a todas esas persoas que están nunha situación de especial vulnerabilidade.

Eu non sei por que se enfadan tanto, por que se alborotan tanto, cando falan da Lei de dependencia, tanto o Partido Socialista, membro do Goberno, como o partido do Bloque Nacionalista Galego, muleta do Goberno. É certo, e repítoo: o Goberno central é moroso. É



moroso porque unha persoa morosa ou un goberno moroso é o que non cumpre. Non cumpren a Lei de dependencia e veñen aquí a esta tribuna a falar do señor Rajoy. Falemos dos que están gobernando. A Lei de dependencia é do señor Zapatero. ¿Por que non cumpren agora coa Lei da dependencia? Son 200 millóns de euros que lles deben cada ano a todos os galegos e a todas as galegas. E a Xunta de Galicia ten que poñer sobre os seus lombos tres de cada catro euros da factura dos nosos dependentes. *(Aplausos.)*

Miren, fala tamén vostede, señora Castro, do servizo de axuda no fogar. Eu doulles unha vez máis as grazas a todas esas profesionais, que principalmente son mulleres, que durante o confinamento seguiron traballando nas casas das persoas maiores para coidalos e para mimalos. Ben, nós temos que continuar apoiando os concellos a través do servizo de axuda no fogar, con máis horas, como lles estamos dando cada día aos concellos, e máis financiación. Pois esa pasta é a que ten que vir de Madrid —200 millóns de euros menos cada ano—.

Fala vostede tamén dos equipos de protección. ¡Pero se aínda estamos esperando que nos manden os equipos do Goberno central! ¡Mascarillas defectuosas! E a compra centralizada, ¿onde está? Os equipos de protección son os que manda a Xunta de Galicia todas as semanas a través de Clonegal a todos os centros de día de Galicia, a todas as residencias de Galicia e a todas as escolas infantís de Galicia. Eses son os equipos de protección que aporta a Xunta de Galicia para protexer os nosos nenos, os nosos maiores, as persoas con discapacidade e tamén a todos os profesionais dos servizos sociais de Galicia.

Fala vostede tamén da Risga e da inclusión social. Miren, dende o ano 2009 incrementamos un 73 % o orzamento que vai destinado á inclusión social. O investimento na Risga é o maior da historia de Galicia, o triplo que o do ano 2009, cando había 22,7 millóns de euros —nestes momentos, 64,4 millóns de euros—. E reduciuse o número de persoas beneficiarias da Risga en 400. Mentres, o ingreso mínimo vital aínda chega, que eu saiba, ao 20 % da estimación que tiña o Goberno central. Eu pídolles por favor que todo o que din nesta tribuna tamén o trasladen ao Goberno central, para que sexa o ingreso mínimo vital áxil e chegue con eficacia ás persoas que máis o necesitan.

Fala vostede tamén, señora Castro, das prazas públicas en escolas infantís. Mire, cada día continuamos creando máis prazas públicas en escolas infantís. Temos o dobre, o dobre de prazas públicas en escolas infantís para os nenos e as nenas de Galicia que no ano 2009. Pero é que, ademais, adoptamos unha decisión pioneira, que é unha referencia a nivel nacional, como é a gratuidade na educación infantil para segundos fillos e sucesivos, do que se benefician máis de 14.000 familias galegas.

Señora Rodil, vostede dicíame que lle gusta o cine. A min tamén me gusta o cine, aínda que ultimamente teño pouco tempo para ver películas. Pero o que si presencio a miúdo son as obras de teatro cando nos convoca o señor Iglesias, xunto co seu equipo, para falarnos de medidas que son un *bluff*. Falounos do ingreso mínimo vital, e chegou un momento en que non sabiamos se tiñamos que falar do ingreso mínimo vital co señor Iglesias ou co señor ministro da Seguridade Social. Nós fixémoslles moitas suxestións, e non entendemos por que aínda nestes momentos din que lles van dar as competencias a Euskadi e a Navarra e, en cambio, a Galicia non porque xestionamos mal. Pois ¡carai se xestionamos mal despois de trinta anos xestionando a Risga e chegando ás persoas que máis o necesitan! *(Aplausos.)*



Miren, señoras deputadas, a verdade, señora Rodil, cando fala vostede da Tarxeta Básica, dificilmente pode considerarse que sexa unha mala noticia que haxa fondos dispoñibles para continuar traballando por esas persoas que realmente o necesitan. Aquí a Galicia ideal sería aquela na que ningún galego nin ningunha galega tivese que solicitar esta axuda para os produtos de primeira necesidade. Pero mentres teñan que existir, pois non dubide de que a Xunta de Galicia estará aí cada día ao carón de todas estas persoas, poñendo todos os fondos que sexan necesarios para que todas estas persoas e todas estas familias poidan saír adiante.

En definitiva, señorías, eu pídolles que me crean cando lles digo que entendo que a principal tarefa da oposición é o control do Goberno. Eu sei que é así e que debe ser así nunha democracia que é sa, para o beneficio de todos os cidadáns, para beneficio de todos os galegos e de todas as galegas. Eu non pretendo, de verdade, que eloxien os nosos éxitos, pero si que me gustaría, cando menos, que fosen quen de trasladarlles aos galegos e ás galegas un discurso que sexa acorde coa realidade. Porque de nada serve, de nada serve, crítico todo sen atender a un criterio obxectivo. Do mesmo modo que eu creo que de nada serve criticar sen ofrecer polo menos alternativas mellores. Eu entendo que do debate político sempre deberían xurdir novas ideas, e máis no contexto actual no que a cidadanía nos exige cada día, e agora máis ca nunca, observar como os responsables públicos tamén somos quen de aparcas temporalmente as nosas diferenzas para procurar ou para chegar a ese ben común que tanto necesitan os galegos. E non é a primeira, nin tampouco será a última vez, que eu diga nesta Cámara que, ante a crise actual, soamente podemos actuar con realismo e con moita responsabilidade porque llelo debemos aos galegos e llelo debemos ás galegas; porque, se actuar con realismo e con responsabilidade é o mellor modo de actuar en circunstancias normais, en circunstancias extraordinarias, como a que estamos vivindo nestes momentos de pandemia, obríganos a demostrar, con máis forza ca nunca se cabe, a exemplaridade na xestión pública. Entendo que debemos redobrar os esforzos e intentar ser exemplares todos, e cando digo «todos» falo do Goberno pero tamén falo da oposición, e que, polo tanto, esa derrota electoral non supoña unha dispensa das responsabilidades na cidadanía galega.

Cando falamos de pandemia e cando falamos do ámbito social, hai moitos comportamentos que son exemplares; comportamentos exemplares son os do persoal de todos os centros de menores, que seguiron axudando ao desenvolvemento persoal de tantos nenos, de tantas nenas e de adolescentes durante o confinamento, e sempre cun sorriso na súa cara. Comportamento exemplar é o dos profes das escolas infantís, cuxa dedicación fixo posible un inicio de curso absolutamente normal nunhas circunstancias extraordinarias. Tamén é un comportamento exemplar o das impulsoras das casas niño e das casas dos maiores que temos en Galicia, que, a pesar do seu reducido tamaño e do tamaño dos seus centros, foron e fixeron o indicible para adaptar os seus servizos á situación actual. Comportamento exemplar foi durante este verán o dos centos de monitores e de monitoras que traballaron da man dos nenos de Galicia para facer unha campaña de verán con contaxios cero, e que os nenos e as nenas de Galicia se puidesen continuar divertindo saíndo das súas casas. Comportamento exemplar é o dos traballadores do servizo de axuda no fogar, que garantiron, garanten e continuarán garantindo sempre que todas esas persoas maiores que precisan coidados na súa casa os poidan seguir tendo, coidados de primeiro nivel no seu domicilio que non se interromperon nin un só intre. Comportamento exemplar, por suposto, é o de todos os centros de día de Galicia, cos que, a pesar de ter algunha diferenza con eles nun primeiro momento,



conseguimos chegar a unha solución que conxuga o benestar das persoas maiores coa máxima seguridade sanitaria. E, por suposto, tamén foi un comportamento máis que exemplar o de todos os traballadores e traballadoras das residencias de Galicia, que baixo unha presión inédita foron quen de dálo todo por todas aquelas persoas que nolo deron todo a nós.

Entenderán ata que punto nos sentimos obrigados en Galicia a cumprir e a recoñecer o bo facer de todos estes profesionais. Por iso unha das grandes preocupacións da Xunta de Galicia é continuar achegando cada día máis ferramentas a todos estes profesionais. E non falo só de ferramentas materiais, senón tamén da formación e dos mellores protocolos do mundo.

Eu sei ben que hai moitas cousas que mellorar. Teñan seguro, señorías, que non me darei en ningún momento por satisfeita, pero estou convencida de que do inconformismo nacen os cambios que conducen á prosperidade. Pero tamén teño a certeza de que o mellor xeito de mellorar e de prosperar é que traballemos todos xuntos e todos unidos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Mire, señora conselleira, as palabras e as promesas están moi ben, pero lévaas o vento. E sabemos de sobra que a propaganda, o autobombo, ou o xogo de pirotecnia, como din algúns dos deputados do Partido Popular, é unha especialidade base deste goberno do Partido Popular.

Pero o certo non é iso. O certo é que, dende que comezou a pandemia, no eido social a Xunta non está nin se espera. Dende o inicio foron os concellos, foron os concellos os que asumiron as competencias impropias para facer fronte a esta crise do coronavirus. Lémbrolle o artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia, que lle outorga a competencia á Xunta en materia social. A Xunta neste momento está a desatender 313 concellos e 2,7 millóns de galegos e galegas.

Mire, en relación coa Tarxeta Básica, da que falaba vostede agora mesmo e da que o presidente da Xunta presumiu onte na prensa, con outra campaña de autobombo, dígolle que recoñezo a necesidade desta tarxeta — como así a veñen demandando as entidades do terceiro sector durante moito tempo—. Espero que chegue ao prometido e que non quede tamén nunha campaña de autobombo. Pero pídlle que non esqueza os concellos. Os concellos están a facer un gasto social enorme que non lles corresponde. A Xunta debe ao Concello de Pontevedra neste momento 400.000 euros de gasto social efectuado como consecuencia do virus. Páguelles e axude os concellos a sufragar esta situación.



Mire, nós, os socialistas, entendemos que o estado do benestar é un dereito irrenunciábel da cidadanía, por iso o Goberno de España, dende o inicio desta pandemia, adoptou medidas para protexer a cidadanía galega, como a de todos os galegos — máis de 270.000 traballadores galegos— protexidos polos erte; as axudas da prestación extraordinaria a autónomos, de 45 millóns de euros ao mes de investimento para este fin; as axudas ao gasto sanitario, con 271 millóns de euros en Galicia; e podo seguir cos créditos ICO ou podo dicirlle tamén o diñeiro en bolsas de comedor, que chegou a ata 13.766 nenos e nenas de Galicia. E o último foron os 15 millóns de mascarillas que dende o 21 de setembro e a través da Fempe e das entidades sociais se repartiron no noso territorio —en concreto en Galicia foron 862.000 mascarillas— para apoiar as entidades locais e as familias máis necesitadas. Eu aínda non recibín na miña casa ningunha mascarilla da Xunta, e teño nenos e nenas; teño nenas en idade escolar. Como dixó vostede o de que «chegamos a todos os nenos e nenas coas mascarillas», ás miñas non chegaron.

Señora conselleira, neste momento, ademais, o que lle pedimos dende o Partido Socialista é que poña en valor a necesidade duns servizos públicos de calidade, para que ninguén quede atrás. Pedímoslle a revisión da Risga, pero para complementarse co ingreso mínimo vital, non para que asuma o Estado competencias que son propias da Comunidade Autónoma.

Creo que debe replantexarse a creación da comisión parlamentaria co obxecto de investigar as residencias, porque creo que é importante determinar as responsabilidades, creo que é importante revisar a normativa aplicable e mellorar a calidade da atención aos nosos maiores. Os protocolos non funcionan, non funcionan porque os contaxios nas residencias entre os usuarios e os traballadores están a ser masivos neste momento. Cítolle O Incio, Outeiro, Culleredo... Non funcionan. Non vale un mapa para determinar os contaxios. Valen medidas, valen revisións dos protocolos. ¿Que está a pasar nas residencias de maiores? ¡Son maiores, señor Pazos, non son datos! Son maiores mortos, non datos. (Aplausos.)

As residencias que anunciou, benvidas sexan, pero espero que iso non quede nun anuncio, porque eu levo esperando pola de Pontevedra anos e anos. É a terceira parcela que lle ofrece o Concello de Pontevedra. Creo que á terceira vai a vencida e van iniciala. Pero aínda non puxeron ningunha pedra. Si, estiven eu con vostede nalgunha desas inauguracións, que quedaron no terreo unicamente.

Despois dígolle que mellore tamén a atención ás persoas con discapacidade, que son máis de 58.000 persoas con diversidade sensorial, que non se adoptou ningunha medida por parte da Xunta no ámbito da sanidade e da información, ou da educación, e que estiveron totalmente illadas e abandonadas durante estes momentos máis terribles da pandemia.

Pídlle tamén que cuestione a xestión da educación infantil. ¡Máis residencias públicas e menos casas niño, que supón un intrusismo e unha falta de garantía para os nosos nenos e nenas!

Mellore tamén as liñas de alugueiro para a mocidade axilizando a tramitación. É admirable o traballo —como dicía vostede e que o comparto— de todas aquelas persoas que traballan nos centros de menores. ¡Claro que é admirable! Vostede di que traballan cun sorriso. Eu



dubídoo moito, porque, traballando nunhas condicións precarias, cunha gran temporalidade, con escaseza de persoal, traballar traballan, pero cun sorriso dubídoo moito.

E despois pídlle tamén que proclame unha lei de atención á infancia e á adolescencia en Galicia, amparada baixo o marco da recente Lei nacional de protección á infancia e á adolescencia, que acaba de aprobar o Goberno de España.

E, señora conselleira —e xa remato—, con todas estas iniciativas, todas estas iniciativas deseñadas e executadas pero tendo en conta as persoas e utilizando os medios necesarios para que estas poidan gozar dos bens sociais, nós prestámoslle todo o noso apoio. Nese camiño terá o apoio dos socialistas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Dicía o señor Pazos que non queriamos falar de futuro. No BNG do que falabamos, señor Pazos, era do presente. E o presente é que neste país, antes da covid tiñamos —e acabamos de ler unha declaración institucional esta mesma mañá— un 24 % de persoas en situación de pobreza. O que tiñamos antes da covid, no ano 2019 —saíu estes días, haberá dous ou tres días, o Informe Foessa—, é que os ingresos que reciben como salario un 12,5 % das persoas que teñen un contrato laboral, que teñen un traballo, non chegan para cubrir as necesidades básicas. E as necesidades básicas son pagar a vivenda e pagar a comida. *(Aplausos.)* Moitas das casas precisamente deses fogares, dentro do que se chama pobreza laboral —que eu creo que deberíamos empezar a enfocar un pouco máis a cuestión, xa que é explotación, directamente— *(Aplausos.)*, moitas desas casas dese 12,5 % de traballadores que lles chaman «traballadores pobres», están ademais formadas por persoas e por familias con crianzas. É dicir, esa é a realidade que temos hoxe e antes da pandemia, jantes da pandemia!, porque os informes correspóndense co ano 2019 —tanto o de pobreza como o recente de Foessa sobre a pobreza laboral, ou explotación laboral—.

Nós a semana pasada —se non me falla a memoria, e vostede creo que se refería na súa intervención a esa comisión na que se falou de pobreza cunha iniciativa que presentou o BNG— unha das cuestións que lle pediamos ao Goberno nesa iniciativa era algo tan marxista-leninista, subversivo e revolucionario como un informe, *(Aplausos.)* un informe sobre o impacto da pobreza na economía galega, e sobre todo tendo moi en conta e moi presente o efecto que a crise económica está a ter xa en moitísimas familias traballadoras deste país. Porque esta crise é sanitaria. Alguén pola mañá dicía: O primeiro e máis importante é afrontar a crise sanitaria. Si, pero é que ten unhas derivadas económicas brutais, probablemente sen precedentes, e vostedes votaron en contra de que se fixera algo —insisto— tan absoluta-



mente rupturista *con la unidad de España* como facer un informe sobre pobreza económica no noso país.

Para afrontar iso, unha das cuestións que saíu no debate —e dicíao tamén a conselleira—, efectivamente, é crear rendas de garantía ou rendas mínimas, ou rendas de integración ou de inserción social. Pero non vale de nada, de verdade —porque levamos como tres meses, eu polo menos, desde que se aprobou a lei que regula o ingreso mínimo vital no Estado español—, darse golpes de peito, rasgarse as vestiduras e dicir «*¡que malo, malo, malo es Pablo Iglesias!*». Non nos serve de nada porque iso non lle cambia a vida ás galegas e aos galegos que hoxe teñen unha necesidade de ingresos fundamental para afrontar os problemas económicos que teñen.

Nós desde o BNG —vostede tendeu a man e eu voulle tender tamén a do Bloque— imos poñer no próximo pleno que se aprrobe a reclamación por parte desta Cámara da transferencia da xestión do ingreso mínimo vital para o Goberno galego. Pero tamén lle digo unha cousa: Euskadi e Navarra aparecen nesa lei —nunha disposición adicional, especificamente— porque teñen soberanía económica. Ter ferramentas políticas para poder decidir desde aquí e para poder afrontar desde o Goberno galego —que é a quen lle corresponden os problemas que xa temos hoxe as galegas e os galegos— é o que nos permite ter unha situación mellor. (*Aplausos.*) ¡É o poder político!, non é o antollo do Goberno de España, nin de Pablo Iglesias, nin de Pedro Sánchez, nin do señor ministro de Seguridade Social. Son as competencias recoñecidas xa nos seus estatutos de autonomía. Por iso, cando o BNG fala de que hai que ir máis alá do autogoberno que ten recoñecido este país, que necesitamos ferramentas políticas para afrontar os retos que temos por diante —hoxe presentes pero tamén a futuro—, falamos de cousas de comer, falamos de mellorar as condicións de vida das traballadoras e dos traballadores deste país, e de incluír ese ingreso mínimo vital.

Pero eu tamén lle digo unha cousa. Vostede dicía e poñía de exemplo a Risga, ¿non?, e todo o que leva xestionado esa renda o Goberno galego. Non a use de exemplo porque non chega a cubrir nin a todas as persoas que a necesitan, nin chega o ingreso —á totalidade que a perciben, a moitísimas persoas que son beneficiarias, que son máis de 9.000 no noso país— nin sequera para cubrir moitas veces as necesidades para pagar o custo da vivenda ou para afrontar —insisto— cuestións de necesidades básicas do noso día a día. E iso tamén llelo ten que ter trasladado —porque nós estivemos reunidas con elas e con eles esta mesma mañá— a Rede Galega Contra a Pobreza. Estou absolutamente convencida de que lle din o mesmo ao BNG que a vostede, e é que necesitamos ir a unha renda galega de inclusión social e laboral que garanta efectivamente que as persoas, polo simple feito de ser persoas, teñan dereito a ver cubertas todas as súas necesidades vitais básicas. Porque é un dereito humano fundamental, non é unha esmola, como ningún dos dereitos sociais que a súa consellería ten a responsabilidade de garantir para todas as galegas e todos os galegos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)



Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Como dicíamos, conselleira, *atrapados por su pasado*. Importantes aportacións as que nos fixeron. Quero sinalar a da señora Castro, que considera que non funcionan as políticas contra a pobreza porque non lle chegaron as mascarillas a unha deputada. Supoño que chega xusta á fin de mes. Se quere solucionar o das mascarillas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, eu dígollo porque, se queren solucionar o das mascarillas para a xente que pasa necesidade, o que poden é deixar de mentirlles, como o fixeron hai quince días nesta Cámara, como o están facendo permanentemente dende o Goberno dicindo que non reducen o IVE das mascarillas porque hai un regulamento europeo que llelo impide. Eu déixolle aquí o cadríño (*O señor Pazos Couñago amosa un gráfico desde o estrado*): Portugal, 6 %; Bélxica, 6 %; Francia, 5,5 %; Alemaña, 5,5 %; Italia e Países Baixos, 0 % —exentos—. O regulamento non impide nada porque a Comisión non está vixiando, permítellelo absolutamente a todos os países. (*Aplausos.*) ¡Os únicos que manteñen un IVE ao 21 % para as mascarillas son vostedes! (*Aplausos.*) ¡E vén aquí dicir que non lle chegou a mascarilla á señora deputada!

Mire, eu non sei, de verdade, creo que teñen esta obsesión de convencernos a todos de revisar o pasado e de convencernos a todos de que Feijóo o fixo moi mal e de que Pedro Sánchez o fixo moi ben. Veñen aquí dicirnos: Apoien os orzamentos socialistas.

Bueno, falémolo, ¡falémolo! Mire, nese cacarexado anuncio que fixo o señor Iglesias —que tantas empatías lle esperta— (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)... Non, non, hai 600 millóns de euros anuais para toda a dependencia en España. ¿Vai levar un terzo Galicia? ¿Vannos dar os 200 millóns? Se nos dan os 200 millóns, estudamos o orzamento. ¿Vannos dar os 200 millóns que nos deben do IVE e van estar no orzamento? ¡Podémolo estudar! E os 170 de incentivos por cumprimento ¿van estar nese orzamento? Porque estaríamos dispostos a estudalo. Os 100 millóns de políticas de emprego que nos guindaron ¿vannolos devolver neses orzamentos? Porque poderíamos estudalos. Os 36 millóns —máis de 36— que nos deben do fondo covid, ¿van estar nese orzamento? Porque, se están, eu comprométome a falar co meu grupo e dígolle que estudemos a fondo pedir que aproben ese orzamento. A realidade é que son vostedes os que lle están negando os cartos a Galicia. Non veñan aquí pedir orzamento cando son vostedes os que están privando a Galicia dos recursos para facer políticas sociais. (*Aplausos.*) ¡Hai que ter un pouquiño máis de vergoña!

¡E veñen aquí falar de recortes! Mire, vamos deixar unha cousa clara para todos, que creo que deberíamos chegar a ese mínimo consenso. Mire, os recortes, que eu saiba, non son un obxectivo político de ningún goberno, non o son, son a consecuencia de políticas económicas erradas. Cando vostedes falan de Mariano Rajoy sempre lles esquece contar que colleu un goberno no que xusto antes vostedes conxelaron as pensións de todos os pensionistas españois e reduciron o salario de todos os funcionarios públicos, non dos altos, de todos os funcionarios públicos, deses que tanto lles preocupan, ¡de todos! (*Murmurios.*) Dependendo do que cobrasen, graduábase a rebaixa. ¡Rebaixáronllelo a todos, ao cen por cento! (*Murmurios.*) Polo menos, cando falen destas cousas ¡póñanse colorados! (*Murmurios.*) É o mínimo que lles pedimos, que se poñan colorados. (*Murmurios.*)



¡Home!, veñen aquí falar de que temos que establecer protocolos, de que temos que ser claros, de que temos que intervir para parar os gromos. ¡Todos queremos parar os gromos! Vamos dicir as cousas. Agora mesmo o nivel de afección nas residencias galegas está por debaixo do 2 %. E, como xa os coñezo, non é que nos comparemos cos peores, é que nos comparamos con todos e estamos entre os mellores. É un resultado obxectivo. Porque, claro, mortos son todos. ¡Claro que todos son datos e todos son mortos! Pero nesas comunidades autónomas que gobernan vostedes e que teñen os datos bastante máis altos ca nós, ¿verdade?, os que morren tamén son persoas maiores. Eu teño respecto por todas, pero, evidentemente, para avaliar políticas públicas teremos que facer unha comparación desas políticas públicas e dos seus resultados. E, claro, se queren que o controlemos, ¡céntrense nas ferramentas xurídicas que lles levan pedindo, por certo, durante meses, ¡meses! Estamos en plena pandemia. ¿Reforma da Lei de saúde pública? ¡Nones! ¿Orzamento? Polo de agora, nones. ¿Saben cales son as prioridades lexislativas do actual Goberno? *La reforma de elección del Consejo General del Poder Judicial, la reforma del delito de sedición, memoria histórica y una ley de eutanasia*. ¡Van solucionar moito o problema da xente que está sufrindo a pandemia! A verdade é que si, teñen vostedes un *cuajo* importante.

E despois, mire, xa sei que lle vai dar igual, señora Castro, pero a próxima vez que veña aquí falar de propaganda, polo menos póñase colorada. É o mínimo. Mire, voulle recordar isto (*O señor Pazos Couñago amosa un papel desde o estrado*): ¿recorda esta tirada espectacular da prensa española? Mire, somos a primeira potencia europea en porcentaxe de mortos por covid, pero «salimos más fuertes»; (*Murmurios.*) o primeiro país do mundo en número de profesionais sanitarios contaxiados, «salimos más fuertes»; a maior baixada de PIB de toda a Unión Europea, «salimos más fuertes»; o peor escenario económico de recuperación de toda Europa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ... «salimos más fuertes».

Por favor, cando veña falar de propaganda acórdese do seu mestre e non veña aquí dicir cuestións que francamente avergoñan a calquera que teña un mínimo de vergoña. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*Murmurios.*)

¡Silencio!

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio! E ademais voulle dicir unha cousa, e é que non se escoita nada. Ademais o único que estamos facendo é enturbar o aire e non nos fai ningunha falta. Pero garántolle que non



se escoita nada. De todo o que falaron, se llo preguntamos a alguén, non se enterou de nada. Entón é mellor que non compliquemos isto, que xa está de por si complicado. Non compliquemos o ambiente. (*Murmurios.*)

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iso negociáremolo despois. Primeiro imos ver como remata a conselleira a súa intervención.

Para o peche desta comparecencia, ten a palabra a conselleira de Política Social.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL (García Martínez): Moitas grazas, presidente.

Deputada Castro, a vostede preocúpalle o financiamento dos concellos. Mire, dende a Xunta de Galicia durante esta pandemia financiamos os concellos con 8,8 millóns de euros para que atendesen os servizos sociais municipais e para que atendesen os veciños e as veciñas.

Señora deputada, vostede tamén di moi alegremente que os protocolos non funcionan. ¿Que protocolos propón vostede? A min, cando estudei dereito, non me ensinaron ou non tiveron ningunha asignatura de medicina preventiva; polo tanto, un non ten que ser ousado e saber máis que os epidemiólogos e que o comité clínico que asesora a Xunta de Galicia, que son os que elaboran os protocolos, os que os avalan e os que os aproban. (*Aplausos.*)

E a verdade é que do pleno de hoxe si hai algo que me deixou francamente preocupada. É unha afirmación que dixo a deputada Castro. ¿Como poden dicir vostedes ou vostede que as casas niño, que son un dos proxectos máis recoñecidos en Galicia en materia de conciliación, recoñecidos tamén a nivel nacional e incluso están sendo recoñecidos a nivel internacional, son intrusismo? ¿Pero vostede de verdade cre que os responsables, as mulleres —porque son todas mulleres as que xestionan estes servizos de conciliación no rural galego— merecen este tipo de comentarios? ¿Vostede cre de verdade que, coas máis de catrocentas familias galegas que confían o coidado do que máis queren, que son os seus fillos e as súas fillas, estas persoas das casas niño que están no rural galego merecen este tipo de valoracións? Eu non sei, eu pídolle que lles pregunte vostede a todos os alcaldes do Partido Socialista que nos seus concellos contan con casas niño o que opinan as familias deses concellos que teñen como recurso de conciliación unha casa niño para poder compatibilizar a súa vida persoal e a súa vida laboral. Por iso, señora Castro, pídolle de verdade que recapacite nesta afirmación e que na seguinte sesión plenaria, ou na seguinte vez que falemos neste pleno, explique realmente cal é o contido e o alcance da súa palabra «intrusismo».

Miren, de verdade eu penso que podemos seguir falando moito tempo do que se pode mellorar na Xunta de Galicia e do que se pode seguir mellorando dende a Consellería de Política Social. Pero agora, como chega á súa fin este debate parlamentario, a min gustárame, de verdade, darlles as grazas tanto á deputada Castro como á deputada Rodil e tamén, por suposto, ao deputado Pazos polas súas achegas durante as intervencións. Eu pódolles asegurar que valoraremos as súas intervencións e as súas aportacións con moito interese. E tamén sei que podemos seguir avaliando a evolución do ámbito social nas próximas semanas, incluso tamén nesa comisión de reconstrución que se terá aquí no Parlamento de Galicia.



Despois de repasar todos eses acontecementos que foron sucedendo nestes últimos sete meses, a partir do mes de marzo, é inevitable non botar a vista atrás e pensar en todas esas leccións que fomos aprendendo nestes meses as persoas que participamos dende unha ou dende outra responsabilidade e ver como a protección social de Galicia continúa avanzando. Os nosos servizos sociais son os mesmos, ofrecen uns coidados da mesma calidade, co mesmo agarimo e coa mesma profesionalidade, pero á vez todos estes servizos xa son totalmente distintos. Os protocolos pasaron a ser a folla de ruta que seguen cada día tantos e tantas profesionais de Galicia. A relación entre os profesionais sociais e os profesionais sanitarios é moito máis fluída e máis constante, así como a comprensión mutua dende ambos ámbitos. E os responsables políticos contamos cun gran número de propostas e de liñas de actuación para seguir mellorando nos próximos tempos.

Sabemos todos que a pandemia pasará, pero todo o aprendido durante estes últimos, tensos e tristes meses permanecerá no noso recordo para sempre, como así tamén estarán no noso recordo todas esas persoas que xa nos deixaron. A Xunta de Galicia non esquecerá nunca nada do ocorrido e todas esas experiencias servirán para continuar avanzando na construción duns servizos sociais máis modernos, máis seguros e tamén moito máis coordinados. Na xente percíbese unha clara vontade de comezar a falar de futuro. Para iso previamente é necesario abordar as dificultades do presente. E aí tamén terán moito que dicir os servizos sociais, especialmente dende o ámbito da inclusión.

Dígolles que temos que fuxir do conformismo, pero tamén do escasamente construtivo como é o «non» a todo. Evitemos na mesma medida a compracencia estéril e o partidismo substancial. Avancemos, señorías, todos unidos e todos da man, os grupos políticos, os profesionais do sector, os distintos expertos, para traballar entre todos na mellora do ámbito social e para que o día de mañá sexa mellor que o día de hoxe. Estamos afrontando unha situación para a que non existía previamente un manual de instrucións. Nestes meses a ciencia e a experiencia fórono escribindo, e hoxe estamos mellor preparados ca nunca para encarar un inimigo tan temible como é esta pandemia, que á vez é sanitaria e é económica, e que por ambas vertentes acaba sendo unha pandemia social.

Eu sei que nos últimos meses moitos profesionais dos servizos sociais se viron superados, se viron angustiados e se viron asediados polo medo e polas incertezas. E é normal porque é humano. E tamén sei que conseguiron deixar todo iso de lado para seguir brindándolle á xente o que máis necesita, os mellores coidados. E iso non é normal, iso é extraordinario. Por iso lles pido, señorías, que esteamos á altura, que esteamos á altura deses heroes e desas heroínas cotiás das residencias, das escolas infantís, dos centros de menores, de axuda no fogar, de todos os profesionais dos centros de día. Fagamos unha política social entre todos que corresponda co que merece e espera o noso pobo galego. Ese é precisamente o reto desta lexislatura.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Suspendemos a sesión ata as cinco menos cuarto.



Suspéndese a sesión ás tres e trinta e oito minutos da tarde e retómase ás catro e corenta e oito minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión, co punto terceiro da orde do día, mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nas residencias privadas de persoas maiores

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción, doc. núm. 3196.

Emenda de adición.

«1.bis) Concretar e aprobar os protocolos e criterios obxectivos precisos para a intervención das residencias de persoas maiores».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, outra vez.

Imos seguir falando de dereitos sociais e de política social. Hoxe, como se dicía, desde o BNG traemos esta moción despois da interpelación á conselleira de Política Social no pasado pleno. Daquela desde o Bloque puxemos o foco en dúas cuestións que nos parecen fundamentais, que son a prevención e a investigación sobre a xestión da pandemia, sobre a xestión da covid-19, que se fixo nas residencias de maiores do noso país, fundamentalmente as privadas, que, como saben, son a maioría das prazas que existen no noso país e son tamén as máis afectadas.

Diante da situación, efectivamente, que estamos a vivir agora nesta segunda onda, ou segunda fase da pandemia, pero tamén despois de todo o vivido durante os primeiros meses da covid-19 no noso país, a proposta que hoxe defendemos desde o BNG inclúe medidas precisamente neses dous ámbitos, como dicía, tanto da prevención como do resultado das necesarias investigacións que se deben desenvolver por parte do Goberno autonómico de oficio —como dicíamos na propia interpelación—, cun obxectivo estas propostas, esta batería de propostas que compoñen a moción que hoxe defendemos: que, ao contrario do que leva facendo ao longo destes meses a Xunta de Galiza, actúe con anticipación, actúe con previsión e non agarde a tomar decisións a que existan gromos como os que estamos a ver en Monterrei, no Pereiro de Aguiar, en Culleredo, en Oleiros, no Incio ou en Outeiro de Rei, por citar



algúns casos, e que non se agarde a tomar esas decisións cando os gromos están xa fóra de control.

Volvemos insistir unha vez máis, como xa fixemos tamén na interpelación, en que non é de recibo que só se interveña nas residencias cando hai, por exemplo, 137 persoas positivas, como aconteceu recentemente na residencia do Pereiro, 137 positivas o día que se detectou e fixo público ese contaxio masivo. Hoxe suman máis de 160 as persoas contaxiadas.

Desde o BNG cremos sinceramente que a actitude que está a manter a Xunta de Galiza máis parece a dun goberno que non tivese aprendido nada despois de todo o que levamos vivido nos últimos meses, nos últimos sete meses, neste país. E que despois, precisamente, de contaxios aos que me refería anteriormente, como son os que tiveron lugar nos meses de agosto e setembro na residencia do Incio ou na residencia de Outeiro de Rei, é absolutamente intolerable que se detecten gromos como o da Residencia dos Gozos, no Pereiro, e que aínda por riba o Goberno diga publicamente que non sabe o que fallou. O conselleiro de Sanidade dixo que ían mirar a ver que fallara despois de detectar —insisto— máis de 130 persoas positivas nesa residencia.

Cando falamos de prevención, cando falamos de anticipación desde o BNG, ao que nos referimos é a que hai que mirar antes as cousas, non cando xa se ten un contaxio masivo e un gromo completamente descontrolado, como acontece nesta residencia. Porque, ademais —é algo que por desgraza aprendemos neste país nos últimos días—, vemos cales son as consecuencias precisamente de non actuar con premura, de non anticiparse, de non actuar con previsión.

Estamos a falar de persoas —sobra dicilo, pero repetímolo— extremadamente vulnerables ao virus, e no caso por exemplo desta residencia, Os Gozos, do Pereiro de Aguiar, señorías, desde que se detectou o contaxio hai dez días faleceron doce persoas, doce persoas desde que se detectou ese gromo na residencia dos Gozos. Non son danos colaterais, non son cifras, nin moito menos podemos normalizar nin naturalizar esa situación.

A Xunta ten, polo tanto, que intervir as residencias privadas, para garantir que se están a cumprir escrupulosamente todos os protocolos, que contan co persoal e co material que se necesita para atender as persoas usuarias, porque é evidente que algo falla. E cando algo falla non pode saír a situación do control e perdelo absolutamente, como nestes casos aos que me refería.

Previsión e anticipación que ten que estenderse, como tamén o incluimos nas propostas, a todos os servizos sociais, non só ás residencias, e iso pasa —defendémolo así no BNG— por ampliar eses cribados dos que se falaba hai apenas uns poucos minutos aquí nesta cámara, eses cribados que a Xunta está a realizar nas residencias, e que, se atendemos, ademais, ao anuncio do propio Goberno, tamén se estarían realizando tanto nos centros de día como nos centros de discapacidade. O que propoñemos desde o BNG é que eses cribados, ese control preventivo se estenda tamén ao servizo de axuda no fogar e aos centros de menores.

Pensemos que as traballadoras do servizo de axuda no fogar, que soportan ademais unhas condicións de traballo enormemente precarias —hoxe apenas hai uns minutos escoitabamos



a conselleira, ¿non?, parabenizalas, darlles as grazas e chamarlles mesmo heroínas—, certamente o que necesitan non son palmadiñas nas costas senón, por exemplo, condicións de traballo dignas, renovando un convenio colectivo caducado desde o ano 2011, (*Aplausos.*) garantir que non cobran por debaixo do que establece o propio convenio —e hai concellos onde están cobrando as traballadoras do servizo de axuda no fogar por debaixo do que establece o propio convenio— e investir máis nun servizo que é fundamental nun país ademais como o noso.

Son, ademais, persoal sociosanitario, a pesar, por exemplo, de que o Goberno español non lles reconece esa condición cando as exclúe do recoñecemento da covid-19 como enfermidade profesional, e son parte dese colectivo ou deses colectivos sociosanitarios. Están expostas ao virus e traballan ademais con persoas de alto risco; non o fan nun centro de día, non o fan nunha residencia de maiores, senón que o fan directamente nos domicilios das persoas usuarias.

Prevención —insisto— pero tamén transparencia, co resultado da necesaria investigación que ten que realizar a Xunta de Galiza a respecto de todo o que leva acontecido nas residencias de maiores e no conxunto dos servizos sociais neste país.

Lembrámoslle á conselleira na interpelación que o Partido Popular vetara a constitución dunha comisión de investigación sobre residencias nesta cámara, pero que o debate non remataba aí e que a Xunta, o propio Goberno, a Consellería de Política Social ten unha responsabilidade, que é garantir ese traballo de control, de fiscalización do que está a acontecer nas residencias.

Pedimos, polo tanto, que se remitan á Cámara todos os expedientes abertos ás residencias desde que se decretou a emerxencia sanitaria e a documentación correspondente a eles. Aquí díxose que se abriran 32 expedientes a residencias e o que queremos —porque o poder lexislativo, esta cámara, o Parlamento de Galiza ten dereito tamén a coñecelo— é saber cales foron as pesquisas, as investigacións que se levaron a cabo e cales foron as razóns polas que foron sancionadas esas entidades que xestionan esas 32 —supoñemos— residencias de maiores.

Tamén incluímos dúas últimas cuestións: unha que ten a ver co dereito de acceso á información por parte desta cámara, pero tamén do conxunto da cidadanía, e o que ten a ver cunha demanda, ademais, das familias das persoas usuarias das residencias de maiores no noso país, e é que a Xunta de Galicia publique os datos referidos á covid nestes centros, de maneira clara, de maneira accesible, non só para as persoas que traballan nos medios de comunicación, senón tamén do conxunto da poboación.

Información relativa á incidencia da pandemia destes centros, de maneira individualizada, o número de contaxios tanto entre usuarias como traballadoras, as probas que se realizan, a tipoloxía das mesmas e tamén o número de persoas falecidas. Transparencia é, e sobre todo en tempos de crise, tamén sinónimo de democracia e sobre todo o acceso á información é un dereito.

Nós o que estamos vendo —hoxe mesmo pola mañá a conselleira volvía repetilo na súa comparecencia— é que o Partido Popular está instalado un pouco no «fai o que eu digo pero



non o que eu fago», porque viamos como se lle reclamaba ao Goberno español que fixese públicos os datos da incidencia da covid nas residencias no conxunto do Estado —hai que lembrar que as residencias e os servizos sociais son competencia autonómica, no noso caso da Xunta de Galiza—, pero entre tanto que se lle pide fervorosamente ao Goberno español, aquí o único que temos é un cadro plano que se anexa nunha nota de prensa diaria e un par de mapas de cores; datos en aberto non é un nome ruso, é a garantía do dereito de acceso á información que ten o conxunto da poboación deste país. *(Aplausos.)*

E xa para rematar —diciámolo tamén na interpelación—, a covid fixo visible o invisible e agora ninguén pode negar a necesidade dun cambio de rumbo no modelo de residencias que hai neste país, no modelo de coidados que hai en Galiza. Hoxe mesmo volvíase repetir esa oferta de que se vai abrir a un novo modelo a Xunta de Galiza no que ten a ver coas residencias de maiores.

E pedimos algo, tamén como dicía pola mañá, moi *revolucionario*, moi *subversivo*, como un informe que se remita a esta cámara, ademais a instancias do que establece a propia Lei de servizos sociais de Galiza, que se lle pida a unha das entidades, un dos organismos que é asesor do propio Goberno como é o Consello Galego de Benestar, para que aborde cal é a situación que temos en materia de residencias pero tamén do conxunto dos servizos sociais de Galiza. Porque, se queremos cambiar as cousas, o primeiro é coñecer tamén de primeira man como están.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro Rey.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Antes de nada, creo que é preciso recordar e recalcar algo que, aínda que é evidente e por todos coñecido, parece que a este grupo de goberno moitas veces se lle esquece. Primeiro, que dende o inicio da pandemia ata hoxe os maiores focos de contaxio en Galicia foron as residencias de maiores e os profesionais sanitarios. E, segundo —relacionado co anterior—, é que a sanidade e os servizos son competencia da Xunta; así o son dende que se aprobou o Estatuto de autonomía ata o día de hoxe, incluso no período do estado de alarma co mando único do Estado, o mando único que estableceu directrices pero que non eliminou competencias, e neste momento seguen a ostentar as mesmas que ostentaban durante o período de estado de alarma.

E, aínda que pareza evidente, creo que é preciso recordalo, polo hábito que ten este goberno para botar balóns fóra e para evadir responsabilidades. E a Xunta de Galicia desde hai once



anos non asume estas competencias que lle corresponden no Estatuto de autonomía, e refírome á xestión das residencias privadas. A Xunta de Galicia delega esta competencia dende hai once anos en empresas privadas, en empresas amigas. Neste momento, ao redor do 80 % das prazas de residencias de maiores en Galicia son de titularidade privada. ¡É un escándalo!

O Consello de Contas xa alertou disto en 2017, tanto da existencia destas residencias como da mala xestión das mesmas, e da ausencia de xestión cumprindo as normas establecidas, a práctica, a falta de dilixencia na súa xestión. Así, o Consello de Contas dicía: «Algúns residencias preferían evitar facer cambios na súa xestión antes de cumprir coa lei, incluso chegando a pagar multas, porque lles saía máis rendible que facer contratacións necesarias.»

A senda da privatización en Galicia é das máis altas de España, e así emerxeron estas residencias de maiores, que realmente é un negocio, buscan o beneficio e non cumpren coas garantías mínimas e cos protocolos mínimos exixibles. En Galicia pode dicirse que dende hai once anos estase a facer negocio cos nosos maiores. ¿E que fixo a crise do covid? A crise do covid unicamente veu pór en evidencia esas deficiencias.

Hai uns días lía nun titular a directora asistencial de DomusVi, que dicía: «*Pongo la mano en el fuego por la mayoría de los trabajadores.*» —literalmente—. E o mesmo argumento dicía hoxe pola mañá a conselleira. A conselleira hoxe pola mañá facía eloxios ás traballadoras, falaba delas como unhas excelentes profesionais, e parecía realmente que a oposición estaba a botarles a culpa ás traballadoras das residencias. Nós non estamos botando a culpa ás traballadoras das residencias, o que estamos facendo é solicitar responsabilidades cara ás grandes directivas das residencias e tamén por suposto á Consellería de Servizos Sociais. A conselleira de Política Social, en vez de falar tanto das traballadoras, como falaba hoxe pola mañá, con eloxios cara a elas, o que tiña que facer, en primeiro lugar, era escoitalas, pero non só agora, senón dende hai oito anos, que levan metendo por rexistro documentos solicitando unha reunión coa conselleira e que aínda non as recibiu. (*Aplausos.*) Polo tanto, quen cuestiona a realidade das traballadoras son aquelas persoas que non as escoitan, non a oposición, que lle pide responsabilidade ao Goberno pola mala xestión.

Por desgraza, a cronoloxía deste relato non comeza ao inicio da pandemia, senón con moitos anos atrás, con denuncias das traballadoras, como lles dicía, cando as familias advertían que existían incumprimentos na normativa, cando o Consello de Contas informaba que existían incumprimentos nas ratios de persoal, nos recursos, nos pregos de contratacións. E, mentres tanto, as residencias privadas en Galicia seguían a aumentar e as inspeccións seguían a reducirse.

Na primeira vaga da pandemia case a metade dos falecementos déronse nas residencias de maiores, e, aínda por riba, nunha proposición planteada nesta cámara, o Partido Popular vota que non quere unha comisión de investigación. Creo que os nosos maiores a merecen.

Agora, na segunda vaga do covid, as cousas non son moito máis alentadoras. Hai unhas semanas a miña compañeira Marina Ortega, nesta cámara, fíxolle unha pregunta á conselleira sobre a situación das residencias. A conselleira respostou que a situación era moi boa, que



só había un 1 % dos casos contaxiados. Eu repítole, como lle dixen antes ao señor Pazos, que non son tantos por cento, son mortes. E, en segundo lugar, quería dicir que esta cifra realmente non é unha cifra sen máis, senón que son mortes.

Nós queremos ademais incidir en que esta cifra non é certa, porque cos datos que saíron onte —ben, os datos que saen nalgúns medios de prensa, os datos que podemos adiviñar, porque, como dicía a compañeira deputada que me precedeu, non existen datos oficiais, non son públicos os datos oficiais— evidénciase que non son certos. Os contactos nas residencias seguen a xurdir de forma bruta e masiva, a práctica totalidade dos usuarios e dos traballadores están contaxiados en residencias como O Incio, Outeiro, Culleredo, O Pereiro, e non sabemos aínda cales son nin os criterios de intervención das residencias nin canto persoal e cantos recursos aplica a Xunta nas súas intervencións.

Non entendemos medidas como a que coñeciamos a semana pasada na residencia do Pereiro de Aguiar e na residencia O Viso, en Lobeira, na que deu positivo case a totalidade da plantilla e tivo que gardar corentena; e a Fundación San Rosendo supliu isto utilizando persoal doutras residencias, como pode ser a da Esperanza, de Ourense, a de Lobios ou a do Divino Maestro.

¿Que facían coa ratio entón destas residencias? ¿Estaban a tapar un roto cun descosido? ¿E a Xunta ten estes datos, comprobou isto? Creo que nesta cuestión temos moito que cambiar a política da Xunta. Benvinda sexa a nova política que anunciou hoxe a conselleira de facer unha xestión pública e ampliar as residencias en Galicia, e espero que sexa verdade e non sexa só un autobombo, ao que estamos acostumbrados.

E tamén lle digo que a situación é moi complexa, pero hai que mudar o *modus operandi* que ata agora se fixo, hai que cortar os gromos masivos que están pasando nas residencias e que están a ter consecuencias dramáticas.

Por iso, señores do Partido Popular, recoñezan os erros. Deberían ser conscientes de que a mellor forma de atallar as xestións máis complexas é asumir, en principio e en primeiro lugar, que algo falla na súa xestión, que existen erros nas praxes, e así poder dar unha diagnose clara e atallar os erros.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Castro Rey.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Nunha daquelas interminables roldas de prensa que nos regalaba o señor Illa, ministro de Sanidade, cando lle preguntaban sobre o mediador na compra de seiscentos mil tests defec-
tuosos da China, respostou cunha desas grandes perlas da transparencia que nos regalou a



pandemia: «*No lo oculto, pero no se lo digo.*» A min, señora Rodil, cando a oio a vostede dicir que a súa vontade con esta moción é investigar e previr, pásame o mesmo: non quero dúbida, pero é que non a creo.

Mire, creo firmemente que, dende o primeiro pleno desta lexislatura, o único obxectivo que tiveron foi intentar impoñer o seu relato sobre a xestión da pandemia e para iso intentar convencer os galegos basicamente de tres falsidades.

Primeira, queren coñecer a verdade. A súa afirmación non se corresponde cos feitos, señoría. Como di vostede, o discurso vai por un lado e o ton vai polo outro. O Partido Popular intentou impulsar unha comisión de investigación no Congreso, onde todos os grupos desta cámara estamos representados. Creo que o ámbito de investigación e para o debate era o idóneo. Podíamos investigar os posibles erros dos sectores das residencias, das públicas e das privadas; podíamos investigar os erros que teñan cometido as distintas comunidades autónomas; podíamos investigar os erros que talvez puidera ter cometido o Goberno de España; podíamos ter comparado os distintos modelos de xestión das distintas autonomías, analizar fortalezas e debilidades e extraer conclusións. Vostedes votaron «non». Onde se podía investigar e avaliar todo, vostedes votaron «non», e agora exixen investigar e avaliar só en Galicia, nunha das comunidades que tivo mellores resultados. Se entón renunciaron á verdade, ¿que é o que están buscando agora? Creo que a verdade non.

Mire, segunda das falsidades que intentan trasladar á sociedade galega. Esta ten como obxectivo vitimizarse como oposición e de paso trasladar a idea de que en Galicia non temos unha democracia perfecta, ¿verdade? Non. O Partido Popular de Galicia veta a comisión de investigación. É unha mentira dobre. En primeiro lugar, é unha mentira regulamentaria. Artigo 52.1 *bis* do Regulamento da Cámara. Non precisan vostedes do apoio do Partido Popular para crear unha comisión de investigación. Poden facelo única e exclusivamente cos seus votos, poden facelo mañá, poden rexistrala hoxe mesmo. Unha modificación do Regulamento, que se fixo por certo no 2015 coa maioría absoluta do Partido Popular desta cámara e que posibilitaba que os grupos da oposición constituíran unha comisión de investigación, o que se lle negaba por certo ao Partido Popular cando estaba na oposición, a falta só dun escano para a maioría absoluta.

¿Por que lles menten ás familias? ¿Por que lles menten ás asociacións? ¿Por que lles menten precisando o apoio do Partido Popular para crear esa comisión? Se a consideran necesaria, non se vitimicen, non enganen, propóñana, impúlsena, só teñen que facelo.

Segunda mentira, ou segunda derivada desta mentira: o PP ten algo que ocultar. Claro, pretenden estender a sospeita sobre quen mantivo viva durante a pandemia todas as obrigas de transparencia, a diferenza do que fixeron vostedes, señores do Partido Socialista. ¿Quen facilitou todos os datos ao Estado e aos medios públicos, a diferenza do que fixeron vostedes, e quen creou comités asesores e fixo público o nome dos seus membros, a diferenza de vostedes?

Pero vostedes precisan destas falsidades instrumentais para trasladar a última das falsidades, a central, a esencial, a verdade revelada da esquerda galega, ¿verdade? ¿E cal é esa men-



tira? Feijóo fíxoo moi mal e Sánchez fíxoo moi ben. Iso é do que nos queren convencer. E pretenden convencer disto aos galegos, contra toda evidencia, tentando crear un relato alternativo que non ten máis sustento que os seus propios prexuizos e os seus propios intereses.

Néganse cuestións que asombran, señora Castro. O mando único era do Goberno de España. *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, xa o dixoo, o que non dixoo era que o que deixaba ás comunidades autónomas era a competencia ordinaria. ¿Parécelle a vostede que a xestión da maior pandemia mundial do último século, dende a gripe española, é unha competencia ordinaria? ¿Ou non? ¡Cantas mentiras temos oído!

Mire, vostedes veñen aquí contarnos unha serie de cuestións e exixir unha serie de cuestións que, por certo, xa están facendo. Intervención pública, e ademais insistindo, e moito, a señora Rodil no seu momento en que non confundira isto coa nacionalización. Fala de supervisión, de asesoramento. Xa está contemplado, é o que se chama a tutela pública por parte da Xunta de Galicia de todas, do cen por cen das residencias deste país. A tutela, a tutela. Tutela, que indica que se marcan os protocolos, que se garante que se teñen que cumprir e demais, e cando se detectan problemas dáse o seguinte paso, que é o da intervención, o da intervención.

Por certo, como se nos pide na emenda que presenta a señora Castro que aclaremos cales son os protocolos e os criterios, ten graza, ¡eh!, ten graza que isto o faga o Partido Socialista, que presentou os protocolos indiciarios hai unha semana, sete meses despois de iniciada a pandemia, presentou a semana pasada un borrador de protocolos, pero exíxello á Xunta, que os ten por certo dende o primeiro minuto.

¿E quen os aplica? Aplícaos o comité clínico da Xunta de Galicia; como dicía antes, un comité onde todos e cada un dos seus membros son coñecidos e aplican —e xa o dixoo o presidente da Xunta de Galicia en distintas ocasións— e valoran ata trinta criterios distintos e, en función deses criterios, toman as decisións.

Vostedes pídennos que indiscriminadamente interveñamos ou que fixemos protocolos. Eu preguntolle, señora Castro: vostedes durante a pandemia crearon dous protocolos en asesoría do covid: o científico e o económico. ¿A vostede quen a asesora: o comité científico, que non existe, ou o comité económico, que leva sen convocarse dende o día que o crearon? ¿Cal dos dous a asesora? Porque me gustaría sabelo, cando vén vostede aquí dando leccións non sei moi ben de que, a verdade. Sorpréndeme, sorpréndeme.

Eu creo que deberíamos de deixar de enganar a xente. ¡Pedir aquí que se amplíen cribados! Pero se somos a única comunidade autónoma que os está facendo, a única de toda España, non hai outra. ¡Pedir aquí que se publiquen os datos! ¡Pero se se levan publicado dende o principio da pandemia!

Vostede pódeme dicir que prefere outra sistematización, e eu acéptollo. Pero o que non pode é vir aquí achacar unha vontade de ocultar datos, de ser opaco a quen facilitou os datos en todo momento, dende o minuto un. Vén aquí pedir o ditame do Consello Galego de Benestar



e que se faciliten os expedientes. Pero ¡se empuxamos onte unha comisión onde precisamente é onde teñen que propoñer isto! Pero ¡se teñen que propoñer vostedes un plan de traballo! (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, pois nada, vexo que se fartou pronto da comisión, ¿na primeira sesión xa a desbota por completo? Faime aínda reafirmarme máis nas miñas dúbidas sobre a súa vontade de investigar e previr. Señora Rodil, eu creo que veu vostede aquí a outra cousa.

E o que creo que non poden facer —sinceramente llo digo—, o que eu creo que non se pode facer é enganar a xente, creo que non está ben. Creo que non está ben dicirlle á xente que imos blindar as residencias, porque non existen blindaxes. Señoría, non existen. Vostedes parece que non entenderon que estamos ante unha pandemia dun virus descoñecido. Miren, nestes últimos días distintos expertos mundiais saíron valorando a posibilidade de que existise unha nova vía de contaxio a través da influencia dos aerosoles, unha vía de contaxio que foi descartada hai unha semana polo doutor Simón. Comprenderá vostede que, se se está investigando, se se están descubriendo novas posibilidades de contaxio ou de vías de contaxio, tomaranse novas medidas. Namentres, seguiremos aplicando as que conseguiron acadar os maiores ratios de curación e evitaron moitísimos contaxios, moitos máis que no resto de comunidades autónomas, ou na súa maioría. Pois teremos que seguir aplicándoas. ¿Por que? Porque funcionan mellor que as doutras comunidades.

Isto non quere dicir que blindemos as residencias, porque —volvo repetir— é enganar a xente dicirlle que se pode blindar nada. Tanto é así que hoxe mesmo, durante o impás que durou este pleno, o Goberno saíu nos medios de comunicación dicindo que están valorando medidas extremas como decretar un estado de alarma ou o toque de queda. ¿Como é posible? ¿Equivocámonos todas as comunidades autónomas, absolutamente todas? ¿Todos os gobernos fixérono mal? ¿Os únicos que teñen a verdade revelada son os distinguidos membros do Goberno? Que me vai permitir, ¡eh!, pero hai cousas que non podo deixar pasar. ¡Que me veña vostede aquí pedir datos reais, vostedes, que representan un goberno que a día de hoxe ten sen incluír nas estatísticas oficiais máis de vinte mil vítimas da covid!, é para avergoñar a calquera, segundo os propios informes de monitorización de mortalidade do Goberno de España, e seguen negándoo. ¡É vergoñento!

Case tan vergoñento como que veña vostede aquí poñerlle pegas á porcentaxe de prazas privadas que ten a Xunta de Galicia. Gobernan —díxenllo antes— vostedes na Deputación de Lugo. ¿Sabe cal é o número de prazas privatizadas das que facilita a Deputación de Lugo? O 100 %. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: Leccións, as xustas. (*Aplausos.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, xa rematou. Xa está. *(Murmurios.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Si, imos aceptar xa —e dígoos así, en primeiro lugar, para que non se nos esqueza— a emenda que presentou o Grupo Socialista.

Dicía vostede non sei que da vergoña. Non, señor Pazos, eu creo que o que é unha vergoña é a súa intervención, *(Aplausos.)* e dígollo francamente, e explícolle por que. Porque é bastante lamentable, señor Pazos, que, despois de que neste país faleceran 831 persoas, 363 delas en residencias de maiores, vostede me veña falar aquí de Illa, veña ler o artigo 51 do Regulamento do Parlamento e falar de non sei que relato. Isto non é unha guerra polo relato nin vai de nada do relato, senón que estamos falando de vidas, *(Aplausos.)* de vidas humanas; que dicía na miña primeira intervención: nin son danos colaterais —porque tiñan patoloxías previas e moi avanzada idade— nin son cifras —como dicía no caso, por exemplo, recentemente, dos Gozos—, asumibles ou naturalizables por ningunha sociedade, por ningunha. ¿Sabe o que dicían as persoas familiares das persoas usuarias das residencias de maiores precisamente cando o Partido Popular votou que non a esa comisión de investigación sobre o acontecido nas residencias de maiores? Que era indigno absolutamente que nin sequera se quixese investigar que acontecera nas residencias para que faleceran todas esas persoas, cando podería ter sido seguramente evitable.

E eu dígolle que marchou hoxe bastante máis intranquila para a casa do que entrei por esta porta, porque vostede dixou hoxe aquí que todas as residencias estaban tuteladas. E eu preguntome: se todas as residencias, privadas e públicas, están tuteladas pola Xunta de Galiza e nos atopamos —como aconteceu na do Pereiro recentemente— nun só día con 136 positivos e o conselleiro de Sanidade di que «*hay que mirar a ver qué fue lo que pasó*», é dicir, ¿están tuteladas e a Xunta de Galiza é incapaz de saber como pode o 85 % *(Aplausos.)* das persoas usuarias ser positivo? *(Murmurios.)* ¡E aínda ten máis que dicir! É dicir, vostedes están asegurando que a Xunta de Galiza ten o control e a tutela de todas as residencias privadas deste país, que de repente hai un contaxio masivo que afecta a día de hoxe 161 persoas nunha soa residencia, o conselleiro sae publicamente dicindo que el non ten nin idea de que pasou, que haberá que miralo, ¿e vostede aínda me acusa a min —ja min!—, preguntame a min quen me asesora? *(Murmurios.)* A min o que me parecería un escándalo é que o meu Goberno teña tuteladas as residencias e diga que nun contaxio masivo que afecta máis do 85 % das persoas residentes non sabe o que pasou, *(Aplausos.)* ¡que non sabe o que pasou! *(Murmurios.)* Eu insisto en que marchou de aquí máis preocupada do que entrei por esta porta esta mañá.



Falaba vostede dos datos e falaba vostede dos expedientes. E eu tamén, por ir aclarando así algunha cousa. A Comisión de reactivación que se acaba de constituír nesta cámara non é escusa para que o Parlamento, os grupos parlamentarios e as comisións sigan desenvolvendo o seu traballo. Non pretendan escusar o seu voto negativo a algunha das iniciativas que presenten os grupos afirmando «*eso ya lo hablamos allí mañana*». Non, os expedientes —eu díxeno na interpelación hai quince días á propia conselleira—, nós, o noso grupo temos solicitados desde que se activou a posibilidade de que os grupos puidésemos solicitar documentación a través do artigo 9. Non se nos respondeu —polo menos a min, non sei ao resto das compañeiras do grupo ou ao resto dos grupos que están nesta cámara— nin sequera a unha soa das preguntas para resposta escrita que temos rexistradas. O mínimo —digo eu— é que deses 32 expedientes sancionadores que supostamente se abriron a residencias ou a entidades —porque non o sabemos— neste país desde que se decretou a emerxencia sanitaria, o mínimo é saber, por exemplo: ¿un deles é o de DomusVi? Porque saíron vostedes a bombo e prato —diciámolo o día da interpelación— dicindo que se lle ía abrir no mes de abril un expediente a DomusVi, que é un dos grupos que xestiona o maior número de prazas de residencia, xunto coa Fundación San Rosendo, neste país. Nós levamos esperando —van seis meses— a saber algo de que aconteceu con ese expediente. ¿Un dos 32 é de DomusVi? ¿Un dos 32 é dunha única residencia? ¿Son varias? ¿Cantos expedientes sancionadores se teñen aberto aos dous grandes grupos que xestionan a maior parte das residencias de maiores privadas neste país, como son DomusVi e a Fundación San Rosendo?

Digo outra vez o que dixen na miña primeira intervención: o dereito de acceso á información nesta cámara e do conxunto da poboación é un dereito democrático. E pode coller vostede a páxina que ten habilitada a Xunta de Galiza para informar sobre as cifras do coronavirus e coller calquera das outras plataformas de difusión de calquera, de calquera das comunidades autónomas —da de Madrid ou da de Andalucía, que gobernan vostedes— e é que non aguantan a proba do nove. Dígollo pero con toda a tranquilidade e toda a seguridade: publicar notas de prensa en versión beta, con cadros absolutamente estáticos, publicar mapas por cores sen poder nin sequera acceder aos datos de cada unha das incidencias que se rexistran en cada un dos concellos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...non é nin transparente nin é democrático nin é garantista. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos agora ao debate acumulado de dúas mocións.



Acumulación de dúas mocións para o seu debate conxunto

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas detectados na implementación do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A estas mocións non se presentaron emendas.

Para formular as mocións, ten a palabra, en primeiro lugar, o señor Lourenzo Sobral, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

O señor LOURENZO SOBRAL: Presidente.

Señorías.

Andabamos nestes días cuns compañeiros preparando unha unidade didáctica sobre Saint-Exupéry, e dándolle unha volta a unha edición —moi bonita ademais— d' *O Principiño*, relía unha das pasaxes —eu que creo que xa é clásica— da obra que dicía aquilo de «¡que planeta máis raro é este no que os homes non fan máis que repetir aquelas cousas que lles mandan!>>.

E o certo é que, se cadra, eu xa tiña un pouquiño a cabeza nestas cuestións do inicio do curso, pero si é certo que dalgún xeito me levou a unha descrición ben gráfica do que creo que está acontecendo en materia de educación nesta casa, neste parlamento, nos últimos debates. E lembraba isto porque, debate tras debate, proposta tras proposta, iniciativa tras iniciativa, o único que nos atopamos é un grupo que sostén o Goberno situado exclusivamente na lóxica, na propaganda, e repetindo *sine die* aqueles slogans publicitarios que emanan da burbulla de San Caetano, repetindo slogans sen ter en ningún momento en conta cales son as demandas e cales son ademais os problemas obxectivos que estamos a ter no inicio de curso.

E, se cadra, conforme van avanzando este tipo de intervencións, pois un vai tendo a sensación de que ao Partido Popular lle dá absolutamente igual cales sexan as propostas sobre a realidade dos centros, que lle dá igual un pouco cal é a situación que está demandando a comunidade educativa, que lle dá igual cales sexan as iniciativas que aquí trasladamos. E oxalá, señor Rodeiro, hoxe me dea a oportunidade de estar enganado, pero é que o certo é que nos atopamos cun Partido Popular con dialécticas paralelas, que en ningún momento se presta nin tan sequera a achegar o máis mínimo para afondar nos problemas, que eu creo que son problemas obxectivos e que están demandando solucións a berros por parte da comunidade educativa.

E nós se algo temos claro é que, nestes momentos, co inicio de curso que temos por diante e coa que está a caer, non son momentos de slogans, non son momentos de propaganda; son momentos de acordo e son momentos de responsabilidade; e por iso nós non perdemos



a esperanza. E, dende logo, se algo temos claro é que nós non imos contribuír a ese lameiral de slogans no que semella pretenden converter o debate sobre o inicio de curso. E por iso nós queremos vir aquí traer exclusivamente aquilo que nos demanda a comunidade educativa, analizar aquelas cuestións nas que houbo erros, analizar todo aquilo que non se fixo ben e poñer enriba da mesa aquelas propostas que nós cremos que son absolutamente imprescindíbeis para podermos afondar nas solucións a estes problemas.

Señores do Partido Popular, levamos meses nos que a comunidade educativa leva dicindo que as medidas, os bandazos que vostedes viñeron dando coas distancias de seguridade ían traer problemas gravísimos no inicio de curso. Advertimos dende hai varias semanas que incumprir as directrices da OMS e dos organismos sanitarios do 22 de xuño ía traer este tipo de problemas, e non fixeron nin caso. Meses nos que vostedes puideron ter exercido as súas competencias en materia de ratios, en materia de contratación de profesorado, en materia de xestión de espazos, tal cal demandaba a comunidade educativa, e tal cal se fixo, por exemplo, no ensino privado —que, dito sexa de paso, é o gran beneficiado da desfeita que vimos de vivir no inicio de curso por parte do Partido Popular—, e non fixeron nin caso.

E as consecuencias, señores do Partido Popular, pois están enriba da mesa para quen queira velas: claustros que ao tempo que adicaban o verán a preparar o inicio de curso se atopaban cunha consellería que cambiou tres veces de criterio en dúas semanas a respecto das distancias.

E outro tanto do mesmo acontece coa contratación do profesorado. Advertímolos en dúas ocasións, que era necesario contratar máis profesorado, tal cal se estaba demandando nos centros de ensino, para afrontar esta situación. E co que nos atopamos é coa manipulación dos datos de contratación, nomeadamente no programa ARCO, pero tamén na contratación do profesorado de educación infantil e primaria, que era exclusivamente para cumprir coas ratios.

E eu non teño dúbida de que esta sorte de manipulación dos datos pois pode valerlle para tapar as súas vergoñas na TVG pero, dende logo, na comunidade educativa pode ter ben claro que non solucionan absolutamente nada.

Semipresencialidade. Eu creo que é importante reparar un pouco nisto, porque se algo creo que está fóra de toda dúbida a día de hoxe —ata tal punto que mesmo vostedes tiveron que recoñecelo e rectificar tarde, mal e arrastro— é que presentar unha medida do calado que era a semipresencialidade a día 7 de setembro era unha barbaridade; era unha barbaridade que trouxo consecuencias nefastas para o alumnado en xeral e para o alumnado de bacharelato en particular. Non fixeron nin caso a aquilo que lles estaba dicindo a comunidade educativa. E, moi ao contrario, o que nos dicían era que iso da semipresencialidade, esa opción, ía ser a liberdade dos centros. E ao tempo que nos dicían que isto era cuestión de liberdade dos centros, negaban a dotación de profesorado a eses centros e condenaban o alumnado de segundo de bacharelato a non poder asistir a clase, non ter o seu dereito a un ensino presencial coa selectividade á volta da esquina. E o mal, señores do Partido Popular, xa está feito. Para un alumno de segundo de bacharelato perder un mes de presencialidade no inicio do curso vai ter consecuencias inevitábeis.



E por iso eu creo que é de xustiza recoñecer que, fronte ao slogan, fronte á propaganda, dignidade. Dignidade como a que amosaron as familias do IES Sánchez Cantón, do IES Valle-Inclán, de Pontevedra, do IES Castro Aobre, de Vilagarcía, como acabamos de ver esta mañá co IES Antón Fraguas, de Santiago de Compostela, que hoxe mesmo viñeron dicirnos que estaban a dar a lección cando menos tan importante como as que ían recibir no ensino presencial. E a lección non é outra que ante a inxustiza e a discriminación non queda outra que defender o ensino público, non queda outra que a mobilización. *(Aplausos.)*

Ensino a distancia, señor Rodeiro. Era evidente que dende hai seis meses había que planificar un protocolo, unhas medidas para ver como se ía afondar nese ensino a distancia ante unha previsíbel e tristemente probábel volta ao ensino a distancia, cal ía ser a dotación de profesorado, cales ían ser os horarios, cal ía ser a implementación curricular. Non temos aínda a día de hoxe nada diso. É que se temos que volver ao ensino a distancia estamos absolutamente igual que estabamos.

Máscaras, señores do Partido Popular. É que vostedes viñeron aquí hai escasas semanas dicindo que non se podía dotar o alumnado de máscaras porque iso era pouco menos que un dispendio. Pero, señores do Partido Popular, esta mesma mañá Alfonso Rueda *(O señor Lourenzo Sobral mostra unha fotografía.)* dedicábase a facer propaganda do Xacobeo repartindo masivamente máscaras gratuítas. *(Aplausos.)* Eu creo que é algo ao que vostedes deben responder. ¿Cal é a súa prioridade, señores do Partido Popular: a propaganda e o slogan ou a seguridade dos nosos fillos e fillas nas aulas, a seguridade no ensino público?

ANPA, señores do Partido Popular. Vostedes saben que as ANPA teñen un papel fundamental, que cumpren un labor sen o cal non é posíbel, non é viábel a vida educativa nos centros. O que acontecía cos comedores escolares e cos plans madrugadas é que non tiñan seguridade xurídica para levar adiante eses proxectos porque, en caso de pandemia, non eran cubertos. Ante isto o que nos atopamos foi cun director xeral que se dedicou a insultar as ANPA. Non é de recibo e na comunidade educativa, por suposto, non se entendeu esta situación.

Pero, cando esta mañá escoitaba o conselleiro de Facenda falando da taxa de reposición, é que —a verdade— resulta difícil de entender. 2012, 2013, 2014, 2015, 2016, con gobernos do Partido Popular en Madrid, no que tiñamos taxa de reposición cero, de menos do 2 % no sistema educativo, e vostedes aplaudían coas orellas. E agora veñen aquí como adalides da taxa de reposición. É que está moi ben que se lembren de Galicia cando estamos en campaña electoral. O que pasa é que, despois, na realidade, cando hai que tomar decisións para defender os servizos públicos deste país, vostedes o que repiten é Madrid, Madrid, Madrid, PP, PP, PP e FAES, FAES, FAES *(Aplausos.)*, que é quen verdadeiramente lles marca a folla de ruta.

Polo tanto, eu remato, *(Murmurios.)* remato... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*
Dende logo cadaquén... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor LORENZO SOBRAL: ...é responsable dos seus actos, non teño ningunha dúbida. *(Murmurios.)* Polo tanto, remato, se mo permiten, porque ademais estamos falando de edu-



cación e queda moi feo: ante un caso (*Aplausos.*) deste tipo nós o que queremos trasladarlle é que as propostas desta iniciativa, desta moción, teñen como único obxectivo afondar naqueles problemas que nos traslada a comunidade educativa e aportar solucións.

Pídolle, señor Rodeiro, que sexamos quen de chegar cando menos a aproximacións e a falar destas demandas, porque eu creo que son xustas e que son ademais o que está trasladando a berros, día si e día tamén, a comunidade educativa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor LOURENZO SOBRAL: Veñen tempos —remato, presidente— moi duros, vén un outono que vai ser tremendo coa situación que estamos a padecer e coa que probablemente padecerá a comunidade educativa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lourenzo, ten despois outro turno.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...e creo que debemos saír adiante e que debemos poñer solucións para que non pase aquilo que nos dicía...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten despois outro turno.

O señor LOURENZO SOBRAL: ...O Principiño e que poidamos facer algo máis que repetir aquilo que nos mandan.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor Lourenzo.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

En nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, tamén autor doutra moción, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Permítanme, señorías, aínda que non ten absolutamente nada que ver con este debate pero si co mundo educativo, que teña unhas primeiras palabras para ese profesor francés asasinado por defender a liberdade de expresión, por combater precisamente a intransixencia da que foi vítima. (*Aplausos.*)

Tamén, e con carácter previo —despois entrarei na defensa da miña moción—, xa que o señor Puy nos ilustrou pola mañá entre a diferenza existente entre un método de subasta e outros de compra para unha fusión, unha adquisición empresarial —como sexa—, eu tamén lle diría a algún deputado do Partido Popular que parece ter algunha estraña fixación coa Deputación Provincial de Lugo que hai unha diferenza —trivial— entre o que é a titularidade pública



dunha residencia e o que é un concerto cun titular privado. As residencias da Deputación de Lugo son de titularidade pública e, polo tanto, pagan prezos de residencias públicas, non prezos de residencias concertadas. Dito o cal, (*Aplausos.*) e facéndolle caso ao que dixo a conselleira de Política Social na súa comparecencia esta mañá, que dixo que a tarefa da oposición era axudar o Goberno a mellorar a súa actuación, esta moción vai precisamente con ese espírito.

Non imos ser catastrofistas, pero si debemos analizar necesariamente que é o que pasou, que se fixo mal, que se pode mellorar e, polo tanto, cal é a mellor maneira de enfrontarnos aos tempos que nos veñen, que, como acaba de dicir o señor Lourenzo Sobral, non son especialmente bos, segundo parece.

¿Que sabemos? Ben, a día de hoxe sabemos que a situación que derivou da pandemia que produciu esta covid-19 supuxo para o sistema educativo galego unha presión inédita no desenvolvemento das clases como consecuencia do peche dos centros educativos. Tamén sabemos que a educación a distancia que foi preciso poñer en marcha a partir do mes de marzo, de mediados do mes de marzo, supuxo un esforzo sen precedentes para todos, para as familias —por suposto—, para os alumnos —por suposto—, pero tamén —e moi especialmente— para o profesorado, que foi quen co seu traballo e a súa entrega de saír adiante nesa situación tan catastrófica.

E sabemos tamén como elemento adicional que esa situación de suspensión da actividade lectiva é particularmente grave, incide máis en familias que teñen unha situación socioeconómica peor. E, polo tanto, parece de sentido común, parece obvio dicir que a prioridade é manter o ensino presencial, na liña do que dicía o señor Lourenzo Sobral na súa intervención, adoptando cantas medidas de prevención e hixiene sexan necesarias para facelo dunha forma segura e manter o control da pandemia.

Pero tamén sabemos que o control da Administración do ensino non estivo co Estado como mando único. Sabemos que as comunidades autónomas mantiveron íntegra a súa capacidade e a súa responsabilidade de xestión. Sabemos que o Ministerio de Educación, por moito que se diga, desenvolveu as súas tarefas de coordinación entre as administracións educativas e tomou a iniciativa de propiciar ata vinte reunións durante ese período. E tamén sabemos —sabemos moito— que o desenvolvemento deste curso é absolutamente imprevisible. E sabemos tamén que, como dicía o conselleiro —e son datos que el daba—, trescentos cincuenta mil alumnos case ou algo máis de nove millóns de alumnos en toda España requiren a nosa máxima atención para desenvolver escenarios con protocolos adecuados que minimicen os riscos que leven a unha suspensión da actividade lectiva ordinaria.

E nós, como partido de goberno, sabemos que isto presenta unha dificultade enorme e que, polo tanto, o Goberno da Xunta de Galicia vai contar co apoio do noso grupo sempre e cando os protocolos que poña en marcha sexan froito do consenso con todos os actores implicados; consenso que non se deu no protocolo inicial nin no protocolo actual e —desgraciadamente me temo— nos protocolos ou as modificacións que haxa que facer ao longo dos próximos seguramente días ou semanas.

¿E isto por que foi? Pois porque o Goberno da Xunta de Galicia centrifugou as súas responsabilidades cara ás ANPA, cara aos equipos directivos e profesorado e cara aos concellos. As



ANPA, que, como dicía o señor Lourenzo Sobral, desenvolven un papel fundamental, xa advertiron de que era practicamente imposible manter en funcionamento servizos como, por exemplo, os comedores escolares que xestionaban. E que tiñan razón próbao o feito de que a consellería acabou facendo caso das súas demandas.

A Fegamp —xa falamos diso na interpelación ao conselleiro que deu lugar a esta moción— ten estimacións que están cifrando entre máis de doce millóns de euros e máis de dezasete millóns, en función das necesidades que haxa que atender, os custos adicionais aos que van ter que facer fronte. ¿Imaxinan, señoras e señores deputados, cantos servizos sociais van deixar de prestarse con eses doce millóns de euros, como mínimo, a que van ter que facer fronte os concellos? (*Aplausos.*) Falabamos deles pola mañá na comparecencia da conselleira de Política Social.

E, evidentemente, os protocolos que temos hoxe, despois de tres meses —tres, jeh!— de presentación do primeiro protocolo, conteñen incorporacións e melloras que son evidentes. Pero é que se renunciou a contar cos actores implicados para melloralos.

Temos un protocolo publicado o 24 de setembro, o novo protocolo; temos outro protocolo o 24 de setembro, de prevención nos comedores dos centros educativos; outro para alumnado de necesidades educativas especiais, etc., etc., etc. E o señor conselleiro anunciou na súa comparecencia —non na interpelación— que ían desenvolver protocolos para os recreos, para as actividades extraescolares e para as ensinanzas de formación profesional.

Chámame moito a atención que vaian desenvolver estes protocolos cando evidentemente os recreos e as ensinanzas de formación profesional xa están funcionando, sobre todo porque o señor conselleiro na súa resposta —unha resposta de afogado— dixo que en formación profesional estaban empezando; non, estritamente dixo que non empezaran as clases —estabamos a falar de hai dúas semanas—. Se as clases de formación profesional hai dúas semanas non tiveran empezado, o señor conselleiro ten un problema bastante máis grave que o protocolo en concreto, porque tiña miles de alumnos sen escolarizar. Pero ben, foi a resposta que se lle ocorreu naquel momento.

Porque, precisamente, con respecto á formación profesional, o conselleiro fixo declaracións relacionadas con medidas e esforzos realizados polos centros para desenvolver coa máxima seguridade as partes prácticas —para entendernos— das ensinanzas de formación profesional. Pero é que o protocolo que ten publicado a consellería establece como toda indicación que «para estas ensinanzas nas previsións de uso deses espazos deberá detallarse o uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios alumnos, e protocolizárense en función das diferentes ensinanzas os detalles de utilización do equipamento e a necesidade dun recordatorio continuo dos protocolos de prevención» (*sic*). *Fin de la cita*. Isto é todo o que pon o Protocolo para os talleres de formación profesional e isto non parece evidenciar unha preocupación, cando menos, extensa sobre o que está a pasar con esas ensinanzas.

A cuestión é que tiñan referentes, tiñan aportacións, tiñan ideas, como, por exemplo, as da Asociación de Centros de Formación Profesional, na cal están integrados centros tamén de



Galicia, que fixo unha serie de consideracións sobre como podían afrontarse as complexidades destas ensinanzas na práctica, pero, evidentemente, non se consideraron. Repito, ese parágrafo que lin é todo o que pon o Protocolo.

Tamén encontramos espazos de mellora no programa Educovid. Xa se falou aquí dese lamentable incidente —imos deixalo así para que non digan que crispamos innecesariamente— cun centro, no que se avisou aos pais de que finalizaba un confinamento, unha corentena, na cal os seus fillos non estiveran. Eu, como pai, se recibo unha notificación das autoridades sanitarias dicindo que o meu fillo xa pode volver á clase, despois de estar dez días na casa, cando estivo indo á clase todos os días, francamente me preocuparía, en primeiro lugar, pola saúde dos meus fillos e, en segundo lugar, botaría chispas polo funcionamento dese sistema. E o conselleiro, simplemente por poñer de manifesto ese feito que era público o día da súa comparecencia, acusounos, ¿como non?, de facer, dun caso anecdótico, un escenario apocalíptico. Iso si, faltoulle dicir, como dixo nunha ocasión nesta Cámara, que a oposición pintaba a Galicia coma se fora Mordor, unha cousa espantosa; de ir do concreto ao xeral, facendo unha indución errónea. E nós non dixemos en ningún momento tal cousa, nin que fose habitual, só expuxemos algo que era de dominio público e que poñía de manifesto unha mala praxe. Hoxe tamén podemos afirmar que existen casos constatados nos que se dá de alta na corentena ao alumnado antes que aos seus profesores. Polo cal, cando os alumnos chegan ao centro de volta, non teñen o profesorado para impartir docencia.

Polo tanto, ¿a nosa proposta céntrase en resolver unha situación caótica? Non, non dicimos que sexa así. ¿Que estamos ante unha xestión que admite espazos de mellora notorios? Si, evidentemente. Polo tanto, pretendemos que a Consellería incorpore as achegas que poidan facer as asociacións de pais e nais...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...— si, remato, señor presidente— os representantes do profesorado, os equipos directivos, sindicais e da Fegamp para as modificacións que teña que facer dos protocolos ao longo do curso e tamén...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...que asuma os gastos extraordinarios aos que se ven obrigados os concellos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos agora á intervención do grupo parlamentario non proponente.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Rodeiro Tato.



O señor RODEIRO TATO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Boas tardes a todos e a todas.

Señor Lourenzo, sacoulle ao seu discurso anterior do pleno os «3.000 protocoliños», porque no resto dixo case todo o mesmo que dixera no pleno anterior. Pero, bueno, a verdade é que cada vez que os escoito falar me dá a sensación de que fan un debuxo que, efectivamente, non comparto.

Dicía vostede, señor Lourenzo, que non defendemos os servizos públicos de Galicia e, como todos sabemos e vostede tamén sabe, aínda que nunca o recoñecerá, a educación pública de Galicia está entre as mellores do Estado e mesmo tamén á altura de distintas rexións de Europa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo tanto... Bueno, dío o informe PISA, non o estou dicindo eu. Incluso está a nivel de Alemaña, Suecia ou Finlandia en matemáticas, e é unha comunidade que está á altura incluso tamén de Estados Unidos, Países Baixos ou Reino Unido —no informe PISA— en competencia científica. E ademais, os estudantes galegos sitúanse á cabeza de España en competencia científica e escalan tamén a matemática. Pero, aínda máis, os alumnos que teñen unha contorna socioeconómica desfavorable e estudan en colexios de Galicia teñen o dobre de posibilidades de ter un rendemento académico elevado que os que estudan no País Vasco ou outras comunidades como Extremadura ou Canarias. Así se desprende, pois, do informe PISA na súa comparación rexional.

Polo tanto, creo que contamos cun bo servizo público, que, efectivamente, temos que mellorar entre todos; e comparto, señor Álvarez, con vostede a importancia do diálogo coa comunidade educativa.

E por iso que lle teño aprecio —sei que vostede é un político sensato—, tamén era unha boa ocasión para dicirle ao seu partido en Madrid algo, sobre todo despois do que está facendo co Lei Celaá, que por primeira vez na historia da democracia o Goberno vai aprobar unha lei de educación sen escoitar a comunidade educativa. Iso, desde logo, é unha eiva, sobre todo é unha deslealdade para os estudantes, para os docentes, para os equipos directivos e para as nais e para os pais.

Como contrapunto do que fai o Goberno central, teño que destacar que Galicia mantén un diálogo continuo e estable con todos aqueles axentes que algo teñen que dicir en materia educativa; un diálogo coa consellería, coa consellería, sobre todo, do goberno do Estado e coas doutras comunidades autónomas; un diálogo tamén coa Xunta Autonómica de Directores; un traballo coordinado coa Consellería de Sanidade, coa Amtega e con Política Social para desenvolver distintas accións que permitan que os centros educativos sexan espazos seguros; reunións tamén cos membros do Consello Escolar, que serviron para escoitar a comunidade educativa; reunións coas entidades de atención á diversidade, para seguir avanzando neses protocolos para as necesidades especiais; reunións tamén con ese comité educativo que se está reunindo esta tarde, que tan importante é sobre todo neste momento de pandemia e que vén, dalgunha maneira, traballar de forma multidisciplinar para poder



plantexar melloras e avanzar neste sentido. Houbo tamén reunións coas asociacións de nais e pais do ensino galego, coa Confederación das Ampa, coa Confapa, coa Congapa, etc. E tamén houbo reunións con Foanpas e con Fampa, que permitiron unha serie de melloras dirixidas aos comedores escolares.

Polo tanto, diálogo coa comunidade educativa, todo. Agardo que se poida seguir desenvolvendo este diálogo coa comunidade educativa, sobre todo porque é a mellor forma de garantir a máxima seguridade sanitaria, de asegurar tamén o dereito á educación e de manter a calidade do ensino galego.

Nas dúas mocións que nos plantexan fálase tamén de aporte de máis fondos aos concellos para axudar nas tarefas de limpeza dos centros, que son de competencia municipal.

Paréceme ben que vostedes fagan este tipo de propostas. Tampouco estaría nada mal que vostedes, o PSdeG, e o Bloque, que tanto manda tamén en Madrid, (*Murmurios*.) fagan o mesmo, que reivindiquen eses 36 millóns de euros do Fondo covid, que ademais os reivindicaron os presidentes socialistas de Aragón e de Castela-A Mancha. Cando vostedes fagan un traballo proactivo de reivindicación do que nos corresponde a Galicia, a todos os galegos e ao sistema educativo galego, entón, daquela, entenderíamos esta proposta nesta moción.

Efectivamente, a pandemia está a pedir un esforzo extra a todas as administracións, por suposto. E as recomendacións sanitarias en canto á limpeza veñen determinadas polo Ministerio de Sanidade e polo Ministerio de Educación. Polo tanto, a Consellería asúmeo nos seus centros cun fondo de ata 6,5 millóns de euros e con 7 millóns de euros máis para ese Fondo de Garantía.

Efectivamente, agradecemos e somos conscientes do gran esforzo que están facendo os concellos, a Administración local, pero, evidentemente, as administracións locais, como ten a Xunta de Galicia, teñen as súas competencias, e dentro das súas competencias —vostede recordábame aquí o outro día que pasara pola vida municipal— está esa, como di o artigo 7 da Lei de bases de réxime local, que o di claramente. Efectivamente, di que é unha competencia municipal a salubridade pública, a conservación, o mantemento e a vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros educativos.

Polo tanto, estamos de acordo, pero tamén me gustaría recordar que a Xunta mantén un exquisito respecto á autonomía municipal, cumprindo fielmente cos compromisos e cos acordos da Fegamp a través do Pacto local e librando mes a mes aos concellos os fondos comprometidos que lles corresponden a través do Fondo de Cooperación Local. É moi importante cumprir cos compromisos establecidos. Unha administración sería ten que facer o que ten acordado, cousa que neste momento non está facendo o Goberno do Estado, que leva dous anos sen pagar os tan reclamados fondos do IVE e de estabilidade.

Polo tanto, creo que de novo o BNG trae unha causa xeral, efectivamente, contra a educación pública. O outro día, que falabamos de transporte, falou de todo menos de transporte. A verdade é que ten o discurso moi ben collido, e, como di vostede, eses mantras tamén os repite cada vez que ten ocasión. Pero eu non vou dicir nada porque cada un fai oposición como considera.



Falaron aquí os dous portavoces das ratios. Efectivamente, o señor Lourenzo pide unha baixada da ratio pola pandemia, pero é que a mesma baixada a pedían antes da pandemia. Polo tanto, nada novo. Quero dicir, non se adaptan ás necesidades da pandemia. Para iso, si que hai que destacar que o Partido Socialista puxo encima da mesa números, números de docentes e números de profesores, que, por certo —hai que recordalo—, se cumpriron. Eu xa sei que os datos, ás veces, non gustan, pero Galicia é unha das tres comunidades autónomas cunha menor ratio profesor-alumno e está á altura de Navarra ou de Asturias. Ese reforzo de profesores sitúanos en 9,3 alumnos por profesor e sitúanos na quinta comunidade que realizou o maior esforzo do profesorado en termos porcentuais. Polo tanto, este inicio de curso está moi claro; é dicir, conformouse no conxunto de España e foi validado polas autoridades sanitarias, nacionais e autonómicas conformar infantil e primaria con grupos de 25 alumnos. Ese é o mandato que estaba establecido.

Polo tanto, creo que deberían de recoñecer ese incremento e ese reforzo importantísimo que fai a Xunta de Galicia coa contratación de 2.300 novos profesores, que supón un 7,6 % da plantilla do profesorado: 1.300 para atender os desdobramentos e 1.000, efectivamente, como se ten dito aquí, para o programa Arco.

Nos punto 3 e 4 o señor Lourenzo fala de consensuar os protocolos covid. Pois, efectivamente, sería facilísimo se o Ministerio tamén dera unhas indicacións claras dos protocolos, non só para infantil, primaria e secundaria, senón tamén para a formación profesional. Pero os protocolos, evidentemente, están feitos para ser cumpridos e non ten nada que ver a Administración educativa, senón que hai que facer caso da Administración sanitaria e das normas sanitarias. Diso creo que non hai ningunha dúbida. É coma se vostede vai ao hospital, pois non lle di ao médico que protocolo ten que aplicar, senón que, efectivamente, hai que adaptalo aos protocolos sanitarios.

Falou o señor Álvarez tamén da xestión dos contaxios nas aulas. Efectivamente, houbo algún desaxuste na comunicación nos seus inicios, que está resolto para maior garantía de toda a comunidade educativa, aínda que debemos ser conscientes de que o risco cero, efectivamente, non existe.

Falouse tamén desa plataforma Educovid, que me gustaría poñer en valor, e tamén do Programa Covid-auto escola, que consiste nun circuíto específico para realizar PCR á comunidade educativa a través do Covid-auto. Con este recurso búscase axilizar a realización das probas diagnósticas, diminuír o tempo de sospeita e diagnóstico e acelerar o proceso de identificación dos contactos estreitos para reducir o estrés das familias e da comunidade educativa.

Falouse de semipresencialidade, ¡como non!, moito. E falámolo incluso a semana pasada. Os datos da semana pasada son que o 98 % dos centros de bacharelato en Galicia, dos 220 centros, tiñan e estaban funcionando xa en presencialidade, e a tendencia é ir a cero. Pero, bueno, señor Lourenzo, vostedes tiñan moi claras esas ratios da Organización Mundial da Saúde, que recomendaban un metro con máscara —vostede xa sei que non o quere recoñecer—, e despois o 27 de agosto cambiáronse eses datos. Vostedes xestionan conxuntamente, porque gobernan na Deputación Provincial da Coruña, e a Deputación Provincial da Coruña



ten un centro, que é o Puga Ramón, que, efectivamente, a semana pasada tamén tiña semi-presidencialidade. Non sei no día de hoxe; é posible que non, pero a semana pasada, o 98 % dos centros da Xunta con presencialidade; o 100 %, a deputación —a semana pasada—. Polo tanto, é moi fácil dicir unha cousa e logo a contraria onde gobernamos.

Falamos, en definitiva, de 162 millóns de euros, que son cos que blindou a Consellería de Educación este inicio de curso; polo tanto, creo que, dados estes datos, xa lles anuncio que o voto do Grupo Popular vai ser negativo.

E a verdade é que son cifras, datos, porcentaxes, que son moi importantes, sobre todo cando falamos de gobernar, porque, efectivamente, falar é moito máis fácil que gobernar. Vostedes veñen aquí, como dixeron, a pedir máscaras gratis, e eu teño que dicirlles que a Xunta llelas facilita a 100.000 estudantes que máis o necesitan. Pero vostedes non son capaces de que o Estado baixe o IVE das máscaras, e dígolle máis, ningunha comunidade autónoma está facendo o que está facendo a Xunta de Galicia neste momento.

Veñen aquí pedir fondos para os concellos, e tan pronto como tiveron ocasión intentaron, dalgunha maneira, birlarlles eses fondos. Veñen aquí pedir diálogo, pero destrozan o Pacto educativo e impiden a participación da comunidade educativa no trámite parlamentario. Veñen aquí pedir consenso, e imponen un decreto contra a comunidade educativa. Veñen aquí falar de improvisación, pero están caladiños ata cando houbo que esperar a que a ministra viñera de vacacións, que o propio vicepresidente do Goberno o criticou tanto —iso recordarano—.

Polo tanto, veñen aquí falar de presencialidade, e a ministra falaba de semipresencialidade mentres non haxa vacina. Veñen aquí pedir máis fondos para educación, pero calan cando non nos dan os 36,3 millóns de euros. Polo tanto, veñen aquí tender unha man, e coa outra, efectivamente, alentan as manifestacións.

Xa que logo, dicir unha cousa e gobernar cambia moito, porque dicila é moi fácil e gobernar pois é máis difícil, e vostedes teñen o costume de dicir unha cousa onde gobernan e de dicir a contraria onde están na oposición.

Mire, nós seguiremos apoiando o traballo da Xunta de Galicia para seguir fortalecendo o sistema educativo, para que siga sendo pioneiro no ámbito do Estado, para que Galicia poida seguir sendo unha das tres comunidades autónomas con menor ratio de profesor-alumno, para que sigamos tendo unha taxas de abandono escolar das máis baixas de España, para que sigamos superando a media de España en todas as competencias do informe PISA, para que sigamos sendo líderes en transporte escolar, para que siga sendo unha comunidade coas taxas universitarias máis baixas de España, para poder incrementar o plurilingüismo, para poder fortalecer a formación profesional, para poder mellorar as aulas tecnolóxicas, sobre todo, para seguir contando cun sistema educativo equitativo, o máis equitativo e inclusivo de España, onde o 92,7 % do seu alumando con necesidades educativas especiais está integrado nos centros e tamén para seguir facilitando que as familias estean orgullosas co sistema educativo, mellorando esas encuestas.



Remato xa agradecendo o traballo de toda a comunidade educativa, que están conseguindo un gran reto colectivo, que as aulas sexan espazos seguros, e, desde logo, agradecendo ese traballo a toda a comunidade educativa, aos estudantes, aos equipos directivos, aos equipos da Consellería, aos equipos das xefaturas territoriais, aos equipos de inspección, ás ANPA, etc.

Creo que entre todos temos que seguir avanzando nesta materia.

Polo tanto, nada máis e moitísimas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodeiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupos autores da moción.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Lourenzo Sobral.

O señor LOURENZO SOBRAL: Señor Rodeiro, créame, que eu veña aquí e fale dos «3.000 protocoliños» non debería de preocupalo a vostede; se cadra, o que si debería preocupalo é o que dixo o conselleiro de Educación na entrevista de *La Voz de Galicia* desta fin de semana, na que dicía que, tristemente, tiñamos que ter un protocolo en cada centro de ensino. Polo tanto, non se preocupe do que diga este deputado e aplíquense o conto un pouquiño máis na Consellería de Educación.

Falábame do diálogo coas ANPA. É que de verdade que algúns fixemos o exercicio de estar reunidos sistematicamente coas federacións das ANPA, cando nos dicían sistematicamente que nin as recibían. Eu, cando fala de diálogo coas ANPA, non sei se se está a referir a isto que dicía o señor Pérez Ares: «*Educación acusa a Foanpas de hacer política con los comedores escolares*». ¿Isto é ao que vostedes se refiren cando falan de diálogo coas ANPA, señor Rodeiro? Eu creo, e insisto, que isto foi un exercicio de indignidade impropio dunha xefatura territorial, e volvo instalo a que lle diga ao señor Pérez Ares que pida desculpas porque estas declaracións son absolutamente impresentábeis.

Concordo —fíxese, que eu si o escoito— con vostede no que dicía ao redor do IES Puga Ramón, pero fíxese que en tanto en canto vostedes están preocupados polo que acontece nese centro —que está xestionado pola deputación—, están tardando en asumir a responsabilidade na xestión dese centro, que é unha responsabilidade que lle corresponde á Consellería de Educación. Polo tanto, deixen novamente de descargar as súas responsabilidades noutras administracións. Se tanto lles preocupa, señores do Partido Popular, empecen por asumir as súas propias responsabilidades.

É curioso tamén, e non deixa de sorprenden, que para o insignificante que lles parece a representación do BNG en Madrid, o insignificante que lles parece o papel de Néstor Rego, non o sacan da boca. E aleda tamén escoitar como o Partido Popular demanda eses 36,3 mi-



llóns de euros. Pero, o que non entendemos é que, por unha banda, veñan aquí demandar eses 36,3 millóns de euros e que en Madrid os seus 10 deputados voten a favor dos criterios de repartición dos fondos covid. *(Aplausos.)* Aclárense, señores do Partido Popular, ou unha cousa ou a contraria, porque as dúas son dificilmente sostíbeis.

Respecto das ratios, eu creo que vostedes fan o que acontece coas contas da leiteira: se vostede bebe un litro de leite, señor Rodeiro, e eu non bebo ningún, vostede di que bebemos medio litro cada un. Coas ratios vostedes fan absolutamente o mesmo, saben que temos un problema de avellentamento e despoboación nas provincias do interior e que, polo tanto, con base nesa realidade, na media de ratios saen unhas ratios máis baixas, pero é que vostede sabe perfectamente que nas provincias da costa, e nomeadamente nas Rías Baixas, onde temos unha maior densidade de poboación, os centros están absolutamente masificados. Polo tanto, novamente volvemos atoparnos cun goberno que fai trampas ao solitario, porque a situación á fin de contas está no día a día de cada centro. Os centros padecen a masificación en tempos de pandemia, que, ademais, é unha situación que foi doadamente previsíbel se tivesen simplemente escoitado aquilo que a comunidade educativa viña demandando.

En canto ao Protocolo de necesidades educativas especiais, señor Rodeiro, é que vostede vén aquí presumir dun protocolo e resulta que o protocolo se presentou con seis meses de retraso e un mes despois do inicio do curso escolar. ¿Que pasaba con estes alumnos que estaban no curso escolar, que tiñan necesidades educativas especiais e que non tiñan xeito de ser atendidos, que non tiñan persoal para ser atendidos e que non tiñan recursos para ser atendidos?

Señores do Partido Popular, eu creo que novamente asistimos ao mesmo, á negativa sistemática de atender demandas da comunidade educativa que son absolutamente obxectivas. Todos e cada un dos puntos que estaban contemplados na nosa iniciativa son demandas públicas e publicadas por parte da comunidade educativa. Vostede saberán por que non queren atender estas necesidades, son necesidades absolutamente obxectivas, e, dende logo, para os tempos que veñen e para as dificultades que temos por diante vai ser necesario, sen ningunha dúbida, unha actitude moi outra por parte do Partido Popular.

Moitas grazas, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lourenzo Sobral.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Estou inhibido, pero... *(Risos.)* Agora xa estou desinhibido.

Grazas, señor presidente, pola desinhibición e por darme a palabra.

Señor Rodeiro, está moi ben o do informe PISA, xa o coñecemos todos, pero é que non ten nada que ver co que estamos debatendo. Non se trata de valorar en que postos estamos no



ránking de competencia científica, de competencia lectora, etc., etc., etc., nin tampouco de valorar en que posición relativa estamos, xa non con respecto a outras comunidades autónomas, senón a outros países da Unión Europea ou incluso doutros continentes. Está moi ben, xa o sabemos, e alegrámonos, evidentemente, de que o sistema educativo galego teña eses resultados, ¿como non nos imos alegrar? Non queremos que o noso sistema educativo sexa malo, ao contrario, o que queremos é que mellore, e por iso lle dicía antes que esta iniciativa vai para intentar mellorar o que se refire aos protocolos e á colaboración cos concellos.

Falaba vostede da importancia do diálogo, e meteu a Lei Celaá. Non sei moi ben se se estaba a referir ao trámite parlamentario de modificación da LOMCE ou a outra cousa. En todo caso, voulle dar un par de pinceladas sobre este asunto: o proxecto de lei foi aprobado polo Consello de Ministros o día 15 de febreiro do ano 2019. Iniciouse o prazo público de alegacións, como en toda norma, cumprindo a Lei de transparencia e bo Goberno, que tamén temos neste Parlamento e nesta comunidade autónoma. E ampliouse o prazo de alegacións. Polo tanto, se di que se está facendo con escurantismo e que non se ten en conta a participación, permítame vostede dicirlle con suavidade que falta, creo que de forma deliberada, á verdade, porque vostede sabe que o que dixó non é certo. Eu tamén o teño por un político responsable e sabe que o que dixó non se axusta á realidade.

E agora resulta que tiveron vostedes..., vostedes non, o Goberno da Xunta de Galicia, da Consellería, moitísimas reunións con moitísimos colectivos... Moito, moito, moito de todo, e iso a partir do mes de outubro, cando a suspensión das clases foi a partir de mediados de marzo, e o Protocolo versión Beta publicouse no mes de xullo. Iso si, tres días despois das eleccións autonómicas.

Desoíron vostedes..., bueno, non é que as desoíran, é que nin as oíron tan sequera, porque desoír é cando un escoita, pero non fai caso, pero é que vostedes nin recibiron tan sequera as ANPA cando lles trasladaban as dificultades para poñer en funcionamento os servizos de comedor escolar. Recibiríanos agora, non sei para que; bueno, si, certamente a Consellería pregouse ou foi flexible e permeable ás exixencias deses colectivos porque sabían que, se non, non ían poder funcionar os comedores escolares.

Din vostedes que agradecen o esforzo que están a facer os concellos. Señor Rodeiro, unha cousa é colaborar no mantemento ordinario dos centros escolares de educación infantil e primaria, que é unha competencia que está na Lei orgánica de educación e tamén na Lei de Administración local de Galicia —como vostede di—, e outra cousa é falar de gastos ordinarios. Pero é que esta realidade é extraordinaria, e como realidade extraordinaria que exige dos concellos a adopción de medidas e, polo tanto, gastos extraordinarios, parecería moi adecuado que por parte da Xunta de Galicia se fixese un esforzo extraordinario en dotalos dos recursos necesarios.

¡Como non!, fala vostede desa reivindicación dos 36 millóns de euros que lle faltan á Comunidade Autónoma de Galicia na repartición do Fondo covid, do tramo 3, de educación, pero sabe vostede tamén que esa repartición se fai con base no número de alumnos que hai en dous tramos de idade: o 80 % ata os 17 anos e o 20 % dos 17 aos 24.



Eu dicíalle o outro día ao conselleiro —e repítollo a vostede— se é que os alumnos de Galicia agora comen máis dunha vez ao día no comedor escolar ou se hai que levalos aos centros escolares máis de dúas veces ao día en transporte escolar. Porque nesa reivindicación se están a mesturar gastos de comedores escolares e gastos de transporte escolar, cando non ten nada que ver co número de alumnos.

Por certo, dixo vostede que é a mellor ratio do Estado, con 9,3 alumnos. Eu comínoo a actualizar os datos. O Ministerio de Educación publicou datos e cifras do curso escolar 2020-2021, e nesa publicación a Comunidade Autónoma de Galicia está en 10,3 alumnos; xa non é a de menor ratio, é a segunda con menor ratio. É que hai un montón de comunidades autónomas que están por debaixo de 11 alumnos, e a media de España é de 12,2 alumnos por profesor. Polo tanto, está ben, pero a diferenza entre a media estatal e a galega tampouco é como para avisar o fogueteiro.

Mire, remato. Falando de estatísticas, púxolle o señor Lourenzo o exemplo do litro de leite, e eu voulle poñer outro. Se vostede mete os pés nun conxelador a 50 graos baixo cero e a cabeza nun forno a 100 graos, *(Risos.)* a media sáelle que está o seu corpo a 25 graos, que é unha temperatura ben comfortable.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

(Murmurios.) (Risos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios forestais

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Martín Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, quería comezar a miña intervención condenando rotundamente, como sempre fai o Partido Socialista, a todos aqueles que plantan lume no monte e lle fan tanto mal ao noso patrimonio natural e material e, por suposto, á integridade das persoas. Dígoos antes de que tomen a palabra os señores do Partido Popular e nos falen unha vez máis de delinquentes e intenten culpabilizar os partidos da oposición de non condenar unha acción tan repugnante. Chegados a este punto, seguramente poderemos avanzar no tema e que non sigan escudándose nesta cuestión para evadir as súas competencias.

Por outra banda, quero tamén agradecerlles o intenso traballo e dedicación a todos aqueles que deixan o seu esforzo e a súa saúde por protexernos a todos. E fágoo non só porque o



pensemos dende o Partido Socialista, porque seguramente dende do Partido Popular —como fixo o conselleiro na interpelación do derradeiro pleno— aproveitarán as críticas á xestión que facemos do Partido Popular no Goberno para agochalas detrás dos profesionais coma se fose unha crítica cara a eles. Pero saben perfectamente que cando criticamos a falla de coordinación ou a falla de formación dalgúns axentes as críticas non son cara a eles, son cara á dirección da Consellería de Medio Rural e cara ao seu abandono dos servizos de prevención, simplemente por desleixo da dita consellería.

Dito isto, denunciados xa os incendiarios e posto en valor o traballo que fan os profesionais dos servizos contra incendios, señores do Partido Popular, non teñen máis excusas. Ano tras ano arden os mesmos lugares de Ourense e vostedes e o seu presidente trátano coma se fose un clásico, coma se faláramos dunha película de Frank Capra. Pero non podemos resignarnos a que isto sexa así; non podemos esperar ano tras ano —como dixo o señor director xeral de Defensa do Monte— a que se temos unha meteoroloxía determinada volvan arder miles de hectáreas no pulmón do noso país e acaben botándolle a culpa a catro supostos tolos que non teñen outra cousa que facer.

Necesitamos políticas públicas eficaces para loitar contra o abandono do rural. Esta é a auténtica base da loita contra incendios, porque cando o 80 % do noso territorio ten actividade as posibilidades de que arda baixan exponencialmente. E xustamente esa é a intención desta moción, pedirlle ao Goberno da Xunta que se deixe de tanto anuncio a bombo e platillo nos medios de comunicación e leve a cabo políticas de impulso da actividade nos territorios abandonados polos sucesivos gobernos do Partido Popular que acaban traendo as consecuencias máis dolorosas para este territorio, os lumes forestais.

Señores do Partido Popular —xa llo dicía o outro día ao conselleiro—, resulta indignante ver como ano tras ano nos resignamos a esperar a que chegue a choiva para que se apaguen os lumes. Vostedes son incapaces de facer algo diferente, que é gastar decenas de millóns de euros na extinción. Como comprenderán, ante a resignación do Goberno galego, volvemos pedirilles que troquen as políticas de defensa do monte e as persoas que as dirixen para que alguén cun criterio máis innovador que a resignación faga fronte á lacra dos recorrentes lumes que arrasaron Ourense ano tras ano; este ano 10.000 hectáreas, que, polo visto, nos medios de comunicación o conselleiro vendeu como un éxito.

A realidade do tema é que as actividades gandeiras son marxinais na provincia de Ourense, xa o dicía o outro día: só o 8,2 % das explotacións de carne e o 1 % das explotacións de leite, e as forestais tamén son residuais, con só o 5 % das curtas de madeira en toda Galicia. Isto significa que o territorio se converte nunha bomba de biomasa, con hectáreas de mato e monte desordenado en continuidade, sen os cortalumes naturais que forman as terras de labor, os prados e os pastos, que protexen montes e casas, e sen case silvicultura preventiva nas masas forestais.

Difícilmente se entende que a Xunta de Galicia non busque unha saída produtiva ás miles de hectáreas de concentración parcelaria abandonadas, cando este país, ademais, é deficitario en produción de alimentos e forraxe para a nosa cabana gandeira, tendo que importala doutros continentes; unha política moi circular, por certo.



Señores do Partido Popular, aposten por verdadeiras políticas de mobilización de terras, de incentivar a produción e de incentivar a xestión forestal e déixense de tantos escaparates e espellos do rural e aldeas modelo, porque o noso interior o que necesita é máis política e menos propaganda. Gastan 90 millóns de euros anuais en servizos de extinción e tan pouco en prevención. Fomento e Desenvolvemento Forestal fala do fracaso das súas políticas. Volvo recordarlles o que dicía o Consello de Contas no 2016 con respecto ao Plan forestal do ano 1992. Dicía que se tiña que chegar ao ano 2030 co 87 % de investimento no fomento e desenvolvemento forestal e que o 13 % debería dedicarse á extinción e á prevención; e, pasados vinte e oito anos, a proporción segue a ser a inversa.

Antes falaba de política de escaparate. Estes días puidemos ver o conselleiro nos medios de comunicación comprometerse a unha nova lei consensuada de prevención de incendios en 2021. E o outro día dicíalle na interpelación que sacaran dun caixón a revisión do Plan forestal do 2017, consensuado co noso partido, que semella que xa olvidaron despois de que lle servise ao actual conselleiro para chegar ao seu cargo. ¿Sabem vostedes cal era a medida número 11 do Ditame da Comisión especial non permanente de estudo e análise das reformas de política forestal? Era a seguinte —cito textualmente—: «Recoller nun único texto lexislativo toda a normativa existente en materia de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia. Este refundimento deberá facerse antes do 1 de xaneiro de 2019». Despois de incumplir o ditame aprobado por eles mesmos no 2018, que falaba de refundir toda a normativa antes de xaneiro do 2019, vénnos con este anuncio. Esta é a fiabilidade do Goberno galego en materia de promesas e de cumprimentos daquilo que eles mesmos fan.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista recibimos múltiples denuncias do persoal do Servizo Contra Incendios —como lle dicía o outro día ao conselleiro— pola falla de coordinación dos servizos aéreos asignados aos incendios desa fin de semana, dos graves incendios que sucederon no sur de Ourense. Pero o conselleiro non respostou a nada da nosa interpelación sobre se os medios eran os mesmos que os anos anteriores e sobre quen exercía esa coordinación, porque sabe que os medios eran menores. E tampouco quixo explicar por que non se conveniu este ano a base que existía nos anteriores anos ao pé do parque do Xurés, porque resulta lamentable ver que a Consellería non cumpre os seus compromisos coas comunidades de montes.

Ademais, recibimos denuncias por unha falla sistemática de coordinación dos diferentes medios terrestres, que fixeron un esforzo sobrehumano, con brigadas que deberan ter polo menos 5 compoñentes, pero que entran en moitas ocasións con 2 ou 3, e nalgún caso cun só compoñente, que é un persoal claramente insuficiente, e incluso é perigoso.

Son múltiples as baixas de axentes forestais sen cubrir; distritos forestais que tiñan que ter 20 ou 23 axentes, teñen 14 ou 15; en distritos forestais cunha superficie de máis de 100.000 hectáreas hai quendas nas que só se conta cun axente para a quenda na metade da xornada; en distritos de 113.000 hectáreas teñen menos axentes forestais e ambientais que en distritos con só 59.000 hectáreas; e este ano asignaron nalgún distrito tarde e mal 3 axentes ambientais sen formación previa para cubrir só ata o mes de outubro as vacantes que é preciso cubrir todo o ano. Este é o panorama.



Señores do Partido Popular, o conselleiro non contestou a por que renunciaron ás súas propostas contidas anteriormente nos Pladiga de ampliar os axentes dedicados á investigación. Deberan entender que un ou dous axentes por distrito dedicados a este mester son claramente insuficientes, como vostedes crían ata hai pouco.

O outro día o conselleiro sacou peito pola finalización da folga dos técnicos do Servizo de Prevención e Loita contra Incendios Forestais; é dicir, celebraba que por fin el mesmo se decidira a sentarse a dialogar con eles, coma se este fora o único fin, poñerlle fin á folga. Esperemos que agora lle poña un pouco de cabeza á busca dunha solución para uns traballadores que simplemente buscan unha mellor organización do traballo para poder desenrolalo coa calidade necesaria.

Necesitamos avanzar na profesionalización do sector cun traballo de alto risco no que en moitos casos non se garanten unhas condicións salariais axeitadas, nin un equipamento material e técnico axeitado, nin a formación imprescindible para a extinción de incendios e a realización dos labores de prevención. Todo isto conleva unha maior descoordinación, menor eficacia e maior desprofesionalización duns traballos onde o perigo e o risco son unha constante.

Os traballos de prevención de incendios non se realizan ao seu tempo debido. A maioría dos traballos de prevención do ano 2020 estaban sen facer en setembro e outros estábanse facendo a toda présa, cando todos sabemos que deberan terse realizado antes do mes de xullo. E non resulta desculpa ningunha o tema do coronavirus, xa que a actividade forestal foi unha desas materias consideradas esenciais para a Administración, e ademais esta é unha situación que vivimos ano tras ano.

No Pladiga faise referencia a accións dirixidas á poboación, entre outras, accións sociolóxicas e de educación ambiental, pero atopámonos con que a maior parte das chamadas aulas forestais están pechadas e con que non hai campañas de formación e sensibilización dirixidas ao conxunto da poboación escolar e tampouco á cidadanía; un dos obxectivos que non se cumpren porque non hai vontade de levar a cabo estas actuacións imprescindibles para mudar comportamentos. Se queremos cambiar estes comportamentos e se queremos que se poñan en valor os ecosistemas forestais de Galicia, débense levar a cabo e adiante campañas de educación e sensibilización dirixidas á poboación escolar e tamén ao conxunto do resto da cidadanía.

Fallan os labores de conciliación de intereses da Consellería de Medio Rural e as políticas transversais entre departamentos da dita consellería con outras consellerías. ¿E que dicir da coordinación co país veciño para actuar na loita contra os lumes?

Señores do Partido Popular, é importante descubrir os incendiarios, por suposto, pero debemos investigar as causas, as pautas de comportamento dos incendiarios e os fallos e incumprimentos da lexislación. Para realizar unha boa prevención é preciso realizar unha investigación profesionalizada, específica e axeitada.

Señores do Partido Popular, déixense de tanta propaganda e aproben esta moción, porque no día de hoxe vostedes son para as políticas forestais deste país o mesmo que é Ana de Bande para as políticas de igualdade.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora González Albert.

A señora GONZÁLEZ ALBERT: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Vaia por diante antes de nada o noso voto favorábel a esta moción do Partido Socialista; unha moción que, ao noso modo de ver, o que pretende facer é unha revisión ampla —e, polo tanto, moi xeral e pouco entrada no detalle— do sistema de prevención e loita contra os lumes hoxe en vigor no noso país. Un sistema que, tal e como está deseñado na actualidade e tal como a teimuda realidade se empeña en poñer de manifesto unha e outra vez, fai auga por todas partes.

É este un punto de partida para nós tan bo como calquera outro para dar unha volta á Lei de prevención e defensa contra os lumes de 2007. Habería aquí moito que falar de como se leva a cabo a súa aplicación efectiva para solucionar un problema que vai moitísimo máis aló das vagas de lumes estivais de cada ano. Porque este grave problema, o dos lumes, é tan só o síntoma máis agresivo da grave enfermidade que padece o noso rural e ao que a Xunta do Partido Popular semella non querer ou non saber poñer cura: o despoboamento crónico e progresivo do rural en xeral e do interior da Galiza en particular. (*Aplausos.*)

É que hai unha cuestión básica e que por veces semella que a Xunta de Galiza esquece: un rural vivo non arde, un monte vivo non arde e, polo tanto, mentres non asuman medidas que rematen co abandono e o despoboamento do rural e fagan unha aposta clara por políticas que permitan unha vida digna nel este esmorecerá e, polo tanto, arderá ano tras ano sen remedio. (*Aplausos.*)

Pero é que, ademais, estamos a falar aquí dun servizo, o de prevención e defensa contra os incendios forestais, que traballa o mellor que pode e dá o mellor de si, porque está, como dicía o compañeiro do PSOE, formado por grandísimos profesionais, a pesar da falta evidente de medios e de persoal ao que a Consellería de Medio Rural o ten sometido. E, mentres, desde as filas do Goberno e do grupo parlamentario que aquí o soporta insístese no mantra de que calquera crítica á política contra incendios do PP é un ataque aos profesionais e ás profesionais do servizo. Permítanme dicirlles unha cousa: repetir mil veces unha mentira non a converte en realidade. (*Aplausos.*)

A moción do PSOE recolle nos puntos 2 e 3 a falta de medios e persoal do servizo, un punto que ficaría máis completo, ao noso modo de ver, se introducísemos tamén a cuestión dos



problemas de eficacia que trae consigo o feito da existencia de brigadas adscritas a diferentes administracións, Xunta e concellos, ás que se suman nos labores de prevención as brigadas da empresa pública Seaga, os grupos de emerxencia supramunicipais e incluso a Unidade Militar de Emerxencias en momentos determinados; unha unidade esta, a UME, que nin sequera responde ante mandos civís e que en moitas ocasións ten lastradas accións de extinción ao ralentizar os procesos de toma de decisións. Porque esta, a necesidade de coordinación, é tamén unha cuestión evidente incluso para calquera persoa lega na materia e ten sido fonte de problemas en múltiples operativos.

Porque, miren vostedes, como de verdade se defende as persoas que fan parte do servizo contra incendios é dotándoas dos medios necesarios e reabrindo os postos de vixilancia que ano tras ano aparecen no Pladiga coma se estivesen en funcionamento cando levan anos pechados, cubrindo todas as baixas de persoal que de forma recorrente non se cobren, solucionando e poñendo fin ao elevadísimo índice de interinidade que hai no servizo, dotando os distritos de todo o persoal necesario e mantendo ese persoal nunhas condicións laborais dignas que permitan, por exemplo, aos membros das brigadas semestrais non ter que litigar coa Xunta de Galiza nos tribunais para poder traballar o resto do ano noutras administracións e poder así subsistir con dignidade, ou non dando o finiquito a traballadores de Seaga no pasado mes mentres, ao mesmo tempo, se licitan concursos a empresas privadas para facer labores de limpeza que poderían facerse desde o público. *(Aplausos.)* Vese que desde a empresa privada é máis fácil comprar vontades.

A Xunta continúa a repetir ano tras ano, lume tras lume, que a única culpa é dos incendiarios —e nisto xa incidiu tamén o compañeiro do PSOE—, que os incendiarios son delincuentes e que o tema dos lumes é unha cuestión de orde pública. E, claro, eu creo que ese é o problema, que se non sabemos analizar a realidade é moi difícil artellar políticas válidas e, polo tanto, atinxir solucións. Porque reducir a cuestión do lume a un problema de orde pública significa pechar os ollos á situación actual dos nosos montes, co abandono, despoboamento, monocultivo de eucalipto e piñeiro, falta de usos sociais, etc., e poderíamos seguir. *(Aplausos.)* Todos eles aspectos que inciden de forma determinante no feito de que os lumes cada vez se estendan nunha superficie maior, que sexan cada vez máis virulentos e que ademais afectan con máis forza e nas mesmas zonas verán tras verán.

Agora o conselleiro acaba de descubrir que crear discontinuidades pode ser un xeito de confinar o lume en áreas máis pequenas, e véndenos esta idea como a solución de futuro que arranxará todos os nosos problemas. Nós estamos de acordo en que crear discontinuidades é moi importante, e que haxa pastos, zonas de cultivo e gandería en uso, etc. ¡Xenial, unha idea fantástica! E eu preguntolles: ¿quen vai atender esas discontinuidades nun rural sen habitantes? Nunha aldea, por exemplo, do macizo Central, onde só haxa 2 veciñas vivindo, ¿quen vai manter eses pastos que se van crear? Nun lugar das terras altas do Bolo, onde o veciño máis novo teña 79 anos, ¿que persoa se vai facer cargo dun rabaño de gando?

Cunha consellería que no día de hoxe nin sequera é capaz de manter limpos os cortalumes xa existentes, ¿que políticas activas van levar adiante para que viva a xente no rural e poida manter limpas e en produción esas novas discontinuidades? Todo isto sen falar doutras iniciativas máis pensadas, ao noso modo de ver, de cara a acadar un titular na prensa que a in-



cidir, efectivamente, no territorio. Falo de programas como o das aldeas modelo, que parece ser o programa estrela do conselleiro nesta lexislatura e que, de momento, é pouco máis que un proxecto de cara á galería. Hai 13 en marcha, segundo nos confirmaron o outro día na Comisión 7ª, en distintos graos de execución en todo o país, nun país que ten máis de 30.000 unidades de poboación, aínda que as súas políticas están a facer que cada vez máis aldeas e lugares estean abandonados. Esa é a nosa realidade: 30.000 unidades de poboación fronte a 13 aldeas modelo. ¿Como van solucionar as aldeas modelo esta realidade?

E neste contexto, ademais, o PP parece dar por perdida a provincia de Ourense, unha provincia que concentra arredor do 60 % das parroquias de alta actividade incendiaria do país; unha provincia que moitas veces parece ser pouco máis que unha incomodidade para o Partido Popular de Galiza. E eu preguntome: ¿deixárona por iso á mercede da dinastía Baltar? ¿Por iso lles permiten que fagan e desfagan a súa ourensanía? ¿Por iso lles permitiron converter o interior da Galiza nun ermo no que só parece servir e interesar o PP como graneiro de votos cando chega un período electoral? (*Aplausos.*)

Miren, o señor conselleiro acaba de declarar, hai pouco máis dunha semana, nunha entrevista concedida a Europa Press, que nesta campaña non chegaremos ás 17.000 hectáreas queimadas que se fixaran como tope. Eu quérrolles dicir unha cousa: que un goberno se fixe como obxectivo unha campaña que non supera as 17.000 hectáreas queimadas é unha barbaridade; é, no fondo, un recoñecemento explícito dun fracaso. (*Aplausos.*) Resulta inconcibible para esta deputada que está a falar desde o estrado que se manteña no cargo a un director xeral de Defensa do Monte que leva no posto desde 1996 ou, o que é mesmo, a través de oito conselleiros diferentes, co único lapso de Alfredo Suárez Canal, cando desde aquel momento o problema do lume non só non se solucionou, senón que se agravou con cada vez máis hectáreas queimadas, con picos brutais como o do 2017 e con incendios cada vez máis agresivos. ¿Que se está a premiar exactamente? ¿Que grandes capacidades como xestor, que non sabemos ver o resto dos deputados e deputadas desta Cámara, resultan tan evidentes para os sucesivos conselleiros do Partido Popular? Que o director xeral faga unhas declaracións públicas dicindo que na semana aciaga do 12 ao 17 de setembro agardaban unha forte actividade incendiaria no macizo central, que non se incrementasen as medidas de prevención e que non haxa no día de hoxe ningunha responsabilidade política asumida é un insulto á intelixencia.

Fagan o seu traballo, poñan en marcha políticas que rematen coa reiteración de lumes no noso país, solucionen os lumes continuos no macizo Central, no Xurés, no oriente ourensán, exerzan o labor que a cidadanía lles encargou e deixen de refuxiarse no laio constante do inevitábel dos lumes.

Porque, díganme vostedes, eu quixera saber que se está a facer para cumprir co artigo 49, por exemplo, da Lei 3/2007, en relación coa toma de medidas urxentes para evitar a degradación das áreas queimadas; uns traballos que saben que teñen que ser inmediatos para que non se produzan danos insalvábeis. ¿Por que neste país ten que ser de novo a poboación, a veciñanza, a que leve adiante iniciativas para tentar salvar o queimado, como se ten feito este ano, por exemplo, en lugares como Rebordechao ou Vilar de Barrio, e suplir así a inacción e o abandono da Xunta de Galiza?



En fin, hai outras medidas na moción do PSOE que son para nós de puro sentido común; tan, tan, tan de sentido común que o Partido Popular se empeña en facer o contrario ano tras ano. Por exemplo, o caso evidente da proposta número 5, que fala de facer os traballos de prevención de lumes antes do mes de xullo de cada ano, mentres estamos a ver como neste mesmo exercicio as subvencións para a limpeza de montes en man común e sofor cofinanciadas polos fondos Feader se comezaron a resolver a mediados de setembro. Eu pregunto de novo: ¿que prevención se fai así? ¿Que prevención se fai cando parte dos labores de limpeza e roza se deixa tamén en mans das cuestionadísimas brigadas municipais, que ademais de cargar os concellos coa realización dunha competencia que non lles é propia, só serven na práctica como axencia de colocación local para pagar os favores de turno e gañar vontades políticas de cara a procesos electorais? (*Aplausos.*) Non é viábel para o señor conselleiro sancionar os propietarios dos terreos abandonados debido á alta porcentaxe de parcelas con propietario descoñecido que hai na provincia de Ourense. Tal parece que o conselleiro non forma parte dun goberno deste país e non puidese legislar para reverter esta situación.

E remato. En resumo, o que precisa o noso país é unha revisión completa da política antiincendios que priorice a batalla contra o despoboamento con políticas activas e que deixe de confundir a política de montes coa política forestal, porque onde hai despoboamento o monte arde e onde hai xestión o monte non arde.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora González Albert.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Armada Pérez.

O señor ARMADA PÉREZ: Señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor Seco, o compromiso coa igualdade do PSOE xa nolo demostran vostedes ao manter un vicepresidente que está sinalado pola xustiza por un delito con agravante de xénero. (*Murmurios.*) Ese é o compromiso que ten esta esquerda. (*Aplausos.*)

Entrando xa en materia e no relativo á interpelación que vostede puxo aquí o día 6 de outubro referente aos incendios forestais acontecidos no territorio da Comunidade Galega e a unha serie de peticións para substantivar a devandita interpelación e estruturar a actual moción, quero dicir que é un documento cun conxunto de demandas incongruentes ao poñer de relevo actuacións que a Xunta xa ten posto en marcha, e indica un descoñecemento da acción do Goberno galego e das actividades levadas a cabo.

En primeiro lugar, ponse en consideración a necesidade dun plan de recuperación e fomento da actividade agraria e forestal. Neste senso, dende a Consellería do Medio Rural véñse pro-



mocionando a futura Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria; unha lei que, sen dúbida, é fundamental para avanzar neste obxectivo, xa que vén complementar o desenvolvemento do marco legal actual para culminar o camiño iniciado pola Lei de mellora de estrutura territorial agraria de Galicia. Ademais, a Lei de recuperación e posta en valor da terra agraria non só se trata dun continuo de aplicación de iniciativas que permiten contribuír á devandita mellora da estrutura territorial das explotacións agrogandeiras e forestais galegas, senón que favorecen tamén a súa rendibilidade. Ademais, estas estaban contempladas nesa comisión parlamentaria forestal á que aludiu vostede antes tras os lumes de 2017 e recollen 22 das súas recomendacións, ¡22! (*Aplausos.*)

Esta futura lei busca, constituíndose como parte integral, consolidar a fixación de poboación no agro da nosa comunidade, facilitar base territorial ás explotacións que así o precisen, previr incendios e traballar pola recuperación demográfica e pola mellora da calidade de vida no rural galego. Para iso contéplanse os mecanismos voluntarios de mobilización de terras, así como os beneficios fiscais e outras medidas de fomento de proxectos de recuperación. Deste xeito, dotaríase a totalidade da Comunidade galega con iniciativas futuras dun conxunto de normas para constituír un corpo xurídico coherente e eficaz cara á contribución do espazo agrario e dos seus sistemas produtivos.

Señor Seco, falaba vostede na súa interpelación e nomeaba palabras como «resignación», «políticas repetitivas», «non fomentar a actividade», «non dan rendibilidade» e, sobre todo, a miña preferida, «usar a política dos titulares». Entón, o plan de pastoreo, o desenvolvemento de polígonos agrogandeiros e forestais e, sobre todo, as aldeas modelo, realmente lles parecen uns eidos cun letreiro? Pois non, non o son, e convídoos a que vaian vostedes, por exemplo, á aldea de Osmo, a Ourense, e a que falen cos veciños, e pregúntenlles que é o que lles parece o proxecto que están a desenvolver, porque lle están dando valor engadido á terra. (*Aplausos.*)

Así mesmo, respecto da consideración que teñen vostedes, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a profesionalización do Servizo de Prevención e Extinción contra os Incendios Forestais, é preciso evidenciar un novo descoñecemento, sobre todo en relación co seu funcionamento; por certo, un dos mellores servizos de prevención de Europa, e non o digo eu. (*Aplausos.*)

Unha das características máis salientables do Servizo de Prevención e Extinción contra os Incendios Forestais é a citada profesionalidade, a cal se pon de manifesto na coordinación e nunha disposición extraordinaria del cun desatender o resto do territorio galego, labor que vén representado por medio dunha asistencia óptima baixo o mando único da Xunta de Galicia e que permite levar a cabo unha extinción efectiva dos lumes, cun tempo marca de reacción e en cumprimento do artigo 49 da Lei de prevención e defensa contra os lumes forestais de Galicia.

Non obstante, son as continuas melloras que se levan investido neste servizo as que xustifican a súa profesionalización. No marco das recomendacións do ditame, traballouse intensamente no reforzo do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios de Galicia cara á súa configuración como un servizo público, único e versátil. Nesta liña, non se deixaron de in-



roducir melloras en recursos humanos e materiais, melloras en materiais de persoal, dotacións e medios aéreos e terrestres, vixilancia, coordinación interadministrativa e xestión forestal.

Neste ano 2020 foron incorporados 500 operarios que ata o 2017 traballaban na entidade pública Seaga e duplicouse o tempo mínimo de traballo de case mil membros do servizo, cun gasto público de 12 millóns de euros anuais. *(Aplausos.)*

Asemade, en dotación material, foron destinados 6,4 millóns de euros tanto para mantemento como para adquisición de motobombas, construción e arranxo nas emisoras e bases aéreas, alugueiro de vehículos para brigadas e axentes, así como para obtención de diferentes equipamentos e ferramentas; medidas que xa se viñan plasmando nos últimos anos tamén de cara á formación dos traballadores e traballadoras do servizo, aos seus salarios ou á opción para a suba de categoría, entre outras cousas. En definitiva, unha mellora substancial das condicións do colectivo, co cal se fomenta o diálogo continuo.

Outra das cuestións que se clasifican como pilar básico fronte á lacra dos lumes forestais e que se vén pondo de relevo polo Goberno galego é o eixo da investigación, sobre todo en relación coa principal causa dos incendios forestais no noso territorio, o cal se explica por medio da intencionalidade; si, da intencionalidade. Por iso, incidir na investigación e na colaboración cidadá contra estes comportamentos incendiarios é unha das chaves na loita contra a problemática incendiaria. Para estes efectos, é preciso destacar, primeiro, a acción dos axentes ambientais na Consellería do Medio Rural en colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado. E, segundo, a dotación de apoio tecnolóxico para desempeñar o devandito labor, desde cámaras de última xeración, móbiles, drones, ordenadores e outros dispositivos informáticos e programas de investigación a medida.

Non obstante, tamén se insiste na importancia da responsabilidade da concienciación cidadá. Neste senso, é necesario mencionar a existencia do número de teléfono habilitado para a denuncia de delitos incendiarios, o 900 815085 —que, por certo, nunca lles escoito—. Porque a colaboración cidadá é fundamental. *(Aplausos.)* E, todo isto, complementábase cun plan específico e monográfico para a prevención dos incendios forestais, que son arredor de máis de 30 millóns de euros investidos en accións sobre o territorio e que se concretan en traballos silvícolas preventivos, que foron levados a cabo en case 46.000 hectáreas, así como na creación e mellora de infraestruturas forestais de defensa, actuando en preto de 5.800 quilómetros de pistas forestais e noutras vías de comunicación repartidas por toda Galicia. Estas actuacións foron dende o 18 de maio ata o 13 de xullo.

Ao respecto, os labores de prevención foron levados en tempo e forma, tal e como se estipula. Neste caso, ponse de manifesto tamén que a causa principal dos incendios en Galicia é a intencionalidade. E si, tamén aquí quero facer unha parada porque me resulta curioso que dende aquí, dende o Bloque Nacionalista Galego, se nos veña dicir... Miren ¿quen era o que puña lume en Galicia cando gobernaba o Bipartito? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Eran raios, tronos, tramas? Porque eu cheguei a escoitar que fora ata unha trama de alcaldes do PP. *(Unha señora deputada: Si.)* Pois aquí un pertencente á trama. *(O señor Armada Pérez levanta unha man.)* *(Aplausos.)* ¿Pero saben o que pasa? Que esa trama non era tal trama, senón



que ¡home! era a teima, a teima que tiñamos os alcaldes de estar ao carón dos nosos veciños e, sobre todo, de estar ao servizo dos servizos de extinción. Pero, bueno, tamén, se queren falar de superficie, pois, dende logo, que che arda en catro anos o que a outros lles ardeu en doce, pois de xestión, de xestión, moito non podemos falar. *(Aplausos.)*

Respecto da intencionalidade, está claro que aquí isto é un tema de orde pública. Tres de cada catro incendios forestais producidos na nosa comunidade autónoma son intencionados, circunstancia que confirman, ademais, os profesionais do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais e que xustifica as actuacións do Goberno galego consonte a súa intensificación, as dotacións de medios, o investimento e a investigación e a continua promoción da concienciación cidadá.

En conclusión, unha suma de esforzos para contrarrestar a intencionalidade, cuxas dimensións na nosa comunidade son intolerables; esforzos para levar a cabo a prevención de carácter estrutural mediante a planificación e a ordenación da superficie forestal, e a recuperación da actividade agrícola e gandeira nas terras abandonadas, de xeito que xeren discontinuidades no territorio e que sexan capaces de parar os incendios ou, cando menos, de reducir a súa afectación, así como para primar todas aquelas actuacións que fomenten a protección das nosas aldeas e incentiven a mobilización de terras; basicamente accións que permitan facer a Galicia máis resistente contra os incendios forestais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Armada.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, señor presidente.

Mire, señor Armada, leccións de igualdade, poucas por parte de partidos que pactan con outros partidos que nin sequera recoñecen que exista violencia contra as mulleres; poucas leccións nese sentido. *(Aplausos.)* Ademais, dá a sensación de que agora xa non temos que vir aquí, primeiro, denunciando os incendiarios; tampouco temos que vir aquí impondo un valor para que non nos digan que estamos en contra dos traballadores do Servizo contra Incendios. Agora tamén, a próxima vez, vou saír co teléfono aquí, *(O señor Seco García sinala coas mans o seu peito.)*, que me dixo vostede, porque supoño que teño que saír aquí a facer publicidade do teléfono, *(Murmurios.)* xa que vostedes igual son incapaces de publicitalo, seguramente. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, o Partido Popular promete moito, fala moito nos medios de comunicación, fai moitas entrevistas e pónenlles nomes moi rimbombantes ás cousas que din que van facer, ás leis, pero resulta que das 123 medidas que aprobaron —connosco, por certo, nesa comisión de expertos para analizar a situación do monte e tamén dos incendios forestais—, eu xa lle saco aquí que a medida número 11 xa a incumpriron —cando non pasou practicamente nin



tempo— cando dicían que ían aunar absolutamente toda a lexislación que había en materia contra incendios e que a ían ter lista antes do 1 de xaneiro. Iso si, agora volven aquí e dinnos que no 2021 haberá unha lei marabillosa, ¡pero se non cumpren as leis!, non cumpren as leis e o forestal e o monte galego está como está porque son incapaces; non cumpriron nin tan sequera a lei do ano 1992. ¡Se non poñen orde no monte!, ¡se non controlan absolutamente nada do que se fai alí! Polo tanto, ¿que van prometer se logo non fan absolutamente nada de nada daquilo que escriben?

Mire, xa llo dicía o outro día ao conselleiro: cando un dos propietarios, nunha comunidade de montes veciñal da zona do Xurés, fala contigo practicamente con bágoas e che explica que despois do ano 2017, dun incendio tan grave que vostede coñece —porque é da zona—, fixo con outros compañeiros doutras comunidades de montes un plan para a loita contra incendios que lle presentaron á Xunta e no día de hoxe, cando volve arder, non ten nin contestación, ¿vostede cre que iso é un éxito da política do Partido Popular á fronte da Xunta de Galicia, á fronte da Consellería do Medio Rural?

E imos falar dalgunha cuestión máis que antes nomeaba a voceira do BNG. Agora hai que ir un paso máis adiante. Temos que facer cousas para actuar neses miles de hectáreas calcinadas nun parque natural como o Xurés e tamén no macizo Central. Aínda non sabemos cales son as actuacións de urxencia que vai levar a cabo o Goberno galego para actuar no terreo queimado e cales son as accións que se van levar a cabo para evitar a erosión do terreo, a perda de solo e a contaminación que pode haber nos ecosistemas fluviais polo tema do arrastre. Eu creo que urxe no día de hoxe —e así o están dicindo alcaldes que vostede ben coñece e moita da veciñanza do territorio— comezar a restaurar eses montes calcinados e axudar as poboacións afectadas polo lume.

Non sei se recorda as declaracións que fixeron os apicultores sobre o abandono absoluto ao que os somete a Xunta de Galicia cando ano tras ano arden as súas colmeas ou cando vostede ve a moitos gandeiros tendo que arranxar peches ou buscando pasteiros onde levar o gando despois do lume. Esa xente pódese ver todos os días, pero o que non viron aínda foi o persoal da Xunta de Galicia avaliando ou realizando traballos nas zonas calcinadas polo lume. E como ben lle recordaba o voceiro do BNG, ese traballo hai que facelo, porque, ademais, está incluído dentro da Lei de prevención e defensa contra os lumes forestais de Galicia, no artigo 49, que fala precisamente do mantemento e restauración dos terreos incendiados. Pero vostedes aínda non fixeron nada. É curioso que ata se lles adiante a Confederación Hidrográfica empezando a actuar no río Caldo con medidas para impedir que moita contaminación chegue aos cauces fluviais, e a Xunta de Galicia nin está nin se lle espera.

Polo tanto, señores do Partido Popular, actúen, actúen rápido, e fagan algo con respecto aos parques naturais, porque os plans reitores está ben que se fagan e que se fagan a tempo, por certo, porque no Xures aínda non existe, e alí onde existen, como é o caso do parque do Invernadoiro, non sabemos se están facendo absolutamente nada con aqueles fondos que teñen que ter orzados para este ano nin sabemos se a Xunta de Galicia, ademais de desenrolados nun papel —que é importante e que, por certo, non teñen con respecto ao parque do Xurés—, logo tamén ten unha planificación clara de cales son os traballos que se van levar a cabo alí, porque está moi bonito dicir que temos moitos parques naturais, pero o importante é logo conservalos e actuar sobre eles.



Nada máis. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Martín Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Nosa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de reactivación do sector cultural fronte aos efectos da covid-19

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada Mercedes Queixas Zas, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 3396 (11/MOC-000005)).

Emenda de adición.

Engadir, ao final, o seguinte texto: «O Parlamento insta a Xunta de Galiza a aprobar a declaración da cultura como ben de primeira necesidade, partindo do recoñecemento da cultura como dereito. Asemade, insta a Xunta de Galiza a:

- 1. Adoptar todas as medidas de apoio e impulso que dean cobertura aos dereitos culturais da cidadanía galega e a poñer en marcha un proceso participativo, dialogado e aberto ás entidades representativas de todos os ámbitos e axentes da nosa cultura para a elaboración dunha Lei de Dereitos Culturais de Galiza.*
- 2. Desenvolver un paquete de políticas públicas específicas de apoio aos creadores e creadoras e aos sectores profesionais da cultura galega durante a duración da pandemia da COVID19.*
- 3. Solicitar e xestionar diante do Estado español a redución do IVE cultural do 10% ao 4%.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Si, grazas, señor presidente.

Boa tarde.

En efecto, esta moción responde a unha interpelación sobre o Plan de reactivación do sector cultural fronte aos efectos desta pandemia que o Goberno galego presentou a finais do mes de abril e que na nosa opinión foi un plan insuficiente.

De todos os xeitos, alegrámonos de ter sacado á luz nesta sede parlamentaria a cuestión da cultura, pois pensamos que estes debates finalmente evidenciaron a súa importancia vital para sosternos como sociedade. E dicimos vital, e non dubidamos en empregar ese termo.



Nese sentido, presentamos esta moción porque, como xa dixemos en anteriores ocasións, en épocas de confinamento —do que lamentablemente e probablemente xa non esteamos libres—, a cultura foi quen nos permitiu entreternos, evadirnos e mesmo soñar que as paredes que nos aprisionaban naqueles momentos non eran tan opacas nin tan duras. Foi a cultura o noso balón de oxíxeno. Neses momentos nos que parecíamos afogar, foi o sector cultural quen, neses primeiros momentos de desconcerto, estivo aí, coidando de nós, consciente de que a cultura debía de ser garantida e sabedor de que a cultura era e é parte da solución a esta crise. ¿E por que digo isto? Pois porque, entre outras cuestións, a cultura é, ademais, como se demostrou, unha ferramenta de cohesión social moi necesaria hoxe.

Eu quería convidalos —o outro día coa interpelación fixen algo parecido— a que fagan un exercicio moi sinxelo, e é que se imaxinen soas ou sós nun espazo baleiro, sen posibilidade ningunha de interaccionar con ninguén. Se tivesen que permanecer aí por un tempo, ¿que se lles ocorrería facer para rachar con esa soidade? As respostas poden ser moi variopintas e moi variadas, pero estou certa de que seguro que apuntarían ao mesmo: todos botaríamos man dalgún recurso cultural.

É por iso que hoxe aquí propomos a esta Cámara, como xa fixeron todos os grupos políticos —ademais, lembremos que por unanimidade— hai pouco tempo, recentemente, no Senado, ou como xa se fixo en Alemaña tamén, que se consensúe unha declaración pública da cultura como ben de primeira necesidade. Os poderes públicos deben recoñecer que a cultura non é un luxo, senón unha necesidade para a nosa pervivencia, como se acaba de demostrar. É, xa que logo, un ben de primeira necesidade, ademais dun dereito que debemos garantir sempre e a toda a sociedade. A súa declaración como tal tería así o obxectivo de preservala de cara a próximas crises, e desta maneira quizais así tampouco teñamos que volver botar man de plans de reactivación, como se presentaron este ano.

Por esta razón, tamén pensamos e consideramos urxente un incremento notable dos fondos destinados á cultura por parte do Goberno galego, que nestes anos foi incapaz de superar o apenas 0,7 % do destinado a este ámbito.

A crise sanitaria, como xa se dixo, está a ter un fortísimo impacto no ámbito cultural. O Consello da Cultura Galega publicou todos estes meses varios documentos de traballo nos que demostraba a súa especial vulnerabilidade, e así o dicía o propio Consello. O seu Observatorio advertía de que o emprego cultural descendeu un 5,5 %, o que supón 2,3 puntos porcentuais máis que o conxunto do mercado laboral no mes de marzo.

Por todo isto, nós agardamos un forte incremento do gasto en cultura nos orzamentos próximos —se pode ser, e agardemos que si— que chegue ao 1 % do total do gasto público consolidado no ano 2020-2021.

Cremos tamén que para facer fronte a estes preocupantes anos que chegan consecuencia da pandemia é preciso presentar xa un novo plan de reactivación do sector, duplicando os fondos, como mínimo, asignados ao primeiro correspondente a este ano; un programa que aplique recursos novos, que estableza axudas directas e que abra novos circuitos culturais; circuitos que cheguen para quedar. Porque, claro, ¿cales son os plans do Goberno galego a



partir do día 1 de xaneiro do 2021?, ¿fíalo todo a un xacobeo? Por certo, a un xacobeo incerto. Non, dende o Grupo Socialista dicimos rotundamente que non. Debemos aproveitar esta crise para un cambio de paradigma no modelo; é aí onde debería incidir un plan destas características, como xa dixemos. Non se trata só de reprogramar ou de abrir novas liñas de actuación por moi interesantes que sexan, senón de aproveitar esta crise para comezar a preparar o modelo cultural que rexerá en Galicia nos vindeiros anos.

Estratexia, falta estratexia. Xa no 2018, cando se presentaba a diagnose para a cultura galega nese ano, o presidente por aquel entón do Consello da Cultura Galega —como xa dixen na interpelación, non creo que sexa un organismo para nada sospeitoso— advertía de que as políticas culturais en Galicia —e cito textualmente— «*carecen dunha estratexia, diagnose, planificación e avaliación.*» Case tres anos despois, nada mudou.

Por suposto, isto debe facerse dialogando con todo o sector, e cando dicimos «todo» é todo. Continúan manexando as cifras dos 230 axentes cos que se dialogou para facer ese Plan de reactivación, e continuamos nós dicindo que eses 230 axentes non pertencían ao mundo da cultura. E, dende logo, non o fixeron á vista da contestación pública que tivo ese primeiro plan.

Miren, 17 asociacións profesionais galegas do sector cultural trasladaban en maio, poucos días despois de presentarse ese plan, a súa preocupación e decepción polo proposto. Criticaban —por citar algúns puntos— a ausencia de concreción, a falla de protección de determinados colectivos profesionais, a falla de transparencia, a falla de protocolos sanitarios imprescindibles e a mestura de programas ordinarios con programas excepcionais, o que, evidentemente, facía moi difícil coñecer o esforzo real dedicado ao sector. E, ademais, tamén criticaban o aproveitamento da crise para engrandecer o Xacobeo 2021.

E agora —e lamento que os vou aburrir, probablemente— direilles quen asinou este escrito, para que despois nos digan que si que foi dialogado co sector. Asinaron este escrito: a Academia Galega de Teatro, a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, a Asociación Empresarial Festivais de Galicia, a Asociación Galega de Empresas Musicais, a Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural, a Asociación Galega de Salas de Música ao Vivo, a Asociación Galega de Videoxogos e Contidos Interactivos, a Asociación de Produtores Técnicos de Espectáculos de Galicia, a Asociación Profesional de Artistas de Galicia, Curtural —que o outro día o conselleiro falaba de Curtural—, a Coordinadora Galega de Festivais de Cinema, Proxecta, Escena Galega, Músicas ao Vivo, Plataformas afectadas polo Centro Coreográfico Galego e a Unión de Cooperativas Galegas. (*Aplausos.*) ¿Diálogo co sector? Non o teño nada claro.

Dende aquí, por favor, solicitámoslle ao Goberno galego que se sente a falar con elas, con estas asociacións, con todas as asociacións profesionais do sector, para que coñezan cales son as súas expectativas e as súas necesidades, sector por sector, e para que establezan medidas urxentes que garantan a súa pervivencia. Claro está que ese diálogo non debe de ser só para ese segundo Plan de reactivación cultural que pensamos necesario, por iso propoñemos a creación dunha mesa de diálogo permanente con representantes do mundo da cultura galega; unha mesa para traballar, como dicíamos, na estratexia cultural galega dos



vindeiros anos, que sente as bases e afiance os piares xa construídos con grande esforzo polos creadores e creadoras e pola industria deste país; unha mesa de diálogo sectorializada. É traballo, sabémolo, pero é imprescindible facelo.

Parello a todo isto, propoñemos tamén unha campaña de animación ao consumo cultural e que dea visibilidade aos espazos da cultura como espazos seguros. Sete meses xa da pandemia e aínda non vimos nin unha soa campaña. Seica din que está en fase de redacción. Por favor, déanse présa, non hai tempo. Os contedores culturais levan meses facendo inxentes esforzos para garantir a seguridade da súa actividade. Sabémolo, comprobámolo todas e todos os que asistimos a espectáculos culturais; sabemos o esforzo que están facendo.

Desboten, por favor, discursos confusos que provocan incerteza nos públicos. Estandaricen protocolos, escoitando o sector, e establezan criterios claros e inequívocos, en canto a aforos e a medidas de seguridade sanitaria para o desenvolvemento destas actividades mentres teñamos que convivir con esta pandemia. E, por favor, coordinen cos axentes implicados o desenvolvemento desas actividades en salas de concertos e espazos análogos, da mesma maneira que se está facendo con outros espazos culturais. Debemos fuxir de argumentos que leven á criminalización ou á estigmatización destes espazos, que veñen demostrando que tamén son seguros, porque son espazos culturais, efectivamente, nos que a cultura está por riba do ocio.

En definitiva —e remato xa—, aproveitemos esta oportunidade para darlle unha pensada á estratexia do noso país, afiancemos todo o traballo ben feito —que o hai—, pero avancemos na procura de novos escenarios, de novas políticas que dean cabida a novas propostas e formatos, a novas maneiras de entender a nosa cultura, que é, dende logo, moito máis que unha relación concatenada de eventos nos anos xacobeos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Varela.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Mercedes Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Deben ser as miñas primeiras palabras nesta tribuna de recoñecemento ante todo, palabras de honra maior a todas as mulleres que, tronzando o gume dos tempos vividos a contrafío, desacataron normas inxustas para que hoxe as mulleres poidamos, tamén aquí, expresarnos coa nosa voz; *(Aplausos.)* gratitude inmensa a todas as mulleres galegas nacionalistas que nos precederon nesta Cámara no uso da palabra co seu pensamento e acción política á procura dunha Galiza dona de si e soberana.



E gratitude, se mo permiten tamén, ás mulleres da miña estirpe, dende a máis lonxeva da miña memoria biográfica, a bisavoa Daniela —iletrada si, mais alfabetizada na cultura popular, a de máis alto nivel, a que constrúe a nosa colectividade—, até a máis nova, a pequena Ita, que ha facer virar a roda da cultura galega en cada nova alba. Porque a cultura que habita en cada unha de nós é esa voz colectiva, atemporal, corrente continua que chama por nós e que hoxe nos convoca nesta sesión plenaria.

Nomeamos a cultura como un dereito de todas e cada unha de nós, mais tamén como unha realidade pluridimensional que xera riqueza, cohesión social e comunidade. A cultura é a expresión máis visíbel do que somos como pobo e tamén de como entendemos o mundo, e en boa medida coa lingua propia como substrato. Configúrase esta como unha ferramenta esencial para a transformación social, tamén para o fortalecemento da conciencia e da identidade; un discurso cultural de noso que xera tecido empresarial, un dereito de todas nós que xera riqueza para todas nós, un proxecto cultural ao servizo dun país.

En todas as dimensións permeábeis e descontinuas en que hoxe se manifesta a cultura galega, desde a máis tradicional á experimental, da dixital á analóxica, da inmaterial á material, da creativa á económica, a Xunta de Galiza ten a obriga estatutaria de atender con políticas públicas, activas e específicas o desenvolvemento das nosas expresións culturais para dar cumprimento ás competencias que lle son propias en exclusiva. E para iso cómpre poñer en valor de vez todo o potencial creativo que temos, proxectando desde nós, desde as voces das nosas creadoras, unha ollada propia nun mundo aberto, plural e diverso: Galiza como unha nova célula de universalidade, herdeira do Grupo Nós, do que estamos a celebrar o centenario.

Efectivamente, o Observatorio da Cultura Galega rexistraba en 2019 que o conxunto das traballadoras e traballadores da cultura supoñían un 3,5 % do total do emprego, o que dá boa idea da dimensión do sector cultural como estratéxico no desenvolvemento produtivo e de emprego.

Con todo, xa un ano antes, en 2018, a *Diagnose da cultura galega. Datos para unha estratexia cultural no século XXI*, asinado polo Consello da Cultura Galega, recoñecía entre as liñas urxentes, prioritarias e necesarias, o incremento no orzamento en cultura por parte da Xunta de Galiza, traspasando ese 0,65 % naquel momento no ano 2018 ao 1 % nos catro anos seguintes e achegándose ao 1,5 % no prazo de dez anos. Segundo as palabras do Consello da Cultura Galega, este obxectivo sería congruente coas achegas do sector cultural ao emprego e ao PIB de Galiza.

Esta radiografía do estado de saúde dos sectores culturais galegos determinaba, antes xa da pandemia, que —cito textualmente— «os recortes no gasto público en cultura son demasiado agresivos para un ámbito social que é de atención preferente; mesmo se se compara con actividades económicas non sociais, os recortes foron maiores».

E aquí estamos dous anos despois, cando a cultura asumiu ese papel identificado polo historiador grego Dióxenes Laercio como «un refuxio na adversidade». Os efectos da pandemia agora si poden resultar letais para boa parte do sector cultural. Porque vivimos tempos de



respostas para atender o urxente, o excepcional, cómpren medidas acordes co estado actual, mais tamén precisamos facernos preguntas encamiñadas á necesidade de iniciarmos un cambio de modelo moito máis sustentábel, desestacionalizado, deslocalizado e fóra de etiquetas puntuais; un tempo de mudanzas e de oportunidades para definir, por fin, unha outra política cultural.

O pasado mes de xullo de novo o Consello da Cultura Galega —e ben entenden por que nos referimos a esta institución regulada desde o Estatuto— publicaba o *Barómetro da cultura galega*, unha radiografía das empresas culturais galegas dende que empezou a pandemia. As conclusións deste estudo son argumentos sólidos que reclaman a nosa atención urxente, porque a cultura, máis alá de múltiples valores incuantificábeis en números, tamén se resume en cifras. Por citar algunhas, a pandemia provocou que un 53,8 % das empresas culturais estean inactivas; no sector das artes escénicas, o 82,4 % mantense inactivo; o 38,6 % solicitaron un ERTE; e o 60,7 % din que teñen unha redución de facturación de máis dun 50 % no que vai de ano. Múltiples problemas son os que deben afrontar os sectores culturais, por citar algúns: o cesamento ou a caída de actividades e o conseguente descenso na demanda, o problema da tesouraría, as dificultades para pagar impostos e seguros sociais, os derivados das limitacións de aforo, a inseguridade xurídica, a arbitrariedade na aplicación de diferentes protocolos, as dificultades para cubrir os requisitos de medidas de seguridade e hixiene, etc.

Consecuentemente, por unha banda, comprobamos que a crise da covid-19 repercutiu cun grande impacto negativo no noso ecosistema cultural ao partir dunha situación de enorme febleza, debilidade, vulnerabilidade e precariedade; e, pola outra, verificamos que as estruturas profesionais da cultura galega —na súa maior parte autónomos, micropemes e cooperativas sociais— están a afrontar un contexto no que xa non podemos falar de perda de recursos e de ingresos soamente, senón de loita pola propia supervivencia; e nestes días últimos ben vimos titulares neste sentido.

Cómpre tomarmos, pois, conciencia da vitalidade e tamén da especificidade das nosas industrias culturais e creativas, tamén desa tan esquecida cultura de base, dese asociacionismo vinculado sobre todo coa cultura tradicional que hoxe tamén xa sabemos que mobiliza máis de 6.000 persoas no noso país. Uns datos contrastados nas nosas reunións de traballo —algunhas delas moi recentes en días pasados— coas axentes e cos sectores culturais, que demandan de nós actuacións valentes, imaxinativas, xenerosas, comprometidas e á altura do inmenso potencial creativo que nos constrúe e abriga nesta casa común que é a cultura. No BNG acreditamos nunha cultura galega viva, dinámica, con intención formadora no persoal e transformadora no social, que estimule a participación cidadá, que apoie a creación autorial artística, que visibilice a nosa produción cultural, que dialogue en igualdade coas culturas do planeta e que actúe como elemento de dinamización e de vertebración territorial, social e económica.

Sobran, pois, as razóns para demandarmos desta Cámara a declaración da cultura como ben de primeira necesidade, partindo sempre do recoñecemento da cultura como un dereito para todas, para todos.



Participamos e apoiamos a proposta do Grupo Parlamentario Socialista, mais entendiamos que era insuficiente por ser esta ocasión precisa para reiniciar ese camiño da recuperación da dignidade para a nosa cultura, fortemente debilitada e devaluada polas políticas do Partido Popular desde hai algo máis dunha década. E, desde logo, pouco nos tranquiliza comezar esta lexislatura perdéndonos a Consellería de Cultura.

É por iso que achegamos unha emenda de engádega para a que, por suposto, solicitamos tamén o apoio desta Cámara, porque «non se pasa do posible ao real, senón do imposible ao verdadeiro», di o pensamento da filósofa María Zambrano, feito fermoso poema por Olga Novo en *Feliz idade*. Este poemario maxistral acaba de ser recoñecido co Premio Nacional de Poesía, outorgado polo Ministerio de Cultura e Deporte, do que tanto nos orgullamos; (*Aplausos*.) un momento feliz e unha felicidade renovada hoxe mesmo co recoñecemento á poeta Alba Cid, do Premio Nacional de Poesía Xove Miguel Hernández, tamén polo Ministerio de Cultura polo seu poemario *Atlas*. (*Aplausos*.)

Confiamos en contar co apoio unánime desta Cámara con esa concreción tan ansiada da reiterada man tendida para afirmármolos no respecto e na defensa da cultura real, posíbel e verdadeira para todas; de hoxe para sempre.

Obrigada. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado*.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Ferro Iglesias.

O señor FERRO IGLESIAS: Moi boas tardes, señor presidente.

Señorías, as miñas palabras neste Parlamento —co permiso de todos vostedes— quero que sexan para ter un recordo especial polas 831 galegas e galegos que non están connosco porque foron vítimas desta terrible pandemia. Todo o noso respecto á súa memoria e todo o noso cariño aos seus familiares. (*Aplausos*.)

E fago votos para que esta pandemia que está contaminando as nosas aldeas, os nosos lugares, as nosas parroquias, vilas e cidades remate canto antes e non contamine nunca a nosa convivencia. Aínda queda moito que andar, pero debemos recuperar, loxicamente, a nosa vida cotiá e sobre todo os sectores económicos, sociais e culturais. E precisamente ese é o tema que nos ocupa hoxe neste punto e nesta moción.

Ao Goberno galego, ao Goberno estatal e a todos os demais gobernos —non só o galego, todos os demais gobernos autonómicos, locais, deputacións— tocounos xestionar un momento que a verdade é que nin sei como definilo, pero o que si sei é que seguramente trastocou e mudou todos os plans e incluso as direccións das nosas políticas. En todos os gobernos traballaron e estase traballando para reducir e limitar os efectos prexudiciais desta pandemia. Como dicía antes, un dos sectores máis afectados foi, precisamente, o ámbito



cultural. Por iso o Goberno galego se puxo a traballar dende o primeiro momento para que o impacto neses profesionais e nesas empresas fose o menor posible. E fíxose seguindo unha serie de obxectivos: en primeiro lugar, salvar o emprego cultural incentivando o consumo e apoiando a actividade dos profesionais e das empresas; e apoiando e deseñando novos formatos que permitiron continuar a actividade cultural no novo contexto de seguridade sanitaria e mantendo as estruturas empresariais e laborais do ámbito cultural.

Xa o teñen oído moitas veces, señorías, pero repítolledo, Galicia foi a primeira comunidade autónoma de toda España que puxo en marcha unha reactivación do sector cultural; un plan que, como saben, foi ao Consello da Xunta o 30 de abril e foi presentado e debatido nesta mesma Cámara o 13 de maio; é dicir, que non foi un dos misterios de Fátima, senón que todos puidemos debatelos e ver as súas liñas xerais e medidas. Este plan, máis adiante, o 5 de xuño, ampliábase en orzamento e ten un investimento de 26,4 millóns de euros para actividades culturais. Loxicamente, aquí inclúense algunhas actividades que se desenvolverán no marco do Xacobeo 2021, pero que son estritamente accións culturais e de apoio aos profesionais e industrias da cultura.

Por certo, señora Díaz, non sei que teima teñen vostedes co Xacobeo; non digo que o critiquen —por suposto, non chegan a iso—, pero non entendo por que din que as medidas do noso plan non deben pivotar arredor do Xacobeo e que, se o fan, é equivocadamente. Pois perdoe que llo diga, pero nós non cremos que sexa unha equivocación. O maior acontecemento cultural europeo é o Camiño de Santiago, que temos cada certos anos; non se vai celebrar con tanta frecuencia, sabe que o próximo vai ser no 2027. Non sei en que pivotaría vostede un plan cultural cando coincida co Ano Santo Xacobeo, pero, bueno, seguramente hai moitas rexións non só de España senón de Europa que se darían cun canto nos dentes para ter o final do Camiño de Santiago nas súas cidades. (*Aplausos.*)

O Camiño segue sendo unha fonte de transmisión da cultura. A través del xa antigamente se propagaron e difundiron os grandes movementos culturais e artísticos de toda Europa. Ademais, promove moitos e importantes valores: valores culturais, a democracia cultural, a diversidade cultural, a comprensión mutua e o diálogo intercultural. Na Idade Media xa era un centro espiritual e cultural de Europa, por iso no Goberno galego temos claro que non imos desaproveitar un dos maiores filóns culturais que posuímos, porque para nós é unha herdanza cultural á que non imos renunciar, sobre todo se o imos utilizar para reactivar o sector cultural.

Nesta segunda edición do programa O teu Xacobeo apoiaremos máis de 220 medidas, das cales unha gran parte son accións culturais. Mire, estruturamos o noso plan en catro eixes: activamos a industria cultural galega apoiando o sector do libro con 2.300.000 euros, o sector audiovisual con 4 millóns de euros, o sector das artes escénicas con 1.800.000 euros, o sector das artes plásticas con 585.000 euros e o sector da música con 2 millóns de euros. Nun segundo eixe, tratamos de manter o emprego cultural en Galicia cun impulso económico de 2 millóns e medio de euros. Nun terceiro eixe, traballamos o fomento do consumo cultural —pídeo vostede na súa moción— cunha campaña de sensibilización dirixida a toda a sociedade galega. E nun último e cuarto eixe apostamos pola formación, profesionalización e mellora da competitividade.



Púxose en marcha un sistema e un servizo de asesoramento e consultoría en liña para empresas e profesionais dende o pasado 27 de maio, con bolsas de formación en materia cultural para a inserción laboral tanto en bibliotecas, arquivos, museos, etc., e tamén un programa de atención aos profesionais da cultura, aos profesionais das institucións da cultura. Por suposto que temos por diante moito que facer; temos novos retos por diante que debemos atender, novas necesidades, e están as programacións adiadas, a cultura segura e a cultura necesaria. Xa ven que traballamos, señorías; traballamos porque estamos gobernando e porque é o noso deber e a nosa obriga, loxicamente. E isto que parece moi sinxelo hai veces que non o é tanto, porque incluso din que hai gobernos que non se dedican a iso e dedícanse a outras cousas e a outros mesteres. *(Aplausos.)*

Traballamos porque sabemos que da cultura dependen en Galicia máis de 30.000 familias; traballamos porque cremos na cultura e, sobre todo, na nosa cultura galega, porque define a nosa identidade e quen somos; e traballamos porque cremos que o acceso á cultura é un dereito esencial para todas as galegas e todos os galegos. Nós cremos no noso Plan de reactivación cultural, estámolo executando sen triunfalismos e sen propaganda. Xa eramos conscientes da complexidade da situación e, como saben, a finais de agosto-setembro, e neste mesmo mes, continuamos así con esta segunda maldita ola da pandemia. É un plan, loxicamente, complexo e ambicioso, pero seguro que ten algúns erros que podemos mellorar entre todos. É un documento aberto, que seguimos construíndo escoitando os profesionais, porque neles, neses profesionais, está precisamente centrado; é un plan para manter o emprego e o tecido produtivo.

A pandemia, señorías, séguenos obrigando a estar atentos aos aspectos que podemos mellorar. Por iso, seguimos propondo novos proxectos, e seguimos aumentando os orzamentos. Temos que conseguir que o acceso á participación na cultura sexa o máis seguro posible para o público, para os artistas e tamén para os técnicos. Por iso se está deseñando un plan de continxencia e de seguridade, porque nós si que posuímos un grupo de expertos sanitarios e porque o Goberno galego no tema sanitario non toma decisións políticas. *(Murmurios.)* Réfrime ao control do sector cultural, dos seus aforos e da súa actividade.

Eu, que veño da política municipal, asegúrolle que sei aguantar as críticas e que sei encaixar, pero, loxicamente, non me poden pedir que as acepte todas. Sei que todo é mellorable, que ninguén fai todas as cousas perfectas, e nós tamén contamos coas súas aportacións positivas, porque cremos, de verdade llelo digo, que as fan de boa fe, pero a primeira premisa para a predicación, ¿saben cal é? É o exemplo, exemplo que non tiveron en Madrid cando chegou a pandemia, que paralizaron a cultura e tiveron que facer un plan cultural acuciados e obrigados polo sector cultural. ¿E que plan, señoría?, ¿que plan? Ese plan, perdoe que lle diga, pero si que está moi por debaixo das expectativas do sector cultural. *(Aplausos.)*

Remato. Queda moito por facer, sen ningunha dúbida, pero podemos estar orgullosos como galegos da rápida resposta do Goberno galego porque lle deu importancia á cultura e demostrouno con feitos, non con grandes declaracións baleiras de contido.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Ferro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da moción, a señora Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Si, grazas.

O certo é que antes esquecín felicitar a Olga Novo e a Alba Cid por eses galardóns ben merecidos, que, ademais, prestixian as nosas letras e, por suposto, as nosas creadoras, que, como comezaba Mercedes, precisamente, as creadoras rematan en –a; é o que interesa, que neste momento saian máis á luz ou teñan máis visibilidade.

Teño que comezar agradecendo, dende logo, o apoio do BNG e, non sei, pero entendo que tamén vai haber un apoio do Grupo Popular a esta moción, porque o discurso do señor Ferro Iglesias, dende logo, foi propositivo, non vin ningunha crítica, e asumo que isto vai ser así. Veremos despois nas votacións, pero entendo que non vai haber ningún problema.

Quería matizar algo, e é que nós, dende logo, non temos ningunha teima co Xacobeo, ningunha. De feito, entendemos a súa proxección, tamén o sector da cultura o entende; o que non queremos é que as políticas culturais galegas todas se fíen a eses eventos que se producen ao longo de «x» anos. É certo que nesta década vai haber varios, pero ás veces non, e pasan once anos e ¿que pasa?, ¿que seguimos sen política cultural? Entón, deberíamos aspirar a moito máis.

Tamén, permítame que lle diga unha cousa, e é que que Santiago estea en Galicia non é mérito do señor Feijóo. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Dito isto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Claro, xa sei, algún dubida, pero eu asegúrolle que non, eu asegúrolle que non, que Santiago estaba aquí antes de que o señor Feijóo, dende logo, chegase a este goberno. *(Murmurios.)*

Nós queríamos aquí tamén explicar que, efectivamente, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego presentou unha emenda, que transaccionamos, e eles aceptaron. É de engádega. A transacción que se aceptou foi o impulso dunha lei de dereitos culturais de Galicia, e despois outra para solicitar ao Goberno de España a defensa da modificación da Directiva europea para que exista un tipo de IVE cultural específico e reducido para a cultura, ao que nós, por suposto, non nos opoñemos.

Con esta moción —e sentimos repetirnos tanto— o que buscábamos —e, ao mellor, quedamos curtos, é probable, non digo que non, pero ben, haberá máis oportunidades para facelo— era unha intención por parte do Goberno galego de aproveitar esta crise para un cambio de paradigma, como dicía, no noso modelo cultural de país, que avance asentando as bases do seu tecido cultural, das industrias e da creación, que explore novos modelos culturais sostibles, que teña en conta e apoie a autonomía dos espazos culturais e a democratización das institucións —que tamén é importante—, que confíe na cultura de base, nos nosos creadores e creadoras, que dea estabilidade orzamentaria ao sector, que sirva de man-



tedor da nosa cultura tradicional e á vez que explore novos formatos e dea pulo a propostas experimentais que tamén nos identifican como país —esas novas propostas—, que loite concienciadamente contra a precarización do emprego e que aposte pola profesionalización do sector; en fin, un sinfín de iniciativas, de políticas ou de accións que entendemos que levarían a un cambio do paradigma cultural.

Somos conscientes do preocupante momento que estamos a vivir e das necesidades que existen en diferentes sectores da nosa economía, que están pasando por momentos moi difíciles e ata inimaxinables moitos deles. Pero non perdamos de vista que a cultura é un deles, que contribúe ao noso PIB con arredor do 2,5 % e que dá emprego a máis de 30.000 persoas.

Teñamos tamén —e xa remato— moi presente que a nosa cultura, igual que a nosa lingua, é a que nos define como pobo, e correspóndenos a nós, aos poderes públicos, ser non só a súa maior garantía, senón o seu maior mantedor e impulsor. De facelo así, o éxito será compartido por todas e por todos, e o que é máis importante ademais, será compartido tamén polas nosas xeracións futuras.

Grazas por todo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Terceiro toque de timbre. Vou esperar a que remate, por prudencia. Sempre damos tres toques e agora colleume un pouco así, de sorpresa, isto, porque terminou a cousa un pouco antes. Entón, imos esperar a que remate. Sempre hai que esperar, non hai problema.

Entón, agora si, procedemos á votación.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil.

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 nas residencias privadas de persoas maiores.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Manuel Antonio Lourenzo Sobral.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Manuel Antonio Lourenzo Sobral, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto da covid-19 no ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos problemas detectados na implementación do protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

(Pausa debida a un fallo no panel electrónico de votacións.)

O señor PRESIDENTE: Algo fallou aí, deberían ser 67, 30, 40. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Ben, pero repetimos o da anterior, que é igual. Entón, presentes na sala... (Risos.) (Murmurios.) Claro, é o mesmo. ¡É que é o mesmo!

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de don Martín Seco García.

Non se presentaron emendas.

Votamos.



Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos incendios forestais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela.*

Acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego como engádega. Xa leu aquí a transacción. Votámola.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noa Susana Díaz Varela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de reactivación do sector cultural fronte aos efectos da covid-19.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 30; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Rematou aquí a votación das mocións e continuamos co punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.*

Proposición non de lei do G. P. Popular, por iniciativa de D^a María Corina Porro Martínez e trece deputados/as máis, sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España dos cambios normativos necesarios na lexislación orgánica en materia de saúde pública para poder actuar ante a pandemia da covid-19 con plenas garantías e seguridade xurídica

O señor PRESIDENTE: *Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.*

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Pablo Arangüena Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta Proposición non de lei. (doc. Núm. 728).

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes parágrafos: «Así mesmo, o Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a demandar do Partido Popular que, para acadar a maioría absoluta necesaria para sacar adiante calquera reforma de lei orgánica, apoie cos seus votos no Congreso e no Senado as modificacións lexislativas que propoña o Goberno para mellorar a lexislación en materia de saúde pública. O Parlamento de Galicia insta tamén o Goberno galego a demandar do Partido Po-



pular unha actitude leal e colaboradora co Goberno de España na loita contra a pandemia dada a gravidade sen precedentes da situación asociada e dos seus efectos sanitarios, económicos e sociais».)

O señor PRESIDENTE: Para defender a proposición non de lei ten a palabra o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Boa tarde, señorías.

Eu, como sempre que falamos de cuestións directamente relacionadas coa pandemia, quero comezar trasladando, unha vez máis, como fixo o meu compañeiro na anterior intervención, o noso pesar, afecto e máximo respecto a todas as familias das 831 persoas que faleceron pola covid, aos 363 deles que faleceron nas residencias, ou nas residencias integradas ou nos hospitais procedentes de residencias; e tamén quero darlles a nosa máxima calor e apoio aos 5.215 contaxiados no día de hoxe, 4.891 dos cales están nas súas casas, 47 nas UCI e 277 hospitalizados. Dámolles o noso apoio e toda a calor da que somos capaces. *(Aplausos.)*

Esta mañá, na comparecencia do conselleiro de Facenda, dicíamos que o primeiro que hai que facer desde o ámbito público é loitar contra a pandemia e reducir a enfermidade e os contaxios, porque esa é a base para a recuperación da vida económica e social. A incidencia en España da pandemia foi especialmente intensa —vou obviar os datos—, pero o certo é que o número de falecidos, pese ao drástico das medidas adoptadas, non nos deixan no mellor lugar como país; hoxe, por exemplo, somos o cuarto país de Europa en incidencia acumulada, con 312 casos por 100.000 habitantes, tras Bélxica, que ten 723; Países Baixos, 486; e Francia, 406, e mesmo estamos lonxe dalgúns países ás veces postos como exemplo de mala xestión como, por exemplo, os Estados Unidos, que ten unha incidencia acumulada de 208, ou no nivel do Reino Unido, con 310.

En España, a primeira onda bateu con moita intensidade, e a segunda parece non ir moito mellor. Na primeira onda conseguíuse reducir o contaxio mediante a declaración do estado de alarma e o confinamento. O estado de alarma, como todos sabemos, son normas excepcionais, e xunto co estado de alarma están o estado de excepción e sitio, que se caracterizan por ser enormemente restritivos das liberdades individuais e están previstos para tempos breves e ante graves alteracións da normalidade. De feito, a propia Lei orgánica 4/1981, que os regula, non dá respostas específicas para as crises sanitarias, especialmente para as de longa duración como a da covid, e esa propia lei remítese, no seu artigo 12, ás medidas establecidas nas normas para a loita contra as enfermidades infecciosas. En definitiva, a lei que regula o estado de alarma non regula as accións de índole sanitaria e, de feito, remítese ás propias normas sanitarias.

O estado de alarma foi necesario e imprescindible ao principio da pandemia, pero tamén é certo que enseguida se viu que era insostible no tempo. En primeiro lugar, pola propia esencia dos estados de excepción e o carácter de restrición das liberdades nun sistema democrático. A todos os que coñecen un pouco a historia das constitucións arrepiálles recordar, cando se declara un estado de alarma, excepción ou sitio, as teses de Carl Schmitt sobre quen é o soberano, que é o que pode declarar o estado de excepción, e as consecuencias que esas teorizacións trouxeron na historia recente de Europa.



En segundo lugar, porque houbo certo abuso no seu uso, que non foi en ningún caso consensuado. Sempre se lles presentou a todos os partidos ao final, cando era case difícil aprobar o estado de alarma nas últimas prórrogas, sen previo contacto, sen previos consensos sobre o seu alcance e, ademais, utilizouse para algunhas cuestións que non tiñan nada que ver. Non vou falar da famosa reforma do CNI, pero hai unha cousa que si era importante, por exemplo, cando se vencellou no Real decreto 21/2020 a continuidade dos ERTE á propia declaración do estado de alarma, cousa que a propia realidade ten demostrado que non era absolutamente necesaria e que foi o que permitiu que se quitara esa condición, que se mantiveran os ERTE, pese a que non houbera estado de alarma, o que posibilitou que o Partido Popular tamén votara este real decreto sen ningún tipo de problema.

En terceiro lugar, porque é pouco compatible coa esencia dun estado descentralizado como o noso. De feito, as emerxencias sanitarias as declaran as comunidades autónomas, sen embargo, as medidas que hai que tomar porque hai unha emerxencia sanitaria non se poden tomar de acordo coa normativa vixente, salvo que se declare un estado de alarma e as adopte o Goberno central. E a proba disto que acabo de dicir é que a insostibilidade do estado de alarma no tempo se viu nas sucesivas votacións, que comezaron aprobando primeiro o estado de alarma con 321 apoios, votos a favor —dos 350 escanos—, e remataron coa quinta a e a sexta moi xustas, con 177 escanos.

E, precisamente por iso, porque era insostible ao longo do tempo, o presidente da Xunta de Galicia xa durante a terceira prórroga do estado de alarma, que finalizaba o 10 de maio, apoiou, cando se plantexaba a cuarta, darlle unha marxe de actuación ao Goberno de España para reformar con urxencia a lexislación sanitaria de carácter orgánico, para que a Administración xeral do Estado e as propias comunidades autónomas, de ser o caso, tivesen instrumentos e capacidade para combater eficazmente a epidemia.

De feito, tras a comparecencia pública que fixo o día 3 de maio, unha vez celebrada unha conferencia de presidentes, o presidente Feijóo declarou unha vez máis que existía unha desproporción entre o estado de alarma ilimitado e a situación do país e pediu reempazalo por actuacións específicas non tan invasivas dos dereitos e liberdades públicas como, por exemplo, na Lei orgánica da sanidade.

Aos poucos días o Goberno, que defendía que o estado de alarma era o único instrumento que permitía atallar a pandemia, pero tamén presionado por algúns dos que facían falta para a renovación do estado de alarma, nomeadamente o Partido Nacionalista Vasco e Cidadáns, declarou a través da vicepresidenta do Goberno Carmen Calvo, en público, no Senado, e tamén o fixo o presidente Sánchez na seguinte conferencia de presidentes, que tiñan a intención de revisar a lexislación sanitaria na Comisión de Reconstrución constituída e creada no Congreso.

O Congreso, pola súa parte, apoiou no 25 de xuño o Decreto lei de medidas de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise da covid, co compromiso explícito do Goberno de tramitalo como proxecto de lei para incorporar os puntos esenciais do ditame desta Comisión de Reconstrución en materia de sanidade. De feito, a Comisión de Reconstrución do Congreso, no punto quinto, na recomendación quinta do seu ditame, explicita-



mente di que hai que actualizar a lexislación sanitaria de ámbito nacional e autonómico adaptándoa ás propostas da Comisión para a Reconstrución e elaborar un calendario de reformas lexislativas, e concretamente estas reformas lexislativas serían para prepararse e afrontar un posible rebrote da pandemia da covid-19 e calquera outro tipo de epidemia ou catástrofe.

Posteriormente, o 31 de xullo, novamente o presidente da Xunta, na primeira conferencia de presidentes presencial, reiterou a necesidade de modificar a lexislación orgánica en materia sanitaria, e o presidente Sánchez aceptou suxestións por parte das comunidades autónomas. De feito, a Comunidade Autónoma de Galicia comprometeuse a dar un texto. Chegou agosto, non se tramitou o real decreto, non se incorporaron medidas de reforma da lexislación sanitaria e non se solucionaron, polo tanto, problemas que esta plantexaba, e os problemas xurdiron axiña, primeiro, porque a rectificación que facían os tribunais ordinarios xerou certo caos, xa que, segundo o tribunal de garda que tocouse, podía saír que si ou que non se aceptaban as medidas que propoñían as comunidades autónomas. Isto levou ao Goberno de España a propoñer unha reforma da Lei de xurisdición contencioso administrativo, que atribúe a función da revisión das medidas autonómicas aos tribunais superiores de xustiza, pero pasado o día 8 de outubro, xustamente cando a Xunta estaba remitindo o seu proxecto de reforma da Lei sanitaria e facendo pública a súa proposta, o Tribunal Superior de Justicia de Madrid suspendeu as normas para esa comunidade adaptadas ao amparo dunha simple orde ministerial, dicindo no seu fallo que non se podían limitar os dereitos sen cobertura legal e que na Constitución existían suficientes instrumentos para legislar en materia orgánica e limitar, polo tanto, aqueles movementos que poderían propiciar a pandemia.

A proposta da Xunta, que xa foi remitida ao Goberno de España, restablecería, de ser aprobada, o principio de legalidade. Hai unha boa base para que o Congreso reforme a Lei de sanidade do ano 1986 cun catálogo de medidas limitativas, de control de enfermos, de tratamento, incluída a obriga de vacinarse unha vez que exista a vacina para a covid-19, con restricións á circulación, reunións de persoas, e con garantías que van desde a consulta, a audiencia ás partes afectadas, á motivación das decisións, ao principio de precaución, á vixencia temporal limitada, á preferencia pola colaboración voluntaria e a optar sempre polas limitacións máis suaves das liberdades; todo iso, por suposto, sempre protexendo a dignidade dos enfermos.

En definitiva, señorías, a Xunta anticipouse, colaborou lealmente co Goberno, mesmo enviando un texto para a reforma, e temos a sensación de que o Goberno central fallou, atrasou en exceso a aprobación desta lei.

Hoxe o Comité Clínico vai aprobar novas medidas. Galicia non está na peor das situacións do conxunto de España, pero o certo é que en calquera momento calquera comunidade autónoma, incluída Galicia, pode atoparse con problemas para tomar medidas efectivas para a contención da pandemia, mesmo algúns están falando do toque de queda, algo que, evidentemente, tería que caer nos estados de excepción.

Pero, en todo caso, o que hoxe pedimos aos demais grupos é que impulsen e apoiem a aprobación dunha norma que garantiría unha mellor loita contra a pandemia, porque, desgra-



ciadamente —por iso fun un pouco exhaustivo nas datas—, o tempo veulle dar a razón á presidencia da Xunta.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor Puy, vostede non ten a obriga de saber dereito, pero veu aquí a falar de dereito. E véxome na obriga de lembrarlles algunhas obviedades que parece que, insolitamente, se perderon de vista nos últimos tempos por parte da Xunta de Galicia e do Partido Popular.

A iniciativa lexislativa é unha cousa moi seria en calquera estado de dereito, igual que é moi seria en calquera estado de dereito a separación de poderes, un dos cales, o lexislativo, é o que ten a competencia para aprobar as leis. E o poder lexislativo no ámbito estatal correspóndelle ao Parlamento do Estado; é alí onde se teñen que tramitar os proxectos de lei que no Goberno do Estado se presenten e as proposicións de lei dos grupos parlamentarios. Sendo isto así, ¿por que non collen vostedes o teléfono e chaman ao señor Casado para que presente unha proposición de lei no Congreso ou para que facilite ao Goberno a maioría absoluta necesaria para modificar calquera lei orgánica, no seu caso? (*Aplausos.*)

E digo todo isto porque en evidente conexión coa proposición que trae hoxe o PP a esta Cámara, o señor Feijóo anunciou xa —como dixo vostede—, en varias ocasións ultimamente, que ía remitir ao Goberno do Estado unha «proposta» —que lle chaman vostedes— para reformar a lexislación sanitaria. Nótase que unha proposta non é un proxecto nin unha proposición, que son as subespecies da iniciativa lexislativa, senón que é un terceiro xénero inventado polo señor Feijóo. É dicir, o líder do PP de Galicia, no seu infinito afán de protagonismo, omitindo a estrutura de poderes do Estado e cargándose polo camiño a Montesquieu, a Locke e o *sursum corda*, quere tamén pasar á historia por ser o primeiro que inventa ese terceiro xénero de iniciativa lexislativa, que non é proxecto nin proposición senón proposta, aínda que ningún xurista deste país escoitou tales cousas e parece ser unha invención sen precedentes na cultura xurídica occidental.

O caso é que, por exemplo, o ABC o 27 de agosto dicía que: «Feijóo levará a Sánchez y al Congreso su propuesta de reforma sanitaria», como titular. E como subtítular di: «El presidente gallego remitirá a Moncloa un borrador de ley orgánica para atajar la pandemia y enviar a las Cortes el texto aprobado por la Cámara regional». Non é que ao ABC a estas alturas lle importe o máis mínimo a obxectividade —xa o sabemos todos—, pero neste caso límitase a reproducir o que dixeron a Xunta e o señor Feijóo, que está vendendo que van remitir un borrador de lei orgánica, directamente, e tamén a través da Cámara. É que están facendo un batiburrillo que realmente é falso, porque non van remitir un borrador de lei orgánica directamente ao Go-



berno. Non sabemos realmente o que van facer, pero, en todo caso, vostedes non remitiron un borrador de lei, nin orgánica nin ordinaria nin de ningún tipo. O que vostedes remitiron podería cualificarse, sendo benévolos, como informe, pero máis axeitadamente habería que cualificalo como nada, ou fume, ou un «nada-fume» que o único que fai é unha especie de reflexión sobre o que habería que facer, pero nin é proxecto nin é proposición, nin sequera iso, como digo, que o señor Feijóo acaba de deseñar ou inventar, «unha proposta». Porque, non propón realmente nada concreto, a pesar de que se denomine oficialmente «proposta de lei orgánica». E nesa proposta —por chamarlle do xeito que lle chama a Xunta de Galicia—, no seu apartado 2, «Requisitos para a adopción das medidas», propónse que a súa adopción non estea suxeita a ningún procedemento administrativo específico —cito case literalmente—. É dicir, non queren que as medidas sexan autorizadas xudicialmente e ademais din que poderán incluír a intervención directa sobre as cousas, a compulsión directa sobre as persoas e, por suposto, a limitación do dereito á libre mobilidade da cidadanía, sen autorización xudicial, porque da lectura dos sete folios do texto que remitiron ao Goberno dedúcese que este é o único problema que teñen vostedes, a autorización xudicial.

É dicir, non lles gusta o estado de alarma, mecanismo constitucionalmente previsto para suspender dereitos fundamentais, pero queren suspendelos sen autorización xudicial nin estado de alarma, cando lles pete a vostedes, o cal é para nota. E está ben reformar leis, ¿pero non están acaso vostedes impoñendo en Ourense medidas sanitarias máis restritivas que as impostas en Madrid, ou igual de restritivas, sen problema ningún? ¿Non están acaso sendo ratificadas xudicialmente unha por unha as medidas que vostedes foron impoñendo á cidadanía galega, por certo, co pleno apoio e lealdade do PSdeG, a diferenza da actitude desleal e obstrucionista que practica o PP respecto das que adopta o Goberno? ¿Non están acaso sendo aprobadas e ratificadas reiteradamente as medidas de limitación de mobilidade ou calquera outra medida sanitaria que se adopta en calquera lugar de España nas 17 comunidades autónomas? A resposta é que si... (*Murmurios.*) A resposta é que as medidas sanitarias da Xunta, como as do resto das comunidades autónomas, están sendo aprobadas e ratificadas con normalidade, a excepción —se queren facer esa referencia; igual é a excepción que confirma a regra— do caso de Madrid, que se debeu exclusivamente —mírenos vostedes— a que o Goberno de Ayuso non presentou correctamente a súa solicitude; por suposto queremos pensar que por erro e sen intencionalidade.

E están sendo aprobadas ao abeiro do artigo 3 da Lei orgánica de medidas especiais en materia de saúde pública, que literalmente di que as medidas que poden adoptarse son —abro comiñas— «as que se consideren necesarias en caso de risco de carácter transmisible» —pecho comiñas—. «As que se consideren necesarias», ¿que máis queren? Iso si, con autorización xudicial cando se trate de limitar dereitos e liberdades fundamentais; é algo palmar e evidente.

E se esa situación se deteriora, para iso está o estado de alarma, que permite adoptar toda clase de medidas sen necesidade desa autorización xudicial. O que pasa é que a vostedes non lles gusta o estado de alarma e por iso os deputados do PP de Galicia votaron irresponsablemente en dúas ocasións en contra da prolongación do estado de alarma.

Eu non digo que non sexa mellorable, que non sexa desexable mellorar a lexislación —sempre é desexable mellorar a lexislación, e todo o noso propósito nesa dirección—, e tampouco



digo que non sexa mellorable a lexislación sanitaria; calquera lexislación é sempre mellorable, pero chaman poderosamente a atención os cauces que vostedes propoñen para facelo e as actitudes que adoptan ante a aplicación desa lexislación, que basicamente consisten en dicir que cando o Goberno decreta un estado de alarma está pouco menos que actuando como unha ditadura e cando non decreta o estado de alarma é un goberno irresponsable. E se o Goberno impón, sobre o delirio de Ayuso, certa racionalidade, é un exceso, e se non o fai, é un deixamento de funcións. Esta é a súa actitude respecto do que fai o Goberno, da lexislación aplicable.

O artigo 87.2 da Constitución está moi claro, e establece que as asembleas, evidentemente, das comunidades autónomas, teñen unha certa iniciativa lexislativa, e o artigo 10.1.f do Estatuto de autonomía de Galicia establece que é función do Parlamento de Galicia solicitar a adopción ao Goberno de España de proxectos, se así o considera. Tamén o Regulamento deste Parlamento establece o xeito de levar a cabo este procedemento administrativo especial, concretamente no seu artigo 163. Esas son as formas que ten a Comunidade Autónoma de Galicia para propoñer ou solicitar que se adopte un proxecto de lei no Estado, non esa fórmula nova que inventou o señor Feijóo. E o problema da invención do señor Feijóo é que non a practica na súa casa nin se acolle a aquilo que dicía Eugenio d'Ors, de que «os experimentos, con gaseosa», senón que a pon en práctica a través do Goberno de Galicia e utiliza para iso a Asesoría da Xunta de Galicia.

O líder do PP de Galicia quere saír na prensa facendo que fai, aínda que non faga nada, incluso ao prezo de facer cousas que non están contempladas na lexislación e que, por tanto, non debería de facer. É inaudito que un goberno autonómico mande o que lle mandou —insisto, fume, non é un proxecto de nada nin unha proposta de nada; é fume, nada máis que fume— o Goberno de Galicia ao Goberno do Estado. Non ten ningún sentido que un goberno autonómico, saltando os cauces que están perfectamente regulados no noso ordenamento xurídico, pretenda impulsar algo tan importante como unha lei orgánica de saúde que afecta a cidadanía de todo o Estado. Chamen vostedes ao señor Casado —insisto—, alí está a sede da iniciativa lexislativa que lle corresponde como Grupo Parlamentario Popular, no Parlamento do Estado, pero non pretendan facer o que están facendo, cando van incidir dende unha comunidade autónoma no núcleo do noso Estado de dereito, que é a regulación dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas.

Señores do PP, o que pretenden vostedes está no Congreso e no Senado, fágano no Congreso e no Senado. E se queren forzar a máquina, tramiten vostedes, a través do Parlamento de Galicia, unha proposición de lei e remítana ao Congreso, pero o que vostedes están facendo é unha invitación a que cada presidente autonómico diga que non vai ser menos que o señor Feijóo e teñamos 17 propostas, cada unha máis orixinal que a que está mandando o señor Feijóo, (*Murmurios*.) e o que se produza sexa un galimatías (*Aplausos*.) respecto dunha cuestión que afecta todo o Estado soamente para que o señor Feijóo faga a foto e saque un titular. E, por tanto, eu preguntolle ao señor Feijóo, ¿é o señor Feijóo partidario de que cada unha das 17 comunidades fagan como fixo el e remitan a súa proposta de modificación lexislativa? E se o resto das comunidades autónomas o secundan, ¿que facemos?, ¿un concurso televisivo para escoller a mellor proposta sobre unha materia que afecta toda a cidadanía do Estado?



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ¿Ou considera o señor Feijóo que el é máis listo que o resto dos presidentes das comunidades autónomas ou que ten algún privilexio que lle fai pesar máis que o resto das comunidades autónomas?

¿Considera o señor Feijóo que a Avogacía da Xunta está mellor preparada ou máis capacitada que a Avogacía do Estado?

¿Considera o señor Feijóo que a reforma da lexislación orgánica...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...—remato, señor presidente—, que afecta dereitos de toda a cidadanía de España, debe facerse talvez a 17 bandas?

Deixen de vendernos motos avariadas, deixen de producir fume e tinta de calamar e traballen para a cidadanía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi boa noite —xa noite— a todas. (*Murmurios.*)

A verdade é que resulta moi divertido e interesante ver como o Partido Popular é capaz de vender fume durante meses, ver como Feixóo estivo durante meses actuando de telepredicador en *prime time* na televisión pública de todos os galegos e galegas, facendo de comentarista do que acontecía, coma se non tivera competencias nin responsabilidades, coma se o estado de alarma llas quitara, moi ben parapetado e agochado detrás do mando único. E segue sendo todo un espectáculo ver como van cambiando o *attrezzo*, mais manteñen o guión. O que si fai ben é porque o fai el, porque o fai o Partido Popular, e o que se fai mal é responsabilidade doutros e porque non ten instrumentos para facelo. Ese é basicamente o guión. Durante o estado de alarma Feixóo tiña a solución para todo, mais non podía porque estaba o mando único, e despois do estado de alarma non pode porque non hai seguridade xurídica. A cuestión é non asumir responsabilidades.

O PP e Feixóo están instalados na fuxida constante das súas responsabilidades, mentres, iso si, pon o traxe de gran estadista, que é o que lle vai: non facer nada, pero ir co traxe de gran estadista. E pretende facer crer que o problema da loita contra a covid é o organigrama estatal —que non vai ser ao BNG a quen nos guste o organigrama estatal, nin moitísimo menos—, pero é evidente que Galiza precisa máis competencias —e eu atreveríame a dicir



que precisa todas as competencias— para atender e solucionar os problemas dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*) Non teñan a máis mínima dúbida de que o BNG aplaudiría entusiasticamente e sen ningún reparo esta iniciativa do Partido Popular se fora unha proposta sincera para que Galiza tivera máis competencias, mais esta iniciativa non vai diso, efectivamente, non vai de que o Partido Popular caera do cabalo camiño de Damasco e se dera conta de que precisamos soberanía, de que precisamos capacidade de decidir sobre todo aquilo que lle afecta a Galiza.

Esta iniciativa non vai disto, vai do contrario; vai do contrario, vai de *España una*, e non vinte e unha. E ás probas me remito. Feixóo trasladou, cando estaba con estas propostas, que «agradecemos ao presidente do Goberno a confianza que ten en nós, pero non pode haber 17 lexislacións distintas». Ou tamén dixo, que «en España non pode haber 17 formas de actuar». O lóxico é que se somos unha nación española —segundo Feixóo—, e especialmente castigada, non haxa 17 respostas distintas. E, mire, aí é onde o Partido Popular e o Partido Socialista coinciden: o problema é ter 17 propostas. O problema é que Galiza teña unha proposta, ese é o problema que teñen PP e PSOE. (*Aplausos.*)

Esta iniciativa vai de manobras orquestrais na escuridade, vai de manobras de distracción. Os vendedores de crecepele e de bálsamo de Fierabrás sempre existiron, e estamos comprobando como o Partido Popular é un fiel continuador destes vendedores de crecepele, de bálsamo de Fierabrás, porque a cuestión é estar aí dicindo o que ten o produto máis marabilloso; que logo sexa efectivo ou non sexa efectivo é o de menos, a cuestión é estar vendendo un produto fantástico.

Igual que non é casualidade que esta iniciativa e estas propostas do Partido Popular de Feixóo se dean e se traian a debate coincidindo coa guerra declarada entre a Comunidade de Madrid e o Goberno español. Mais unha vez o Partido Popular supeditando os intereses de Galicia aos intereses do Partido Popular e aos intereses de Madrid.

Efectivamente, o Partido Popular leva meses con esta cuestión. Xa en xuño, e como xa ben dixo o señor Puy, Feixóo pide cambios na lexislación sanitaria para regular a mobilidade en caso de rebrotes. En xullo Feixóo advirte de que non hai ferramentas para confinar e pide unha reforma legal —isto era o 7 de xullo—. O 31 de xullo Feixóo pide instrumentos para poder confinar un edificio, un barrio ou un municipio, porque parece ser que non os tiña, e aos poucos días de facer esta declaración tan grandilocuente de que necesitamos instrumentos para toda España —non vaia ser que teñamos 17 propostas; necesitamos unha conxunta, *España una*—, de dicir que necesitan instrumentos para poder confinar un edificio, un barrio ou un municipio, resulta que confinaba bastante máis que un edificio, un barrio ou un municipio, confinaba toda A Mariña sen ningún problema. Primeiro di iso e resulta que despois confinaba toda A Mariña, despois diso confinou barrios en Ourense e despois diso volveu confinar concellos e de novo máis concellos sen ningún problema; a cuestión é poñerse ese traxe de estadista. É dicir, cunha man di que non ten instrumentos e coa outra usa os instrumentos que di que non ten e que é preciso ter unificados a nivel de todo o Estado español.

En agosto seguiu coa mesma cuestión. Vimos nos medios, despois de consellos da Xunta, que a Xunta ultimaba unha nova Lei orgánica de saúde; era unha Lei orgánica de saúde que



ía enviar ao Goberno e elevala ao Parlamento. E poñíalle data, dicía que na primeira semana do mes de setembro ía enviar esa Lei orgánica de saúde. Na mesma nota tamén dicía as medidas que pedía, que non tiña para usar; poñía que medidas estaba tomando neses concellos e neses barrios, para facer ese traballo; é dicir, estaba instalado na contradición permanente.

Chegou setembro, e chegou o debate de investidura e de novo volveu dicir que enviaría ao Goberno central esa Lei orgánica de saúde, remitida aos grupos das Cortes, consciente de que era moi urxente, moi, moi, moi urxente tramitala. Empezou en xuño e estamos en setembro, pero era moi, moi, moi urxente tramitala.

Houbo que agardar un mes máis, e o 8 de outubro tivemos coñecemento pola prensa —¡evidentemente!— de que de novo lle traslada, por fin, non a lei orgánica que dixo que había de trasladar, senón unha proposta, un catálogo de medidas para a modificación da Lei de sanidade.

O que ía ser unha nova lei no mes de xuño converteuse nun catálogo, nunhas propostas no mes de outubro. Nin lei orgánica, nin a trouxo ao Parlamento, nin a mandou ao Congreso, nin llela trasladou aos outros grupos do ámbito do Congreso dos Deputados para que a tramitaran. Despois dun anuncio a bombo e platillo dunha lei orgánica, non usou os mecanismos regulamentarios, que podería. Dende logo, no BNG defendemos que dende Galiza poidamos aprobar leis para que as tramite o Congreso. ¡Faltaría máis que non estiveramos de acordo con iso! Bueno, non deixa de ser paradoxal despois de todo isto —era urxentísimo— que se agardara a outubro, xusto no medio dese rifirrafe Madrid-Estado e non deixa de ser paradoxal que nunha iniciativa rexistrada o 26 de agosto —esta que trae hoxe aquí o Partido Popular— só se diga que «insta a Xunta de Galiza a demandar do Goberno de España que acometa canto antes cambios normativos». É dicir, que o Partido Popular trae hoxe ao Parlamento de Galiza que se inste o Goberno da Xunta a facer algo que xa fixo, que foi trasladar xa esa iniciativa. A verdade é que é todo moi curioso. E dirán que é polo ben común. Dende logo, todo indica que é na estratexia de servir os intereses do Partido Popular, a súa campaña, de facer oposición desde o Goberno de Galiza ao Goberno de España e, de paso, un pouco de oposición tamén ao presidente do seu partido en Madrid. ¡Un poquito de cada! (Aplausos.) E resulta que despois de meses coa machacona idea de que é imprescindible e urxente a reforma da lei orgánica porque hai que poder xestionar a pandemia con eficacia, o PP trae a debate esta iniciativa; unha iniciativa onde pide algo que xa fixo o Goberno da Xunta.

O PP fala da necesidade de ter instrumentos para loitar con eficacia contra a pandemia, cando non usa os instrumentos que ten, porque estes que di que é necesario ter non necesitou usalos. O que si necesita usar é, por exemplo, que o principal instrumento para loitar contra a pandemia sexa un sistema sanitario forte, con persoal en número suficiente e con condicións laborais dignas. Todos os expertos coinciden en que na loita contra a covid ter unha atención primaria é fundamental, e a detección precoz de positivos e identificalos e illalos. ¿Que lle impide ao Partido Popular, ao Goberno da Xunta, usar os instrumentos que ten para loitar contra a pandemia en Galiza? ¡Que non os quere usar! Non os está usando porque se dedicou durante once anos a desmantelar o sistema sanitario público, e agora quere vir dicirnos que o problema do avance da pandemia en Galiza son eses instrumentos



que non necesitou usar. Pero dos que si necesita —que é unha sanidade pública forte e que non temos pola culpa do Partido Popular— aí, *rien de rien*, diso non falamos.

Tamén o acerto e efectividade da loita contra a pandemia é ter un sistema de rastrexo eficiente, eficaz, facer eses rastrexos en tempo e forma; e no día de hoxe seguimos sen saber cal é o sistema de rastrexo en Galiza, seguimos sen saber quen o fai, como o fai, cantos o fan... ¡Ah!, pero eses instrumentos non son obxecto de preocupación do Partido Popular, porque eses son os que tería que estar usando decididamente e non os está usando. Non hai dúbida de que en Galiza seguimos liderando con moito o territorio do Estado onde hai máis persoas positivas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...das que non se sabe cal é a súa orixe. ¿E iso por que? Porque non hai un sistema de rastrexo áxil nin ben dotado, pero aí o Partido Popular non quere saber.

¿E tamén que lle impide ao Partido Popular intervir as residencias de maiores? ¿Que lle impide facer o seu traballo para que as residencias de maiores non sexan a zona cero de contaxios e, desgraciadamente, de mortes? (*Murmurios.*) Porque está moi ben, señoras e señores do Partido Popular, que veñan aquí solidarizarse coas persoas que morreron infectadas —e o BNG facémolo—, pero estaría moitísimo mellor que se ocuparan de poñer medidas para que non se infectaran e para que non morreran, como era caso das residencias de maiores...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...e non o están facendo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Polo tanto...,

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

(*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Grazas.

(*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

Moitas grazas. Xa terminou o tempo.

(*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

Grazas, señora Prado. Terminou.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE: Mentres están limpando, recórdolles que seguimos coas vacinacións, para quen non se vacinara. *(Murmurios.)* Quero dicir que segue aberto o Servizo Médico para que se vacinen os que non se vacinaran aínda.

É unha recomendación na que eu insistirei polo ben seu, meu e de todos. *(Murmurios.)*

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Teño que recoñecer que estou un pouco sorprendido por un debate no que a señora Prado conclúe que o señor Arangüena e mais eu estabamos de acordo e convidamos en todo. *(Risos.) (Aplausos.)* Non o sei moi ben..., *(Aplausos.)* ¡bueno! *(Aplausos.)*

Señora Prado, este debate non vai de competencias, vai de algo que incluso é máis fondo que o tema das competencias. Este debate do que vai é de garantir dous dereitos fundamentais das persoas: o dereito á saúde pública e os dereitos básicos que a Constitución española garante a todos os galegos e aos demais españois. Este debate é fundamental porque ¿que diría vostede se de repente unha administración sen ningún tipo de respaldo legal suprimira os seus dereitos? Pois iso é o que está a ocorrer porque hai unha pandemia. Están intervindo os xulgados. Algúns din que se pode intervir desta maneira e outros que non, que esa vulneración é tan forte que se necesita aplicar o estado de alarma. E o que nos están a dicir os tribunais é que é necesaria unha regulación orgánica para poder constrinxir, en casos xustificadas como os da pandemia, os dereitos dos cidadáns; polo tanto, é incluso algo moito máis importante porque vai ao básico, á cerna da democracia. Porque xa cando foi o das eleccións —onde lealmente nos apoiaron os dous grupos da oposición para a convocatoria, cando foi celebrada— xa falabamos de que a pandemia non é incompatible coa democracia.

De todos os xeitos, eu creo que o señor Arangüena merece un pouco máis de atención. Cuestionou os meus coñecementos en dereito. Eu non presumo de coñecementos en dereito, pero como doutor en Dereito algo de dereito si que sei. *(Risos.) (Aplausos.)* Entón, permítame que lle diga algunha cuestión desde un punto de vista xurídico. A orixe desta proposta é porque o señor Sánchez, presidente do Goberno, nun órgano de cooperación entre executivos, pídelles ás comunidades autónomas suxestións. O señor Feijóo ofreceulle unha e o señor Sánchez dille que lla mande. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo tanto, se lla manda ao Goberno, é porque a pide o seu presidente. *(Aplausos.)* E o presidente da Xunta mándalla no mellor ánimo de cooperación. *(Aplausos.)*

Segundo, como vostede sabe perfectamente, claro que legisla o Congreso, pero ¿quen ten a iniciativa lexislativa? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, perdoe... ¡Oia!, isto xa é máis grave... *(Risos.)* ¡Isto non é nin para licenciado!. Non, non, a iniciativa lexislativa... *(O señor Arangüena Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* A capacidade lexislativa tena a Cámara, pero a iniciativa lexislativa en Galicia tena o Goberno; en España tena o Goberno; en Galicia tamén a ten a cidadanía coa lei de iniciativa lexislativa popular, e máis persoas. Polo tanto, a iniciativa lexislativa do Goberno —que eu saiba— existe na



separación de poderes de Montesquieu, á que vostede facía referencia. Polo tanto, ¿que ten de malo que o presidente do Goberno de España lle pida unha norma ao presidente de Galicia e que lla mande para que o Goberno de España faga unha iniciativa lexislativa? ¡E ademais vostedes votaron que era necesaria! (Murmurios.)

«Carmen Calvo ya tiene un plan B, reformar la ley para no recurrir más al estado de alarma». Respecto da reformas de leis sanitarias, di Pedro Sánchez —leo literalmente—: «Lo que sí haremos» —pero que nunca se fixo— «señorías, es planificar; lo que sí haremos, señorías, es empezar a analizar y a debatir con todos ustedes y a negociar la modificación de distintas leyes para garantizar la correcta gobernanza, una vez hayamos levantado el estado de alarma» —20 de maio no Congreso dos Deputados—. E vostedes votárono na recomendación 5ª do ditame.

Se me permite, este batiburrillo xurídico que vostede me dixo aínda me deixa máis perplexo, porque vostede xa coñece o que son as emendas. As emendas son de engádega, son de substitución... Cando un presenta unha emenda de engádega, é que acepta o texto que propón o proponente. E vostede preséntame unha emenda de engádega, é dicir, que acepta o meu texto; (Risos.) polo tanto, vostede está disposto a votar o meu texto —porque acepta o texto que eu lle propoño sen ningunha modificación nin alusión a Montesquieu— (Murmurios.) e, sen embargo, vostede vén aquí e dinos..., bueno, pois todo o que dixo, que eu son incapaz de resumir, francamente. (Risos.) (Aplausos.)

Pero é que por se non sabiamos os do Grupo Popular cal é a función do lexislativo e cal é a do executivo, ¿que é o que nos propón o señor Arangüena? —ao que non fixo referencia na súa intervención—: «O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a demandar do Partido Popular...» (Risos.) «...que para acadar a maioría absoluta necesaria para sacar adiante calquera reforma da lei orgánica...» ¿Calquera que nos presenten...? (Risos.) É dicir, a separación de poderes e a neutralidade exquisita que pregoabamos consiste en que este Parlamento se dirixa ao Goberno da Xunta, que está mandando unha lei no ámbito da cooperación entre gobernos ao Goberno de España a petición deste, e consiste en que nos dirixamos ao Partido Popular. (Risos.) (Murmurios.) (Aplausos.) ¡Magnífico! (Aplausos.)

Tamén hai un segundo párrafo, que di: «instar o Goberno galego a demandar do Partido Popular unha actitude leal e colaboradora co Goberno de España». Isto non fai falta porque xa a ten.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

A emenda, ¿non acepta a emenda?

(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)

Non. Bueno...

(Aplausos.) (Murmurios.)





Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e vinte e seis minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

